CES GALICIA
Consello Económico e Social de Galicia

XUNTA DE GALICIA

# MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

G09

GALICIA 2009

# MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

GALICIA 2009

Edita:Consello Económico e Social de Galicia

Imprime: Grafisant, S.L.
Dep. legal: C 3303-2010

Esta Memoria pode consultarse tamén no sitio web do Consello:

**www.ces-galicia.org**

A información que se inclúe nos documentos do Consello Económico e Social de Galicia,
citando fontes e autores, reprodúcese exclusivamente para fins de investigación.

O Consello Económico e Social de Galicia, creado pola Lei 6/1995, de 28 de xuño,
ten asignada, entre outras, a función de elaborar e remitir anualmente ao Consello da Xunta,
a través da Consellería de Economía e Facenda, unha
Memoria sobre a situación económica e social de Galicia,
incluíndo, se é o caso, recomendacións ou orientacións
sobre a política presupostaria da Comunidade Autónoma.

O Regulamento de Réxime Interno do Consello,
aprobado polo Pleno o día 29 de abril de 1996,
co obxecto de dar cumprimento ás devanditas previsións legais,
concede a condición de comisión sectorial permanente
á Comisión Sectorial nº 4, *da Memoria anual sobre a situación socioeconómica de Galicia*.

A proposta de Memoria elaborada pola dita Comisión Sectorial foi tramitada
pola Comisión Permanente deste organismo na súa sesión 8/10, do 25 de outubro.

De acordo coa normativa citada, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia
aprobou por unanimidade, na súa sesión 7/10, do 25 de outubro,
a presente **Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2009.**

C

CONSIDERACIÓNS 7

1

PANORAMA ECONÓMICO 23

1.1.- Contexto económico xeral 27
1.2.- Cadro macroeconómico de Galicia 37
1.3.- Poboación 53
1.4.- Proceso de converxencia 63

2

EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS 67

2.1.- Emprego 71
2.2.- Relacións laborais e saúde laboral 99
2.3.- Políticas activas de emprego 109

3

DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO 119

3.1.- **Demografía empresarial** 123
3.2.- **Sectores produtivos** 137
3.3.- **Sector exterior** 175

4

CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL 187

4.1.- **Comunidade Autónoma** 191
4.2.- **Cobertura social e prestacións económicas** 207
4.3.- **Prestacións sanitarias e sociais** 221
4.4.- **Educación** 233
4.5.- **Medio ambiente e desenvolvemento sostible** 243
4.6.- **Outros indicadores** 257

5

DESENVOLVEMENTO REXIONAL 265

5.1.- **Infraestruturas** 269
5.2.- **Investigación e tecnoloxía** 283

# C

# CONSIDERACIÓNS

# panorama económico

1 A economía mundial retrocedeu en 2009 o 0,6%, se ben cunha distribución moi desigual segundo as diferentes áreas xeográficas. Mentres que países como China e India medraron o 8,7% e o 5,7% respectivamente, nos países máis desenvolvidos a recesión alcanzou unha magnitude descoñecida dende había décadas. Países como Xapón reduciron o seu PIB un 5,2%, Alemaña e Francia un 5%, EE.UU. un 2,4% e Italia un 2,2%. En España, as dificultades vividas nos mercados financeiros internacionais trasladáronse aos mercados internos xerando unha grave crise de confianza, o que unido á grave crise do sector inmobiliario provocou unha restricción do crédito de gran impacto sobre pemes e familias. O resultado foi unha intensa minoración económica no 2009 que se traduciu nunha redución do 3,6% do PIB.

2 Neste contexto de crise económica xeral, a economía galega sufriu no 2009 unha contracción do 3% do seu PIB; unha caída severa que sinala a gravidade da recesión pero que, á vista das cifras anteriores, se sitúa por debaixo da contracción económica española e da doutros países europeos. A análise da recesión económica galega debe ser matizada, sen embargo, pola distinta evolución que tivo a redución do PIB en relación ao caso español. De feito, a nosa economía resistiu mellor que a media española nos primeiros trimestres de 2009, perdendo este diferencial positivo ao longo do ano ata coincidir no cuarto trimestre nunha caída do 3,1%.

3 Dende o punto de vista da oferta, a crise en Galicia ao longo de 2009 foi en termos de PIB unha crise industrial. O PIB a prezos de mercado na rama industrial contraeuse o 13,7%, unha caída que duplica á da construción (5,6%). Ante esta evidencia, o CES reclama un reforzo das políticas públicas con capacidade de mellorar os factores de localización empresarial e acrecentar a eficiencia tanto das súas operacións internas como da loxística de aprovisiona-

mento e expedición. Estas medidas deben mellorar a produtividade das empresas e en termos xerais a súa competitividade.

Hai que destacar tamén a evolución dos servizos, xa que o seu VEB xerado descende lixeiramente de forma conxunta (0,1%) aínda que cun comportamento distinto entre os servizos de mercado e os de non-mercado (basicamente os das administracións públicas, educación, actividades sanitarias e servizos sociais). Os primeiros caeron un 1,4%, mentres que o segundos medraron un 4,4%. Pola súa banda, o sector primario baixou a súa produción un 1,8%.

4 Dende a perspectiva da demanda, o aspecto fundamental a destacar é a forte caída da demanda interna, que ata entón fora tradicionalmente o motor do crecemento económico de Galicia. Destaca a contracción do consumo privado, que cae o 1,9%, e é especialmente significativa a redución do 10,7% na formación bruta de capital fixo. Estes dous compoñentes básicos da demanda interna son só parcialmente compensados polo consumo público, que medra un 5%.

5 A caída da demanda interna unido aos efectos que a recesión mundial tivo sobre o prezo do petróleo e das materias primas motivou a caída da inflación a niveis historicamente baixos. O 2009 termina cun IPC anual do 0,9%, pero cunha media interanual do -0,6% como reflexo dunha baixada xeneralizada de prezos ao longo de boa parte do ano. A desconfianza xeneralizada nos mercados financeiros e a consecuente incerteza económica impediu, porén, unha redución equivalente dos tipos de xuros ás pemes e ás familias. Polo contrario, os tipos de xuros dos créditos ao consumo e dos préstamos hipotecarios volveron subir no 2009.

6 A distribución da renda en termos agregados presenta no 2009 unha tendencia distinta á rexistrada nos últimos anos: mentres que a participación da remuneración dos asalariados na renda medrou un punto e unha décima ata chegar ao 45,7%, a participación dos excedentes brutos de explotación /rendas mixtas mantense practicamente constante ao situarse no 46,3% en 2009.

7 O proceso de converxencia da economía galega, medido en PIB por habitante, continúa avanzando lentamente mesmo na fase de recesión económica. En comparación con España, o PIB por habitante en 2009 mellorou 1,2 puntos, de tal xeito que dende o ano 2000 este indicador avanzou algo máis de 9 puntos. Aínda así, Galicia segue por debaixo da media española (87,4% do PIB per cápita español) e continúa asentando o seu proceso de converxencia nunha perda de peso relativo de poboación no contexto español. Dado que as taxas de inmigración e fecundidade foron unha vez máis menores en Galicia que en España, non é de esperar un cambio de tendencia no curto prazo.

8 O menor crecemento da produtividade en Galicia en relación a España debe supoñer tamén un factor de atención no deseño de políticas públicas para a converxencia. Neste sentido, o CES considera necesario intensificar os esforzos na dota-

ción de capital tecnolóxico e humano. Alén diso, exhorta tamén aos axentes sociais e económicos a garantir e facilitar a cooperación de todos os axentes involucrados na introdución de mudanzas técnicas e organizativas esenciais na contorna económica actual.

## emprego e relacións laborais

9 O CES considera preocupante a situación de grave deterioro do mercado de traballo galego: o ano 2009 foi o peor en termos de emprego desde que se fai a Memoria socioeconómica de Galicia no CES. A crise económica internacional concretizouse laboralmente en Galicia nunha intensa destrución de emprego, cunha redución significativa do número de afiliados á seguridade social e a multiplicación de expedientes de regulación de emprego. A evolución crecentemente negativa dos principais indicadores ao longo do ano suxiren, ademais, que esta tendencia negativa vai continuar no curto prazo.

10 A poboación activa estancouse no 2009, tanto se se considera a media anual como se se analiza a súa evolución ao longo do ano. De feito, a taxa de actividade pecha o ano no 54,8%; o valor máis baixo dos catro trimestres porque o número de activos non deixou de caer ao longo de todo o ano.

11 En opinión do CES a notable caída do emprego constitúe un dos principais problemas sociais da crise económica. A poboación ocupada caeu en 48.600 persoas segundo a EPA, o que equivale a unha perda do 4% sobre o número de persoas con traballo un ano antes. Esta porcentaxe de caída é especialmente resaltable no contexto dunha caída do PIB galego do 3%.

12 Unha evolución similar presenta a afiliación á Seguridade Social. Logo de varios anos de crecemento continuado (en 2005 había en Galicia 997.700 afiliados), a afiliación media baixou dende 1.072.500 cotizantes en 2008 ata 1.029.600 no 2009. Estes 42.900 cotizantes menos representan unha caída porcentual similar á reflectida pola EPA o que confirma a grave crise de emprego que sufriu Galicia no 2009.

Cómpre resaltar, non obstante, que o descenso nas afiliacións foi especialmente acusado na provincia de Pontevedra cunha caída do 5%. Sen dúbida, a importante perda de produción do sector industrial antes comentada explica a intensidade da caída nesta provincia.

13 Coherentemente con esta apreciación, cabe resaltar que é precisamente o sector industrial o que a nivel galego sufre a caída de emprego máis forte. En 2009 diminuíu o número de ocupados en 21.900 persoas, o que equivale ao 10,1% do empre-

go que tiña en 2008. Con este descenso o sector industrial colócase por baixo dos 200.000 ocupados, algo que non sucedía en Galicia dende o ano 2000.

**14** A crise tamén afectou intensamente ao sector da construción, que perdeu 18.300 empregos no ano, o que supón o 13,7% dos que tiña en 2008. En troques, os efectos da crise no emprego son importantes pero menores no sector primario, que perdeu 2.200 empregos, e sobre todo no sector servizos, onde se perdeu un 0,8% do emprego que había nestas actividades no 2008.

**15** Esta evolución sectorial da crise do emprego explica en parte a diferenza entre o que está a suceder entre o emprego dos homes e das mulleres. No ano 2009 o 91% dos empregos perdidos estaban ocupados por homes e, polo tanto, só o 9% eran ocupados por mulleres.

Esta proporción, que non garda relación co peso que teñen os homes e as mulleres no emprego, está explicado fundamentalmente porque a crise se concentra en sectores masculinizados, como  a construción, ou gran parte da industria (tan só a industria téxtil presenta un elevado peso relativo de emprego feminino), mentres que afecta menos aos servizos, onde as mulleres teñen unha forte presenza.

No sector terciario cómpre destacar que máis de dous terzos dos empregados na educación son mulleres e un 81% das persoas ocupadas nas actividades sanitarias e de servizos sociais tamén o son. Isto último podería explicar que a poboación ocupada tan só medra no caso das mulleres con idades comprendidas entre os 45 e 54 anos e sobre todo, no das maiores de 55 anos.

**16** A crise está a afectar tamén ao traballo a tempo parcial, que se reduce en 3.800 persoas. Esta porcentaxe equivale a un 2,9% de redución, por debaixo da caída total dos ocupados. Na distribución por xénero, cómpre destacar que hai 99.700 mulleres con xornada parcial e 26.600 homes; unha cifra en valores absolutos que se a comparamos co peso do emprego feminino e masculino revela que o 20% do total de mulleres ten traballo parcial, situación na que están tan só o 4% dos homes. Dado que a utilización desta figura contractual na nosa Comunidade autónoma e en España non está tan estendida como noutros países do entorno comunitario, o CES considera que debe ser obxecto dunha especial atención, máis se cabe na conxuntura actual ao ser unha vía válida de acceso ao emprego. A utilización desta figura non debe ser incompatible co avance na estabilidade laboral ou cos dereitos da protección social.

**17** A destrución de emprego está afectando a todas as situacións profesionais. Dentro dos asalariados, a crise estase a concentrar nas persoas que teñen un contrato temporal; non en balde, en 2009 as persoas con contrato indefinido mesmo medraron en 18.400 persoas, mentres que as que tiñan un contrato temporal caeron en 41.900. A consecuencia desta diferente evolución é que a taxa de temporalidade baixou outra vez en 2009, como xa ocorrera en 2008, pero esta vez nunha cifra moi sig-

nificativa. Así, a taxa de temporalidade media no 2009 foi do 26,7%, case catro puntos menos que no ano anterior, que foi do 30,6%. Esta caída débese fundamentalmente á redución da temporalidade no sector privado, que pasou do 31,5% no 2008 ao 26,6% no 2009.

**18** O forte incremento da poboación parada galega é unha das consecuencias máis salientables da agudización da crise económica no 2009. A taxa de paro estimada en Galicia subiu preto de catro puntos en relación á do ano anterior, ata situarse no 12,6%. En termos de paro rexistrado, o número de desempregados supera as duascentas mil persoas en Galicia, logo dun aumento de case o 29%. As cifras son tamén peores no total de España, cun aumento medio do paro do 43,5%. É dicir, aínda que as taxas de paro en Galicia aumentan de xeito importante, están por debaixo da media do conxunto do Estado.

As taxas de cobertura das prestacións por desemprego amosan unha mellora en 2009 respecto ao ano anterior, tanto en Galicia coma en España. O incremento da taxa é especialmente significativo no caso galego, porque pasa do 70,1% ata o 76,2% do 2009, mentres que no conxunto do España medra desde o 76,5% ata o 78%. Con estes datos, o diferencial entre as taxas galega e española redúcese desde os seis puntos e medio do ano anterior ata menos de dous puntos en 2009.

**19** O incremento do paro estimado afectou en maior medida aos homes que ás mulleres. Entre os homes, a subida media foi do 58,1%, mentres que no caso das mulleres este incremento situouse no 35%. Globalmente, dos 51.200 parados máis estimados no conxunto de 2009, 30.300 son homes e preto de 21.000, mulleres.

**20** A xente máis nova é, como en anos anteriores, a que presenta as taxas de desemprego máis altas, con cifras que superan o 30% no caso dos menores de 25 anos e o 42% entre os mozos de entre 16 e 19.

**21** Os datos da contratación en 2009 confirman tamén o impacto da crise, cun descenso do número total de contratos asinados en Galicia do 14%. O CES considera importante salientar que esta caída foi moito máis acusada no caso dos contratos indefinidos, tanto os indefinidos iniciais como a transformación de contratos temporais en indefinidos, cunha redución do 24% en relación aos contratos asinados no ano anterior, mentres que os contratos de duración temporal descenderon un 12,7%. Tras esta evolución, dos 653.557 contratos iniciais de 2009, o 94,3% (616.089) corresponde aos contratos de duración temporal e o 5,7% restante (37.468) aos contratos indefinidos. Rexistrouse, asemade, un significativo descenso da contratación convertida en indefinida, que foron menos de 30.000 casos en 2009, fronte aos preto de 42.000 do ano anterior.

**22** Entre os contratos cunha duración concreta, que son máis do 60% dos temporais, só unha mínima parte se asinou por máis de 6 meses. Cómpre salientar que o tipo de contrato que máis medrou foi o de menos de 7 días de duración.

23 No eido das relacións laborais, salienta o forte incremento do número de expedientes de regulación de emprego autorizados, cunha medra do 178%. Como consecuencia, tamén se produce un grande aumento do número de traballadores afectados por estes expedientes, superior ao 210%.

Canto ao tipo de expedientes de regulación utilizados, cómpre destacar que dos 24.436 traballadores afectados por estes expedientes en 2009, 20.962 entraron en expedientes de regulación temporal, 2.308 son de extinción e 1.166 acolléronse a unha redución de xornada. O CES destaca a súa preocupación porque boa parte dos expedientes temporais poidan derivar finalmente na extinción dos contratos afectados se as perspectivas económicas non melloran.

24 O CES entende que é positivo o forte descenso tanto do número de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, un 21,3% respecto ao ano anterior, como o do índice de incidencia, que se sitúa nos 47,1 accidentes por cada mil traballadores afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta.

Non obstante, estes datos positivos hai que matizalos tendo en conta non só o lixeiro incremento dos accidentes mortais, que medran un 4,2% en relación ao ano anterior, senón tamén que o índice de incidencia da sinistralidade laboral mantense por riba da media estatal e que Galicia é a comunidade autónoma que presenta o índice máis elevado no caso dos accidentes mortais.

25 O número de convenios colectivos existentes en Galicia foi de 797, un 4,9% máis que no ano anterior. Tamén se asinaron ou revisaron 234 convenios, nos que se pactou un incremento salarial medio do 3,31%. Este incremento é 2,41 puntos superior ao IPC galego, de xeito que se incrementou neste período o poder adquisitivo. A xornada media efectiva por traballador en Galicia descendeu ao longo deste ano, ata situarse nas 1.607 horas/ano. Logo deste descenso, Galicia colócase como a cuarta comunidade autónoma con maior xornada media efectiva por traballador.

26 No ano 2009 produciuse un forte incremento da conflitividade laboral, aumento que se concentra maioritariamente na provincia de Pontevedra, que acolle o 97,1% dos traballadores participantes en folgas e o 97,2% das xornadas non traballadas neste período. Cómpre matizar, porén, que a maior parte das xornadas non traballadas corresponden a unha única folga: a do metal en Vigo.

27 Co obxectivo de axudar á reactivación económica e a unha máis rápida saída da crise, o CES salienta a necesidade dunha resposta coordinada, que inclúa ás distintas administracións públicas, aos interlocutores sociais e á sociedade civil. Esta resposta non só debe incluír medidas encamiñadas á creación do emprego a través da reactivación da actividade produtiva e a promoción dun novo modelo de crecemento senón tamén iniciativas en materia de protección social.

28 O CES chama a atención sobre a necesidade

de facilitar a formación de desempregados, especialmente aos de longa duración e maiores de 45 anos, que na conxuntura actual aínda teñen máis dificultades das habituais para atopar un novo emprego. Especial atención deberían recibir os profesionais do devandito grupo de idade con experiencia prioritaria no sector da construción e que, polas características do traballo que desenvolven, teñen dificultades actualmente para atopar emprego noutro sector.

## tecido produtivo

**29** A forte recesión económica golpeou con dureza ás empresas galegas ao longo do ano 2009 e desembocou na destrución de tecido produtivo, que se reflicte na evolución da demografía empresarial, e nunha quebra na confianza da evolución positiva dos mercados tal e como indica a caída do índice de confianza empresarial.

**30** O número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social descende en Galicia por segundo ano consecutivo, rexistrándose ademais un novo descenso da taxa de creación de empresas e a medra do índice de rotación. O CES entende preocupante o feito de que o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes en Galicia se manteña por baixo da media española, e que o de sociedades disoltas por cada cen constituídas siga sendo superior á media estatal.

**31** Tendo en conta tanto a importancia do sector primario en Galicia como as potencialidades do sector enerxético, o CES insiste unha vez máis na necesidade dun maior esforzo na actualización dos principais datos estatísticos.

**32** A situación no sector agrogandeiro caracterizouse no ano 2009 por unha alta conflitividade social por mor da forte caída nos prezos do leite percibidos en orixe. Esta dinámica, iniciada no exercicio anterior, produciu unha perda de ingresos por este concepto da orde de 195 millóns de euros.

O CES constata que nin as axudas directas da Xunta de Galicia para afrontar a crise láctea nin o adianto do pagamento da PAC serviron para regularizar a situación de fonda crise nas explotacións gandeiras galegas.

Asemade insiste en que segue a ser notable a entrada de leite foráneo na nosa comunidade, o que provoca a caída no seu prezo. Isto, unido á elevación dos custos de produción (gasóleo ou fertilizantes) contribúe a elevar os niveis de endebedamento das explotacións.

O CES considera necesario establecer un marco adecuado para que as relacións contractuais entre o sector produtor e a industria transformadora se normalicen, así como a aprobación dunha regulación de marxes comerciais que se ven reclamando dende o sector, no concernente ás prácticas de venda de leite por baixo do seu custo de produción.

**33** O CES entende preocupante a perda de emprego e a caída de ingresos rexistrado no sector pesqueiro e marisqueiro. Dunha banda, continúa o descenso do número de persoas afiliadas no réxime especial do mar que no último ano cae un 2,9%. Doutra, a pesar do incremento da produción rexistrada no ano 2009, este pode considerarse un mal ano para o sector en termos de volume de negocio, xa que os ingresos descenderon un 6,4% no caso da actividade pesqueira e marisqueira (a produción aumenta un 12,8%) e un 0,1% no caso da acuicultura (medra a súa produción un 17%).

**34** O impacto negativo no sector industrial reflíctese nunha caída do 17,1% do índice de produción industrial (IPI), sendo moito máis acusada no caso dos bens de consumo duradeiro, cun 38,5%, e dos bens intermedios, cun 25,7%

**35** Despois dos malos datos rexistrados polo sector da automoción en 2008, no último ano continúa a caída dos postos de traballo no sector (9,2%) e se acelera a redución na súa facturación, cun descenso do 19%.

Xunto á caída da produción de vehículos, a crise de 2009 se reflicte tamén no descenso das matriculacións, que logo dunha redución do 28,3% en 2008, experimenta unha caída do 7,6%.

**36** Xunto ás mencionadas dificultades experimentadas na automoción cómpre salientar os problemas polos que atravesaron os sectores téxtil e a industria naval, que se reflicten non só na caída do emprego, senón tamén, como no caso do naval, no descenso do número de contratos novos e nos da carteira de pedidos.

**37** Con menor intensidade que na rama industrial, o sector da construción experimentou en 2009 graves problemas, que se reflicten, entre outros aspectos, na caída do 5,6% do VEB xerado polo conxunto das actividades do sector, nun descenso da licitación pública, por mor da licitación pública da Administración autonómica, no deterioro da confianza empresarial, no desplome da caída de vivendas iniciadas, superior ao 60%, e de visados de dirección de obra nova, por riba do 50%, ou na redución do número de vivendas rematadas (35,3%).

**38** As dificultades do ano 2009 se sentiron tamén no conxunto do sector servizos, que presentou unha caída do seu VEB xerado do 0,1%. Este mal comportamento veu motivado pola recesión dos servizos de mercado, que se reflicte tanto na caída do VEB como do emprego. No marco deste subsector, cómpre salientar a caída do índice xeral de venda de comercio minorista, do índice de ocupación ou a de transporte de mercadorías.

**39** O CES constata a crecente importancia de sectores como servizos sociais e servizos intensivos en coñecemento, polo que reclama unha maior atención aos mesmos así como un maior seguimento estatístico. Este maior coñecemento debe permitir unha análise máis polo miúdo que posibilite a súa expansión.

40 No ano 2009 prodúcese unha minoración do saldo negativo da balanza comercial galega, motivado polo menor déficit das relacións coas outras comunidades autónomas españolas e pola medra do superávit da balanza comercial con terceiros países. O CES destaca que, a diferenza do acontecido no ano anterior, non só se reduce o comercio con terceiros países senón que en 2009 Galicia presenta un descenso das compras e vendas co resto do Estado.

A pesar da importante caída do valor das exportacións de produtos de automoción (13,9% en relación ao rexistrado no ano anterior) o CES quere salientar a importancia do capítulo 87 que concentra o 35,2% do valor total das exportacións galegas. Por contra, as importacións destes produtos aumenta un 5,9%, acollendo o 21,2% do valor das compras galegas.

41 Tendo en conta que o proceso de internacionalización empresarial é un dos elementos fundamentais para a reactivación da actividade produtiva, o CES reclama un maior esforzo dos distintos axentes implicados para fomentar a internacionalización das empresas galegas.

## calidade de vida

42 A crise económica incidiu negativamente na calidade de vida das familias galegas, debido ao seu forte impacto no emprego. Dunha banda, case se duplica a porcentaxe de fogares onde todos os activos estaban parados (o 6,7% no cuarto trimestre de 2009).

43 Este deterioro obrigou a un incremento das prestacións sociais, o cal, xunto as medidas de estímulo de demanda provocou un incremento do gasto público. A devandita medra do gasto deuse nun contexto de redución dos ingresos públicos motivada pola contracción da actividade económica.

44 Os indicadores da actividade económica-financeira da C.A. de Galicia amosan que os gastos non financeiros executados en 2009 son superiores en máis de 1.553,1 millóns de euros aos previstos inicialmente, o que unido á caída dos ingresos, explican un resultado negativo de 2.138 millóns de euros.

45 A recadación tributaria en Galicia descendeu case un 24% respecto aos datos do ano anterior, rexistrándose esta redución tanto nos tributos directos como nos indirectos. No primeiro caso, o recadado polo imposto sobre sociedades cae un 40,8% e o recadado polo IRPF, un 10,6%. No segundo caso, cómpre salientar a caída do 33,7% do IVE, o que require unha análise pormenorizada que explique esta caída cando a redución do gasto en consumo o fixo nun 0,4%.

46 No ámbito das prestacións sociais, o impacto da crise económica propiciou un importante incremento do número de beneficiarios de prestacións por desemprego, con 35.300 persoas máis que

en 2008. Influenciado por esta evolución, un ano máis hai que destacar a medra do número de beneficiarios de prestacións económicas, que acada as 924.500 persoas, 40.600 máis que no ano anterior.

**47** As pensións contributivas manteñen en 2009 a mesma tendencia do ano anterior: lixeiro incremento do número de beneficiarios, manténdose como a quinta comunidade autónoma con maior número de pensións; importe medio máis baixo de todas as CC.AA.; e incremento do diferencial respecto á media estatal, que se sitúa nos 124,21 euros fronte aos 120,16 euros de 2008.

**48** Ao igual que acontecía en 2008, volve a descender o número de beneficiarios de prestacións non contributivas, situándose Galicia como a terceira comunidade con maior número de beneficiarios deste tipo de prestacións tras Andalucía e Cataluña.

O número de beneficiarios das prestacións establecidas na Lismi (Lei de Integración Social dos Minusválidos) e das prestacións asistenciais reduciuse en Galicia en 2009 un 9,4% e un 27%, respectivamente.

**49** O número total de beneficiarios das prestacións por desemprego medrou en Galicia un 30,3% respecto ao ano anterior, sendo este incremento similar ao do conxunto do Estado (30,9%). A 31 de decembro de 2009, había en Galicia un total de 151.800 beneficiarios cando na mesma data do ano anterior, o número de beneficiarios ascendía a 116.500.

**50** O CES considera preocupante o incremento do número de pacientes en lista de espera estructural cirúrxica así como da súa demora media, que se sitúa en case 80 días fronte aos 70 do ano anterior.

Asemade, cómpre destacar o incremento do 6,4% do gasto farmacéutico en Galicia, situándose esta porcentaxe case dous puntos por riba de España. Este diferencial está relacionado tanto co incremento do gasto medio por receita, que se sitúa en 14,60 euros (o segundo máis elevado de España) como co incremento de receitas prescritas. O número de receitas prescritas por habitante en Galicia ascendeu ata as 23 receitas, tres máis que a media estatal.

**51** O CES valora positivamente o novo incremento rexistrado no número de prazas nas gardarías galegas, tanto nas de titularidade pública como privada, se ben entende que o número de prazas é aínda insuficiente tendo en conta as dificultades para a conciliación da vida laboral e familiar.

**52** No que atinxe á educación, cómpre salientar que a porcentaxe de alumnos que sae da ESO sen obter o graduado en Galicia ascende ata o 27,2%, 1,4 puntos porcentuais por baixo da media española.

Do mesmo xeito, a falta de continuidade no estudio tras a ESO é inferior en Galicia que no conxunto do Estado, situándose no 24,1% en Galicia e en case 32% en España.

**53** No ámbito universitario continúa a tendencia do descenso do alumnado matriculado no

conxunto das universidades galegas. Non obstante, fronte á caída do 5% no alumnado matriculado na Universidade de Vigo e do 2% na de Santiago, a de A Coruña experimentou unha medra do 1% respecto ao ano anterior. Aínda que esta perda de alumnos sexa unha tendencia xeneralizada en todo o sistema universitario español por motivos demográficos, o actual proceso de adaptación a Bolonia e o peso da I+D universitaria no Sistema de Innovación galego aconsellan deseñar medidas para potenciar a calidade da docencia e a transferencia da investigación das tres universidades.

En particular, o CES enfatiza a necesidade de deseñar un sistema de financiamento que, baseado no cumprimento de obxectivos e contratos programa, favoreza a utilización eficiente dos recursos públicos na procura dun rendemento docente e investigador de estándar internacional.

54 O ano 2009 pode considerarse como un mal ano dende o punto de vista da política antiincendios ao rexistrarse fortes incrementos tanto do número de lumes como da superficie afectada polos mesmos. O CES volve a reiterar a necesidade de facer da política contra incendios forestais e de defensa do monte unha política de estado. Esta política tería que estar necesariamente consensuada por todos os axentes sociais.

55 No que atinxe á vivenda e Galicia, a caída do tipo hipotecario xunto ao descenso dos prezos propiciaron unha substancial mellora da accesibilidade a unha vivenda. En termos medios, os galegos necesitan un total de 7,5 anos de salario para a compra dunha vivenda de 100m$^2$ fronte aos 8,6 do ano anterior.
Ao mesmo tempo hai que destacar que o axuste do mercado galego foi menor que no conxunto de España, ao presentar unha caída de prezos sensiblemente inferior así como un descenso menor no caso das hipotecas constituídas e no do importe medio das mesmas.

Asemade, o CES quere destacar a forte caída da construción de vivendas de protección oficial (VPO) en Galicia. O número de VPO iniciadas no ano 2009 descendeu na comunidade autónoma un 47,2%, case trinta e cinco puntos superior á media estatal, en tanto que o de VPO rematadas caeu un 35,2% (1,5% en España).

## desenvolvemento rexional

56 O investimento real do Ministerio de Fomento en Galicia no ano 2009 ascendeu ata os 1.426,1 millóns de euros, dos que 715,7 millóns corresponden ás entidades públicas empresariais, en tanto que os investimentos reais presupostados no orzamento autonómico (obras públicas, transportes, portos e obras hidráulicas) para o devandito exercicio foron de 577,4 millóns de euros, un 5% máis que en 2008.

57 No que ao estado das obras do AVE en Galicia se refire, ao longo do ano 2009 entraron en

funcionamento máis de 17 novos quilómetros correspondentes ao corredor do Eixo Atlántico, polo que a 31 de decembro do último ano estaban en servizo, pero a unha velocidade de 160 quilómetros por hora, un total de 88,7 km. Nesa data, a meirande parte das obras do AVE en Galicia atopábanse en fase de estudo informativo ou en proxecto (1.090,2 km). Tan só 3,8 km do corredor Olmedo-Zamora-Ourense estaban en servizo.

O CES considera preocupante a grave demora que presentan as obras dunha infraestrutura tan importante para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia como a do AVE. Neste senso, salienta que no tramo dende a fronteira portuguesa ata O Porriño a mesma supera os sete anos.

Igualmente considera necesario dar un impulso á planificación e fomento do transporte ferroviario de mercadorías, desenvolvendo unha rede que conecte os portos galegos, os polígonos industriais, os portos secos...

58 No que respecta ás actividades de I+D, Galicia presenta no ano 2008 (último dato dispoñible) unha medra do diferencial co Estado no que ao esforzo investidor se refire. Tendo en conta que a taxa de crecemento do gasto interno nestas actividades respecto ao ano anterior foi en Galicia do 5,1%, a metade do rexistrado en España, a comunidade autónoma galega dedicou un 1,04% do seu PIB a estas actividades (1,03% no ano anterior), sendo a media española do 1,35% (1,27% en 2007). O CES considera preocupante o feito de que esta cifra está aínda moi lonxe do obxectivo establecido polo Goberno de España para o ano 2010 co fin de contribuír ao cumprimento da Estratexia de Lisboa: acadar un gasto equivalente ao 2% do PIB.

O gasto interno por habitante e en termos de persoal ocupado nestas actividades en equivalencia a xornada completa representa o 66,4% e o 97,5% da media española, respectivamente. Asemade, tendo en conta o incremento do número de investigadores, o gasto en I+D por investigador descendeu un 1,2% en 2008, representando o 90,3% da media estatal (94,6% en 2007).

O CES desexa enfatizar a importancia de atraer maior talento a Galicia, sexa autóctono ou foráneo, con medidas que estimulen o atractivo de proxectos de investigación e o traballo a longo prazo.

59 O CES entende positivo o novo incremento do número de proxectos aprobados polo Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI) no ano 2009, que pasan dos 27 ao 38 do último ano. Asemade, esta medra foi acompañada dun aumento do 83% da achega pública aos mesmos.

60 No concernente ao equipamento en tecnoloxías de información e comunicación, o CES considera salientable o feito de que, con carácter xeral, continuase a súa tendencia á alza tanto nos fogares como nas empresas galegas. Non obstante é preocupante o feito de que Galicia se atope moi lonxe da media estatal no que á dispoñibilidade de ordenador e acceso a internet nos fogares se refire, situán-

dose coma a segunda comunidade autónoma con menor dispoñibilidade de ordenador e con menor porcentaxe de vivendas con acceso a internet, tras Estremadura.

61 As importacións de produtos de alta tecnoloxía medraron en Galicia un 2% respecto ás compras do ano anterior, en tanto que as vendas a terceiros países descenderon un 22,7%. Tendo en conta que as exportacións destes produtos tan só representan un 0,8% do importe total das exportacións galegas e as compras un 2,8%, o CES considera importante facer unha aposta polos sectores de alta tecnoloxía.

62 O CES destaca a perda de emprego en sectores de alta e media tecnoloxía, así como a significativa redución do número de establecementos industriais nestes sectores. Para ser coherentes coas repetidas chamadas ao cambio de modelo produtivo, o CES reclama unha maior atención das políticas públicas a estes sectores, enfatizando as medidas que no medio e longo prazo incrementen a valorización social dos emprendedores que asumen riscos importantes en proxectos innovadores. ■

# 1

# PANORAMA ECONÓMICO

1.1.- **Contexto económico xeral**

1.2.- **Cadro macroeconómico de Galicia**

1.3.- **Poboación**

1.4.- **Proceso de converxencia**

Trala importante desaceleración económica de 2008, no último ano a economía mundial retrocedeu un 0,6%, se ben cunha distribución moi desigual. Mentres que a actividade económica das economías avanzadas caeu un 3,2%, China e India medraron un 8,7% e un 5,7%, respectivamente. A taxa de variación interanual do PIB dos países da zona euro foi de –4,1% e a dos Estados Unidos, do –2,4%.

O efecto da crise económica internacional, unido ao afundimento do sector inmobiliario, á restrición de crédito e a unha crise de confianza levaron á economía española a unha profunda recesión en 2009. Comparado cos países do noso contorno, a evolución da economía española presenta como peculiaridade o forte impacto negativo no mercado de traballo, que experimenta un elevado ritmo de crecemento do desemprego, unha caída no nivel de ocupación e un menor número de contratos rexistrados.

Neste contexto de crise económica xeral, a economía galega sufriu unha contracción do 3%, porcentaxe menos intensa que a experimentada no conxunto do Estado (3,6%). Dende o punto de vista da oferta, esta crise pode caracterizarse por ser unha crise industrial, cunha caída do VEB xerado pola industria do 13,7%, oito puntos por riba da rexistrada no sector da construción. Polo lado da demanda, e ao igual que para a economía española, salienta a forte caída da demanda interna, cun afundimento do consumo privado e sobre todo do investimento. Estes dous compoñentes son só parcialmente compensados pola medra do consumo público.

Asemade, cómpre salientar que no ano 2009 a produtividade aparente do factor traballo en Galicia presenta un menor crecemento que a media española, o que impediría un maior ritmo para a converxencia. Non obstante, o proceso de converxencia da economía galega, medido en termos do PIB per cápita, continúa avanzando, se ben apoiado no paulatino descenso do peso relativo da poboación galega no total estatal.

# 1.1.

# contexto económico

**A economía mundial experimentou** no 2009 unha contracción do seu producto interior bruto do −0,6% e mesmo acadando o −3,2% no caso das economías avanzadas. As estimacións do Fondo Monetario Internacional indican que tanto o conxunto das economías emerxentes e en desenvolvemento como China e India sufriron unha ralentización, se ben as súas taxas de crecemento aínda son moito máis elevadas, acadando o 8,7% en China, o 5,7% na India ou o 2,4% no caso das economías emerxentes.

A economía española rexistrou en 2009 unha taxa de crecemento interanual do seu PIB real do −3,6%, catro puntos e medio por baixo do exercicio precedente, presentando novamente un mellor comportamento que o conxunto da economía europea (−4,1%). En relación aos datos do exercicio anterior, cómpre salientar que a demanda interna cae a −6,4 puntos (case 6 puntos menos que en 2008), así como as fortes caídas experimentadas tanto no sector industrial (−14,7), enerxético (−8,2) e no conxunto da construción (−6,3).

Novamente ante o incremento da inestabilidade do sistema financeiro internacional e para facer fronte á elevada perda de confianza, os xefes de Estado e de Goberno das principais economías reuníronse ao longo do ano en diversos cumios para dar unha saída coordinada á crise internacional. Por citar algunhas:

• Cumio da OIT sobre a crise mundial no emprego (xuño 2009), do que se obtivo un pacto mundial polo emprego, co obxectivo de xerar emprego, protexer ao traballador e estimular a recuperación económica.
• Cumio das Américas (abril 2009), firman compromiso de axudas e cooperación tanto económicas como xudiciais e policiais.
• Cumio do G20 (abril 2009), co resultado de axudas económicas para afrontar a crise e a intención de

## *Economía internacional 2007-09: evolución dos principais indicadores*

| | 2007 | 2008 | 2009 |
|---|---|---|---|
| | *(taxa de crecemento interanual)* | | |
| **Produto Interior Bruto real** | | | |
| **Economía mundial** | 5,2 | 3,0 | -0,6 |
| **Economías avanzadas** | 2,8 | 0,5 | -3,2 |
| **EE.UU.** | 2,1 | 0,4 | -2,4 |
| **Xapón** | 2,4 | -1,2 | -5,2 |
| **Unión Europea** | 3,1 | 0,9 | -4,1 |
| **Zona Euro** | 2,8 | 0,6 | -4,1 |
| **Francia** | 2,3 | 0,3 | -2,2 |
| **Italia** | 1,5 | -1,3 | -5,0 |
| **Alemaña** | 2,5 | 1,2 | -5,0 |
| **Países emerxentes e en desenvolvemento** | 8,3 | 6,1 | 2,4 |
| **China** | 13,0 | 9,6 | 8,7 |
| **India** | 9,4 | 7,3 | 5,7 |
| **Demanda interna real total** | | | |
| **Economías avanzadas** | 2,3 | 0,1 | -3,4 |
| **EE.UU.** | 1,4 | -0,7 | -3,4 |
| **Xapón** | 1,3 | -1,3 | -4,0 |
| **Zona Euro** | 2,4 | 0,7 | -3,4 |
| **Francia** | 3,2 | 0,7 | -2,0 |
| **Italia** | 1,3 | -1,5 | -3,8 |
| **Alemaña** | 1,0 | 1,7 | -1,8 |
| **Gasto en consumo privado** | | | |
| **Economías avanzadas** | 2,5 | 0,3 | -0,8 |
| **EE.UU.** | 2,7 | -0,2 | -0,6 |
| **Xapón** | 1,6 | -0,7 | -1,0 |
| **Zona Euro** | 1,6 | 0,4 | -1,1 |
| **Francia** | 2,4 | 1,0 | 0,9 |
| **Italia** | 1,1 | -0,7 | -1,0 |
| **Alemaña** | -0,3 | 0,4 | 0,2 |
| **Gasto en consumo público** | | | |
| **Economías avanzadas** | 2,0 | 2,5 | 2,3 |
| **EE.UU.** | 1,4 | 3,0 | 1,8 |
| **Xapón** | 1,5 | 0,3 | 1,6 |
| **Zona Euro** | 2,3 | 2,1 | 2,2 |
| **Francia** | 1,5 | 1,1 | 1,6 |
| **Italia** | 0,9 | 0,8 | 0,6 |
| **Alemaña** | 1,7 | 2,0 | 3,0 |
| **Formación bruta de capital** | | | |
| **Economías avanzadas** | 2,2 | -1,9 | -12,0 |
| **EE.UU.** | -1,2 | -3,6 | -14,5 |
| **Xapón** | -1,2 | -2,6 | -14,3 |
| **Zona Euro** | 4,8 | -0,4 | -11,1 |
| **Francia** | 6,5 | 0,6 | -6,9 |
| **Italia** | 1,7 | -4,0 | -12,1 |
| **Alemaña** | 5,0 | 3,1 | -8,9 |
| **IPC** *(medias anuais)* | | | |
| **Economías avanzadas** | 2,2 | 3,4 | 0,1 |
| **EE.UU.** | 2,9 | 3,8 | -0,3 |
| **Xapón** | 0,0 | 1,4 | -1,4 |
| **Zona Euro** | 2,1 | 3,3 | 0,3 |
| **Francia** | 1,6 | 3,2 | 0,1 |
| **Italia** | 2,0 | 3,5 | 0,7 |
| **Alemaña** | 2,3 | 2,8 | 0,1 |
| **Países emerxentes e en desenvolvemento** | 6,5 | 9,2 | 5,2 |
| **China** | 4,8 | 5,9 | -0,7 |
| **India** | 6,4 | 8,3 | 10,9 |
| **Taxa de desemprego** | | | |
| **Economías avanzadas** | 5,4 | 5,8 | 8,0 |
| **EE.UU.** | 4,6 | 5,8 | 9,3 |
| **Xapón** | 3,8 | 4,0 | 5,1 |
| **Zona Euro** | 7,5 | 7,6 | 9,4 |
| **Francia** | 8,3 | 7,9 | 9,4 |
| **Italia** | 6,1 | 6,8 | 7,8 |
| **Alemaña** | 8,3 | 7,2 | 7,4 |

Fonte: *Fondo Monetario Internacional*

**1.1.1.**

facer os mercados financeiros máis transparentes.

### Panorama económico internacional

A economía internacional experimentou un importante proceso de desaceleración, recesión e nalgúns casos de estanflación (recesión + inflación), provocada por unha forte crise financeira e un grave deterioro de confianza.

No que atinxe á evolución da actividade produtiva nos **Estados Unidos**, o PIB decreceu un –2,4% respecto ao ano anterior, 2 puntos menos que no ano precedente. Como reflicte o **cadro 1.1.1.**, a demanda interna real contráese un 3,4%, consecuencia dun descenso do investimento (14,5%) que supera a caída de seis décimas do consumo privado e a pesar dos 1,8 puntos de aumento do consumo público.

O índice de prezos ao consumo medio anual en 2009 minguou ao 0,3%, 4,1 puntos menos que no ano anterior, case 5 puntos menos do que se tiña estimado. A crise provocou unha medra da taxa de paro, que se sitúa no 9,3%, un 60% superior ao ano anterior, que era do 5,8%.

Polo que respecta á **zona euro**, as principais economías manifestan unha importante ralentización nos seus niveis de actividade. Se no ano 2007 o produto xerado polo conxunto dos países desta área económica medrara un 2,8% respecto ao ano anterior e no 2008 un 0,6%, no 2009 esta taxa de crecemento situouse no –4,1%. Ao igual que no caso dos Estados Unidos, a forte minoración da demanda interna real, que cae 3,4 puntos, veu motivada pola caída do investimento (11,1%) e do consumo privado (–1,1%), mentres que o consumo público se incrementa un 2,2%.

O desemprego na zona euro, tras manterse durante o período 2007-2008 practicamente constante no nivel do 7,5%, no 2009 incrementa ata o 9,4%, situándose 1,4 puntos por riba da media do conxunto das economías avanzadas. Por países, na zona euro, a taxa de paro máis elevada rexistrouse en España, cun 18%, e a máis baixa en Holanda, cun 3,4%.

Ao igual que no conxunto dos países da UE, nos da zona euro ou os Estados Unidos, a actividade produtiva de **Xapón** experimentou no derradeiro ano unha contracción do 5,2% respecto ao ano anterior, no que o seu PIB decrecera o 1,2%.

### Panorama económico de España

A economía española durante o ano 2009 continúa en recesión, tal como indican os valores negativos das taxas de variación intertrimestrais rexistrados que se recollen no **cadro 1.1.2.** e que amosa a evolución de ditas taxas, que se sitúan no -0,2% e -0,1%, para España e Galicia respectivamente.

No conxunto do ano 2009, o produto interior bruto (PIB) xerado pola economía española experimentou un decrecemento interanual do 3,6%, catro puntos e medio por baixo do estimado en 2008. Os datos trimestrais indican o continuo deterioro da actividade produtiva no conxunto do Estado, especialmente no segundo e terceiro tri-

***PIB en Galicia e España 2007-09*** (1)***: taxas de evolución***




**(1) PIB a prezos de mercado; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario**

Fonte: *INE* e *IGE*

**1.1.2.**

mestre do ano, onde se acadan o -4,2% e -4,0%, respectivamente.

Dende a perspectiva do gasto, a demanda interna aporta ao crecemento agregado unha caída ata o 6,4, case seis puntos menos que no ano precedente, presentando no carto trimestre do ano a menor achega, cando detrae 5,3 puntos ao crecemento agregado do PIB. A demanda externa contribuíu ao crecemento do PIB con 2,8 puntos, un punto e catro décimas máis que no ano anterior.

A formación bruta de capital fixo rexistrou unha notable contracción no conxunto do ano 2009, cun descenso do 15,3% cando no ano anterior xa o fixera nun 4,4%. Como indican os datos recollidos no **cadro 1.1.3.**, esta caída explicase pola evolución tanto do investimento en bens de equipamento (-23,1%), como en

***PIB en España 2008-09: distribución segundo as súas compoñentes*** **(1)**

| | 2008 | 2009 | 2008 I | 2008 II | 2008 III | 2008 IV | 2009 I | 2009 II | 2009 III | 2009 IV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(taxas de variación interanual)* | | | | | | | |
| **Gasto en consumo final** | 0,9 | -2,7 | 2,7 | 1,4 | 0,4 | -1,0 | -2,6 | -3,2 | -2,5 | -2,3 |
| Gasto en consumo final dos fogares | -0,6 | -5,0 | 2,1 | 0,2 | -1,3 | -3,3 | -5,5 | -6,0 | -5,0 | -3,5 |
| Gasto en consumo final das ISFLSH | 0,8 | 3,1 | 1,6 | 0,6 | -0,3 | 1,1 | 1,8 | 3,5 | 4,0 | 3,1 |
| Gasto en consumo final das AA.PP. | 5,5 | 3,8 | 4,6 | 5,1 | 5,8 | 6,3 | 6,0 | 4,7 | 4,1 | 0,8 |
| **Formación bruta de capital fixo** | -4,4 | -15,3 | 1,4 | -1,9 | -6,0 | -10,9 | -14,9 | -17,0 | -16,0 | -12,9 |
| Bens de equipamento | -1,8 | -23,1 | 5,0 | 2,9 | -3,0 | -11,6 | -24,0 | -28,3 | -23,8 | -15,3 |
| Construción | -5,5 | -11,2 | -0,5 | -4,1 | -7,2 | -10,2 | -11,3 | -11,6 | -11,4 | -10,2 |
| Outros produtos | -4,3 | -17,2 | 2,4 | -1,2 | -6,1 | -11,8 | -13,2 | -17,6 | -19,9 | -18,5 |
| **Variación de existencias** (2) | 0,1 | 0,0 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,0 | 0,0 | 0,1 |
| **Demanda interna** (2) | -0,5 | -6,4 | 2,5 | 0,6 | -1,4 | -3,9 | -6,3 | -7,4 | -6,6 | -5,3 |
| **Exportacións de bens e servizos** | -1,0 | -11,5 | 3,9 | 2,4 | -2,9 | -7,1 | -16,6 | -14,7 | -10,8 | -2,9 |
| Exportacións de bens | -1,7 | -11,6 | 3,3 | 1,5 | -2,0 | -9,4 | -19,9 | -16,6 | -9,7 | 1,3 |
| Exportacións de servizos | 0,6 | -11,2 | 5,2 | 4,5 | -4,8 | -2,2 | -9,9 | -11,0 | -13,0 | -11,0 |
| **Importacións de bens e servizos** | -4,9 | -17,9 | 3,1 | -1,3 | -7,6 | -13,5 | -22,3 | -21,7 | -17,0 | -9,6 |
| Importacións de bens | -5,6 | -18,9 | 2,7 | -1,2 | -8,6 | -15,1 | -24,7 | -23,8 | -17,8 | -7,7 |
| Importacións de servizos | -2,1 | -14,2 | 4,7 | -1,6 | -4,0 | -7,4 | -12,9 | -13,6 | -14,0 | -16,4 |
| **PIB a prezos de mercado** | 0,9 | -3,6 | 2,5 | 1,7 | 0,5 | -1,2 | -3,3 | -4,2 | -4,0 | -3,1 |
| Ramas agraria e pesqueira | -0,8 | -2,4 | -0,1 | -0,1 | -0,1 | -3,0 | -3,0 | -2,5 | -2,2 | -1,9 |
| Ramas enerxéticas | 1,9 | -8,2 | 3,8 | 4,0 | 2,4 | -2,4 | -7,6 | -9,3 | -7,6 | -8,3 |
| Ramas industriais | -2,1 | -14,7 | 2,1 | -0,7 | -3,0 | -6,9 | -15,3 | -16,7 | -15,5 | -10,9 |
| Construción | -1,3 | -6,3 | 0,6 | -0,2 | -1,5 | -4,3 | -5,8 | -6,7 | -6,8 | -5,8 |
| Ramas dos servizos | 2,2 | -1,0 | 3,5 | 2,9 | 1,8 | 0,7 | -0,3 | -1,3 | -1,3 | -1,1 |
| servizos de mercado | 1,6 | -2,0 | 3,2 | 2,3 | 1,2 | -0,1 | -1,3 | -2,6 | -2,4 | -1,8 |
| servizos de non mercado | 4,4 | 2,6 | 4,5 | 5,1 | 4,2 | 3,6 | 3,0 | 3,3 | 2,8 | 1,2 |
| **Impostos netos sobre os produtos** | -1,0 | -2,0 | 0,1 | -0,4 | -1,8 | -2,0 | -1,6 | -2,3 | -2,4 | -1,5 |
| IVE que grava os produtos | -1,4 | -4,1 | 0,5 | -0,4 | -2,0 | -3,4 | -3,7 | -4,6 | -4,4 | -3,6 |
| Impostos netos sobre prod. importados | -1,0 | -10,2 | 4,6 | 1,6 | -3,8 | -6,2 | -9,8 | -10,5 | -12,3 | -8,3 |
| Outros impostos netos sobre os produtos | -0,5 | 2,1 | -0,6 | -0,5 | -1,4 | 0,4 | 2,3 | 1,9 | 1,4 | 2,5 |

(1) PIB a prezos constantes de 2000; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario,

(2) contribución ao crecemento agregado do PIB

Fonte: *INE*

**1.1.3.**

construción (–11,2%). A evolución intraanual amosa que a caída iniciada no ano anterior acentúase en 2009, rexistrándose os descensos máis acusados nos trimestres centrais do ano.

Respecto ao gasto en consumo final, cómpre salientar o forte decrecemento do gasto das familias, que pasa dun –0,6% en 2008 a un –5,0% en 2009, así como un aforro no gasto público, cun 3,8%, 1,7 puntos menos que no ano anterior. Os datos trimestrais amosan como o gasto dos fogares acada máximos negativos nos tres primeiros trimestres e como o gasto público acada mínimos no último trimestre do ano, chegando ao 0,8%.

No que atinxe ao sector exterior, no último ano as importacións descenderon no conxunto de España un 17,9%, segundo a liña baixista do ano anterior. As exportacións seguen esta liña e acadaron en 2009 o –11,5%, máis de dez puntos por baixo do rexistrado no ano anterior. Se se analizan os datos trimestrais, cómpre salientar o forte descenso no primeiro trimestre

*Índices de competitividade de España fronte á zona euro, UE-27 e novos países industrializados de Asia 2005-09*

| | Fronte á zona euro | | | Fronte á UE-27 | | | Fronte a novos países industrializados de Asia (1) | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Con prezos ao consumo | Con prezos industriais | Con custos laborais unitarios | Con prezos ao consumo | Con prezos industriais | Con custos laborais unitarios | Con prezos ao consumo | Con prezos industriais |
| | | | | *(base 1999 =100)* | | | | |
| **2005** | 106,7 | 104,1 | 107,4 | 106,2 | 103,8 | 106,1 | 122,1 | 113,3 |
| **2006** | 108,3 | 105,7 | 110 | 107,6 | 105,3 | 108,6 | 121,1 | 112,6 |
| **2007** | 109,1 | 106,0 | 112,5 | 108,1 | 105,4 | 110,3 | 126,2 | 117,6 |
| **2008** | 110,2 | 107,1 | 113,9 | 110,5 | 107,5 | 113,0 | 130,5 | 121,2 |
| **2009** | 109,6 | 107,1 | 109,2 | 111,6 | 108,8 | 110,5 | 124,4 | 117,0 |

(1) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.

Fonte: *Banco de España*

**1.1.4.**

tanto das importacións como das exportacións, cunha caída do 22,3% e 16,6%, respectivamente. Asemade, cómpre salientar que no derradeiro ano a economía española perde competitividade, fronte á UE-27, en termos de prezos ao consumo e industriais, e recupéraa lixeiramente fronte aos países da zona euro e a os novos países industrializados de Asia (**cadro 1.1.4.**).

Dende o lado da oferta, os aspectos máis destacables son, dunha banda, a desaceleración experimentada no conxunto das ramas industriais e enerxética, seguida pola construción e, en menor medida, polo sector terciario.

O sector servizos experimentou no ano 2009 unha caída do 1%, máis de tres puntos por debaixo da rexistrada no ano anterior. Este resultado é consecuencia da evolución dos servizos de mercado, que presentan unha desaceleración uniforme ao longo de todo o ano, acadando 2009 unha taxa de variación interanual do –2%, 3,6 puntos menos que no ano precedente. Por contra, o ritmo de crecemento dos servizos de non mercado, a pesar da súa desaceleración, segue sendo positivo, cunha medra media anual do 2,6%, case dous puntos menos que no ano anterior.

A actividade industrial continuou a desaceleración mantida no ano anterior e nos tres primeiros trimestres de 2009 rexistra taxas negativas de crecemento máis acusadas, sendo o que presentou maior caída no seu nivel de actividade. En termos medios, a actividade manufactureira descendeu un 14,7%, cando no ano anterior experimentara unha caída do 2,1%.

O valor engadido bruto xerado polo sector da construción descende no 2009 un 6,3% (un –1,3% no ano anterior). Ao longo do ano, a caída máis acusada rexístrase no terceiro trimestre, cun descenso do 6,8%.

O valor engadido do sector primario decreceu no último ano un 2,4%. Ao longo do ano o sector presenta

*Distribución funcional da renda en España 2008-09*

| | 2008 | 2009 | 2008 I | 2008 II | 2008 III | 2008 IV | 2009 I | 2009 II | 2009 III | 2009 IV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | trimestres (taxas de variación interanual) | | | | | | | |
| **PIB a prezos de mercado** | 3,5 | -3,5 | 5,6 | 4,6 | 3,1 | 0,5 | -1,9 | -4,1 | -4,5 | -3,3 |
| **Remuneración de asalariados** | 5,3 | -3,1 | 7,6 | 6,6 | 5,0 | 2,1 | -2,5 | -3,2 | -3,9 | -2,7 |
| **Custo laboral unitario** | 4,6 | 0,4 | 4,9 | 5,0 | 4,7 | 3,8 | 0,9 | 0,9 | -0,1 | -0,1 |
| **Remuneración por asalariado** | 6,2 | 3,7 | 6,0 | 6,4 | 6,2 | 6,0 | 4,1 | 4,2 | 3,3 | 3,1 |
| **Productividade por traballador** | 1,5 | 3,3 | 1,1 | 1,4 | 1,4 | 2,1 | 3,2 | 3,2 | 3,4 | 3,2 |
| **Taxa de asalarización** | -0,2 | 0,2 | 0,0 | -0,1 | -0,1 | -0,4 | 0,0 | 0,1 | 0,2 | 0,5 |
| **Excedente bruto de explotación / Renda mixta bruta** | 5,8 | -1,0 | 7,5 | 6,8 | 5,8 | 2,9 | 2,6 | -0,8 | -2,9 | -2,7 |
| **Impostos netos produción e importacións** | -14,7 | -17,5 | -10,6 | -13,0 | -16,8 | -18,4 | -19,0 | -24,3 | -17,0 | -9,7 |

Fonte: *INE*

**1.1.5.**

taxas de variación negativas, sendo a menor no derradeiro trimestre, cun –1,9%.

No que atinxe á distribución primaria das rendas, a remuneración de asalariados descende no último ano un 3,1% (aumentou un 5,3% no exercicio anterior), consecuencia da desaceleración da remuneración media, que aumenta un 3,7%. A consideración conxunta da devandita remuneración e da produtividade sitúa o incremento do custo laboral medio por unidade de produto no 0,4%, maís de catro puntos menos da rexistrada en 2008.

O excedente bruto de explotación e a renda mixta despois da medra de case o 6% en 2008, presenta unha caída media anual do 1%. Asemade, os impostos netos sobre a produción e as importacións decrecen un 17,5%, e no ano precedente o fixeran un 14,7%.

Atendendo á súa evolución ao longo do último ano, a remuneración de asalariados descende nos catro trimestres, sendo a caída máis acusada no terceiro, cun 3,9%. O excedente bruto de explotación e as rendas mixtas sufren unha caída a partir do segundo trimestre, sendo igualmente a máis acusada no terceiro, cun 2,9%.

O descenso nos niveis de actividade trasladouse con gran rapidez ao mercado de traballo, onde o paro rexistrado multiplícase por dous no 2009. Hai un forte crecemento nos niveis de desemprego e continúa a redución do número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no das sociedades mercantís creadas.

O número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en España descendeu no último ano en máis de 1.000.000 de persoas, un 5,7%, e a poboación ocupada segundo a EPA fíxoo un 7,3%, aproximadamente 1.300.000 persoas.

Xunto a esta caída da ocupación, a medida que a contracción económica vai aumentando, o desemprego crece considerablemente, acadando o paro estimado

**Mercado de traballo en Galicia e España 2008-09**

| | Galicia 2008 | Galicia 2009 | España 2008 | España 2009 |
|---|---|---|---|---|
| | *(taxas de variación interanual)* | | | |
| **PIB** | 1,7 | -3,0 | 0,9 | -3,6 |
| **Emprego** | | | | |
| Afiliacións á Seguridade Social | 0,2 | -4,0 | -0,8 | -5,7 |
| Ocupación | 0,6 | -4,0 | -0,5 | -6,8 |
| Paro estimado | 16,3 | 44,5 | 41,3 | 60,2 |
| Paro rexistrado | 7,9 | 26,9 | 24,6 | 43,5 |
| **Regulación do emprego** | | | | |
| Expedientes autorizados | 17,5 | 178,5 | 64,1 | 210,4 |
| Traballadores afectados | 109,4 | 259,3 | 152,5 | 270,9 |
| **Desenvolvemento empresarial** | | | | |
| Empresas inscritas Seguridade Social (1) | -2,4 | -3,2 | -5,3 | -5,1 |
| Sociedades mercantis creadas | -19,9 | -28,5 | -28,2 | -23,7 |

(1) empresas inscritas no Réxime Xeral e no Réxime da Minería e do Carbón
Fonte: *IGE*, *INE* e *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

1.1.6.

unha medra anual superior ao 60% e o paro rexistrado, un incremento do 43,5%.

Asemade, como reflicte o **cadro 1.1.6.**, o ano 2009 presenta un aumento elevado do número de expedientes de regulación de emprego autorizados, que case se cuadruplican, así como a continua caída tanto do número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social como do das sociedades mercantís creadas.

Durante o 2009 estívose a executar o Fondo Estatal de Inversión Local, cun total de 2.555 actuacións, executadas nun 99%. Permitiu crear, cun investimento total superior aos 490 millóns de euros, 23.919 empregos en Galicia, fronte aos 19.916 previstos inicialmente. Por provincias, A Coruña foi a que máis empregos xerou, con 9.888 postos, seguida por Pontevedra, con 6.922 postos de traballo.

## Panorama económico da eurorrexión

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.859 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de máis de seis millóns e medio de habitantes, o que implica unha densidade media de 128,6 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-27, a eurorrexión representa o 1,15% da súa superficie e o 1,3% da súa poboación.

Os datos recollidos no **cadro 1.1.7.** indican o maior dinamismo da economía galega en 2008 (último dato dispoñible), que segue a crecer como no resto das rexións comparadas.

En termos de PIB per cápita, comparando os datos das dúas rexións, este indicador de converxencia acada en Galicia o 88,8%, 28,5 puntos superior ao valor rexistrado na rexión Norte de Portugal.

**Principais indicadores da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal**

| | Unidade de medida | Período de referencia | Galicia | Rexión Norte | Eurorrexión | UE-27 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Superficie** | *(en Km$^2$)* | -- | 29.575 | 21.284 | 50.859 | 4.403.357 |
| **Poboación de dereito** | *(miles de persoas)* | *1/1/09* | 2.796,1 | 3.745,4 | 6.541,5 | 499.723,5 |
| **Densidade poboación** | *(habitantes por km$^2$)* | *1/1/09* | 94,5 | 176,0 | 128,6 | 113,5 |
| **Poboación ocupada** | | | | | | |
| **Sector primario** | *(%)* | *2009* | 8,0 | 11,9 | 10,3 | 4,7 |
| **Industria** | *(%)* | *2009* | 16,9 | 25,8 | 22,3 | 8,0 |
| **Construción** | *(%)* | *2009* | 10,0 | 10,9 | 10,5 | 18,1 |
| **Servizos** | *(%)* | *2009* | 65,1 | 51,4 | 56,9 | 69,2 |
| **Desemprego** | | | | | | |
| **Total** | *(%)* | *2009* | 12,6 | 11,0 | 11,6 | 9,1 |
| **Feminina** | *(%)* | *2009* | 13,6 | 12,4 | 12,8 | 8,9 |
| **Mozos (15-24 anos)** | *(%)* | *2009* | 30,7 | 21,9 | 25,1 | 19,8 |
| **PIB prezos de mercado** | *(millóns de € )* | *2008* | 58.647 | 47.135 | 105.782 | 12.501.667,6 |
| | *(millóns de € )* | *2007* | 56.208 | 45.887 | 102.095 | 12.363.930,2 |
| | *(millóns de € )* | *2006* | 52.456 | 43.511 | 95.967 | 11.682.467,7 |
| **PIB per cápita** | *UE-27=100* | *2007* | 88,8 | 60,3 | | |
| | *UE-27=100* | *2006* | 86,7 | 60,6 | | |

Fonte: Elaboración propia *CES-Galicia*

**1.1.7.**

No concernente ao emprego, a ocupación no ano 2009 ascendeu a 2.382.400 persoas (o 36,4% da poboación total da eurorrexión), dos que o 56,9% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. O conxunto das ramas industriais abrangue case a cuarta parte das persoas traballadoras, mentres que a construción e o sector primario acollen o 10,5% e o 10,3%, respectivamente.

Con todo, cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e o Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 65,1% das persoas ocupadas fronte ao 51,4% no norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é 8,9 puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 16,9% e o 25,8%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 8,0% da ocupación total en Galicia fronte ao 11,9% no norte de Portugal.

No concernente ás taxas de desemprego, tras o descenso da taxa de paro en anos anteriores, no 2009 esta sube. Galicia mantén unha ratio superior tanto á media europea como á rexistrada no norte de Portugal. Esta mesma tendencia prodúcese no caso das mulleres e das persoas novas (15-24 anos), onde as taxas de desemprego en Galicia acadan o 30,7% e elévanse ao 13,6% da población feminina. Na rexión Norte de Portugal, a taxa de desemprego é do 11,0%

(12,6% en Galicia) e o 12,4% corresponde á poboación feminina e o 21,9%, á xuventude de 15 a 24 anos. ■

# 1.2.

# panorama de galicia

**A economía galega experimenta** no 2009 unha importante contracción no seu ritmo de crecemento, cun descenso interanual medio do 3,0%, 4,7 puntos menos que no ano anterior. Esta caída foi menos acusada que a rexistrada no conxunto do Estado (–3,6%) e da estimada para o conxunto da Unión Europea, cunha caída do 4,1%.

Ao igual que acontece nas economías do seu entorno, a minoración da actividade produtiva galega faise máis acusada a medida que avanza o ano, acadando unha taxa de decrecemento interanual do 3,6% no terceiro trimestre de 2009, cando no mesmo período do ano anterior esta porcentaxe era de crecemento do 1,1%. En termos intertrimestrais, o descenso continuado do último ano sitúa á economía galega en recesión.

Neste clima de desconfianza e desaceleración económica, o último ano caracterizouse tanto polo elevado incremento do desemprego, como pola forte redución do número de persoas afiliadas á Seguridade Social e do número de persoas ocupadas.

### Agregados da demanda

O consumidor galego mantén o seu pesimismo en 2009, como amosa o valor negativo do indicador de confianza (calculado a partir da información recollida sobre a situación económica futura do fogar e da C.A., capacidade futura de aforro e a evolución do número de parados), que se sitúa nos –32,3 puntos, cando no ano precedente era do –35,2%. Hai unha grande caída da renda familiar bruta dispoñible (prezos correntes), que pasa dos 7,3 puntos a 1,6 no 2009.

Outros indicadores que explican a contracción do consumo das familias son a caída do índice de vendas polo miúdo, o forte retroceso do valor das importa-

**PIB 2008-09: distribución segundo as súas compoñentes** (1)

| | 2008 | 2009 | 2008 I | 2008 II | 2008 III | 2008 IV | 2009 I | 2009 II | 2009 III | 2009 IV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(taxas de variación interanual)* | | | | | | | |
| **Gasto en consumo final** | 2,1 | -0,4 | 3,4 | 2,7 | 1,3 | 1,0 | 0,0 | -0,8 | -0,1 | ,0,6 |
| Gasto en consumo final dos fogares | 1,2 | -1,9 | 3,3 | 2,0 | 0,1 | -0,4 | -1,7 | -2,6 | -1,5 | -2,0 |
| Gasto en consumo final das AA.PP. e ISFLSF | 5,2 | 5,0 | 4,0 | 5,0 | 5,7 | 6,1 | 6,0 | 5,3 | 4,7 | 4,1 |
| **Formación bruta de capital fixo** | -2,1 | -10,7 | 1,2 | 0,5 | -2,5 | -7,6 | -12,6 | -11,5 | -11,2 | -7,2 |
| **Exportacións de bens e servizos** | -0,5 | -13,0 | 3,2 | 3,6 | -0,8 | -7,8 | -17,0 | -19,3 | -10,9 | -3,5 |
| **Importacións de bens e servizos** | -1,4 | -11,8 | 2,3 | 2,3 | -2,0 | -8,4 | -16,9 | -17,2 | -9,4 | -2,6 |
| **PIB a prezos de mercado** | 1,7 | -3,0 | 3,3 | 2,7 | 1,1 | -0,4 | -2,0 | -3,4 | -3,6 | -3,1 |
| Ramas agraria e pesqueira | -1,3 | -1,8 | 4,1 | -2,0 | -1,3 | -5,9 | -3,3 | 7,7 | -7,6 | -3,9 |
| Ramas enerxéticas | -3,6 | -3,2 | -7,8 | -0,8 | -0,4 | -5,1 | -0,5 | -7,3 | -6,3 | 1,6 |
| Ramas industriais | -1,6 | -13,7 | 3,0 | 0,1 | -1,4 | -7,8 | -17,7 | -15,9 | -13,6 | -6,9 |
| Construción | -0,3 | -5,6 | 2,2 | 1,0 | -0,8 | -3,3 | -4,1 | -5,4 | -6,3 | -6,7 |
| Ramas dos servizos | | | | | | | | | | |
| servizos de mercado | 3,4 | -1,4 | 4,2 | 3,7 | 3,5 | 2,4 | 1,2 | -2,4 | -2,2 | -2,1 |
| servizos de non mercado | 4,7 | 4,4 | 5,1 | 4,4 | 4,5 | 4,8 | 5,3 | 4,6 | 3,9 | 4,0 |
| **Impostos netos sobre os produtos** | 0,5 | -2,3 | 3,0 | 2,2 | -3,5 | 0,4 | 0,0 | -3,3 | -1,1 | -4,9 |

(1) PIB a prezos constantes de 2000; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario,
(2) contribución ao crecemento do PIB
Fonte: *IGE*

**1.2.1.**

cións de bens de consumo e a redución da ocupación hoteleira.

En termos reais, as importacións reducíronse no ano 2009 un 11,8% respecto ao importe do ano anterior e as exportacións, un -13,0%. Como se desprende do **cadro 3.3.1.** *[Importacións e exportacións 2008-09: distribución segundo áreas xeográficas]*, no último ano incrementa lixeiramente a importancia relativa das relacións comerciais co resto das comunidades autónomas españolas, xa que o 67,9% do valor das importacións galegas proceden do resto do Estado (66,9% en 2008) e o 56,1% do valor das exportacións (57,4% no ano precedente) vai para o resto de España, polo que seguimos co saldo comercial negativo.

No que ao investimento se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a formación bruta de capital experimentou no derradeiro ano unha gran contracción de 10,7%, cando no ano precedente decaera un 2,1%. Os datos trimestrais reflicten a caída desta variable ao longo do ano, salientando a taxa negativa máxima do primeiro trimestre de 2009, cun 12,6%.

No que atinxe á evolución do investimento en bens de equipo, reflectido nos datos de produción industrial, este descendeu un 12,0% respecto ao experimentado no ano 2008, onde xa decrecera un 10,9%. Pola contra, as importacións destes produtos, rexistraron unha subida do 8,1%.

A diferenza do acontecido no ano 2008, a licitación oficial pública de tódalas administracións segundo data de anuncio rexistrou en Galicia unha caída do

*Consumo e investimento en Galicia e España 2008-09: principais indicadores*

| | Galicia | | España | |
|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| | *(taxas de variación interanual)* | | | |
| **Consumo** | | | | |
| **Renda familiar bruta dispoñible** *(p.correntes)* | 7,3 | 1,6 | 7,0 | 2,8 |
| **Índice de vendas do comercio polo miúdo** | -1,2 | -4,1 | -1,5 | -7,2 |
| **Índice de vendas do comercio polo miúdo** *(p. constantes)* | -5,2 | -2,1 | -5,2 | -5,6 |
| **Produción de bens de consumo** | 4,4 | -19,7 | -5,0 | -10,0 |
| Produción de bens de consumo duradeiro | -15,6 | -38,5 | -13,8 | -28,9 |
| Produción de bens de consumo non duradeiro | 6,4 | -17,6 | -3,3 | -6,8 |
| **Importación de bens de consumo** | 2,3 | -17,4 | -12,4 | -17,5 |
| **Matriculación turismos e motocicletas** | -26,9 | -4,8 | -26,7 | -21,0 |
| **Ocupación hoteleira** | -6,1 | -3,8 | -2,1 | -6,4 |
| **Gasto de Administracións Públicas** | 5,2 | 5,0 | 5,3 | 3,8 |
| | *(saldo medio das respostas)* | | | |
| **Expectativas do consumidor (1)** | | | | |
| Indicador de confianza do consumidor | -35,2 | -32,3 | | |
| Situación financeira persoal | -29,2 | -19,3 | | |
| Situación económica de Galicia | -35,1 | -25,1 | | |
| Capacidade de aforro | -35,1 | -25,1 | | |
| Emprego | -31,9 | -40,3 | | |
| **Investimento** | *(taxas de variación interanual)* | | | |
| **Formación bruta de capital** | -2,1 | -10,7 | -4,4 | -15,3 |
| **Produción de bens de equipo** | -10,9 | -12,0 | -5,2 | -21,9 |
| **Matriculacións de vehículos de carga (2)** | -37,3 | -29,1 | -43,1 | -34,9 |
| **Importacións de bens de equipo** | 2,7 | 8,1 | -3,4 | -33,0 |
| **Licitación pública** | | | | |
| Total | 24,1 | -6,1 | -0,4 | -1,8 |
| Administración Xeral do Estado | 22,0 | 10,5 | 8,8 | -29,4 |
| Administración autonómica | 46,3 | -56,9 | 0,7 | -8,3 |
| Administracións local | -18,8 | 123,0 | -13,4 | 57,5 |

(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

(2) matriculacións de camións, furgonetas, autobuses e tractores industriais

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia

1.2.2.

6,1%, dándose a paradoxa de que caen as licitacións na Administración Autonómica un 56,9% mentres que as Administracións Locais disparan a súa licitación ao 123,0%. En tanto, a Administración Xeral do Estado ten un incremento moderado, do 10,5%.

## Agregados da oferta

Dende á óptica de oferta, á hora de analizar o comportamento da economía galega hai que destacar que todos os sectores de actividade, agás o conxunto de actividades dos servizos de non mercado, presentaron en 2009 unha taxa de variación interanual negativa.

Xa que no capítulo 3 desta Memoria se analiza de xeito máis polo miúdo a actividade produtiva da economía galega, a modo de síntese, cómpre salientar que o sector terciario rexistrou unha lixeira caída (-0,1%) no conxunto do ano 2009, cando no ano precedente as súas taxas foron positivas. Esta evolución prodúcese pola minoración experimentada na rama

*Tipos de xuros e préstamos hipotecarios 2005-09*

| | Tipos de xuros referentes a créditos para o consumo | | Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Bancos | Caixas de aforros | Bancos | Caixas de aforros | Conxunto entidades |
| | *(datos no mes de decembro)* | | *(medias anuais)* | | |
| **2005** | 8,75 | 7,91 | 3,18 | 3,37 | 3,28 |
| **2006** | 8,90 | 8,02 | 4,12 | 4,22 | 4,17 |
| **2007** | 9,01 | 8,48 | 5,20 | 5,28 | 5,24 |
| **2008** | 9,54 | 8,80 | 5,78 | 5,92 | 5,86 |
| **2009** | 9,34 | 8,80 | 3,15 | 3,65 | 3,43 |

Fonte: *Banco de España*

1.2.3.

de servizos de mercado, xa que os de non mercado presentan un decrecemento do 1,4%, case cinco puntos menos que no 2008.

O conxunto das ramas de actividade do sector manufactureiro, despois dun descenso de 1,6 puntos en 2008, caeu no último ano un 13,7%. Ao longo do ano, os datos recollidos no **cadro 1.2.1.** amosan que a industria experimentou as taxas negativas máximas nos dous primeiros trimestres do ano, salientando unha contracción de case o 18% no primeiro trimestre.

O sector primario presenta taxas de crecemento interanual negativas ao longo do ano, agás no segundo trimestre que é positiva. A caída é especialmente importante no primeiro e terceiro trimestres do 2009. En termos medios anuais, a actividade agrogandeira e forestal descendeu no último ano un 1,8%.

Finalmente, a construción descendeu un 5,6% en 2009, cando no ano anterior este sector rozaba o cero cun −0,3%. A súa evolución trimestral vai incrementado ese descenso ao longo do ano.

## Agregados da renda

No período 2003-2009 a participación dos asalariados na renda descendeu seis décimas entre os dous extremos da serie, acadando en 2009 o 44,6%. Pola contra, o peso dos beneficios (excedente bruto de explotación/rendas mixtas) acadou o 46,4% no derradeiro ano considerado, 2,2 puntos porcentuais por riba do acadado en 2003.

A taxa media de variación interanual do índice xeral de prezos (IPC) descendeu ata o −0,6%, cando no ano anterior este índice situouse no 4,2%. A evolución ao longo do ano amosa o paulatino descenso na meirande parte do ano, acadando unha caída máxima no mes de xullo (−1,8%) e rematando o ano cunha taxa interanual do 0,9% en decembro (1,2% no mesmo mes do ano anterior).

O aumento salarial pactado en Galicia experimentou unha medra do 3,45%, oito décimas por debaixo do rexistrado no ano anterior. Ao igual que o acontecido en anos anteriores, Galicia presenta un aumento sala-

**Asignación funcional da renda 2003-09**

| | Remuneración dos asalariados | Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta | Impostos netos sobre produción e importacións | PIB a prezos de mercado |
|---|---|---|---|---|
| | | *(en millóns de €, prezos correntes)* | | |
| **2003** | 18.765,3 | 18.381,5 | 4.408,3 | 41.555,1 |
| **2004** | 19.774,5 | 20.206,4 | 4.769,0 | 44.750,0 |
| **2005** | 21.289,8 | 21.725,5 | 5.343,5 | 48.358,7 |
| **2006** | 23.434,2 | 23.203,1 | 5.819,4 | 52.456,7 |
| **2007** | 25.113,6 | 25.107,9 | 5.987,2 | 56.208,6 |
| **2008** | 26.163,6 | 27.192,8 | 5.291,2 | 58.647,6 |
| **2009** | 26.145,7 | 26.475,0 | 4.531,8 | 57.152,5 |
| | | *(% / PIB)* | | |
| **2003** | 45,2 | 44,2 | 10,6 | 100,0 |
| **2004** | 44,2 | 45,2 | 10,7 | 100,0 |
| **2005** | 44,0 | 44,9 | 11,0 | 100,0 |
| **2006** | 44,7 | 44,2 | 11,1 | 100,0 |
| **2007** | 44,7 | 44,7 | 10,7 | 100,0 |
| **2008** | 44,6 | 46,4 | 9,0 | 100,0 |
| **2009** | 45,7 | 46,3 | 7,9 | 100,0 |

Fonte: *IGE*

1.2.4.

rial pactado, tanto no caso dos convenios de empresa como no dos outros ámbitos, superior ao do conxunto do Estado.

• Asignación funcional da renda

A participación da remuneración dos asalariados na renda descendeu entre os anos 2003 e 2009 tres décimas, pasando do 45,2% do primeiro ano da serie ao 45,7% do último ano. A participación dos excedentes brutos de explotación/rendas mixtas acadou o 46,3% no derradeiro ano considerado, dous puntos e unha décima porcentual por riba do acadado en 2003.

Comparando os datos dos anos 2008 e 2009, o peso da remuneración de asalariados no PIB medrou en máis dun punto porcentual en tanto que a dos excedentes brutos de explotación/rendas mixtas permanece practicamente constante. En termos nominais, a diferenza do acontecido no ano anterior, 2009 presenta tanto unha redución do 0,1% da remuneración salarial como unha contracción da actividade produtiva (2,5%) e dos beneficios empresariais (2,6%).

Se se ten en conta a evolución da importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego –medido en termos do número de postos de traballo equivalente a tempo completo– os datos das Contas económicas reflicten que no 2009 o 45,7% da renda se distribúe entre o 81,4% dos traballadores. Seis anos antes, o 82,5% dos traballadores se repartían o 45,2% da renda.

• Inflación

O forte crecemento da inflación galega rexistrado nos

**IPC xeral (1) nas CC.AA. 2008-09: taxas de variación interanuais**

| | decembro | | | media anual | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 09/08 | 2008 | 2009 | 09/08 |
| | (%) | | (en puntos porcentuais) | (%) | | (en puntos porcentuais) |
| **Andalucía** | 1,3 | 0,6 | -0,7 | 4,0 | -0,5 | -4,5 |
| **Aragón** | 1,6 | 0,8 | -0,8 | 4,4 | -0,4 | -4,8 |
| **Asturias** | 1,6 | 0,7 | -0,9 | 4,2 | -0,4 | -4,6 |
| **Baleares** | 1,3 | 0,8 | -0,5 | 3,8 | -0,2 | -4,0 |
| **Canarias** | 1,6 | - 0,4 | -2,0 | 4,4 | -1,0 | -5,4 |
| **Cantabria** | 1,3 | 1,0 | -0,3 | 4,3 | -0,3 | -4,6 |
| **Castela e León** | 1,1 | 0,7 | -0,4 | 4,2 | -0,7 | -4,9 |
| **Castela-A Mancha** | 0,9 | 0,5 | -0,4 | 4,3 | -1,2 | -5,5 |
| **Cataluña** | 1,6 | 1,2 | -0,4 | 4,1 | 0,2 | -3,9 |
| **C. Valenciana** | 1,5 | 0,8 | -0,7 | 4,0 | -0,2 | -4,2 |
| **Estremadura** | 1,3 | 0,5 | -0,8 | 4,1 | -0,5 | -4,6 |
| **Galicia** | 1,2 | 0,9 | -0,3 | 4,2 | -0,6 | -4,8 |
| **A Coruña** | 1,5 | 1,2 | -0,3 | 4,3 | -0,1 | -4,4 |
| **Lugo** | 1,1 | 0,7 | -0,4 | 4,3 | -0,9 | -5,2 |
| **Ourense** | 1,2 | 0,5 | -0,7 | 4,2 | -0,9 | -5,1 |
| **Pontevedra** | 0,9 | 0,9 | 0,0 | 4,2 | -0,9 | -5,0 |
| **Madrid** | 1,6 | 0,9 | -0,7 | 3,9 | -0,1 | -4,0 |
| **Murcia** | 1,1 | 0,6 | -0,5 | 4,0 | -0,6 | -4,6 |
| **Navarra** | 1,2 | 0,5 | -0,7 | 3,9 | -0,6 | -4,5 |
| **País Vasco** | 1,9 | 1,0 | -0,9 | 4,1 | 0,3 | -3,8 |
| **A Rioxa** | 1,6 | 0,5 | -1,1 | 4,1 | -0,5 | -4,6 |
| **Ceuta** | 2,1 | 1,4 | -0,7 | 3,8 | 0,5 | -3,3 |
| **Melilla** | 1,8 | 1,3 | -0,5 | 3,9 | 0,1 | -3,8 |
| **Total** | 1,4 | 0,8 | -0,6 | 4,1 | -0,3 | -4,4 |

(1) base 2006
Fonte: *INE*

**1.2.5.**

primeiros meses de 2008, continuou ata o mes de xullo de 2008, cando se acada o 5,6%, o valor máis elevado desde o mes de xaneiro de 2002. A partir dese momento os prezos ralentizan o seu crecemento rapidamente, descendendo durante o 2009 ata acadar a súa máxima caída no mes de xullo, cun -1,8%, Tras unha ralentización da redución dos prezos, o ano remata cunha taxa de crecemento interanual do 0,9 positivo no mes de decembro. A taxa media de variación interanual en Galicia ascende en 2009 ata o -0,6%, tres décimas de diferencia co conxunto do Estado (-0,3%), cando no ano precedente o IPC medio anual foi do 4,2% (4,1% en España). No conxunto dos países da zona euro a media anual do IPC situouse no 0,4%.

A nivel provincial, cómpre salientar que, en termos medios, todas as provincias galegas presentan o mesmo descenso dos prezos ao consumo, agás A Coruña, que roza o 0%. Atendendo aos datos correspondentes a decembro, Ourense sitúase no último ano coa taxa máis reducida, cun 0,5% (1,2% na mesma data do ano anterior), en tanto que en A Coruña esta porcentaxe foi do 1,2% (1,5% en 2008).

IPC xeral en Galicia e España 2008-09




Fonte: *INE*

IPC subxacente en Galicia e España 2008-09




Fonte: *INE*

1.2.6.

**IPC galego e español 2008-09: distribución segundo grupos** (1)

| | 2008 | | 2009 | | 09/08 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España |
| | (%) | | | | (en puntos porcentuais) | |
| **Xeral** | 4,2 | 4,1 | -0,6 | -0,3 | -4,8 | -4,4 |
| **Alimentos e bebidas non alcohólicas** | 6,0 | 5,9 | -1,0 | -1,1 | -7,0 | -7,0 |
| **Bebidas alcohólicas e tabaco** | 3,6 | 3,9 | 7,9 | 8,9 | 4,3 | 5,0 |
| **Vestido e calzado** | 0,6 | 0,7 | -1,6 | -1,7 | -2,2 | -2,4 |
| **Vivenda** | 7,8 | 6,6 | -0,7 | 1,3 | -8,5 | -5,3 |
| **Menaxe** | 3,2 | 2,6 | 1,7 | 1,5 | -1,5 | -1,1 |
| **Medicina** | 0,0 | 0,2 | -0,6 | -0,7 | -0,6 | -0,9 |
| **Transporte** | 5,9 | 5,8 | -5,8 | -5,8 | -11,7 | -11,6 |
| **Comunicacións** | 0,0 | 0,0 | -0,7 | -0,7 | -0,7 | -0,7 |
| **Ocio e cultura** | -0,4 | -0,1 | -0,4 | -0,4 | 0,0 | -0,3 |
| **Ensino** | 4,2 | 4,0 | 3,9 | 3,5 | -0,3 | -0,5 |
| **Hoteis, cafés e restaurantes** | 5,1 | 4,7 | 2,8 | 1,9 | -2,3 | -2,8 |
| **Outros bens e servizos** | 3,1 | 3,3 | 2,2 | 2,5 | -0,9 | -0,8 |

(1) taxas de variación media anuais
Fonte: *INE*

**1.2.7.**

O grupo de produtos de bebidas alcohólicas e tabaco, seguido polo do ensino comportáronse, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, coma os compoñentes máis inflacionistas en 2009. Na comunidade galega, o incremento medio dos produtos de bebidas alcohólicas e tabaco foi do 7,9% (8,9% de media en España), en tanto que no caso do ensino e dos hoteis estas porcentaxes foron do 3,9% e 2,8%, respectivamente (3,5% e 1,9% en España). Por contra, os menos inflacionistas foron os grupos de transporte e vestido/calzado, con niveis de inflación negativos tanto en Galicia como en España.

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) presentou en 2009 saltos entre o crecemento positivo e o negativo, cunha taxa media de crecemento similar en Galicia e en España, e rematando o ano no mes de decembro cun 0,0% tanto en España como en Galicia.

Atendendo á súa distribución segundo produtos, cómpre salientar que o tabaco, cun 11,9%, e os de "educación universitaria" e "reparación de calzado", cunhas taxas de variación interanual do 5,4% e 5,1%, respectivamente, rexistraron os incrementos medios máis importantes. Pero tamén temos importantes baixadas de prezo en "aceites e graxas" cun 11,8%, e o leite cun 8,4%.

No concernente a outros indicadores de prezos, o **cadro 1.2.9.** amosa que en Galicia, a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPI) rexistrou en decembro unha subida do 1,2% respecto ao ano 2008, sendo esta porcentaxe superior á rexistrada no conxunto do Estado, que foi de só o 0,4%. Os maiores incrementos experiméntanse na enerxía, cunha medra do 9,6%, cando no ano anterior descenderan. Pola contra, os "bens intermedios" descenderon un 4,2%.

### *IPC galego e español 2008-09: distribución segundo produtos* (1)

| | 2008 | | 2009 | | 09/08 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España |
| | | | *(%)* | | *(en puntos porcentuais)* | |
| **Cereais e derivados** | 10,3 | 9,3 | 2,1 | 1,9 | -8,2 | -7,4 |
| **Pan** | 9,8 | 8,9 | 0,9 | 0,0 | -8,9 | -8,9 |
| **Carne de vacún** | 2,5 | 4,0 | -0,6 | 1,7 | -3,1 | -2,3 |
| **Carne de ovino** | 2,7 | 5,3 | 4,1 | 1,9 | 1,4 | -3,4 |
| **Carne de porcino** | 2,4 | 1,6 | -0,6 | -3,8 | -3,0 | -5,4 |
| **Carne de ave** | 6,1 | 4,3 | -2,7 | -1,9 | -8,8 | -6,2 |
| **Outras carnes** | 2,8 | 3,8 | 0,9 | 0,6 | -1,9 | -3,2 |
| **Peixe fresco e conxelado** | 0,1 | 1,2 | -4,9 | -4,6 | -5,0 | -5,8 |
| **Crustáceos, moluscos e preparados de peixe** | 3,0 | 2,6 | -0,8 | -0,7 | -3,8 | -3,3 |
| **Ovos** | 7,4 | 10,7 | 3,6 | 1,2 | -3,8 | -9,5 |
| **Leite** | 16,0 | 15,3 | -8,4 | -8,2 | -24,4 | -23,5 |
| **Productos lácteos** | 9,6 | 8,7 | -1,6 | -1,4 | -11,2 | -10,1 |
| **Aceites e graxas** | 2,7 | 2,2 | -11,8 | -11,4 | -14,5 | -13,6 |
| **Froitas frescas** | 7,7 | 9,4 | 3,4 | 0,3 | -4,3 | -9,1 |
| **Froitas en conserva e frutos secos** | 3,2 | 2,1 | -0,7 | 0,4 | -3,9 | -1,7 |
| **Legumes e hortalizas frescas** | 4,6 | 2,4 | 4,4 | 2,1 | -0,2 | -0,3 |
| **Preparados de legumes e hortalizas** | 8,6 | 8,4 | 0,7 | 0,4 | -7,9 | -8,0 |
| **Patacas e os seus preparados** | -1,4 | -1,7 | -2,7 | -7,0 | -1,3 | -5,3 |
| **Café, cacao e infusións** | 8,6 | 7,1 | 1,5 | 1,3 | -7,1 | -5,8 |
| **Sucre** | 0,9 | 0,3 | -4,4 | -6,9 | -5,3 | -7,2 |
| **Outros preparados alimenticios** | 6,8 | 6,4 | 2,6 | 19,0 | -4,2 | 12,6 |
| **Augua mineral, refrescos e zumes** | 5,2 | 4,0 | 2,0 | 3,0 | -3,2 | -1,0 |
| **Bebidas alcólicas** | 3,8 | 5,0 | 1,2 | 2,0 | -2,6 | -3,0 |
| **Tabaco** | 3,5 | 3,5 | 11,9 | 11,7 | 8,4 | 8,2 |
| **Prendas de vestir de home** | -0,1 | 0,2 | -2,2 | -1,9 | -2,1 | -2,1 |
| **Prendas de vestir de muller** | 0,2 | 0,4 | -2,2 | -2,5 | -2,4 | -2,9 |
| **Prendas de vestir de neno e bebé** | 0,2 | 0,6 | -2,6 | -1,4 | -2,8 | -2,0 |
| **Complementos e reparacións de prendas de vestir** | 2,9 | 2,1 | 0,6 | 0,4 | -2,3 | -1,7 |
| **Calzado de home** | 0,6 | 1,3 | 0,2 | 0,0 | -0,4 | -1,3 |
| **Calzado de muller** | 3,1 | 1,6 | 0,7 | -0,7 | -2,4 | -2,3 |
| **Calzado de neno** | 1,7 | 1,3 | -1,3 | -0,5 | -3,0 | -1,8 |
| **Reparación de calzado** | 7,9 | 6,2 | 5,1 | 4,2 | -2,8 | -2,0 |
| **Vivenda en aluguer** | 3,4 | 4,2 | 2,8 | 3,1 | -0,6 | -1,1 |
| **Calefacción, alumeado e distribución de auga** | 11,3 | 9,4 | -4,2 | -0,5 | -15,5 | -9,9 |
| **Conservacion da vivenda** | 4,5 | 4,0 | 3,5 | 3,0 | -1,0 | -1,0 |
| **Mobles e revestimentos de solo** | 4,9 | 3,8 | 2,5 | 1,1 | -2,4 | -2,7 |
| **Textis e accesorios para o fogar** | 3,2 | 2,2 | 1,8 | 0,4 | -1,4 | -1,8 |
| **Electrodomesticos e reparacións** | -0,7 | -0,7 | -0,4 | 0,2 | 0,3 | 0,9 |
| **Utensilios e ferramentas para o fogar** | 3,2 | 3,2 | 2,4 | 2,3 | -0,8 | -0,9 |
| **Artigos non duradeiros para o fogar** | 2,1 | 1,9 | 0,4 | 1,8 | -1,7 | -0,1 |
| **Servizos para o fogar** | 4,8 | 4,4 | 3,5 | 3,4 | -1,3 | -1,0 |
| **Servizos médicos e semellantes** | 3,3 | 4,1 | 2,4 | 3,9 | -0,9 | -0,2 |
| **Medicamentos e material terapéutico** | -3,0 | -3,0 | -3,2 | -3,5 | -0,2 | -0,5 |
| **Transporte personal** | 5,3 | 5,3 | -5,3 | -5,7 | -10,6 | -11,0 |
| **Transporte público urbán** | 3,3 | 4,6 | 4,1 | 6,5 | 0,8 | 1,9 |
| **Transporte público interurbán** | 8,8 | 8,9 | 3,7 | 3,7 | -5,1 | -5,2 |
| **Comunicacións** | 0,0 | 0,0 | -0,7 | -0,7 | -0,7 | -0,7 |
| **Obxectos recreativos** | -5,5 | -6,1 | -5,0 | -5,4 | 0,5 | 0,7 |
| **Publicacións** | 1,7 | 1,7 | 2,3 | 2,7 | 0,6 | 1,0 |
| **Esparcimento** | 2,5 | 2,8 | 3,1 | 2,7 | 0,6 | -0,1 |
| **Educación infantil e primaria** | 4,3 | 3,7 | 3,8 | 3,6 | -0,5 | -0,1 |
| **Educación secundaria** | 4,1 | 3,0 | 3,9 | 1,4 | -0,2 | -1,6 |
| **Educación universitaria** | 5,0 | 5,0 | 5,4 | 5,4 | 0,4 | 0,4 |
| **Outros gastos de ensinanza** | 2,8 | 3,6 | 2,5 | 3,2 | -0,3 | -0,4 |
| **Artículos de uso persoal** | 3,1 | 3,1 | 1,3 | 1,1 | -1,8 | -2,0 |
| **Turismo e hostalería** | 5,1 | 4,7 | 2,6 | 1,8 | -2,5 | -2,9 |
| **Outros benes e servizos** | 4,3 | 4,4 | 3,6 | 3,6 | -0,7 | -0,8 |
| **Índice xeral** | 4,2 | 4,1 | -0,6 | -0,3 | -4,8 | -4,4 |

**(1) taxas de variación media anuais**

Fonte: *INE*

**1.2.8.**

*Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2009: distribución segundo destino económico dos bens*

| | Índice xeral | Bens de consumo | Bens de consumo duradeiro | Bens de consumo non duradeiro | Bens de equipo | Bens intermedios | Enerxía |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | *(taxas de variación anuais)* | | | |
| **Andalucía** | 3,0 | -0,6 | 1,2 | -0,7 | -0,4 | -0,3 | 11,6 |
| **Aragón** | -2,4 | 0,5 | 1,3 | -0,2 | -1,9 | -6,9 | 5,5 |
| **Asturias** | -5,1 | -1,5 | 1,3 | -2,5 | -5,3 | -9,4 | 0,3 |
| **Baleares** | 3,2 | 1,5 | 2,6 | 1,4 | 0,4 | -4,2 | 7,4 |
| **Canarias** | 6,5 | 2,6 | -- | 2,6 | 3,1 | -1,5 | 11,7 |
| **Cantabria** | -3,9 | -3,3 | -9,1 | -0,9 | 1,2 | -8,2 | 3,7 |
| **Castela e León** | -1,1 | -3,6 | 0,4 | -4,0 | 0,0 | -3,2 | -4,7 |
| **Castela-A Mancha** | 1,6 | 0,1 | -0,2 | 0,1 | -2,3 | -2,0 | 10,2 |
| **Cataluña** | -1,4 | -0,5 | -0,5 | -0,7 | 0,9 | -1,6 | -4,9 |
| **C. Valenciana** | 1,6 | -0,1 | 1,5 | -0,4 | -0,8 | -2,0 | 16,8 |
| **Estremadura** | -2,4 | -4,1 | 0,0 | -4,2 | 0,1 | -10,2 | 6,8 |
| **Galicia** | 1,2 | 0,3 | 0,9 | 0,4 | 0,4 | -4,2 | 9,6 |
| **Madrid** | -2,4 | -0,5 | 1,4 | -0,6 | 1,1 | -0,6 | -6,7 |
| **Murcia** | 2,0 | 0,8 | 2,0 | 0,6 | 3,5 | -2,7 | 7,7 |
| **Navarra** | 2,7 | -0,7 | 4,7 | -1,5 | 3,0 | 4,3 | 4,5 |
| **País Vasco** | -0,2 | -0,9 | -0,8 | -0,8 | 0,8 | -7,1 | 13,3 |
| **A Rioxa** | 1,2 | 0,4 | -0,2 | 0,5 | 1,2 | -0,1 | 6,9 |
| **Total** | 0,4 | -0,5 | 0,1 | -0,6 | 0,1 | -2,7 | 6,3 |

Fonte: *INE*

**1.2.9.**

No sector primario, o índice xeral de prezos percibidos polos agricultores no conxunto do Estado pasou de 107,03 no mes de decembro de 2008 a 94,89 na mesma data do 2009. En canto ao índice de prezos pagados, no que corresponde a gastos xerais pasou de 114,65 en decembro do 2008 a 111,96 no 2009. E os bens de investimento de 115,36 a 117,26 (ano base 2005=100).

• Custos e salarios

O aumento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non primarios experimentou unha medra do 3,45%, case oito décimas por debaixo do rexistrado no ano anterior. Atendendo á desagregación segundo convenios de empresa e convenios doutro ámbito, o **cadro 1.2.10.** amosa que estes medraron un 2,60% e un 3,55%, respectivamente. Ao igual que o acontecido en anos anteriores, Galicia presenta un aumento salarial pactado, tanto no caso dos convenios de empresa como no dos outros ámbitos, superior ao do conxunto do Estado.

O custo laboral por traballador e mes en Galicia rexistrou en 2009 unha medra que se sitúa novamente por debaixo do incremento medio estatal. Segundo reflicte o *Índice de costes laborales* (INE), tras o incremento do 7,3% respecto ao ano anterior (5,3% no conxunto do Estado), o custo laboral medio ascendeu a 2.199,66 euros (un 12,6% inferior á media estatal), o que volve a situar a Galicia coma a terceira comunidade autónoma cos custos laborais máis baixos, tan só superada por Estremadura (2.139,95 euros por traballador e mes) e Canarias (2.150,70 euros).

### *Aumento salarial pactado en Galicia e España 2005-09*

| | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(%)* | | |
| **Galicia** | | | | | |
| **Total convenios** | 4,38 | 4,01 | 4,95 | 4,21 | 3,45 |
| **Convenios de empresa** | 3,97 | 3,36 | 3,82 | 3,43 | 2,60 |
| **Convenios doutro ámbito** | 4,44 | 4,09 | 5,11 | 4,30 | 3,55 |
| **España** | | | | | |
| **Total convenios** | 4,04 | 3,59 | 4,21 | 3,59 | 2,59 |
| **Convenios de empresa** | 3,61 | 3,15 | 3,57 | 3,12 | 2,37 |
| **Convenios doutro ámbito** | 4,09 | 3,65 | 4,28 | 3,64 | 2,61 |

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

**1.2.10.**

### *Custos laborais en Galicia e España 2008-09: distribución segundo sectores económicos e compoñentes do custo*

***2008***

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Industria | Construción | Servizos | Total | Industria | Construción | Servizos |
| | | | | *(en €)* | | | | |
| **Custo laboral por traballador e mes** | 2.049,81 | 2.292,20 | 2.150,23 | 1.943,07 | 2.390,40 | 2.724,85 | 2.392,17 | 2.302,96 |
| **Custo total** | 1.498,95 | 1.685,78 | 1.463,64 | 1.441,69 | 1.762,78 | 2.005,12 | 1.656,57 | 1.719,87 |
| **Custo salarial total** | 1.309,26 | 1.455,47 | 1.331,77 | 1.252,99 | 1.531,90 | 1.709,99 | 1.474,31 | 1.496,32 |
| **Custo salarial ordinario** | 550,86 | 606,42 | 686,59 | 501,38 | 627,62 | 719,73 | 735,60 | 583,09 |
| **Custo por percepcións non salariais** | 83,16 | 71,68 | 163,06 | 69,59 | 100,69 | 113,15 | 152,28 | 87,69 |
| **Custo por cotizacións obrigatorias** | 486,99 | 556,63 | 541,74 | 450,42 | 547,18 | 632,00 | 600,93 | 514,81 |
| **Subvencións e bonificacións da S. Social** | 19,29 | 21,89 | 18,21 | 18,62 | 20,25 | 25,41 | 17,62 | 19,41 |
| **Custo laboral por hora efectiva** | | | | | | | | |
| **Custo total por hora** | 15,13 | 16,05 | 14,62 | 14,92 | 17,66 | 19,51 | 16,28 | 17,44 |
| **Custo salarial total por hora** | 11,07 | 11,80 | 9,96 | 11,07 | 13,02 | 14,36 | 11,27 | 13,03 |
| **Custos salarial ordinario por hora** | 9,66 | 10,19 | 9,05 | 9,62 | 11,33 | 12,26 | 10,04 | 11,35 |
| **Outros custos por hora** | 4,07 | 4,24 | 4,67 | 3,85 | 4,64 | 5,15 | 5,01 | 4,42 |

***2009***

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Industria | Construción | Servizos | Total | Industria | Construción | Servizos |
| | | | | *(en €)* | | | | |
| **Custo laboral por traballador e mes** | | | | | | | | |
| **Custo total** | 2.199,66 | 2.367,43 | 2.261,37 | 2.139,84 | 2.516,81 | 2.785,97 | 2.575,89 | 2.448,70 |
| **Custo salarial total** | 1.615,02 | 1.728,30 | 1.559,26 | 1.593,09 | 1.857,97 | 2.030,23 | 1.791,19 | 1.829,71 |
| **Custo salarial ordinario** | 1.411,92 | 1.492,33 | 1.433,33 | 1.384,74 | 1.611,15 | 1.730,75 | 1.578,43 | 1.589,38 |
| **Outros custos** | 584,64 | 639,14 | 702,11 | 546,75 | 658,84 | 755,74 | 784,71 | 618,99 |
| **Custo por percepcións non salariais** | 91,66 | 90,62 | 155,60 | 79,88 | 113,18 | 140,81 | 186,36 | 96,39 |
| **Custo por cotizacións obrigatorias** | 511,63 | 573,99 | 565,52 | 483,49 | 565,43 | 643,34 | 617,12 | 540,62 |
| **Subvencións e bonificacións da S. Social** | 18,66 | 25,47 | 19,01 | 16,63 | 19,78 | 28,42 | 18,77 | 18,02 |
| **Custo laboral por hora efectiva** | | | | | | | | |
| **Custo total por hora** | 16,41 | 17,18 | 15,36 | 16,41 | 19,02 | 20,51 | 17,82 | 18,87 |
| **Custo salarial total por hora** | 12,05 | 12,54 | 10,60 | 12,22 | 14,04 | 14,95 | 12,39 | 14,10 |
| **Custos salarial ordinario por hora** | 10,54 | 10,83 | 9,74 | 10,62 | 12,18 | 12,75 | 10,92 | 12,25 |
| **Outros custos por hora** | 4,36 | 4,64 | 4,77 | 4,19 | 4,98 | 5,57 | 5,43 | 4,77 |

Fonte: *INE*

**1.2.11.**

**Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2008-09: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade**

**2008**

| | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| **Horas pactadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 156,4 | 155,3 | 165,0 | 165,1 | 167,9 | 168,6 | 152,0 | 149,0 |
| Traballadores a tempo completo | 169,1 | 170,0 | 170,5 | 171,2 | 170,9 | 171,1 | 168,3 | 169,1 |
| Traballadores a tempo parcial | 88,4 | 84,3 | 82,7 | 96,7 | 86,5 | 82,3 | 88,8 | 82,9 |
| **Horas pagadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 157,0 | 156,0 | 165,9 | 166,6 | 168,1 | 169,2 | 152,6 | 149,3 |
| Traballadores a tempo completo | 169,8 | 170,5 | 171,5 | 172,8 | 171,2 | 171,7 | 169,0 | 169,2 |
| Traballadores a tempo parcial | 88,5 | 85,3 | 82,8 | 97,1 | 86,6 | 82,3 | 89,0 | 83,9 |
| **Horas efectivas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 135,6 | 135,7 | 140,2 | 143,1 | 147,1 | 147,4 | 132,2 | 130,4 |
| Traballadores a tempo completo | 146,4 | 147,8 | 144,7 | 148,0 | 149,7 | 149,4 | 146,2 | 147,3 |
| Traballadores a tempo parcial | 77,7 | 76,5 | 73,1 | 87,8 | 78,2 | 75,6 | 78,0 | 75,1 |
| **Horas non traballadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 21,6 | 20,5 | 26,0 | 23,9 | 21,3 | 22,0 | 20,5 | 19,1 |
| Traballadores a tempo completo | 23,6 | 22,9 | 27,1 | 25,1 | 21,8 | 22,4 | 22,9 | 22,2 |
| Traballadores a tempo parcial | 10,9 | 8,8 | 9,8 | 9,4 | 8,5 | 7,3 | 11,1 | 8,8 |
| **Horas extras por traballador** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 0,7 | 0,8 | 1,1 | 1,7 | 0,5 | 0,6 | 0,7 | 0,5 |
| Traballadores a tempo completo | 0,8 | 0,8 | 1,2 | 1,8 | 0,5 | 0,6 | 0,8 | 0,4 |
| Traballadores a tempo parcial | 0,2 | 0,9 | 0,1 | 0,4 | 0,1 | - | 0,3 | 1,0 |

**2009**

| | Total | | Industria | | Construción | | Servicios | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| **Horas pactadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 154,6 | 156,0 | 163,7 | 164,5 | 166,0 | 169,2 | 150,9 | 151,1 |
| Traballadores a tempo completo | 168,1 | 169,4 | 170,3 | 171,2 | 170,8 | 171,2 | 167,1 | 168,4 |
| Traballadores a tempo parcial | 85,1 | 83,37 | 79,9 | 86,5 | 83,5 | 85,7 | 85,5 | 82,9 |
| **Horas pagadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 155,1 | 156,3 | 164,3 | 165,0 | 166,3 | 169,8 | 151,4 | 151,3 |
| Traballadores a tempo completo | 168,6 | 169,7 | 170,9 | 171,7 | 171,2 | 171,8 | 167,6 | 168,6 |
| Traballadores a tempo parcial | 85,2 | 83,7 | 80,1 | 86,8 | 82,9 | 85,7 | 85,7 | 83,2 |
| **Horas efectivas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 132,5 | 134,1 | 136,3 | 137,9 | 144,7 | 147,2 | 130,0 | 130,5 |
| Traballadores a tempo completo | 143,8 | 145,3 | 141,4 | 143,3 | 148,9 | 149,0 | 143,6 | 145,1 |
| Traballadores a tempo parcial | 74,5 | 73,7 | 69,9 | 75,2 | 72,9 | 76,4 | 74,7 | 73,4 |
| **Horas non traballadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 22,8 | 22,5 | 28,5 | 28,1 | 21,9 | 22,7 | 21,6 | 20,9 |
| Traballadores a tempo completo | 25,1 | 24,8 | 29,8 | 29,5 | 22,6 | 23,1 | 24,2 | 23,7 |
| Traballadores a tempo parcial | 10,9 | 10,0 | 10,1 | 11,7 | 10,5 | 9,3 | 11,0 | 9,8 |
| **Horas extras por traballador** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 0,6 | 0,6 | 0,8 | 1,3 | 0,6 | 0,8 | 0,6 | 0,3 |
| Traballadores a tempo completo | 0,7 | 0,6 | 0,9 | 1,4 | 0,6 | 0,8 | 0,7 | 0,4 |
| Traballadores a tempo parcial | 0,2 | 0,3 | 0,2 | 0,4 | 0,0 | 0,0 | 0,2 | 0,3 |

Fonte: *INE*

1.2.12.

A industria foi novamente, tanto en Galicia coma en España, o sector de actividade cos custos laborais máis elevados, cunha media de 2.367,43 euros en Galicia, o 85% da media estatal. Séguenlle a construción, cun custo laboral medio de 2.261,37 euros (o 87,7% do custo estatal) e os servizos, cun custo medio de 2.139,84 euros (o 87,3% do custo medio en España). O conxunto da actividade do sector de servizos presenta incrementos do nivel do custo laboral por traballador e mes superiores aos rexistrados no conxunto do Estado (**cadro 1.2.11.**).

O importe das ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes segue situando a Galicia coma a segunda comunidade autónoma cos custos salariais ordinarios máis baixos. Tras unha medra do 4,7%, medio punto por debaixo do experimentado en España, estas acadaron en 2009 os 1.411,92 euros (199,23 euros menos que a media no conxunto do Estado), por diante de Estremadura, con 1337,48 euros.

Igual que no ano anterior, o número de horas efectivamente traballadas descendeu lixeiramente en Galicia (acada as 134,1 horas en 2009), descendendo no conxunto do Estado ata as 132,5 horas. Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 145,3 horas efectivamente traballadas (143,8 horas de media en España), e os traballadores a tempo parcial, un total de 73,7 horas ao mes (74,5 horas no conxunto do Estado).

Do mesmo xeito que en anos anteriores, a construción é o sector de actividade con máis horas pactadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos. No caso dos traballadores a tempo completo, a construción é o sector que presenta un maior número de horas pactadas e efectivas, mentres que a industria o é no caso dos traballadores a tempo parcial.

Este descenso do número de horas efectivamente traballadas foi acompañado dunha medra do custo laboral por hora efectiva, que acada un valor monetario de 16,41 euros (19,02 euros de media en España). Este incremento prodúcese tanto no custo salarial como en "outros custos".

### Mercado de traballo e produtividade

A grave recesión da economía de Galicia trasladouse directamente ao mercado de traballo ao longo do ano 2009. A modo de síntese, xa que a Memoria presenta un capítulo específico dedicado á análise do emprego, o último ano presenta datos máis negativos que nos anos anteriores, cun elevado incremento do desemprego, especialmente no primeiro semestre do ano, unha caída do número de persoas afiliadas á Seguridade Social e do número de persoas ocupadas segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA) e un novo descenso da contratación rexistrada nas oficinas de emprego.

Tras unha caída da actividade económica galega do 3,0%, catro puntos e sete décimas inferior á rexistrada en 2008, o número de afiliados en alta laboral cae un 4,0% de media (medrara un 0,2% en 2008) e o número de persoas ocupadas segundo a EPA o fai tamén nun 4,0%, case cinco puntos porcentuais máis que no ano precedente. No que atinxe ao desemprego, o número de persoas rexistradas nas oficinas de

**Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2008-09: distribución segundo sectores**

| | | 2008 | | 2009 | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Galicia | España | Galicia | España |
| **Produción (prezos correntes)** | | | | | |
| **PIB prezos de mercado** | *(en millóns de euros)* | 56.290,2 | 1.088.502,0 | 54.686,0 | 1.051.151,0 |
| **VEB sector primario** | | 2.318,2 | 25.654,0 | 2.184,3 | 23.877,0 |
| **VEB industria** | | 9.602,5 | 169.308,0 | 8.469,4 | 147.804,0 |
| **VEB construción** | | 6.691,2 | 113.638,0 | 6.388,6 | 104.828,0 |
| **VEB servizos** | | 32.902,7 | 687.554,0 | 33.741,6 | 699.641,0 |
| **Emprego** | | | | | |
| **Total** | *(en miles de persoas)* | 1.200,2 | 20.257,6 | 1.151,5 | 18.880,0 |
| **Sector primario** | | 93,8 | 818,9 | 91,6 | 786,1 |
| **Industria** | | 215,9 | 3.198,9 | 194,1 | 2.775,0 |
| **Construción** | | 134,1 | 2.453,4 | 115,7 | 1.888,3 |
| **Servizos** | | 756,4 | 13.786,4 | 750,1 | 13.438,7 |
| **Produtividade aparente** | | | | | |
| **Total** | *(prezos correntes) (en miles de € por ocupado)* | 46,90 | 53,73 | 47,49 | 55,68 |
| **Sector primario** | | 24,71 | 31,33 | 23,85 | 30,37 |
| **Industria** | | 44,48 | 52,93 | 43,63 | 53,26 |
| **Construción** | | 49,90 | 46,32 | 55,22 | 55,51 |
| **Servizos** | | 43,50 | 49,87 | 44,98 | 52,06 |
| **Produtividade aparente** | | | | | |
| **Total** | *(prezos correntes) (%)* | 87,28 | 100,00 | 85,30 | 100,00 |
| **Sector primario** | | 78,89 | 100,00 | 78,51 | 100,00 |
| **Industria** | | 84,03 | 100,00 | 81,92 | 100,00 |
| **Construción** | | 107,73 | 100,00 | 99,46 | 100,00 |
| **Servizos** | | 87,22 | 100,00 | 86,40 | 100,00 |

Fonte: Elaboración propia *CES-Galicia*

**1.2.13.**

emprego aumentou nun 26,6% e o número de parados estimados pola EPA, en 48.700 persoas. A taxa de paro medrou en Galicia ata o 12,6%, máis de dous puntos por riba da media española.

Ao longo do exercicio 2009, a medida que aumenta a caída da actividade económica, o descenso da ocupación se agrava cada vez máis. Asemade, a poboación parada segundo a EPA presenta unha taxa de variación interanual no segundo trimestre do ano do 56,2%, cando no mesmo semestre do ano anterior só chegara ao 11,3%.

Tendo en conta a evolución do PIB (prezos correntes) e a poboación ocupada, a produtividade aparente do traballo, medida como o cociente entre estas dúas variables, volveu a medrar no 2009, tanto en Galicia como en España. No conxunto da economía galega, a medra foi do 1,3%, máis de dous puntos por debaixo da medra española. A diferenza do acontecido no ano precedente, a comunidade galega presenta unha caída da productividade aparente no sector primario e industrial, en tanto que medra na construción e nos servizos, se ben a ritmo inferior á media estatal.

A produtividade aparente do factor traballo representa en Galicia o 85,3% da media estatal, dous puntos por debaixo da media do ano anterior. Como indica o

**Indicadores de seguimento dos obxectivos fixados no Acordo pola competitividade de Galicia 2008-11**

| | | Obxectivo 2011 | Data | Galicia | España |
|---|---|---|---|---|---|
| **Desenvolvemento e modernización empresarial** | | | | | |
| Gasto en I+D do sector privado | *(% sobre gasto I+D)* | 50,0 | *2008* | 48,1 | 55,1 |
| Gasto en I+D do sector privado | *(% sobre PIB)* | 0,8 | | 0,5 | 0,8 |
| Empresas con conexión a internet mediante banda ampla | *(% sobre total empresas)* | 97,5 | *2009* | 96,1 | 97,5 |
| Gastos totais en actividades innovadoras das empresas | *(% sobre PIB)* | 2,0 | *2007* | 1,8 | 1,7 |
| Empresas que innovan | *(% sobre empresas de 10 ou máis ocupados)* | 27,5 | *2007* | 16,4 | 15,2 |
| Empresas de máis de 100 asalariados | *(Empresas por 1.000 habitantes)* | 0,3 | *2008* | 0,2 | 0,3 |
| Importacións de bens de equipamento | *(% sobre total importacións)* | 11,5 | *2008* | | |
| Propensión media a exportar | *(% exportacións internacionais sobre PIB)* | 30,0 | *2008* | 27,7 | 17,2 |
| Prazas hoteleiras | *(Prazas por 1.000 habitantes)* | 25,0 | *2008* | 21,8 | 29,1 |
| Empresas certificadas ISO-9000 | *(% sobre total estatal)* | 5,5 | *2007* | 5,1 | 100,0 |
| **Demografía, mercado de traballo e capital humano** | | | | | |
| Taxa de crecemento poboación | *(taxa crecemento por mil)* | 6,0 | | 3,8 | 19,1 |
| Taxa temporalidade | *(%)* | 20,0 | | 31,5 | 31,8 |
| Taxa global de emprego | *(% ocupados sobre pob. 16-64 anos)* | 67,5 | *2008* | 50,3 | 53,0 |
| Taxa feminina de emprego | *(% mulleres ocupadas sobre mulleres 16-64)* | 59,0 | | 42,3 | 43,9 |
| Taxa de desemprego xuvenil | *(% parados de 16-24 anos sobre activos 16-24)* | 13,0 | | 21,2 | 24,6 |
| Abandono educativo temprano | *(% pob.18-24 que non rematou secundaria 2ª etapa e non segue ningún tipo de formación)* | 22,5 | *2006* | 27,1 | 29,2 |
| Nivel de formación da poboación nova | *etapa)* | 80,0 | | 66,6 | 65,0 |
| Titulados en matemáticas, ciencias e tecnoloxías | *(Graduados en educación superior en ciencia e tecnoloxía por mil hab. 20-29 anos)* | 13,5 | *2007* | 6,8 | 6,5 |
| **I+D+i e Sociedade da Información** | | | | | |
| Gasto en I+D | *(% sobre PIB)* | 1,6 | *2008* | 1,0 | 1,4 |
| Solicitudes de patentes vía estatal | *(Nº por millón habitantes)* | 52,5 | *2009* | 61,8 | 79,4 |
| Persoal en actividades I+D | *(% sobre ocupados)* | 1,0 | *2008* | 0,8 | 1,1 |
| Poboación que emprega internet | | 40,0 | | 49,8 | 59,8 |
| Persoas que mercaron a través de internet | *(% sobre poboación 16-74 anos)* | 22,5 | | 13,7 | 15,7 |
| Persoas que obteñen información de pax web da Admón. | | 60,0 | *2009* | 53,3 | 47,7 |
| Empresas con sitio/páxina web | *(% empresas con conexión internet)* | 55,0 | | 55,1 | 58,9 |
| Empresas que interactúan coas AA.PP. mediante internet | | 75,0 | | 67,4 | 67,8 |
| **Redes de transporte e infraestruturas enerxéticas** | | | | | |
| Dotación autovías e autoestradas | *(Km/1.000 km2)* | 31,0 | *2008* | 33,8 | 32,7 |
| Dotación estradas | *(Km/1.000 km2)* | 615,0 | | 559,2 | 296,2 |
| **Medioambiente e territorio** | | | | | |
| Xeración eléctrica con renovables | *(% sobre consumo enerxía eléctrica)* | 81,0 | *2008* | 61,3 | |
| Extensión solo industrial | *(millóns m2 solo operativo)* | 64,8 | *2009* | 8,1 | |

Fonte: Elaboración propia *CES-Galicia*

**1.2.14.**

**cadro 1.2.13.**, este descenso prodúcese en todos os sectores produtivos, de xeito que a produtividade se atopa por baixo da media española en todos eles en 2009. Cómpre salientar a caída de máis de 8 puntos no sector da construción e de máis de dous no caso da industria.

Xunto ao problema da ocupación e ao forte incremento do desemprego, os datos recollidos no **cadro 1.1.6.** *[Mercado de traballo en Galicia e España 2008-09]* reflicten un importante incremento do número de expedientes de regulación de emprego autorizados e dos traballadores afectados polos mesmos, así como unha caída do 3,2% do número de empresas inscritas na Seguridade Social no réxime xeral e da minaría de carbón e dun 28,5% no das sociedades mercantís creadas no último ano. ■

# 1.3.

# poboación

**O número de habitantes residentes en Galicia** mantense practicamente constante ao longo do 2009, acadando as 2.796.811 persoas empadroadas a un de xaneiro de 2010, 722 persoas máis que na mesma data do ano anterior. Tendo en conta que a medra da poboación no conxunto do Estado segue sendo superior á rexistrada na comunidade galega, no último ano continúa o deterioro do seu peso relativo no total estatal (5,96%).

Este lixeiro incremento de habitantes ven explicado polo aumento da poboación estranxeira. Mentres que a poboación empadroada medrou en 722 persoas, a poboación estranxeira incrementouse en 3.093 persoas. Con todo, a poboación foránea representa soamente o 3,9% da poboación total galega, sendo esta porcentaxe 8,3 puntos porcentuais inferior á rexistrada de media en España. A importancia relativa da poboación estranxeira de Galicia no conxunto do Estado foi do 1,9% (109.222 persoas).

Tras seis anos consecutivos cun crecemento do número de nacementos, 2009 rexistrou menos alumbramentos que no ano anterior. Asemade, cómpre salientar, dunha banda, que Galicia continúa co seu saldo vexetativo negativo, que se sitúa en 7.580, a cifra máis elevada do conxunto do Estado, e doutra, que a comunidade autónoma galega se sitúa como a segunda coa taxa bruta de mortalidade máis alta, tras Asturias, e a terceira coa taxa bruta de natalidade máis baixa, tras Asturias e Castela e León.

### Estrutura e distribución da poboación

A poboación empadroada en Galicia a 1 de xaneiro de 2010 medrou un 0,03% respecto á mesma data do

1.3.1.

## *Poboación de dereito nas CC.AA. 2009-10* (1)

| | 2009 | | | | 2010 | | | | 10/09 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Hab./Km2 | Total | Homes | Mulleres | Hab./Km2 | Total | | Homes | | Mulleres | |
| | | | | | | | | | *(%)* | *(número)* | *(%)* | *(número)* | *(%)* | *(número)* |
| **Andalucía** | 8.302.923 | 4.113.383 | 4.189.540 | 94,8 | 8.353.843 | 4.137.125 | 4.216.718 | 95,4 | 0,6 | 50.920 | 0,6 | 23.742 | 0,6 | 27.178 |
| **Aragón** | 1.345.473 | 673.819 | 671.654 | 28,2 | 1.345.419 | 672.337 | 673.082 | 28,2 | 0,0 | -54 | -0,2 | -1.482 | 0,2 | 1.428 |
| **Asturias** | 1.085.289 | 520.916 | 564.373 | 102,3 | 1.084.109 | 520.319 | 563.790 | 102,2 | -0,1 | -1.180 | -0,1 | -597 | -0,1 | -583 |
| **Baleares** | 1.095.426 | 551.079 | 544.347 | 219,4 | 1.105.184 | 555.241 | 549.943 | 221,4 | 0,9 | 9.758 | 0,8 | 4.162 | 1,0 | 5.596 |
| **Canarias** | 2.103.992 | 1.052.636 | 1.051.356 | 282,5 | 2.114.928 | 1.056.765 | 1.058.163 | 284,0 | 0,5 | 10.936 | 0,4 | 4.129 | 0,6 | 6.807 |
| **Cantabria** | 589.235 | 288.735 | 300.500 | 110,7 | 591.886 | 289.983 | 301.903 | 111,2 | 0,4 | 2.651 | 0,4 | 1.248 | 0,5 | 1.403 |
| **Castela e León** | 2.563.521 | 1.272.020 | 1.291.501 | 27,2 | 2.555.715 | 1.267.159 | 1.288.556 | 27,1 | -0,3 | -7.806 | -0,4 | -4.861 | -0,2 | -2.945 |
| **Castela-A Mancha** | 2.081.313 | 1.051.668 | 1.029.645 | 26,2 | 2.095.855 | 1.058.093 | 1.037.762 | 26,4 | 0,7 | 14.542 | 0,6 | 6.425 | 0,8 | 8.117 |
| **Cataluña** | 7.475.420 | 3.713.765 | 3.761.655 | 232,8 | 7.504.881 | 3.721.373 | 3.783.508 | 233,7 | 0,4 | 29.461 | 0,2 | 7.608 | 0,6 | 21.853 |
| **C. Valenciana** | 5.094.675 | 2.537.898 | 2.556.777 | 219,1 | 5.099.274 | 2.536.693 | 2.562.581 | 219,3 | 0,1 | 4.599 | 0,0 | -1.205 | 0,2 | 5.804 |
| **Estremadura** | 1.102.410 | 547.550 | 554.860 | 26,5 | 1.105.481 | 548.985 | 556.496 | 26,6 | 0,3 | 3.071 | 0,3 | 1.435 | 0,3 | 1.636 |
| **Galicia** | 2.796.089 | 1.349.603 | 1.446.486 | 94,5 | 2.796.811 | 1.350.624 | 1.446.187 | 94,6 | 0,0 | 722 | 0,1 | 1.021 | 0,0 | -299 |
| **A Coruña** | 1.145.488,0 | 550.841,0 | 594.647,0 | 144,1 | 1.146.044,0 | 551.192,0 | 594.852,0 | 144,1 | 0,0 | 556 | 0,1 | 351 | 0,0 | 205 |
| **Lugo** | 355.195,0 | 172.943,0 | 182.252,0 | 48,8 | 353.251,0 | 171.889,0 | 181.362,0 | 48,6 | -0,5 | -1.944 | -0,6 | -1.054 | -0,5 | -890 |
| **Ourense** | 335.642,0 | 161.454,0 | 174.188,0 | 34,1 | 335.159,0 | 161.381,0 | 173.778,0 | 34,0 | -0,1 | -483 | 0,0 | -73 | -0,2 | -410 |
| **Pontevedra** | 959.764,0 | 464.365,0 | 495.399,0 | 213,5 | 962.357,0 | 466.162,0 | 496.195,0 | 214,1 | 0,3 | 2.593 | 0,4 | 1.797 | 0,2 | 796 |
| **Madrid** | 6.386.932 | 3.094.874 | 3.292.058 | 788,7 | 6.445.499 | 3.118.461 | 3.327.038 | 795,9 | 0,9 | 58.567 | 0,8 | 23.587 | 1,1 | 34.980 |
| **Murcia** | 1.446.520 | 731.609 | 714.911 | 127,9 | 1.460.164 | 737.854 | 722.310 | 129,1 | 0,9 | 13.644 | 0,9 | 6.245 | 1,0 | 7.399 |
| **Navarra** | 630.578 | 315.486 | 315.092 | 60,7 | 636.038 | 317.982 | 318.056 | 61,2 | 0,9 | 5.460 | 0,8 | 2.496 | 0,9 | 2.964 |
| **País Vasco** | 2.172.175 | 1.062.412 | 1.109.763 | 300,2 | 2.178.061 | 1.064.811 | 1.113.250 | 301,0 | 0,3 | 5.886 | 0,2 | 2.399 | 0,3 | 3.487 |
| **A Rioxa** | 321.702 | 162.173 | 159.529 | 63,8 | 321.780 | 161.585 | 160.195 | 63,8 | 0,0 | 78 | -0,4 | -588 | 0,4 | 666 |
| **Ceuta** | 78.674 | 40.118 | 38.556 | 4.140,7 | 80.570 | 41.273 | 39.297 | 4.240,5 | 2,4 | 1.896 | 2,9 | 1.155 | 1,9 | 741 |
| **Melilla** | 73.460 | 37.244 | 36.216 | 5.650,8 | 76.034 | 38.841 | 37.193 | 5.848,8 | 3,5 | 2.574 | 4,3 | 1.597 | 2,7 | 977 |
| **Total** | 46.745.807 | 23.116.988 | 23.628.819 | 92,4 | 46.951.532 | 23.195.504 | 23.756.028 | 92,8 | 0,4 | 205.725 | 0,3 | 78.516 | 0,5 | 127.209 |
| **Galicia / España** *(%)* | 5,98 | 5,84 | 6,12 | | 5,96 | 5,82 | 6,09 | | | | | | | |

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: *INE*

## *Poboación de dereito nas comarcas 2008-09* (1)

| Comarcas | 2008 Total | 2008 Homes | 2008 Mulleres | 2009 Total | 2009 Homes | 2009 Mulleres | 09/08 (%) | 09/08 (total) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 1.139.121 | 548.037 | 591.084 | 1.145.488 | 550.841 | 594.647 | 0,6 | 6.367 |
| **Arzúa** | 17.880 | 8.842 | 9.038 | 17.718 | 8.800 | 8.918 | -0,9 | -162 |
| **Barbanza** | 67.672 | 33.111 | 34.561 | 68.048 | 33.367 | 34.681 | 0,6 | 376 |
| **A Barcala** | 11.101 | 5.318 | 5.783 | 11.356 | 5.450 | 5.906 | 2,3 | 255 |
| **Bergantiños** | 70.288 | 34.520 | 35.768 | 70.374 | 34.469 | 35.905 | 0,1 | 86 |
| **Betanzos** | 39.460 | 19.402 | 20.058 | 39.597 | 19.412 | 20.185 | 0,3 | 137 |
| **A Coruña** | 389.289 | 185.040 | 204.249 | 393.470 | 186.866 | 206.604 | 1,1 | 4.181 |
| **Eume** | 27.024 | 13.393 | 13.631 | 26.940 | 13.349 | 13.591 | -0,3 | -84 |
| **Ferrol** | 163.158 | 78.215 | 84.943 | 163.276 | 78.329 | 84.947 | 0,1 | 118 |
| **Fisterra** | 23.871 | 11.664 | 12.207 | 23.793 | 11.658 | 12.135 | -0,3 | -78 |
| **Muros** | 14.781 | 7.150 | 7.631 | 14.725 | 7.127 | 7.598 | -0,4 | -56 |
| **Noia** | 35.969 | 17.368 | 18.601 | 35.949 | 17.412 | 18.537 | -0,1 | -20 |
| **Ordes** | 38.608 | 18.949 | 19.659 | 38.832 | 19.092 | 19.740 | 0,6 | 224 |
| **Ortegal** | 14.940 | 7.223 | 7.717 | 14.721 | 7.140 | 7.581 | -1,5 | -219 |
| **Santiago** | 158.875 | 75.489 | 83.386 | 161.031 | 76.353 | 84.678 | 1,4 | 2.156 |
| **O Sar** | 17.052 | 8.177 | 8.875 | 16.992 | 8.129 | 8.863 | -0,4 | -60 |
| **Terra de Melide** | 13.560 | 6.798 | 6.762 | 13.427 | 6.723 | 6.704 | -1,0 | -133 |
| **Terra de Soneira** | 19.966 | 9.805 | 10.161 | 19.813 | 9.733 | 10.080 | -0,8 | -153 |
| **Xallas** | 15.627 | 7.573 | 8.054 | 15.426 | 7.432 | 7.994 | -1,3 | -201 |
| **Lugo** | 355.549 | 172.914 | 182.635 | 355.195 | 172.943 | 182.252 | -0,1 | -354 |
| **Os Ancares** | 12.289 | 6.444 | 5.845 | 12.056 | 6.327 | 5.729 | -1,9 | -233 |
| **Chantada** | 15.363 | 7.456 | 7.907 | 15.230 | 7.407 | 7.823 | -0,9 | -133 |
| **A Fonsagrada** | 6.500 | 3.404 | 3.096 | 6.314 | 3.312 | 3.002 | -2,9 | -186 |
| **Lugo** | 118.631 | 56.347 | 62.284 | 119.568 | 56.788 | 62.780 | 0,8 | 937 |
| **A Mariña Central** | 30.566 | 14.972 | 15.594 | 30.717 | 15.041 | 15.676 | 0,5 | 151 |
| **A Mariña Occidental** | 27.660 | 13.616 | 14.044 | 27.668 | 13.684 | 13.984 | 0,0 | 8 |
| **A Mariña Oriental** | 17.460 | 8.371 | 9.089 | 17.511 | 8.414 | 9.097 | 0,3 | 51 |
| **Meira** | 5.974 | 2.966 | 3.008 | 5.874 | 2.932 | 2.942 | -1,7 | -100 |
| **Quiroga** | 6.337 | 3.088 | 3.249 | 6.206 | 3.033 | 3.173 | -2,1 | -131 |
| **Sarria** | 25.091 | 12.413 | 12.678 | 24.904 | 12.316 | 12.588 | -0,7 | -187 |
| **Terra Chá** | 45.623 | 22.483 | 23.140 | 45.272 | 22.327 | 22.945 | -0,8 | -351 |
| **Terra de Lemos** | 33.786 | 16.317 | 17.469 | 33.549 | 16.196 | 17.353 | -0,7 | -237 |
| **A Ulloa** | 10.269 | 5.037 | 5.232 | 10.326 | 5.166 | 5.160 | 0,6 | 57 |
| **Ourense** | 336.099 | 161.848 | 174.251 | 335.642 | 161.454 | 174.188 | -0,1 | -457 |
| **Allariz-Maceda** | 15.156 | 7.444 | 7.712 | 15.154 | 7.472 | 7.682 | 0,0 | -2 |
| **Baixa Limia** | 8.762 | 4.215 | 4.547 | 8.579 | 4.167 | 4.412 | -2,1 | -183 |
| **O Carballiño** | 29.794 | 14.214 | 15.580 | 29.648 | 14.075 | 15.573 | -0,5 | -146 |
| **A Limia** | 23.799 | 11.715 | 12.084 | 23.614 | 11.583 | 12.031 | -0,8 | -185 |
| **Ourense** | 144.370 | 68.195 | 76.175 | 145.424 | 68.557 | 76.867 | 0,7 | 1.054 |
| **O Ribeiro** | 19.582 | 9.404 | 10.178 | 19.293 | 9.288 | 10.005 | -1,5 | -289 |
| **Terra de Caldelas** | 3.902 | 1.947 | 1.955 | 3.746 | 1.872 | 1.874 | -4,0 | -156 |
| **Terra de Celanova** | 21.474 | 10.274 | 11.200 | 21.173 | 10.097 | 11.076 | -1,4 | -301 |
| **Terra de Trives** | 5.116 | 2.583 | 2.533 | 5.015 | 2.544 | 2.471 | -2,0 | -101 |
| **Valdeorras** | 28.556 | 14.104 | 14.452 | 28.504 | 14.087 | 14.417 | -0,2 | -52 |
| **Verín** | 28.541 | 14.145 | 14.396 | 28.461 | 14.134 | 14.327 | -0,3 | -80 |
| **Viana** | 7.047 | 3.608 | 3.439 | 7.031 | 3.578 | 3.453 | -0,2 | -16 |
| **Pontevedra** | 953.400 | 461.469 | 491.931 | 959.764 | 464.365 | 495.399 | 0,7 | 6.364 |
| **O Baixo Miño** | 50.012 | 24.527 | 25.485 | 50.799 | 24.941 | 25.858 | 1,6 | 787 |
| **Caldas** | 35.282 | 17.027 | 18.255 | 35.407 | 17.131 | 18.276 | 0,4 | 125 |
| **O Condado** | 42.425 | 20.846 | 21.579 | 42.916 | 21.043 | 21.873 | 1,2 | 491 |
| **Deza** | 45.043 | 22.113 | 22.930 | 45.041 | 22.092 | 22.949 | 0,0 | -2 |
| **O Morrazo** | 82.500 | 40.877 | 41.623 | 83.062 | 41.159 | 41.903 | 0,7 | 562 |
| **A Paradanta** | 16.637 | 8.074 | 8.563 | 16.411 | 7.964 | 8.447 | -1,4 | -226 |
| **Pontevedra** | 122.137 | 58.577 | 63.560 | 123.135 | 58.830 | 64.305 | 0,8 | 998 |
| **O Salnés** | 110.233 | 53.634 | 56.599 | 110.891 | 53.907 | 56.984 | 0,6 | 658 |
| **Tabeirós-Terra de Montes** | 28.572 | 13.527 | 15.045 | 28.389 | 13.450 | 14.939 | -0,6 | -183 |
| **Vigo** | 420.559 | 202.267 | 218.292 | 423.713 | 203.848 | 219.865 | 0,7 | 3.154 |
| **Galicia** | 2.784.169 | 1.344.268 | 1.439.901 | 2.796.089 | 1.349.603 | 1.446.486 | 0,4 | 11.920 |

**(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano**

Fonte: *IGE*

1.3.2.

**Poboación residente en núcleos de máis de 10.000 habitantes 2008-09** (1)

| | 2008 | | 2009 | | 09/08 | | Concellos >10.000 habs. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | *(% / total provincial)* | | *(% / total provincial)* | | *(%)* | |
| **A Coruña** | 797.129 | 70,0 | 804.894 | 70,3 | 7.765 | 1,0 | 22 |
| **Lugo** | 159.836 | 45,0 | 161.407 | 45,4 | 1.571 | 1,0 | 5 |
| **Ourense** | 159.350 | 47,4 | 160.621 | 47,9 | 1.271 | 0,8 | 5 |
| **Pontevedra** | 776.202 | 81,4 | 792.004 | 82,5 | 15.802 | 2,0 | 25 |
| **Total** | 1.892.517 | 68,0 | 1.918.926 | 68,6 | 26.409 | 1,4 | 57 |

**(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano**
Fonte: *INE*

1.3.3.

**Poboación das sete grandes cidades 2006-09** (1)

| | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 09/08 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | *(%)* | *(total)* |
| **Vigo** | 293.255 | 294.772 | 295.703 | 297.332 | 0,6 | 1.629 |
| **A Coruña** | 243.320 | 244.388 | 245.164 | 246.056 | 0,4 | 892 |
| **Ourense** | 108.137 | 107.186 | 107.057 | 107.742 | 0,6 | 685 |
| **Lugo** | 93.450 | 93.853 | 95.416 | 96.678 | 1,3 | 1.262 |
| **Santiago** | 93.458 | 93.712 | 94.339 | 95.092 | 0,8 | 753 |
| **Pontevedra** | 80.096 | 80.202 | 80.749 | 81.576 | 1,0 | 827 |
| **Ferrol** | 76.399 | 75.181 | 74.696 | 74.273 | -0,6 | -423 |
| **Total** | 988.115 | 989.294 | 993.124 | 998.749 | 0,6 | 5.625 |
| **7 cidades / Galicia** *(%)* | 35,9 | 35,8 | 35,8 | 35,7 | | |

**(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano**
Fonte: *INE*

1.3.4.

ano anterior, acadando os 2.796.811 habitantes (722 persoas máis que en xaneiro de 2009). A poboación empadroada no conxunto do Estado continúa medrando por riba do rexistrado en Galicia (0,4%). O peso relativo da poboación galega no total estatal volveu a descender ao longo do último ano, representando o 5,96% en xaneiro de 2010, fronte ao 5,98% do ano anterior.

A mesma tendencia rexístrase tanto no caso dos galegos como das galegas, que a un de xaneiro de 2010, representan o 5,82% dos homes e o 6,09% das españolas, cando no mesmo período do ano anterior, estas porcentaxes ascendían ao 5,84% e 6,12%, respectivamente.

Un ano máis, rexístrase unha lixeira medra da concentración da poboación nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Esta última provincia rexistrou o maior crecemento, con 2.593 residentes máis, sendo a

medra de 556 persoas no caso de A Coruña. Tras o descenso do número de habitantes empadroados en Lugo e Ourense, con 1.944 e 483 habitantes menos, respectivamente, o 75,4% da poboación galega reside en municipios de A Coruña e Pontevedra.

O volume de poboación maior de 65 anos segue aumentando no derradeiro ano analizado. O Padrón municipal de habitantes indica que o primeiro de xaneiro de 2010 estaban empadroados en Galicia un total de 619.697 persoas cunha idade superior aos 65 anos, 7.876 persoas máis que na mesma data do ano anterior, o que representa o 22,16% da poboación galega. O número de nenos menores de nove anos aumentou en Galicia en 3.319 habitantes, acadando os 217.786 mozos, o 7,78% da poboación galega.

Os datos do Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2009 indican que nas 24 comarcas englobadas na denominada Galicia occidental-costa residían 1.965.482 habitantes, o que representa o 70,6% da poboación galega. Pola contra, e a pesar dunha medra superior ás tres mil persoas no caso da poboación estranxeira, volve a descender a poboación residente no conxunto das comarcas do interior (502 empadroados menos), acadando os 818.687 habitantes segundo os datos a 1 de xaneiro de 2009.

Son vinte e unha as comarcas galegas nas que medra a poboación, como se pode apreciar no **cadro 1.3.2.**, e a maioría delas pertencen á franxa costeira, constatando a despoboación da Galicia interior.

Nos 57 concellos galegos considerados núcleos urbáns reside o 69% da poboación galega (1.918.926 persoas). Os datos do Padrón reflicten que Galicia continúa o proceso de abandono dos núcleos rurais, xa que mentres que a poboación nos concellos con máis de 10.000 habitantes medra en 26.409 persoas, a Galicia rural acolle no derradeiro ano un total de 877.163 persoas, 25.066 habitantes menos que no ano anterior.

Oito de cada dez pontevedreses residen en núcleos de máis de dez mil habitantes, sendo esta relación de sete de cada dez no caso dos empadroados na provincia de A Coruña. Pola contra, nas provincias de Ourense e Lugo menos da metade dos habitantes viven nestes núcleos de poboación (o 47,9% e 45,7% dos habitantes, respectivamente).

Como no ano anterior, e por mor da influencia do aumento da poboación estranxeira (3.093 estranxeiros máis), o número de persoas residentes nos sete grandes núcleos urbanos medrou lixeiramente entre as dúas datas consideradas. A un de xaneiro de 2010, a poboación empadroada nestes concellos ascendeu a 998.749 persoas, o 35,7% da poboación galega, rexistrándose un incremento de 5.625 habitantes. Destas grandes cidades de Galicia, so Ferrol continúa rexistrando unha caída da súa poboación, cunha redución de 423 habitantes entre o 1 de xaneiro de 2008 e 2009. Pola contra, os incrementos máis acusados déronse en Lugo e Vigo, con 1.262 e 1.629 habitantes máis, respectivamente (**cadro 1.3.4.**).

• **Poboación estranxeira empadroada**

O último ano presentou un menor crecemento do

*Poboación estranxeira residente e poboación total en Galicia e España a 1 de xaneiro de 2010*

| | Estranxeiros Total | Estranxeiros Homes | Estranxeiros Mulleres | Poboación total Total | Poboación total Homes | Poboación total Mulleres | Estranxeiros / total (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **España** | 5.708.940 | 2.999.030 | 2.709.910 | 46.951.532 | 23.195.504 | 23.756.028 | 12,2 |
| **Galicia** | 109.222 | 55.054 | 54.168 | 2.796.811 | 1.350.624 | 1.446.187 | 3,9 |
| **A Coruña** | 38.803 | 18.684 | 20.119 | 1.146.044 | 551.192 | 594.852 | 3,4 |
| **Lugo** | 14.003 | 7.332 | 6.671 | 353.251 | 171.889 | 181.362 | 4,0 |
| **Ourense** | 16.691 | 8.486 | 8.205 | 335.159 | 161.381 | 173.778 | 5,0 |
| **Pontevedra** | 39.725 | 20.552 | 19.173 | 962.357 | 466.162 | 496.195 | 4,1 |
| | | | | *(%)* | | | |
| **Galicia / España** | 1,9 | 1,8 | 2,0 | 6,0 | 5,8 | 6,1 | |
| **A Coruña / Galicia** | 35,5 | 33,9 | 37,1 | 41,0 | 40,8 | 41,1 | |
| **Lugo / Galicia** | 12,8 | 13,3 | 12,3 | 12,6 | 12,7 | 12,5 | |
| **Ourense / Galicia** | 15,3 | 15,4 | 15,1 | 12,0 | 11,9 | 12,0 | |
| **Pontevedra / Galicia** | 36,4 | 37,3 | 35,4 | 34,4 | 34,5 | 34,3 | |

Fonte: *INE*

**1.3.5.**

número de estranxeiros empadroados en Galicia, que se sitúa nos 109.222 habitantes, o 3,9% da poboación galega empadroada o 1 de xaneiro de 2010 (no conxunto do Estado representa o 12,2%).

Comparado co ano anterior, a poboación estranxeira medra en Galicia en 3.093 persoas, polo que o incremento da poboación galega entre o un de xaneiro de 2009 e 2010 ven explicado pola medra da poboación foránea (a poboación total en Galicia incrementouse en 722 persoas).

En termos relativos, a poboación estranxeira medra un 2,91% respecto aos datos do Padrón do ano 2009, sendo esta medra do 2,71% no caso dos homes (1.453 máis) e do 3,12% no das mulleres (1.640 máis). O **cadro 1.3.5.** indica que Galicia acolle o 1,9% dos estranxeiros empadroados en España, mentres que a poboación galega representa o 6% da poboación española.

Pontevedra continúa a ser a provincia que acolle o maior número de estranxeiros, con 39.725 persoas, seguida de A Coruña, cun total de 38.803 estranxeiros. Dos datos dos últimos padróns municipais de habitantes, en termos absolutos, os maiores incrementos rexistráronse en A Coruña e Ourense, con 1.070 e 1.145 persoas máis, respectivamente.

No que atinxe ao seu peso relativo na poboación total empadroada, o 5,0% da poboación empadroada en Ourense é estranxeira, sendo esta porcentaxe do 4,1% en Pontevedra, do 4,0% en Lugo e 3,4% en A Coruña. Lugo segue sendo a provincia co menor número de estranxeiros empadroados, con 14.003 persoas (584 máis que o primeiro de xaneiro de 2009).

O 19,6% dos estranxeiros empadroados en Galicia son de nacionalidade portuguesa, o 10,4% procede de Brasil e máis dun 8%, de Colombia. Atendendo á

importancia relativa no conxunto do Estado, cómpre salientar que as persoas de nacionalidade portuguesa residentes en Galicia representan o 15% dos portugueses empadroados en España, sendo estas porcentaxes do 16,04% no caso da comunidade cabo verdiana, do 9,79% no das persoas procedentes de Brasil e do 8,36% no caso das persoas de nacionalidade uruguaia. É de destacar que dos 1.352 estranxeiros procedentes de Indonesia, o 37% (500) residan en Galicia, aínda que so representan o 0,46% dos estranxeiros que hai na nosa terra.

De xeito semellante á distribución da poboación galega, case tres cuartas partes dos estranxeiros empadroados o están nas provincias de Pontevedra e A Coruña (71,89% da poboación foránea). Cómpre salientar a importancia relativa dos portugueses en Ourense, xa que o 41% dos estranxeiros empadroados nesa provincia proveñen de Portugal.

### Movemento natural da poboación

Tras seis anos de incremento da natalidade, o ano 2009 presenta un descenso do 2,3% no número de nacementos, baixando a taxa de natalidade ata o 8,27 nados por cada mil habitantes.

O número medio de fillos por muller en Galicia situouse no último ano en 1,11, lonxe da media a nivel estatal, con 1,40. De xeito similar ao acontecido en anos anteriores, Pontevedra segue a ser a provincia coa taxa máis elevada, con 1,16 fillos por muller, seguida de A Coruña, con 1,12 fillos por muller. A idade media de maternidade en Galicia en 2008 (último ano dispoñible) situouse por riba da media española (31,56 e 30,83 anos, respectivamente).

Ao longo do último ano naceron en Galicia, **cadro 1.3.8.**, un total de 22.646 nenos e nenas (525 nacementos menos que no ano anterior), o que representa o 4,6% do total de nacementos en España. As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de nacementos, con 9.639 e 8.686 nenos, respectivamente, acollendo en conxunto do 80,9% do total galego.

Por contra, e a diferenza do acontecido en España, Galicia presenta un incremento no número de defuncións, que se situou nos 30.226 falecementos, 597 máis que en 2008, o que representa o 7,9% do total de defuncións habidas en España no último ano. Os datos recollidos no devandito **cadro 1.3.8.** amosan que este incremento se produce tan só na provincia de A Coruña, onde se rexistraron 12.698 falecementos, 1.080 mortes máis.

A taxa de mortalidade descendeu no conxunto de Galicia ata as 11.04 defuncións por cada mil habitantes (10,82 no ano anterior), moi por riba das 8,35 defuncións por cada mil habitantes do conxunto do Estado (8,43 no ano anterior). Una vez máis Galicia sitúase entre as comunidades autónomas coa ratio máis elevada, tan só superada por Asturias, con 12,08 falecementos por cada mil habitantes.

Xunto a este comportamento da taxa de mortalidade, cómpre salientar que se mantén a taxa de mortalidade infantil en Galicia nos 3,1 falecementos por cada

### *Número medio de fillos por muller en Galicia e España 2005-09*

| | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | 1,02 | 1,03 | 1,05 | 1,12 | 1,11 |
| **A Coruña** | 1,02 | 1,03 | 1,03 | 1,13 | 1,12 |
| **Lugo** | 0,88 | 0,88 | 0,94 | 0,95 | 0,98 |
| **Ourense** | 0,86 | 0,92 | 0,94 | 0,99 | 0,98 |
| **Pontevedra** | 1,10 | 1,10 | 1,12 | 1,19 | 1,16 |
| **España** | 1,34 | 1,38 | 1,39 | 1,46 | 1,40 |

Fonte: *INE*

**1.3.6.**

### *Nupcialidade, natalidade e mortalidade nas CC.AA. 2007-08: taxas* (1)

| | Nupcialidade | | Natalidade | | Mortalidade | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| **Andalucía** | 4,74 | 4,13 | 12,37 | 11,56 | 8,09 | 7,93 |
| **Aragón** | 3,89 | 3,71 | 10,47 | 9,91 | 10,25 | 10,02 |
| **Asturias** | 4,57 | 4,81 | 7,76 | 7,86 | 12,03 | 12,08 |
| **Baleares** | 4,00 | 4,05 | 12,01 | 11,16 | 7,07 | 7,46 |
| **Canarias** | 3,16 | 2,90 | 10,03 | 8,97 | 6,53 | 6,12 |
| **Cantabria** | 5,16 | 4,78 | 10,26 | 9,59 | 9,62 | 9,76 |
| **Castela e León** | 3,75 | 4,25 | 8,50 | 8,16 | 10,93 | 10,67 |
| **Castela - A Mancha** | 4,47 | 4,33 | 11,51 | 10,46 | 9,08 | 8,70 |
| **Cataluña** | 4,31 | 3,79 | 12,28 | 11,65 | 8,27 | 8,24 |
| **C. Valenciana** | 4,28 | 3,63 | 11,53 | 10,40 | 8,09 | 8,08 |
| **Estremadura** | 4,09 | 4,41 | 9,94 | 9,61 | 9,67 | 9,63 |
| **Galicia** | 3,97 | 3,89 | 8,46 | 8,27 | 10,82 | 11,04 |
| **Madrid** | 4,36 | 3,14 | 12,62 | 12,04 | 6,61 | 6,59 |
| **Murcia** | 4,07 | 3,57 | 13,55 | 12,78 | 7,27 | 7,19 |
| **Navarra** | 4,45 | 4,08 | 11,52 | 11,15 | 8,67 | 8,51 |
| **País Vasco** | 4,27 | 4,10 | 9,97 | 9,91 | 9,09 | 9,15 |
| **A Rioxa** | 4,25 | 3,85 | 11,21 | 10,46 | 9,11 | 8,71 |
| **Ceuta** | 5,10 | 5,41 | 16,10 | | 6,87 | 7,25 |
| **Melilla** | 6,82 | 5,61 | 18,05 | | 6,56 | 5,98 |
| **España** | 4,28 | 3,83 | 11,37 | 10,73 | 8,43 | 8,35 |

**(1) taxas por 1000 habitantes**
Fonte: *INE*

**1.3.7.**

### *Matrimonios, nacementos, defuncións e crecemento vexetativo en Galicia e España 2008-09* (1)

| | Matrimonios | | Nacementos | | Defuncións | | Crecemento vexetativo | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| **A Coruña** | 4.778 | 4.627 | 9.825 | 9.639 | 11.618 | 12.698 | -1.793 | -3.059 |
| **Lugo** | 1.124 | 1.232 | 2.208 | 2.243 | 4.867 | 4.754 | -2.659 | -2.511 |
| **Ourense** | 1.068 | 1.131 | 2.156 | 2.078 | 4.706 | 4.413 | -2.550 | -2.335 |
| **Pontevedra** | 3.897 | 3.668 | 8.986 | 8.686 | 8.438 | 8.361 | 548 | 325 |
| **Total** | 10.867 | 10.658 | 23.175 | 22.646 | 29.629 | 30.226 | -6.454 | -7.580 |
| **España** | 197.216 | 175.952 | 519.779 | 492.931 | 385.954 | 383.486 | 133.825 | 109.445 |

**(1) os datos de 2009 son provisionais**
Fonte: *INE*

**1.3.8.**

**Mortalidade infantil en Galicia e España 2005-09: taxas** (1)

| | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | 3,18 | 3,41 | 3,31 | 3,15 | 3,14 |
| **A Coruña** | 3,86 | 3,56 | 4,43 | 3,77 | 4,77 |
| **Lugo** | 1,94 | 4,89 | 4,13 | 2,72 | 1,34 |
| **Ourense** | 1,57 | 2,94 | 3,38 | 5,10 | 1,44 |
| **Pontevedra** | 3,13 | 3,00 | 1,89 | 2,11 | 2,19 |
| **España** | 3,72 | 3,49 | 3,43 | 3,31 | 3,46 |

**(1) mortalidade infantil por cada 1.000 nacementos**
Fonte: *INE*

1.3.9.

**Interrupcións voluntarias do embarazo nas CC.AA 2007-08: distribución segundo C.A. de residencia**

| | 2007 | 2008 |
|---|---|---|
| | *(Taxas por 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos)* | |
| **Andalucía** | 11,22 | 11,29 |
| **Aragón** | 11,91 | 12,60 |
| **Asturias** | 7,72 | 8,07 |
| **Baleares** | 14,91 | 14,13 |
| **Canarias** | 10,74 | 10,03 |
| **Cantabria** | 4,63 | 6,09 |
| **Castela - A Mancha** | 8,20 | 8,54 |
| **Castela e León** | 6,38 | 6,78 |
| **Cataluña** | 14,31 | 16,49 |
| **Comunidade Valenciana** | 10,46 | 10,75 |
| **Estremadura** | 5,46 | 6,11 |
| **Galicia** | 4,51 | 3,53 |
| **Madrid** | 16,00 | 15,79 |
| **Murcia** | 14,80 | 16,59 |
| **Navarra** | 5,65 | 6,13 |
| **País Vasco** | 6,84 | 7,02 |
| **A Rioxa** | 8,64 | 9,22 |
| **Ceuta e Melilla** | 3,74 | 3,26 |
| **Total** | 11,49 | 11,78 |

Fonte: *Ministerio de Sanidad y Consumo*

1.3.10.

1.000 nacementos (3,5 de media en España). Asemade, destaca o descenso rexistrado en Ourense, que acada unha taxa de 1,44 mortes por cada mil nacementos (5,10 no ano anterior). Pola contra, A Coruña, tras unha medra de un punto, presenta un índice de 4,77 falecementos, por diante de Pontevedra, con 2,19 falecementos por cada mil nacementos.

A evolución dos nacementos e das defuncións explica a evolución do crecemento vexetativo. Galicia non só presenta a segunda taxa de mortalidade máis elevada, tras Asturias, ou a terceira máis baixa no caso da taxa bruta de natalidade, tras Asturias e Castela e León, senón que ademais segue sendo a comunidade co saldo vexetativo negativo máis elevado. Mentres que no conxunto do Estado o saldo é positivo (109.445), Galicia presenta un novo valor negativo (7.580). Ao igual que no ano anterior, tan só Pontevedra acada un valor positivo, con 325.

*Títulos de familia numerosa 2009* (1)

| | categoría xeral | categoría especial | Total |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 7.485 | 543 | 8.028 |
| **Lugo** | 1.719 | 108 | 1.827 |
| **Ourense** | 1.520 | 162 | 1.682 |
| **Pontevedra** | 7.389 | 498 | 7.887 |
| **Total** | 18.113 | 1.311 | 19.424 |

(1) títulos en vigor a 31 de decembro
Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

**1.3.11.**

No ano 2008 (último dato dispoñible) disminúe en case 1 punto o número de interrupcións voluntarias de embarazo, que se sitúa en 3,53 interrupcións por cada 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos. Pola contra, no conxunto do Estado esta ratio aumenta dende as 11,49 interrupcións voluntarias en 2007 ata as 11,78 interrupcións rexistradas en 2008. Comparado co resto das comunidades autónomas, **cadro 1.3.10.**, Galicia presenta unha ratio número de interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos, tan só superior á rexistrada en Ceuta e Melilla (3,26).

O número de títulos de familia numerosa segue a medrar (número de títulos en vigor a 31 de decembro de 2009), como fixo no ano anterior, ascendendo ata os 19.424 títulos (829 títulos máis), dos que 18.113 son títulos de categoría xeral (791 títulos máis). Atendendo á súa distribución provincial, A Coruña e Pontevedra son as que teñen un maior número de títulos expedidos, con 8.028 e 7.887 títulos respectivamente, o que supón que ambas as dúas provincias acollen o 82% do total de títulos de familia numerosa en vigor. ■

# 1.4.

# conversencia

**A actividade produtiva da economía** de Galicia experimentou ao longo do período 2000-2009 unha taxa de crecemento medio anual similar á media española, situándose a medra media anual acumulativa da poboación e do emprego por baixo da media española. Os datos do INE reflicten que o PIB galego e español creceron nese período a un ritmo do 2,4% e 2,3% anual, respectivamente, mentres que a taxa media de crecemento do emprego en Galicia e en España situouse, tamén respectivamente, no 1,5% e o 2,3%; e o de poboación, no 0,2% en Galicia e no 1,5% en España.

Tras esta evolución, o **cadro 1.4.1.** amosa o continuo descenso da importancia relativa da poboación galega no total estatal, manténdose o ascenso do PIB a prezos de mercado (prezos correntes). Tendo en conta a caída da ocupación no conxunto do Estado e en Galicia, por terceiro ano consecutivo aumenta o peso relativo do emprego.

En termos do PIB per cápita, a economía galega rexistra ao longo dos últimos anos un proceso de converxencia á media española e europea (UE-27). Este indicador sitúase no 87,4% da media española, case dez puntos porcentuais por riba do valor do ano 2000.

En relación á media dos vinte e sete países europeos (UE=100), o PIB nominal por habitante acadou en 2007 (último dato dispoñible) un valor de 88,8%, situándose este indicador nos 105 puntos no conxunto do Estado.

### Converxencia coa media estatal

A economía galega experimentou no ano 2009 unha caída inferior á media española, cunha merma do seu PIB a prezos de mercado (prezos constantes) do −3,0%, mentres que a rexistrada no conxunto do Estado foi do −3,6%.

### Participación da produción(1), a poboación e o emprego (2) galego no total español 2002-09




(1) PIB a prezos de mercado. Prezos correntes
(2) poboación afiliada á Seguridade Social
Fonte: Elaboración propia *CES-Galicia*

**1.4.1.**

### Converxencia das CC.AA. en termos de PIB por habitante fronte a España e a Unión Europea 2000-2009

| | PIB por habitante | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(media España=100)* | | | | | | *(media UE-27=100)* | | | | |
| | 2000 | 2006 | 2008 (1) | 2009 (2) | 09/00 | 09/08 | 2000 | 2006 | 2007 | 07/00 | 07/06 |
| | | | | | *(variación absoluta)* | | | | | *(variación absoluta)* | |
| **Andalucía** | 73,7 | 77,7 | 76,9 | 76,4 | 2,7 | -0,5 | 71,8 | 81,1 | 81,2 | 9,4 | 0,1 |
| **Aragón** | 104,5 | 107,3 | 109,4 | 107,7 | 3,2 | -1,7 | 102,0 | 112,1 | 114,4 | 12,4 | 2,3 |
| **Asturias** | 83,6 | 90,5 | 94,0 | 94,0 | 10,4 | 0,0 | 81,4 | 94,6 | 96,9 | 15,5 | 2,3 |
| **Baleares** | 123,2 | 109,6 | 108,2 | 107,1 | -16,1 | -1,1 | 120,0 | 114,9 | 113,8 | -6,2 | -1,1 |
| **Canarias** | 94,8 | 89,0 | 87,9 | 86,8 | -8,0 | -1,1 | 92,3 | 93,3 | 92,8 | 0,5 | -0,5 |
| **Cantabria** | 93,5 | 98,9 | 102,5 | 102,0 | 8,5 | -0,5 | 91,0 | 103,4 | 105,4 | 14,4 | 2,0 |
| **Castela e León** | 90,5 | 95,3 | 97,1 | 97,5 | 7,0 | 0,4 | 88,1 | 99,5 | 101,4 | 13,3 | 1,9 |
| **Castela-A Mancha** | 78,6 | 78,0 | 76,3 | 75,2 | -3,4 | -1,1 | 76,5 | 81,3 | 81,5 | 5,0 | 0,2 |
| **Cataluña** | 121,8 | 117,9 | 116,9 | 117,2 | -4,6 | 0,3 | 119,0 | 123,4 | 123,3 | 4,3 | -0,1 |
| **C. Valenciana** | 96,5 | 91,7 | 89,4 | 88,5 | -8,0 | -0,9 | 93,9 | 95,9 | 95,3 | 1,4 | -0,6 |
| **Estremadura** | 63,7 | 67,9 | 70,0 | 71,2 | 7,5 | 1,2 | 62,0 | 71,0 | 72,4 | 10,4 | 1,4 |
| **Galicia** | 77,7 | 83,1 | 86,2 | 87,4 | 9,7 | 1,2 | 75,6 | 86,7 | 88,8 | 13,2 | 2,1 |
| **Madrid** | 136,0 | 130,4 | 129,8 | 131,2 | -4,8 | 1,4 | 132,0 | 136,7 | 136,8 | 4,8 | 0,1 |
| **Murcia** | 83,9 | 83,7 | 81,9 | 81,4 | -2,5 | -0,5 | 81,7 | 87,4 | 86,9 | 5,2 | -0,5 |
| **Navarra** | 127,3 | 125,6 | 127,3 | 129,3 | 2,0 | 2,0 | 124,0 | 131,2 | 132,2 | 8,2 | 1,0 |
| **País Vasco** | 122,5 | 128,5 | 133,8 | 134,2 | 11,7 | 0,4 | 119,0 | 134,4 | 136,8 | 17,8 | 2,4 |
| **A Rioxa** | 113,9 | 107,3 | 107,3 | 108,2 | -5,7 | 0,9 | 111,0 | 112,0 | 112,0 | 1,0 | 0,0 |
| **Ceuta** | 85,2 | 90,9 | 93,4 | 97,0 | 11,8 | 3,6 | 83,0 | 95,3 | 97,3 | 14,3 | 2,0 |
| **Melilla** | 84,4 | 90,3 | 90,3 | 92,9 | 8,5 | 2,6 | 82,2 | 94,5 | 94,5 | 12,3 | 0,0 |
| **Total** | | | | | | | 97,4 | 104,6 | 105,0 | | |

(1) avance
(2) primeira estimación
Fonte: *INE* e *Eurostat*

**1.4.2.**

*Renda familiar bruta en poder de compra nas CC.AA. 2000-09*

| | 2000 | 2009 | 2000 | 2009 | Diferencial 2009 - 2000 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(en €)* | | *(media española= 100)* | | *(en €)* | *(%)* |
| **Andalucía** | 9.592 | 14.352 | 79,9 | 81,3 | 4.760 | 1,3 |
| **Aragón** | 13.416 | 19.311 | 111,8 | 109,4 | 5.895 | -2,5 |
| **Asturias** | 11.199 | 17.800 | 93,3 | 100,8 | 6.601 | 7,5 |
| **Baleares** | 13.797 | 17.693 | 115,0 | 100,2 | 3.896 | -14,8 |
| **Canarias** | 11.258 | 16.557 | 93,8 | 93,8 | 5.299 | -0,1 |
| **Cantabria** | 12.037 | 18.921 | 100,3 | 107,1 | 6.884 | 6,8 |
| **Castela-A Mancha** | 11.058 | 15.508 | 92,2 | 87,8 | 4.450 | -4,3 |
| **Castela e León** | 12.083 | 19.350 | 100,7 | 109,6 | 7.267 | 8,9 |
| **Cataluña** | 13.467 | 18.347 | 112,2 | 103,9 | 4.880 | -8,3 |
| **C. Valenciana** | 11.446 | 15.977 | 95,4 | 90,5 | 4.531 | -4,9 |
| **Estremadura** | 9.600 | 16.406 | 80,0 | 92,9 | 6.806 | 12,9 |
| **Galicia** | 10.633 | 17.063 | 88,6 | 96,6 | 6.430 | 8,0 |
| **Madrid** | 14.478 | 21.435 | 120,7 | 121,4 | 6.957 | 0,7 |
| **Murcia** | 10.318 | 13.887 | 86,0 | 78,6 | 3.569 | -7,4 |
| **Navarra** | 14.682 | 23.313 | 122,4 | 132,0 | 8.631 | 9,7 |
| **País Vasco** | 14.121 | 22.545 | 117,7 | 127,7 | 8.424 | 10,0 |
| **A Rioxa** | 13.715 | 18.833 | 114,3 | 106,6 | 5.118 | -7,7 |
| **Ceuta** | 11.121 | 19.765 | 92,7 | 111,9 | 8.644 | 19,2 |
| **Melilla** | 11.313 | 18.495 | 94,3 | 104,7 | 7.182 | 10,5 |
| **Total** | 11.999 | 17.659 | 100 | 100 | 5.660 | |

Fonte: *Funcas*

**1.4.3.**

O indicador PIB rexionalizable per cápita amosa que no último ano continúa o proceso de achegamento á media española. En 2009, este indicador acada os 87,4 puntos (España=100), algo máis dun punto superior ao rexistrado no ano anterior. Comparado coa situación do ano 2000, o PIB por habitante medra dende o 77,7% ata o devandito 87,48%. Esta converxencia prodúcese tanto por mor da perda do peso poboacional de Galicia no conxunto do Estado, como pola menor caída da actividade económica.

Tras esta evolución, Galicia mantense como a sexta comunidade autónoma co menor valor do PIB rexionalizable, mellorando un posto respecto ao ano precedente, tan só por riba do rexistrado en Estremadura (71,2% do valor español), Castela-A Mancha (75,2%), Andalucía (76,4%), Murcia (81,4%) e Canarias (86,8%).

No que atinxe á variable da renda familiar bruta (RFB) en poder de compra, esta ascendeu no 2009 ata os 17.063 euros, o que representa o 96,6% da media estatal. Comparado coas outras CC.AA., Galicia é a sétima comunidade autónoma con menor ratio, por diante de Murcia, Andalucía, Castela-A Mancha, C. Valenciana, Estremadura e Canarias. Os datos recollidos no **cadro 1.4.3.** amosan que, en relación ao ano 2000, Galicia rexistrou un avance de oito puntos, medrando dende o 88,6% dese ano ata o 96,6% do último ano, inferior ao 97,8% do ano 2008.

### Converxencia coa media europea

O produto interior bruto por habitante en Galicia experimentou no 2007 (último ano dispoñible) un importante crecemento, acadando un PIB per cápita equivalente ao 88,8% da media da UE-27 (105% no conxunto do Estado). Comparado co resto das CC.AA., Galicia pasa a ser a quinta comunidade co menor índi-

ce, superando novamente a Estremadura (72,4%), Andalucía (81,2%), Castela-A Mancha (81,5%) e Murcia (86,9%).

Os datos recollidos no **cadro 1.4.2.** indican que o proceso de converxencia non se produciu coa mesma intensidade nas distintas comunidades autónomas. No caso galego, o PIB per cápita mellora en máis de trece puntos entre os anos 2000 e 2007 no que respecta ca UE-27. ■

# 2

# EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

2.1.- **Emprego**

2.2.- **Relacións laborais e saúde laboral**

2.3.- **Políticas activas de emprego**

A contracción da actividade produtiva galega ao longo do ano 2009 tivo unha incidencia moi negativa no mercado de traballo. Xunto á intensa destrución de emprego, o último ano presenta unha caída no nivel da ocupación, un menor número de contratos rexistrados nas oficinas de emprego, e un elevado número de expedientes de regulación de emprego e de traballadores afetados polos mesmos.

O descenso do PIB do 3,0% en 2009 tivo o seu reflexo nunha caída da ocupación do 4,0% segundo os datos de afiliacións en alta laboral na Seguridade Social como nos da Enquisa da Poboación Activa (EPA). A caída do emprego prodúcese en todos os sectores de actividade, pero incide de forma máis intensa na industria e na construción, con 21.800 e 18.400 empregos menos que no ano anterior. En termos porcentuais, do total do emprego perdido segundo as estimacións da EPA, o 44,8% corresponde ao sector industrial e un 37,8% á construción.

A caída da ocupación afecta tano aos traballadores por conta propia como aos asalariados, con 14.300 e 24.300 ocupacións menos. Neste último caso, cómpre salientar que mentres que o número de asalariados con contrato temporal descende en 42.500 persoas, o de asalariados con contrato indefinido medra en 18.200 persoas.

A medida que a crise económica foi cobrando forza o desemprego aumenta considerablemente, de xeito que en 2009 o desemprego medio estimado pola EPA medrou un 45%, acadando as 165.900 persoas, 51.200 máis que no ano anterior, e a taxa de paro ascendeu ata o 12,5%. A pesar deste comportamento en Galicia, as taxas de variación foron inferiores á media española, onde o desemprego medrou case un 60% e a taxa de paro situouse no 18%.

Ao igual que no ano anterior, o  número de contratos iniciais de traballo e os da conversións en indefinidos descenderon de xeito considerable. Os contratos de duración indefinida caeron un 19,3%, en tanto que os de duración temporal o fixeron nun 12,7%. Asemade, cómpre salientar que as conversións en indefinidos descenderon un 29% respecto ao volume de 2008.

En todo o ano 2009 é salientable o elevado volume de expedientes de regulación de emprego aprobados, así como do número de traballadores afectados polos mesmos. Mentres que no último ano un total de 24.436 traballadores se viron afectados polos ERE, dos que 2.308 o foron por extinción, no ano anterior estas cifras foron de 6.801 e 913 traballadores, respectivamente.

# 2.1.

# emprego

**A forte crise económica que está a vivir** Galicia, que xa se notara no 2008 e se agudizou no 2009, tivo como unha das súas consecuencias máis negativas un fortísimo incremento da poboación parada, o que reflicte que a vía de axuste desta recesión foi, en grande medida, a do emprego. A taxa de paro estimada para Galicia no conxunto do ano 2009 situouse no 12,6%, case catro puntos porcentuais por riba da media anual do ano anterior, aínda que lonxe do dato do conxunto do Estado, onde acadou o 18%.

Unha ollada aos indicadores recollidos, como resumo, no **cadro 2.1.1.** permite facerse unha primeira idea da evolución do mercado de traballo ao longo dos últimos dous anos. Estes amosan que a desaceleración do ritmo de crecemento económico de 2008, que se transformou en recesión en 2009, provoca que os datos do mercado laboral sexan moito máis negativos que os experimentados en anos anteriores: caída no nivel de ocupación, elevado crecemento do paro e un menor número de contratos rexistrados nas oficinas de emprego.

O descenso da actividade económica galega ten un paralelismo na caída do 4% na taxa de variación anual do número de afiliados en alta laboral na Seguridade Social e na poboación ocupada estimada pola EPA. O impacto da crise no emprego foi algo menor en Galicia que no conxunto do Estado, o que fixo que a poboación ocupada galega, que en 2008 era do 5,9% do total estatal, pasara ao 6,1% no 2009, e que o peso relativo das afiliacións se situara no 5,7%, unha décima máis que no ano anterior.

Como non podía ser doutro xeito, a caída do emprego prodúcese en tódolos sectores, pero afecta de forma

*Principais indicadores do emprego 2008-09* (1)

| | 2008 | | | | | 2009 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | trimestres | | | | | | | | |
| | | I | II | III | IV | | I | II | III | IV |
| | | | *(%)* | | | | | *(%)* | | |
| **PIB real** | 1,2 | 3,3 | 2,7 | 1,1 | -0,4 | -3,0 | -2,0 | -3,4 | -3,6 | -3,1 |
| **Afiliados á Seguridade Social** | 0,2 | 2,1 | 0,8 | -0,1 | -2,0 | -4,0 | -3,9 | -4,5 | -4,3 | -3,3 |
| **Poboación ocupada** | 0,6 | 2,1 | 0,4 | 0,0 | -0,1 | -4,0 | -1,8 | -4,4 | -5,2 | -4,7 |
| **Poboación parada** | 16,3 | -3,7 | 11,3 | 28,5 | 33,7 | 45,3 | 50,1 | 56,2 | 44,3 | 30,5 |
| **Paro rexistrado** | 7,9 | -0,2 | 5,0 | 8,9 | 18,7 | 26,6 | 32,0 | 31,1 | 27,8 | 17,3 |
| **Contratos iniciais indefinidos** | -6,3 | | | | | -19,3 | | | | |
| **Contratos iniciais temporais** | -7,8 | | | | | -12,8 | | | | |
| **Contratos convertidos en indefinidos** | -15,3 | | | | | -29,0 | | | | |

**(1) taxas de variación interanuais**

Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir de datos do *IGE*, *Ministerio de Trabajo e Inmigración* e *Seguridad Social*

**2.1.1.**

máis intensa á industria e á construción, con 21.800 (o 44,8% do emprego perdido) e 18.400 empregos menos (o 37,8%), respectivamente.

Os datos do paro rexistrado confirman o forte impacto negativo da crise económica no mercado de traballo galego. Logo dunha medra de máis de 43.000 parados (media anual) en 2009, o número de persoas desempregadas acada as 206.200 persoas (o 5,7% do paro rexistrado de media en España). Como no ano anterior, Galicia segue mostrando un mellor comportamento en relación á media española, dado que o paro medra un 26,9% en Galicia fronte ao 43,5% de media en España.

En relación aos fluxos de entrada ao mercado de traballo, agudízase a tendencia negativa na contratación indefinida xa apuntada en 2008. A taxa de variación para 2009 presenta unha caída do 19,3% nos contratos iniciais de duración indefinida. A contratación temporal, que no ano anterior descendera un 7,8%, redúcense en 2009 un 12,8% respecto ao ano precedente. No caso da conversión de contratos en indefinidos, a caída acada un 29%.

### Datos de emprego da Seguridade Social

O impacto negativo da crise económica e financeira no mercado de traballo galego, que xa no ano 2008 reflectiuse na ralentización do crecemento das afiliacións á Seguridade Social, cun crecemento de tan só dúas décimas no citado ano, agudizouse no ano 2009. Neste exercicio, o número de afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia reduciuse nun 4%. Do mesmo xeito que no ano anterior, é importante salientar que Galicia presenta un mellor comportamento que o rexistrado de media en España, onde o número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social descendeu un 5,7% respecto á media do ano anterior. En Galicia había en 2009 un total de 1.029.625 persoas afiliadas (media anual), 42.910 altas menos que no ano precedente. Esta cifra supón o 5,7% do total estatal, cando en anos anteriores a porcentaxe correspondente a Galicia foi do 5,6%.

***Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2006-09***

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | España | Galicia /España |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | *(en miles de persoas)* | | | *(%)* |
| **2006** | 1.032,5 | 426,9 | 129,0 | 108,1 | 368,5 | 18.596,3 | 5,6 |
| **2007** | 1.070,1 | 443,3 | 132,4 | 111,3 | 383,2 | 19.152,3 | 5,6 |
| **2008** | 1.072,5 | 445,9 | 133,1 | 111,4 | 382,1 | 19.005,6 | 5,6 |
| **2009** | 1.029,6 | 431,4 | 129,0 | 108,2 | 361,1 | 17.916,8 | 5,7 |
| **xaneiro** | 1.034,9 | 434,2 | 129,0 | 107,9 | 363,7 | 18.150,7 | 5,7 |
| **febreiro** | 1.032,3 | 434,2 | 128,8 | 107,9 | 361,4 | 18.075,8 | 5,7 |
| **marzo** | 1.027,4 | 431,6 | 128,6 | 107,5 | 359,7 | 17.967,3 | 5,7 |
| **abril** | 1.026,0 | 430,0 | 128,6 | 107,5 | 359,9 | 17.955,1 | 5,7 |
| **maio** | 1.031,2 | 432,2 | 129,1 | 108,1 | 361,7 | 18.100,2 | 5,7 |
| **xuño** | 1.028,5 | 430,2 | 128,7 | 108,1 | 361,5 | 17.918,0 | 5,7 |
| **xullo** | 1.043,7 | 435,6 | 131,4 | 109,7 | 367,0 | 17.958,4 | 5,8 |
| **agosto** | 1.037,6 | 432,6 | 130,5 | 109,5 | 365,0 | 17.796,4 | 5,8 |
| **setembro** | 1.030,6 | 429,9 | 129,2 | 108,6 | 363,0 | 17.791,9 | 5,8 |
| **outubro** | 1.030,3 | 432,3 | 128,8 | 108,5 | 360,7 | 17.870,7 | 5,8 |
| **novembro** | 1.024,4 | 429,9 | 128,3 | 107,8 | 358,5 | 17.777,2 | 5,8 |
| **decembro** | 1.008,7 | 423,6 | 127,1 | 106,9 | 351,1 | 17.640,0 | 5,7 |
| **Ceuta e Melilla** | 4 | 5 | 61 | 55 | 1 | 16 | 60 | 39 | - | - |
| | | | - | - | | | | | | |
| **Total** | 6.250 | 19.398 | 148.089 | 549.293 | 40.573 | 63.487 | 104.841 | 465.215 | 2.675 | 20.591 |

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

**2.2.6.**

base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano– foi de 3,31% (4,07% no ano anterior), 2,41 puntos superior ao IPC galego, que foi do 0,9%, e tamén superior ao estatal, que se situou no 0,8%.

A **xornada media** efectiva por traballador en Galicia descendeu no último ano dende as 1.634,9 horas de 2008 ata as 1.607,1 horas de 2009. Esta cifra sitúa a Galicia como a cuarta comunidade autónoma con maior xornada media efectiva por traballador, tras Canarias, Baleares e Castela-A Mancha (**cadro 2.2.4.**). A xornada media pactada en 2009 –tense en conta só os convenios que a regulan de xeito anual– permanece practicamente constante en Galicia (4 horas/ano máis que en 2008), acadando as 1.759,3 horas. Seguindo a tendencia de anos anteriores, a xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos de sectores (1.742,2 horas e 1.758,7 horas, respectivamente). O sector agrario pactou unha xornada media de 1.784,2 horas, en tanto que no caso dos sectores non agrarios, a xornada media pactada máis elevada corresponde ao sector servizos, con 1.788,7 horas.

No concernente á **regulación de emprego**, o ano 2009 presenta un forte incremento do número de traballadores afectados polos expedientes de regulación autorizados, cunha medra do 210% respecto ao ano anterior. O número de expedientes de regulación de emprego autorizados en Galicia no ano 2009 incrementouse nun 178%, acadando os 1.331 expedientes,

**Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2008-09: distribución segundo a gravidade e sector económico**

| | Totais | | | Leves | | | Graves | | | Mortais | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 09/08 | 2008 | 2009 | 09/08 | 2008 | 2009 | 09/08 | 2008 | 2009 | 09/08 |
| | | | | | | (%) | | | (%) | | | |
| **Total** | 50.363 | 39.650 | -21,3 | 49.594 | 39.028 | -21,3 | 698 | 548 | -21,5 | 71 | 74 | 4,2 |
| **A Coruña** | 21.195 | 17.378 | -18,0 | 20.905 | 17.123 | -18,1 | 256 | 225 | -12,1 | 34 | 30 | -11,8 |
| **Lugo** | 4.665 | 3.865 | -17,1 | 4.570 | 3.792 | -17,0 | 85 | 58 | -31,8 | 10 | 15 | 50,0 |
| **Ourense** | 4.468 | 3.615 | -19,1 | 4.388 | 3.559 | -18,9 | 72 | 49 | -31,9 | 8 | 7 | -12,5 |
| **Pontevedra** | 20.035 | 14.792 | -26,2 | 19.731 | 14.554 | -26,2 | 285 | 216 | -24,2 | 19 | 22 | 15,8 |
| **Sector económico** | | | | | | | | | | | | |
| **Agricultura** | 1.620 | 1.527 | -5,7 | 1.564 | 1.456 | -6,9 | 51 | 65 | 27,5 | 5 | 6 | 20,0 |
| **Pesca** | 1.340 | 1.256 | -6,3 | 1.276 | 1.206 | -5,5 | 51 | 42 | -17,6 | 13 | 8 | -38,5 |
| **Industria** | 17.464 | 12.314 | -29,5 | 17.243 | 12.176 | -29,4 | 209 | 124 | -40,7 | 12 | 14 | 16,7 |
| **Construción** | 11.652 | 8.599 | -26,2 | 11.429 | 8.421 | -26,3 | 205 | 154 | -24,9 | 18 | 24 | 33,3 |
| **Servizos** | 18.287 | 15.954 | -12,8 | 18.082 | 15.769 | -12,8 | 182 | 163 | -10,4 | 23 | 22 | -4,3 |

Fonte: *Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia*

**2.2.7.**

853 máis que no ano precedente. Tras este crecemento, o número total de traballadores afectados ascendeu ata os 24.436 traballadores (17.635 persoas máis), dos que 20.962 (o 85,8%) sufriron unha suspensión do emprego e 2.308 traballadores (o 9,4%), unha rescisión do seu contrato.

## Sinistralidade laboral

Un aspecto importante a destacar en 2009 é o feito positivo do descenso do número total de accidentes de traballo con baixa en xornada de laboral, que se sitúa nos 39.650 accidentes, un 21,3% menos que no ano anterior. A provincia de A Coruña é a que rexistra o maior número de accidentes, con 17.378 (43,8%), por diante de Pontevedra, con 14.792 accidentes (37,3%). En relación ao ano 2008, Pontevedra é a provincia co descenso máis acusado tanto en termos absolutos como relativos, con 5.243 accidentes menos, o que representa unha diminución do 26,2%.

Este descenso dos accidentes rexistrouse tanto no caso dos accidentes leves como dos graves. Os accidentes leves diminuíron no total de Galicia un 21,2% e os graves fixérono nun 21,5%. Por provincias, Pontevedra volve a ser a que presenta unha diminución máis significativa tanto nos accidentes leves como no caso dos graves (26,2% e 24,2% respectivamente).

Malia estes aspectos positivos, cómpre salientar que no caso dos accidentes mortais prodúcese, neste ano 2009, un incremento do 4,2%, pasando dos 71 accidentes mortais en 2008 aos 74 no 2009.

A distribución por provincias destes sinistros amosa un comportamento irregular: mentres nas provincias de Ourense e A Coruña o número de accidentes mortais diminúe nun 12,5% e un 11,8%, respectivamente, en Lugo e Pontevedra prodúcese unha importante medra nestes tipos de accidentes, cuns incrementos do 50% e o 15,8%, respectivamente.

## *Índices de incidencia de accidentes de traballo con baixa (1) e accidentes mortais(2) nas CC.AA. 2008-09*

| | Accidentes con baixa | | Accidentes mortais | |
|---|---|---|---|---|
| | **2008** | **2009 (3)** | **2008** | **2009 (2)** |
| **Andalucía** | 5.131,6 | 4.040,5 | 5,1 | 3,2 |
| **Aragón** | 4.742,8 | 3.492,3 | 7,3 | 7,8 |
| **Asturias** | 5.963,3 | 5.165,5 | 7,6 | 5,7 |
| **Baleares** | 6.614,1 | 5.269,7 | 4,7 | 2,4 |
| **Canarias** | 5.615,7 | 4.653,0 | 5,7 | 3,1 |
| **Cantabria** | 4.977,1 | 3.825,1 | 4,3 | 6,8 |
| **Castela-A Mancha** | 6.370,4 | 4.942,5 | 6,1 | 6,4 |
| **Castela e León** | 5.243,9 | 4.262,3 | 7,9 | 5,5 |
| **Cataluña** | 4.942,6 | 4.202,2 | 3,4 | 3,9 |
| **C. Valenciana** | 4.671,1 | 3.659,7 | 4,6 | 4,0 |
| **Estremadura** | 4.658,8 | 3.849,3 | 6,3 | 2,2 |
| **Galicia** | 5.613,3 | 4.713,6 | 8,5 | 8,6 |
| **A Coruña** | 5.682,1 | 4.819,7 | 9,9 | 7,9 |
| **Lugo** | 4.541,9 | 3.808,9 | 9,6 | 15,9 |
| **Ourense** | 5.102,3 | 4.377,7 | 8,2 | 9,6 |
| **Pontevedra** | 6.025,9 | 4.989,0 | 6,7 | 6,8 |
| **Madrid** | 4.443,7 | 3.677,1 | 3,6 | 3,1 |
| **Murcia** | 4.676,2 | 3.907,5 | 5,8 | 4,9 |
| **Navarra** | 5.096,3 | 4.143,2 | 4,2 | 4,9 |
| **País Vasco** | 5.448,7 | 4.440,5 | 6,2 | 3,9 |
| **A Rioxa** | 5.129,1 | 4.311,1 | 5,6 | 2,9 |
| **Total** | 5.069,1 | 4.130,7 | 5,1 | 4,2 |

**(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta**

**(2) Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta**

**(2) datos provisionais**

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

**2.2.8.**

## *Índices de incidencia de accidentes de traballo con baixa en Galicia 2008-09: distribución segundo sector e provincia*

***2008***

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| **Agricultura** | 3.409,1 | 3.070,6 | 3.166,2 | 4.176,6 | 3.987,7 |
| **Pesca** | 5.739,6 | 10.189,7 | 9.359,1 | - | 3.445,6 |
| **Industria** | 10.885,7 | 10.579,5 | 8.327,4 | 9.948,0 | 11.872,5 |
| **Construción** | 11.263,1 | 11.569,5 | 9.192,1 | 9.853,7 | 11.923,5 |
| **Servizos** | 3.426,2 | 3.532,7 | 2.888,2 | 3.009,4 | 3.596,6 |

***2009***

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| **Agricultura** | 3.495,3 | 3.290,9 | 3.174,6 | 4.312,0 | 4.254,0 |
| **Pesca** | 5.392,4 | 9.918,1 | 8.382,0 | 2.564,1 | 3.214,4 |
| **Industria** | 8.350,4 | 8.358,3 | 6.121,8 | 7.455,3 | 9.093,3 |
| **Construción** | 9.371,2 | 9.261,3 | 7.503,9 | 9.006,7 | 9.543,7 |
| **Servizos** | 3.032,0 | 3.216,7 | 2.720,7 | 2.720,9 | 2.928,0 |

Fonte: *Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral*

**2.2.9.**

O sector servizos segue sendo o que experimenta o maior número de accidentes laborais, con 15.954 accidentes (o 40,2% dos accidentes con baixa en xornada de traballo en Galicia), seguido polo sector industrial, que rexistrou 12.314 accidentes (o 31,0%), e a construción, con 8.599 accidentes (o 21,7% dos accidentes en Galicia).

Os datos do **cadro 2.2.7.** reflicten unha forte diminución no número total de accidentes en todos os sectores económicos. O sector industrial é o que experimenta un maior descenso, 29,5% accidentes menos que no ano anterior, seguido da construción, cun descenso do 26,2%, e do sector servizos, con 12,8% accidentes menos que en 2008.

O incremento do número de accidentes mortais que referíamos anteriormente prodúcese nos sectores da construción, cun 33,3% máis que en 2008; agricultura, cun 20% máis; e industria, cun 16,7% máis. Mentres, o número de accidentes mortais descende nos sectores da pesca e os servizos.

O **índice de incidencia** da sinistralidade laboral, que relaciona o número total de accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, acadou en Galicia os 47,1 accidentes por cada mil traballadores afiliados, 5,8 accidentes máis que a media estatal. Comparado co resto das comunidades autónomas, o **cadro 2.2.8.** reflicte que Galicia mantense como a cuarta comunidade co maior índice, tras Baleares, Asturias e Castela-A Mancha.

Pontevedra segue a ser a provincia co índice máis elevado, con 49,9 accidentes por cada mil afiliacións, fronte aos 48,2 accidentes de A Coruña e os 43,8 e 38,1 accidentes por cada mil afiliacións en Ourense e Lugo, respectivamente.

A construción foi o sector de actividade con maior índice de incidencia, con 93,7 accidentes por cada mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, por diante da industria e a pesca, con 83,5 e 53,9 accidentes, respectivamente. Os índices máis baixos rexistráronse nos servizos e na agricultura, con 30,3 e 35,0 accidentes. En relación ao ano anterior, volve a rexistrarse un incremento na agricultura, fronte á caída no resto das actividades económicas.

No caso dos accidentes mortais, Galicia rexistrou un total de 8,6 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. No último ano, Galicia presenta o índice máis elevado, sendo a ratio acadada no conxunto do Estado de 4,2 accidentes.

As catro provincias galegas presentan un índice de incidencia superior á media estatal. Salienta o forte aumento na provincia de Lugo, cun índice de 15,9, por diante de Ourense, con 9,6 accidentes.

No que respecta ás baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns e profesionais, os **cadros 2.2.10.** e **2.2.11.** mostran como, en ámbolos dous casos, o número medio de procesos ini-

*Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns nas CC.AA. 2008-09*

| | Duración media dos procesos con alta no período | | Incidencia media por cada 1.000 traballadores protexidos | | Número medio de procesos iniciados no período | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| **Andalucía** | 44,03 | 41,74 | 25,72 | 24,05 | 69.532 | 63.059 |
| **Aragón** | 30,44 | 31,79 | 31,62 | 28,27 | 15.147 | 13.125 |
| **Asturias** | 48,97 | 50,69 | 27,78 | 25,21 | 9.151 | 8.146 |
| **Baleares** | 33,60 | 34,34 | 30,15 | 29,17 | 11.462 | 10.612 |
| **Canarias** | 39,78 | 38,90 | 37,27 | 33,91 | 26.307 | 22.800 |
| **Cantabria** | 39,97 | 38,77 | 32,84 | 30,05 | 6.263 | 5.496 |
| **Castela-A Mancha** | 42,59 | 43,77 | 25,33 | 23,90 | 14.856 | 13.919 |
| **Castela e León** | 37,72 | 39,86 | 23,92 | 22,17 | 18.388 | 16.747 |
| **Cataluña** | 31,48 | 32,42 | 33,25 | 31,00 | 96.333 | 86.791 |
| **C. Valenciana** | 54,08 | 55,86 | 21,04 | 19,28 | 34.983 | 30.396 |
| **Estremadura** | 50,68 | 48,04 | 17,79 | 16,73 | 5.954 | 5.605 |
| **Galicia** | 49,54 | 52,93 | 25,22 | 23,39 | 21.897 | 19.904 |
| **A Coruña** | 46,82 | 49,71 | 25,33 | 23,67 | 9.283 | 8.600 |
| **Lugo** | 56,76 | 61,00 | 21,24 | 19,77 | 1.984 | 1.829 |
| **Ourense** | 46,40 | 46,52 | 24,94 | 22,99 | 2.096 | 1.926 |
| **Pontevedra** | 51,62 | 56,36 | 26,32 | 24,25 | 8.534 | 7.549 |
| **Madrid** | 29,25 | 29,70 | 31,17 | 32,63 | 79.435 | 83.637 |
| **Murcia** | 50,98 | 51,52 | 25,17 | 23,66 | 12.318 | 11.236 |
| **Navarra** | 22,57 | 26,19 | 46,73 | 39,66 | 11.191 | 9.304 |
| **País Vasco** | 36,01 | 37,19 | 31,98 | 33,12 | 25.189 | 25.682 |
| **A Rioxa** | 29,25 | 30,63 | 30,68 | 28,84 | 3.331 | 3.061 |
| **Ceuta** | 29,92 | 29,12 | 31,34 | 31,88 | 543 | 555 |
| **Melilla** | 31,22 | 30,42 | 33,45 | 34,07 | 502 | 521 |
| **Total** | 37,81 | 38,11 | 28,72 | 27,40 | 462.784 | 430.596 |

Fonte: *Secretaría de Estado de la Seguridad Social*

2.2.10.

*Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais nas CC.AA. 2008-09*

| | Duración media dos procesos con alta no período | | Incidencia media por cada 1.000 traballadores protexidos | | Número medio de procesos iniciados no período | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| **Andalucía** | 28,95 | 30,66 | 5,65 | 4,71 | 13.670 | 10.398 |
| **Aragón** | 34,21 | 37,24 | 4,77 | 3,68 | 2.298 | 1.646 |
| **Asturias** | 37,50 | 39,45 | 5,97 | 5,22 | 1.987 | 1.662 |
| **Baleares** | 26,47 | 28,64 | 6,48 | 5,26 | 2.367 | 1.780 |
| **Canarias** | 28,74 | 29,78 | 5,47 | 4,62 | 3.628 | 2.805 |
| **Cantabria** | 40,59 | 41,69 | 5,22 | 4,13 | 1.004 | 732 |
| **Castela-A Mancha** | 28,61 | 31,94 | 6,18 | 4,95 | 3.489 | 2.579 |
| **Castela e León** | 31,08 | 35,07 | 5,17 | 4,29 | 4.066 | 3.214 |
| **Cataluña** | 28,69 | 30,55 | 5,22 | 4,41 | 14.617 | 11.495 |
| **C. Valenciana** | 34,22 | 38,10 | 4,58 | 3,67 | 7.462 | 5.310 |
| **Estremadura** | 31,36 | 33,19 | 4,95 | 4,24 | 1.494 | 1.222 |
| **Galicia** | 36,84 | 39,32 | 5,65 | 4,77 | 4.984 | 4.006 |
| **A Coruña** | 36,46 | 38,94 | 5,52 | 4,71 | 2.056 | 1.705 |
| **Lugo** | 47,77 | 48,14 | 4,33 | 3,72 | 451 | 375 |
| **Ourense** | 37,46 | 35,79 | 4,99 | 4,29 | 434 | 359 |
| **Pontevedra** | 34,67 | 38,42 | 6,41 | 5,34 | 2.043 | 1.568 |
| **Madrid** | 25,80 | 27,23 | 4,51 | 3,84 | 11.948 | 9.636 |
| **Murcia** | 34,20 | 36,90 | 4,90 | 4,16 | 2.332 | 1.798 |
| **Navarra** | 29,24 | 33,19 | 5,42 | 4,33 | 1.272 | 974 |
| **País Vasco** | 28,33 | 31,75 | 5,79 | 4,76 | 4.613 | 3.637 |
| **A Rioxa** | 28,53 | 29,41 | 5,25 | 4,50 | 578 | 465 |
| **Ceuta** | 31,28 | 34,66 | 5,36 | 5,15 | 92 | 88 |
| **Melilla** | 35,46 | 36,44 | 4,51 | 4,31 | 68 | 66 |
| **Total** | 30,09 | 32,33 | 5,22 | 4,39 | 81.970 | 63.512 |

Fonte: *Secretaría de Estado de la Seguridad Social*

2.2.11.

**Repercusión das folgas nas CC.AA. 2008-09: traballadores participantes e xornadas non traballadas**

| | 2008 | | 2009 | |
|---|---|---|---|---|
| | Traballadores participantes | Xornadas non traballadas | Traballadores participantes | Xornadas non traballadas |
| | *(en miles)* | | | |
| **Andalucía** | 124,9 | 258,8 | 184,7 | 458,8 |
| **Aragón** | 11,0 | 7,7 | 1,5 | 3,1 |
| **Asturias** | 10,4 | 78,1 | 8,2 | 14,8 |
| **Baleares** | 0,7 | 13,4 | 0,2 | - |
| **Canarias** | 3,9 | 11,9 | 2,7 | 3,2 |
| **Cantabria** | 3,4 | 19,0 | 6,8 | 8,8 |
| **Castela-A Mancha** | 11,2 | 64,6 | 0,2 | 0,2 |
| **Castela e León** | 13,3 | 66,2 | 0,5 | 1,8 |
| **Cataluña** | 166,0 | 350,1 | 35,8 | 39,9 |
| **C. Valenciana** | 5,4 | 20,1 | 22,0 | 16,9 |
| **Estremadura** | 0,6 | 17,3 | - | 0,2 |
| **Galicia** | 50,9 | 108,0 | 173,9 | 307,8 |
| **A Coruña** | 4,3 | 10,5 | 3,7 | 5,1 |
| **Lugo** | 1,3 | 1,9 | 0,7 | 0,6 |
| **Ourense** | 0,8 | 2,9 | 0,7 | 2,9 |
| **Pontevedra** | 44,5 | 92,7 | 168,8 | 299,2 |
| **Madrid** | 86,4 | 359,6 | 40,8 | 42,7 |
| **Murcia** | 1,4 | 24,5 | - | - |
| **Navarra** | 7,9 | 16,2 | 3,8 | 16,2 |
| **País Vasco** | 41,3 | 73,7 | 27,3 | 114,5 |
| **Rioxa (A)** | 2,4 | 12,8 | 0,2 | 1,9 |
| **Ceuta e Melilla** | 0,1 | 2,0 | - | - |
| **Total** | 541,2 | 1.504,0 | 508,6 | 1.030,8 |

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

2.2.12.

ciados no ano 2009 foi inferior aos iniciados no ano anterior, así mesmo diminuíu a incidencia media por cada mil traballadores protexidos.

A duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns pasa de 49,54 días no ano 2008 a 52,93 días no ano 2009, sendo Galicia a segunda Comunidade Autónoma cunha duración media dos procesos con alta no período máis elevada, tan só superada pola Comunidade Valenciana. No conxunto do Estado a duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns e de 38,11 días, 14,8 días menos que en Galicia.

De igual xeito, a duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais aumenta, pasando de 36,84 días no ano 2008 a 39,32 días no ano 2009, sendo Galicia a segunda Comunidade Autónoma cunha duración media dos procesos con alta no período máis elevada, por detrás, tan só de Asturias, e por encima da media estatal, que para o ano 2009 sitúase en 32,33 días.

## Conflitividade laboral

En Galicia, o número de traballadores participantes en folgas situouse en torno ás 173.900 persoas (123.000 traballadores máis que no ano anterior), e o das xornadas non traballadas nas 307.800 xornadas (199.800 xornadas máis). Esta forte medra debeuse fundamentalmente ás mobilizacións do sector do metal en Vigo, polas que a provincia de Pontevedra acolleu o 97,1% dos traballadores participantes e o 97,2% das xornadas non traballadas en Galicia.

Por comunidades autónomas, Galicia é a segunda comunidade cunha maior incidencia de traballadores participantes en folgas, só por detrás de Andalucía. O mesmo ocurre no cómputo de xornadas non traballadas, sitúase en segundo lugar, por detrás de Andalucía. ■

# 2.3. políticas activas de emprego

**As políticas activas de emprego** pódense agrupar en dúas grandes categorías: as relativas aos programas de formación e as dirixidas ao fomento e xestión do emprego.

Nas primeiras, o sistema de formación profesional (FP) foi dividido en dous subsistemas: a FP inicial ou específica, pertencente ao sistema educativo, e a FP para o emprego, que engloba as antigas formación ocupacional e continua, centrada no ámbito laboral e dirixida aos traballadores desempregados e ocupados.

Entre as segundas atópanse, xunto a outras, as accións de información e orientación para desempregados ou as medidas de promoción de emprego, que teñen coma obxectivo á mellora da empregabilidade dos traballadores desempregados, especialmente daqueles que pertencen aos colectivos que acceden ao mercado laboral con máis dificultade.

Trala aprobación do RD 395/2007, de 23 de marzo, o sistema de formación profesional para o emprego articúlase en catro tipos de iniciativa: a formación de demanda, a formación de oferta, a formación en alternancia e as medias de apoio e acompañamento á formación.

### Formación profesional para o emprego

O plan AFD (Formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas) ven de substituír ao plan FIP, incorporando como novidade a posibilidade de que traballadores ocupados participen nos cursos, se ben teñen prioridade os desocupados.

Ao longo do ano 2009 aumenta considerablemente o número de empresas que se bonificaron polo sistema de formación de demanda (25.880), sendo maiorita-

**Accións formativas das empresas 2008-09: formación de demanda**

| | Participantes formados | | Empresas formadoras | |
|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| **Tamaño medio das empresas** | | | | |
| De 1 a 5 asalariados | 9.926 | 20.173 | 8.180 | 16.418 |
| De 6 a 9 asalariados | 4.201 | 6.527 | 2.196 | 3.437 |
| De 10 a 49 asalariados | 18.431 | 25.154 | 3.755 | 4.865 |
| De 50 a 99 asalariados | 8.168 | 10.958 | 606 | 677 |
| De 100 a 249 asalariados | 9.206 | 11.703 | 290 | 326 |
| De 250 a 499 asalariados | 7.459 | 7.805 | 95 | 93 |
| De 500 a 999 asalariados | 6.580 | 5.778 | 35 | 30 |
| De 1.000 a 4.999 asalariados | 15.150 | 17.578 | 22 | 26 |
| Mais de 4.999 asalariados | 16.012 | 21.482 | 3 | 4 |
| Outras situacións (1) | - | - | 7 | 4 |
| **Categoría profesional** | | | | |
| Directivo | 3.466 | 3.589 | | |
| Mando Intermedio | 8.744 | 10.728 | | |
| Técnico | 16.647 | 19.635 | | |
| Traballador Cualificado | 44.365 | 65.372 | | |
| Traballador non Cualificado | 21.914 | 27.834 | | |
| **Sectores de actividade** | | | | |
| Agricultura | 1.218 | 1.799 | 208 | 378 |
| Comercio | 24.029 | 27.514 | 2.674 | 6.343 |
| Construcción | 10.968 | 19.644 | 3.101 | 4.658 |
| Hostalaría | 13.745 | 24.220 | 1.015 | 3.460 |
| Industria | 3.264 | 6.810 | 3.021 | 3.113 |
| Servizos | 39.917 | 47.171 | 4.503 | 7.928 |
| Sen datos | 1.992 | - | 667 | - |
| **Total** | 95.133 | 127.158 | 15.189 | 25.880 |

(1) situacións derivadas de fusións, absorcións ou escisións de empresas
Fonte: *Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo*

**2.3.1.**

riamente as pequenas (de 1 a 5 asalariados) as que se acolleron a este subsistema de formación profesional para o emprego. As preto de 26.000 empresas que impartiron este tipo de accións formativas acolleron a un total de 127.158 persoas, un 33,7% máis que no ano anterior.

Atendendo á distribución segundo categorías profesionais, os datos do **cadro 2.3.1.** reflicten que o maior número de participantes formados son traballadores cualificados, seguido dos traballadores non cualificados, mentres que entre os sectores de actividade das empresas, o máis importante en termos de participantes formados son os correspondentes aos servizos, seguidos do comercio e a hostalería.

O total do orzamento dedicado a formación para o emprego no ano 2009 foi de 120,1 millóns de euros, dos cales, un 37% foi dedicado á formación para traballadores ocupados, desenvolvéronse 2.827 accións formativas cun orzamento de 44,5 millóns de euros. O 63% restante, 75,6 millóns de euros, dedicouse aos 1.340 cursos do plan AFD no que participaron 20.147 alumnos. Comparando co plan FIP do ano anterior,

*Accións formativas para ocupados(1) 2009*

| | Accións formativas | Orzamentos (en miles de €) |
|---|---|---|
| **Plans de formación intersectoriais** | 813 | 15.600,0 |
| **Plans de formación sectoriais** | 689 | 9.276,0 |
| **Accións formativas prioritarias ocupados** | 1.285 | 16.754,4 |
| **Accións de apoio e acompañamento** | 40 | 2.900,0 |
| **Total ocupados** | 2.827 | 44.530,4 |

**(1) Cursos de formación para o emprego destinados a persoas ocupadas**

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

2.3.2.

*Accións formativas para o desemprego(1) 2009*

| | Cursos | Alumnos | Orzamentos (en miles de €) |
|---|---|---|---|
| **AFD Programación ordinaria provincial** | 697 | 10.455 | 42.321,1 |
| **AFD Programación ordinaria pluriprovincial** | 413 | 6.195 | 21.143,7 |
| **AFD Con compromiso de contratación** | 12 | 162 | 619,7 |
| **AFD Con medios propios** | 218 | 3.335 | 11.521,2 |
| **Total AFD** | 1.340 | 20.147 | 75.605,5 |

**(1) As AFD diríxense prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas**

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

2.3.3.

diminúe o número de cursos (1.503 no ano 2008) e de alumnos (22.514 no ano 2008), pero mantense os recursos empregados.

No que aos cursos AFD (agás compromisos de contratación) se refire, ao longo do ano 2009 programáronse un total de 1.328. O orzamento total destes cursos, aos que asistiron un total de 19.985 alumnos, ascendeu a 75 millóns de euros. Comparado co acontecido no exercicio anterior, no último ano rexístrase un incremento de arredor do 25% no número de cursos, alumnos e orzamento.

As principais accións formativas corresponden ás actividades de "Administración e xestión", "Informática e comunicacións", "Transporte e mantemento de vehículos", e "Edificación e obra civil", que acollen en conxunto un cincuenta por cento dos cursos e alumnos e abranguen case o cincuenta por cento do orzamento.

Aos 12 cursos de formación con compromiso de contratación programados no exercicio 2009 asistiron un total de 162 alumnos, ascendendo o seu orzamento a 619,7 miles de euros. Comparado co ano anterior, cóm-

*Programación dos cursos do Plan AFD 2009: distribución sectorial*

| Sector | Cursos | Alumnos | Orzamentos (en €) |
|---|---|---|---|
| Artes Gráficas | 35 | 525 | 2.291.469,8 |
| Imaxe Persoal | 23 | 345 | 1.522.893,9 |
| Fabricación Mecánica | 54 | 810 | 5.335.418,5 |
| Seguridade e Medioambiente | 6 | 90 | 233.060,9 |
| Transporte e Mantemento de Vehículos | 125 | 1.875 | 7.265.162,2 |
| Informática e Comunicacións | 237 | 3.555 | 9.935.484,8 |
| Sanidade | 49 | 735 | 2.001.765,2 |
| Comercio e Marketing | 46 | 690 | 2.164.173,4 |
| Marítimo Pesqueira | 2 | 30 | 87.043,8 |
| Agraria | 33 | 495 | 1.862.897,8 |
| Instalación e Mantemento | 21 | 315 | 1.388.471,1 |
| Administración e Xestión | 212 | 3.180 | 11.959.326,0 |
| Edificación e Obra Civil | 84 | 1.260 | 6.381.406,4 |
| Madeira, Moble e Corcho | 40 | 600 | 3.283.743,2 |
| Actividades Físicas e Deportivas | 9 | 135 | 259.889,1 |
| Imaxe e Son | 2 | 30 | 150.286,4 |
| Electricidade e Electrónica | 56 | 840 | 4.007.646,9 |
| Téxtil, Confección e Pel | 14 | 210 | 773.397,4 |
| Hostelería e Turismo | 71 | 1.065 | 4.847.531,8 |
| Artes e Artesanías | 8 | 120 | 652.943,5 |
| Servizos Socioculturais e á Comunidade | 141 | 2.180 | 6.009.950,6 |
| Formación Complementaria | 16 | 240 | 51.794,5 |
| Enerxía e Auga | 32 | 480 | 1.718.610,4 |
| Industrias Alimentarias | 12 | 180 | 801.522,9 |
| Total AFD sen compromiso | 1.328 | 19.985 | 74.985.890,3 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

2.3.4.

pre salientar o descenso do número de cursos programados, que para 2008 foran 218 (3.239 alumnos). No ano 2008 destacaba a importancia relativa do subsector "Transporte e mantemento de vehículos", que acollía en torno ao oitenta e seis por cento dos cursos e alumnos e o corenta e sete por cento do orzamento total programado, mentres que no 2009 desaparece da programación e o subsector máis importante é o de "Servizos socioculturais e á comunidade", que abrangue case que o corenta por cento dos alumnos e do orzamento.

Con cargo ao orzamento do plan AFD, impartíronse un total de 218 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 11,5 millóns de euros. Destacan os programados en Lugo, con case o corenta por cento dos cursos, alumnos e orzamento. Con respecto ao ano 2008, cando se impartiron 194 cursos do plan FIP, aumenta o número de cursos e alumnos, medrando lixeiramente o orzamento. Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, dos datos do **cadro 2.3.8.** despréndese que as actividades máis importantes, as de edificación e obra civil, madeira, moble e corcho e a de fabricación mecánica, concentran case o 27% dos alumnos e cursos e o 40,5% do orzamento, cifras similares as dos cursos do plan FIP do ano 2008.

Ao longo do exercicio de 2009, no ámbito do Plan autonómico de formación de formadores, programáronse 2 cursos de formador ocupacional on-line, os mesmos que no ano 2008.

En canto aos plans de formación prioritariamente dirixida a persoas ocupadas, no ano 2009 realizáronse

### *AFD 2009: cursos con compromiso de contratación*

| | Cursos | Alumnos | Orzamentos |
|---|---|---|---|
| | | | *(en €)* |
| **A Coruña** | 2 | 20 | 82.326,4 |
| **Lugo** | - | - | - |
| **Ourense** | 7 | 100 | 368.815,5 |
| **Pontevedra** | 3 | 42 | 168.513,8 |
| **Total AFD con compromiso** | 12 | 162 | 619.655,8 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

2.3.5.

### *AFD 2009: cursos con compromiso de contratación: distribución sectorial*

| Sector | Cursos | Alumnos | Orzamentos |
|---|---|---|---|
| | | | *(en €)* |
| **Artes Gráficas** | 2 | 30 | 149.660,3 |
| **Fabricación Mecánica** | 3 | 45 | 167.752,8 |
| **Informática e Comunicacións** | 1 | 15 | 58.739,5 |
| **Administración e Xestión** | 1 | 12 | 18.853,6 |
| **Servizos Socioculturais e á Comunidade** | 5 | 60 | 224.649,7 |
| **Total AFD con compromiso** | 12 | 162 | 619.655,8 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

2.3.6.

### *AFD 2009: programación con medios propios* (1)

| | Cursos | Alumnos | Orzamentos |
|---|---|---|---|
| | | | *(en €)* |
| **A Coruña** | 34 | 510 | 2.118.117,0 |
| **Lugo** | 83 | 1.310 | 4.603.073,0 |
| **Ourense** | 40 | 600 | 2.442.359,0 |
| **Pontevedra** | 61 | 915 | 2.357.608,0 |
| **Total AFD medios propios** | 218 | 3.335 | 11.521.157,0 |

**(1) cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia**

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

2.3.7.

| Sector | Cursos | Alumnos | Orzamentos (en €) |
|---|---|---|---|
| Artes Gráficas | 5 | 75 | 204.248,3 |
| Fabricación Mecánica | 22 | 330 | 2.183.711,6 |
| Transporte e Mantemento de Vehículos | 15 | 225 | 709.776,4 |
| Informática e Comunicacións | 15 | 225 | 667.977,1 |
| Sanidade | 7 | 105 | 235.744,7 |
| Marítimo Pesqueira | 2 | 30 | 87.043,8 |
| Comercio e Marketing | 1 | 15 | 31.720,2 |
| Agraria | 14 | 210 | 829.675,0 |
| Instalación e Mantemento | 16 | 240 | 937.827,7 |
| Administración e Xestión | 3 | 45 | 137.813,4 |
| Edificación e Obra Civil | 19 | 285 | 1.242.496,9 |
| Madeira, Moble e Corcho | 20 | 300 | 1.240.561,8 |
| Actividades Físicas e Deportivas | 1 | 15 | 28.011,4 |
| Electricidade e Electrónica | 16 | 240 | 959.943,9 |
| Hostelería e Turismo | 9 | 135 | 610.929,3 |
| Téxtil, Confección e Pel | 1 | 15 | 51.480,8 |
| Artes e Artesanías | 2 | 30 | 95.612,3 |
| Servizos Socioculturais e á Comunidade | 27 | 470 | 850.663,4 |
| Formación Complementaria | 16 | 240 | 51.794,5 |
| Enerxía e Auga | 7 | 105 | 364.125,3 |
| **Total AFD medios propios** | 218 | 3.335 | 11.521.157,7 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

**2.3.8.**

698 accións intersectoriais e 813 sectoriais nun total de 124 plans que acolleron outras tantas entidades, cuns orzamentos de 15,6 e 9,3 millóns de euros (**cadro 2.3.2.**).

Nas accións de apoio e de acompañamento á formación programáronse un total de 40 proxectos dirixidos ao estudo da formación profesional para o emprego en Galicia. O orzamento investido no ano 2009 foi de 2,9 millóns de euros.

As accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas teñen por obxecto á reciclaxe e recualificación das persoas dos sectores estratéxicos de Galicia: téxtil, alimentación, madeira, construción e metal e aqueles outros sectores que como consecuencia da crise económica tivesen unha perda de afiliación á Seguridade Social superior ao 1%. Programáronse un total de 1.285 accións formativas nas que participaron un total de 18.367 alumnos, cun orzamento de 16,8 millóns de euros.

### Promoción de emprego

En canto aos distintos programas de incentivos dirixidos á mellora da empregabilidade dos traballadores distínguense catro grandes grupos de actuacións: os destinados ao fomento do emprego e da estabilidade laboral, os dirixidos ao apoio a emprendedores, autoemprego e economía social, os programas de integración laboral das persoas con discapacidade e colectivos con risco de exclusión social e os de cooperación

**Plans de formación para persoas ocupadas 2009: accións e orzamento**

| | Entidades | Plans | Accións formativas |
|---|---|---|---|
| **Distribución Plans de formación Intersectoriais** | | | |
| Intersectorial | 7 | 7 | 522 |
| Autónomos | 12 | 12 | 102 |
| Economía Social | 2 | 2 | 65 |
| **Total intersectorial** | 21 | 21 | 689 |
| **Distribución Plans de formación sectoriais** | | | |
| Transporte | 14 | 14 | 42 |
| Téxtil, Vidro e Cerámica, Artesanía, Química e Enerxía | 1 | 1 | 6 |
| Servizos á Comunidade | 26 | 26 | 253 |
| Administración e Novas Tecnoloxías | 10 | 10 | 85 |
| Comercio e Hostalaría | 29 | 29 | 160 |
| Construción e Madeira | 14 | 14 | 112 |
| Metal | 9 | 9 | 155 |
| **Total sectorial** | 103 | 103 | 813 |
| **Total plans intersectorial e sectorial** | 124 | 124 | 1.502 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

2.3.8.

e programas mixtos de formación e emprego.

**• Fomento do emprego e a estabilidade laboral**

O número de traballadores beneficiarios deste tipo de programas foi de 4.518 persoas, ascendendo o número de empresas beneficiarias destas axudas a 3.251.

Dentro destas actuacións salientan o programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade, que afectan a 2.510 traballadores e 1.517 empresas. Ao mesmo tempo, cómpre mencionar o programa de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción da mocidade, do que se beneficiaron un total de 1.303 traballadores e 1.092 empresas.

**• Apoio a emprendedores, autoemprego e economía social**

O número total de traballadores beneficiarios dos programas de axudas a emprendedores, autoemprego e á economía social recollidos no **cadro 2.3.10.** ascendeu en 2009 a 5.077 beneficiarios e a 4.853 empresas.

En canto ao número de traballadores beneficiarios se refire, o programa máis importante foi o de promoción do emprego autónomo, no que un total 4.204 desempregados que se constituíron como autónomos percibiron axudas.

**• Incentivos á integración laboral das persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social**

Un total de 2.312 persoas con discapacidade e/ou risco de exclusión social beneficiáronse das axudas deste programa de integración laboral ao longo de 2009, ben sexa polo mantemento destes traballadores nos centros especiais de emprego (1.637 persoas), polas subvencións ás unidades de apoio (306 persoas),

### *Plans de formación para persoas ocupadas 2009: accións e orzamento*

| | Entidades | Plans | Accións formativas |
|---|---|---|---|
| **Distribución Plans de formación Intersectoriais** | | | |
| Intersectorial | 7 | 7 | 522 |
| Autónomos | 12 | 12 | 102 |
| Economía Social | 2 | 2 | 65 |
| **Total intersectorial** | 21 | 21 | 689 |
| **Distribución Plans de formación sectoriais** | | | |
| Transporte | 14 | 14 | 42 |
| Téxtil, Vidro e Cerámica, Artesanía, Química e Enerxía | 1 | 1 | 6 |
| Servizos á Comunidade | 26 | 26 | 253 |
| Administración e Novas Tecnoloxías | 10 | 10 | 85 |
| Comercio e Hostalaría | 29 | 29 | 160 |
| Construción e Madeira | 14 | 14 | 112 |
| Metal | 9 | 9 | 155 |
| **Total sectorial** | 103 | 103 | 813 |
| **Total plans intersectorial e sectorial** | 124 | 124 | 1.502 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

2.3.9.

### *Actuacións para o fomento do emprego e estabilidade laboral 2008*

| Procedemento | Empresas | Beneficiarios |
|---|---|---|
| **Apoio a emprendedores, autoemprego e economía social** | 3.742 | 3.961 |
| Empresas inserción laboral (EIL) | 4 | 12 |
| Subvención Iniciativas de Emprego ILES-IER | 97 | 208 |
| Subvención Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica | 8 | 17 |
| Aboamento cotas Seg.Social Expl.Agrarias | 307 | 307 |
| Iniciativas emprendedoras e de emprego (IEE) | 130 | 221 |
| Promoción do emprego autónomo | 3.192 | 3.192 |
| Axudas ó emprego autónomo discapacitados | 1 | 1 |
| Promoción do emprego autónomo | 3 | 3 |
| **Integración laboral de persoas con discapacidade** | 314 | 2.091 |
| Subvención actividades profesionais centros de emprego | 11 | 230 |
| Subvención emprego persoas discapacitados | 5 | 9 |
| Incentivos contratación indefinida discapacitados | 212 | 253 |
| Axudas á creación/amplicación de centros especiais de emprego | 10 | 59 |
| Axudas ó mantemento de centros especiais de emprego | 76 | 1.540 |
| **Fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral** | 3.591 | 5.987 |
| Fomento contratación colectivos en risco de exclusión | 2 | 2 |
| Fomento contratación en prácticas de mozos titulados | 6 | 9 |
| Fomento contratación temporal desempregados | 1 | 1 |
| Conciliación vida laboral e familiar | 48 | 51 |
| Fomento contratación maiores en dificultade | 2 | 2 |
| Fomento contratación estabilidade | 1.325 | 3.017 |
| Fomento contratación indefinida I+D | 2 | 4 |
| Contratación indefinida colectivos desfavorecidos | 72 | 75 |
| Permanencia empresa contrat. Labor. | 14 | 20 |
| Contratación en prácticas de mozos de dificil emp. | 31 | 44 |
| Contratación de mozos substituc. Trab. | 8 | 19 |
| Contratación de mozos empresas de menos de 30 traballadores | 107 | 125 |
| Contratación indefinida mozos desempregados | 935 | 1.358 |
| Contratación indefinida mozos contrato temp. | 458 | 547 |
| Contratación colectivos risco exclusión social | 42 | 53 |
| Transformación contratos temporais en indefinidos | 12 | 18 |
| Incentivos contratos indefinidos a mulleres | 486 | 602 |
| **Total** | **11.548** | **20.105** |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

2.3.10.

***Programas de cooperación con entidades locais e outras administracións e situación das escolas obradoiro, obradoiros de emprego e Unidades de Promoción e Desenvolvemento 2008-09***

***Programas de cooperación con entidades locais e outras administracións***

| | Entidades | | Beneficiarios | |
|---|---|---|---|---|
| | **2008** | **2009** | **2008** | **2009** |
| **Programas de cooperación con entidades locais** | 1.277 | 1.386 | 6.546 | 8.323 |
| **PPCC entidades locais** | 354 | 351 | 4.410 | 5.932 |
| **Contratación axentes de emprego e desenvolvemento loc** | 263 | 254 | 297 | 287 |
| **PPCC Institucionais** | 535 | 642 | 1.465 | 1.729 |
| **PPCC Institucionais-Axentes de Emprego** | 125 | 139 | 374 | 375 |

***Escolas obradoiro, obradoiros de emprego e Unidades de Promoción e Desenvolvemento***

| | EE.OO. | | OO.EE. | | U.P.D. | | Alumnos/traballadores | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **2008** | **2009** | **2008** | **2009** | **2008** | **2009** | **2008** | **2009** |
| **En funcionamento a 1 de xaneiro** | 12 | 15 | 61 | 41 | 7 | 17 | 2.412 | 1.858 |
| **Rematadas** | 8 | 10 | 62 | 41 | 4 | 3 | 2.323 | 1.577 |
| **Iniciadas** | 11 | 4 | 41 | 74 | 14 | 4 | 1.611 | 2.102 |
| **Total en funcionamento** | 23 | 19 | 102 | 115 | 21 | 21 | 4.023 | 3.960 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

**2.3.11.**

fomento da contratación indefinida (331 persoas), polo programa de emprego con apoio (19 persoas) ou polo programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) (19 beneficiarios).

• Programas de cooperación e programas mixtos de formación e emprego

Estes programas fai referencia a tres grandes grupos de actuacións: o de cooperación con entidades locais; os programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro; e as escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento.

No último exercicio beneficiáronse das axudas aos programas de cooperación con entidades locais e outras administracións un total de 8.323 traballadores (1.777 persoas máis que no ano anterior) e 1.386 entidades (109 máis que en 2008). No eido destes programas de cooperación coas entidades locais, destacan as axudas os "Programas de cooperación coas entidades locais", con 351 entidades e 5.932 beneficiarios.

No concernente ás escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento, ao longo do exercicio de 2009 beneficiáronse das súas accións formativas un total de 3.960 alumnos/traballadores (63 menos co ano anterior).

No ano 2009 estaban en funcionamento un total de 19 escolas obradoiro (4 menos co ano anterior), 115 obradoiros de emprego (3 máis que no ano 2008) e 21 unidades de promoción e desenvolvemento (o mesmo número que no ano anterior). ■

# 3

# DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

3.1.- **Demografía empresarial**

3.2.- **Sectores produtivos**

3.3.- **Sector exterior**

Nos capítulos anteriores analizouse a evolución da crise económica e a súa transformación nunha importante crise social, que se reflicte, entre outros aspectos, nunha caída da ocupación e no forte aumento do desemprego. Neste terceiro capítulo o que se pretende é ver cómo foi o impacto da contracción económica no desenvolvemento do tecido empresarial, a actividade produtiva das empresas galegas e a súa actividade comercial.

O ano 2009 pode calificarse de novo como un mal ano para o conxunto do sector empresarial, que amosa:

• a caída, por segundo ano consecutivo, do número de empresas inscritas na Seguridade Social no réxime xeral e no réxime especial da minaría do carbón;

• un novo descenso da taxa de creación de empresas mentres que continúa aumentando o índice de rotación empresarial;

• o mantemento do pesimismo dos empresarios galegos, se ben nun nivel inferior ao estimado no ano anterior;

• o forte impacto negativo da crise nas actividades industriais, que sofren unha fortísima contracción da súa actividade e unha importante caída do índice de produción industrial (IPI), máis acusada no caso dos bens de consumo duradeiro e dos bens intermedios.

• unha contracción do VEB xerado polas actividades da construción e do sector primario, así como unha lixeira caída da produción no sector servizos.

En relación ao comercio exterior, o cadro macroeconómico reflicte a contribución neta da demanda externa, cunha achega de 1,3 puntos, catro décimas máis que no ano anterior.

O principal mercado das empresas galegas segue sendo o resto das comunidades autónomas, que acollen o 68% das importacións e o 56,1% das exportacións. A diferenza do acontecido en

2008, Galicia presenta unha caída do seu déficit comercial motivado tanto por un descenso do déficit comercial das relacións coas outras CC.AA. como do incremento do superávit da balanza comercial con terceiros países.

# 3.1.

# demografía empresarial

**A profundización da crise económica** e financeira seguíu afectando de xeito negativo ao tecido empresarial, tal e como o reflicte a caída do número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no da minaría do carbón. Asemade, descende o número de entidades mercantís creadas así como, de xeito moi considerable, o volume de capital subscrito por ditas empresas.

En termos relativos, o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes en Galicia foi de 13,7, cinco con tres menos que no ano anterior, mentres que a media estatal situouse en 16,7 empresas. Por contra, o índice de rotación sitúase por riba da media española, cun valor de 29,5 empresas disoltas por cada cen sociedades constituídas (19 no ano anterior) fronte ás 22,2 de España (16 no ano 2008).

No concernente ás empresas de economía social, o número de sociedades cooperativas e laborais a 31 de decembro de 2009 acadou, en conxunto, as 1.726 sociedades (1.895 sociedades no ano anterior), o que representa o 4,4% do total estatal. O 1,0% da poboación ocupada galega traballa nestas empresas (12.037 persoas), porcentaxe que chega ao 2% no conxunto do Estado.

### Empresas inscritas na Seguridade Social

O número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no réxime especial da minaría do carbón no derradeiro día de 2009 situouse en Galicia nas 84.715 empresas, o que representa o 6,7% das empresas españolas inscritas nestes dous réximes. Tal como aconteceu no ano 2008, por segundo ano consecutivo volveu a descender o número de empresas inscritas tanto en Galicia como en España, feito que non ocorría dende o ano 1994.

**_Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2005-2009 (1): réxime xeral e réxime especial da minaría do carbón_**

| | Galicia | | | | | España | Galicia / España |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | | (%) |
| **2005** | 85.678 | 35.089 | 11.687 | 10.400 | 31.817 | 1.347.758 | 6,4 |
| **2006** | 87.868 | 35.956 | 12.017 | 10.559 | 32.829 | 1.386.157 | 6,3 |
| **2007** | 89.601 | 36.717 | 12.193 | 10.727 | 33.621 | 1.405.938 | 6,4 |
| **2008** | 87.472 | 35.946 | 12.093 | 10.591 | 32.538 | 1.332.090 | 6,6 |
| **2009** | 84.715 | 34.929 | 11.936 | 10.420 | 31.093 | 1.264.689 | 6,7 |
| **2008** | | | | | | | |
| **Xaneiro** | 89.037 | 36.474 | 12.175 | 10.648 | 33.389 | 1.396.633 | 6,4 |
| **Febreiro** | 89.272 | 36.575 | 12.208 | 10.681 | 33.476 | 1.400.589 | 6,4 |
| **Marzo** | 89.513 | 36.649 | 12.263 | 10.705 | 33.584 | 1.405.916 | 6,4 |
| **Abril** | 89.702 | 36.744 | 12.314 | 10.728 | 33.618 | 1.408.469 | 6,4 |
| **Maio** | 90.022 | 36.886 | 12.368 | 10.748 | 33.736 | 1.415.017 | 6,4 |
| **Xuño** | 89.757 | 36.716 | 12.292 | 10.746 | 33.686 | 1.406.150 | 6,4 |
| **Xullo** | 90.198 | 36.821 | 12.363 | 10.774 | 33.918 | 1.396.476 | 6,5 |
| **Agosto** | 90.032 | 36.743 | 12.346 | 10.765 | 33.855 | 1.384.206 | 6,5 |
| **Setembro** | 88.701 | 36.296 | 12.245 | 10.666 | 33.170 | 1.370.294 | 6,5 |
| **Outubro** | 88.468 | 36.304 | 12.199 | 10.670 | 32.985 | 1.360.362 | 6,5 |
| **Novembro** | 88.373 | 36.342 | 12.185 | 10.670 | 32.891 | 1.354.748 | 6,5 |
| **Decembro** | 87.472 | 35.946 | 12.093 | 10.591 | 32.538 | 1.332.090 | 6,6 |
| **2009** | | | | | | | |
| **Xaneiro** | 86.566 | 35.608 | 11.989 | 10.490 | 32.154 | 1.317.820 | 6,6 |
| **Febreiro** | 86.266 | 35.520 | 11.923 | 10.488 | 32.021 | 1.312.747 | 6,6 |
| **Marzo** | 85.941 | 35.346 | 11.920 | 10.474 | 31.876 | 1.307.154 | 6,6 |
| **Abril** | 86.051 | 35.369 | 11.959 | 10.460 | 31.948 | 1.308.046 | 6,6 |
| **Maio** | 86.324 | 35.447 | 12.037 | 10.546 | 31.986 | 1.314.635 | 6,6 |
| **Xuño** | 86.226 | 35.400 | 11.988 | 10.532 | 31.990 | 1.308.605 | 6,6 |
| **Xullo** | 86.809 | 35.504 | 12.109 | 10.518 | 32.355 | 1.302.668 | 6,7 |
| **Agosto** | 86.451 | 35.339 | 12.106 | 10.501 | 32.184 | 1.289.700 | 6,7 |
| **Setembro** | 85.652 | 35.083 | 12.087 | 10.450 | 31.709 | 1.283.974 | 6,7 |
| **Outubro** | 85.700 | 35.194 | 12.102 | 10.499 | 31.591 | 1.287.074 | 6,7 |
| **Novembro** | 85.273 | 35.135 | 12.017 | 10.460 | 31.348 | 1.276.364 | 6,7 |
| **Decembro** | 84.715 | 34.929 | 11.936 | 10.420 | 31.093 | 1.264.689 | 6,7 |

**(1) empresas inscritas o último día de cada período**
Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

**3.1.1.**

**_Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-09 (1): Réxime xeral e Réxime especial da minaría do carbón_**




**(1) taxas de variación interanuais**
Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

**3.1.2.**

Atendendo á evolución ao longo dos dous últimos anos, o ano 2009 mostra a mesma cadencia que o 2008. O número de empresas inscritas na Seguridad Social vai descendendo mes a mes ata acadar o número máis baixo de inscripcións no mes de decembro (84.715 inscripcións), descenso amortizado cos meses de lixeiro aumento de inscripcións: abril, maio e xullo.

En comparación co acontecido no resto do Estado, o **cadro 3.1.2.** reflicte como a taxa de variación interanual do número de empresas inscritas no réxime xeral e no da minaría de carbón presenta en Galicia, tanto no ano 2008 como no 2009, unha mellor evolución que no conxunto estatal. Os maiores descensos da taxa interanual en Galicia corresponden aos meses de abril e maio de 2009, onde o número de empresas descende un 4,1% respecto ás mesmas datas do ano anterior. A nivel estatal, as maiores caídas coinciden tamén neses meses, aínda que a diminución é moito máis acusada no conxunto do Estado (7,1%).

O maior impacto da crise en canto ao descenso, en valores absolutos e en termos porcentuais, do número de empresas inscritas na Seguridade Social nunha análise provincial correspondeu a Pontevedra, cunha caída de 1.445 empresas inscritas no derradeiro día de 2009 en relación aos datos rexistrados na mesma data do ano anterior. No caso de A Coruña, este descenso foi de 1.017 empresas. En termos relativos, a taxa de variación interanual situouse en Pontevedra no –4,4%, descenso un punto e tres décimas superior á media galega (–3,1%), con porcentaxes do –2,8% en A Coruña e do –1,6% e –1,3%, en Ourense e Lugo, respectivamente.

• Perfil do traballador autónomo

Un elemento fundamental do tecido empresarial son, xunto a estas sociedades mercantís inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no réxime especial da minaría do carbón, os traballadores autónomos. A 31 de decembro de 2009 había en Galicia un total de 237.116 afiliados por conta propia na Seguridade Social (226.049 no réxime especial de traballadores autónomos), que representan o 7,4% do total nacional. Dese número total, 156.962 persoas son autónomos propiamente ditos, é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores.

O perfil maioritario destes empresarios autónomos é o dunha persoa que traballa no sector servizos (aínda que cunha importante presenza na agricultura), sen asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, varón, entre 40 e 54 anos (aínda cunha importante presenza de persoas maiores de 55 anos), español, con cinco ou máis anos no seu negocio, e que cotiza pola base mínima de cotización.

En comparación co perfil medio no conxunto do Estado, cómpre salientar tanto a súa elevada presenza no sector agrícola, como o maior peso das mulleres, así como a presenza de maiores de 55 anos. Destaca tamén a importancia relativa do número de autónomos cunha base de cotización comprendida entre a mínima e 1,5 veces esa base mínima, que representan o 16,8% do conxunto do Estado.

**Traballadores autónomos en Galicia e España 2009: principais características** (1)

| | Galicia | España | G/E (%) |
|---|---|---|---|
| **Sector de actividade** | 156.962 | 2.026.176 | 7,7 |
| Agricultura | 47.925 | 274.987 | 17,4 |
| Industria | 7.304 | 106.716 | 6,8 |
| Construcción | 17.646 | 256.938 | 6,9 |
| Servizos | 84.087 | 1.387.535 | 6,1 |
| **Situación profesional** | | | |
| Sen asalariados | 128.288 | 1.635.666 | 7,8 |
| Con asalariados | 28.674 | 390.510 | 7,3 |
| Sen pluriactividade | 151.250 | 1.934.542 | 7,8 |
| Con pluriactividade | 5.712 | 91.634 | 6,2 |
| **Sexo** | | | |
| **Peixes** | 149.825.738 | 176.174.147 | 17,6 | 313.561.026 | 306.077.023 | -2,4 |
| **Poliquetos** | 1.958 | 3.693 | 88,6 | 40.899 | 150.959 | 269,1 |
| **Resto das descargas** | 204.236 | 233.320 | 14,2 | 736.209 | 722.291 | -1,9 |
| **A Coruña** | 85.646.408 | 97.495.395 | 13,8 | 185.277.220 | 167.403.580 | -9,6 |
| **Algas** | 22.114 | 16.741 | -24,3 | 17.602 | 15.174 | -13,8 |
| **Bivalvos** | 5.073.816 | 3.622.049 | -28,6 | 33.295.051 | 27.887.260 | -16,2 |
| **Cefalópodos** | 3.061.072 | 2.713.897 | -11,3 | 11.184.322 | 8.720.131 | -22,0 |
| **Crustáceos** | 954.115 | 882.215 | -7,5 | 18.496.080 | 14.608.860 | -21,0 |
| **Equinodermos** | 449.061 | 141.868 | -68,4 | 1.128.615 | 360.907 | -68,0 |
| **Gasterópodos** | 5.148 | 3.943 | -23,4 | 12.379 | 9.332 | -24,6 |
| **Peixes** | 75.939.893 | 89.976.477 | 18,5 | 120.644.230 | 115.257.747 | -4,5 |
| **Poliquetos** | 302 | 2.017 | 567,9 | 10.823 | 117.660 | 987,1 |
| **Resto das descargas** | 140.887 | 136.188 | -3,3 | 488.118 | 426.509 | -12,6 |
| **Lugo** | 38.359.578 | 46.406.858 | 21,0 | 91.037.340 | 89.126.110 | -2,1 |
| **Algas** | - | - | | - | - | |
| **Bivalvos** | 4.156 | 4.605 | 10,8 | 51.445 | 78.891 | 53,4 |
| **Cefalópodos** | 1.046.484 | 923.502 | -11,8 | 2.387.145 | 1.767.147 | -26,0 |
| **Crustáceos** | 48.925 | 35.772 | -26,9 | 822.688 | 696.429 | -15,3 |
| **Equinodermos** | 66.153 | 37.746 | -42,9 | 167.070 | 103.645 | -38,0 |
| **Gasterópodos** | 7.260 | 4.920 | -32,2 | 13.974 | 9.230 | -33,9 |
| **Peixes** | 37.142.092 | 45.343.062 | 22,1 | 87.378.577 | 86.250.459 | -1,3 |
| **Poliquetos** | - | 443 | - | - | 11.805 | - |
| **Resto das descargas** | 44.508 | 56.808 | 27,6 | 216.441 | 208.504 | -3,7 |
| **Pontevedra** | 49.562.745 | 51.884.407 | 4,7 | 175.008.462 | 165.842.861 | -5,2 |
| **Algas** | 60.100 | 46.132 | -99,3 | 33.013 | 21.885 | -33,7 |
| **Bivalvos** | 6.181.157 | 5.352.748 | -6,8 | 44.390.880 | 40.370.475 | -9,1 |
| **Cefalópodos** | 5.744.238 | 4.712.712 | 715,6 | 13.391.911 | 10.044.181 | -25,0 |
| **Crustáceos** | 577.832 | 618.492 | 165,7 | 10.895.107 | 9.964.015 | -8,5 |
| **Equinodermos** | 232.736 | 252.902 | 8,7 | 691.814 | 750.242 | 8,4 |
| **Gasterópodos** | 2.432 | 5.256 | 116,1 | 5.792 | 14.474 | 149,9 |
| **Peixes** | 36.743.753 | 40.854.608 | 11,2 | 105.538.219 | 104.568.817 | -0,9 |
| **Poliquetos** | 1.656 | 1.233 | -25,5 | 30.076 | 21.494 | -28,5 |
| **Resto das descargas** | 18.841 | 40.324 | 114,0 | 31.650 | 87.278 | 175,8 |

Fonte: *Consellería do Mar*

**3.2.8.**

ano anterior e descende un 6,4%, acadando un valor de 422,4 millóns de euros.

Os peixes segue sendo o grupo de especies máis importante ao representar o 90% da produción e o 72,5% do valor total en primeira venda. Comparado co ano anterior, a súa produción aumenta un 17,6% en tanto que o seu valor cae un 2,4% (**cadro 3.2.8.**).

Se se desagrega a análise segundo zonas de produción,a Mariña lucense, Arousa e Vigo son as que presentan o maior volume de descargas, ao acoller o 67,9% do valor total de Galicia. Atendendo á evolución respecto ao ano anterior, cómpre salientar o

***Actividade pesqueira e marisqueira 2008-09: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas***

| | Produción | | | Valor | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 09/08 | 2008 | 2009 | 09/08 |
| | *(en Kg.)* | | *(%)* | *(en €)* | | *(%)* |
| **Vigo** | 35.697.715 | 39.274.585 | 10,0 | 107.538.818 | 105.278.828 | -2,1 |
| **Ribeira** | 31.336.960 | 38.203.595 | 21,9 | 37.547.992 | 38.214.775 | 1,8 |
| **A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)** | 27.039.143 | 37.283.516 | 37,9 | 82.983.596 | 75.320.746 | -9,2 |
| **Burela** | 19.783.252 | 25.270.360 | 27,7 | 46.497.624 | 48.185.130 | 3,6 |
| **Celeiro** | 18.455.931 | 21.066.834 | 14,1 | 43.735.695 | 40.246.137 | -8,0 |
| **Portosín** | 9.769.444 | 7.306.119 | -25,2 | 5.217.715 | 4.796.957 | -8,1 |
| **Camariñas** | 2.824.175 | 2.675.029 | -5,3 | 3.954.816 | 3.852.866 | -2,6 |
| **Muros** | 3.251.457 | 2.494.071 | -23,3 | 4.782.455 | 3.818.872 | -20,1 |
| **Cambados** | 1.828.785 | 2.421.774 | 32,4 | 7.991.895 | 7.830.467 | -2,0 |
| **Portonovo** | 2.276.884 | 1.957.339 | -14,0 | 2.549.138 | 2.439.192 | -4,3 |
| **Malpica** | 1.369.528 | 1.800.633 | 31,5 | 3.801.732 | 3.880.066 | 2,1 |
| **Marín** | 2.346.599 | 1.669.064 | -28,9 | 5.317.800 | 4.252.596 | -20,0 |
| **Sada** | 1.708.075 | 1.356.354 | -20,6 | 1.159.724 | 927.789 | -20,0 |
| **Cariño** | 1.372.851 | 1.302.186 | -5,1 | 1.844.679 | 1.610.581 | -12,7 |
| **Rianxo** | 1.229.724 | 1.040.751 | -15,4 | 5.888.472 | 5.636.731 | -4,3 |
| **Noia** | 2.143.818 | 1.003.142 | -53,2 | 12.411.102 | 8.611.109 | -30,6 |
| **O Grove** | 996.564 | 918.106 | -7,9 | 8.127.114 | 7.366.472 | -9,4 |
| **Cedeira** | 1.048.851 | 898.401 | -14,3 | 7.332.777 | 5.777.900 | -21,2 |
| **Bueu** | 1.170.933 | 892.591 | -23,8 | 3.806.884 | 2.906.614 | -23,6 |
| **Carril** | 1.139.009 | 877.272 | -23,0 | 6.215.661 | 5.228.427 | -15,9 |

Fonte: *Consellería do Mar*

**3.2.9.**

forte crecemento rexistrado en A Coruña-Ferrol e a Mariña, cun incremento de 9.923,6 (34,2%) e 8.046,7 toneladas (25%) máis, respectivamente, así como a caída experimentada en Muros, con 4.469,4 toneladas menos (29,2%). Asemade, é importante sinalar que todas as zonas de produción presentan unha caída do valor total en primeira venda, salientando os descensos de A Coruña-Ferrol, con 7.580,3 miles de euros (8,8%) e Arousa, con 6.239,6 miles de euros (6,9%).

A lonxa do porto de Vigo (Asociación de vendedores) segue sendo a máis importante en termos de produción e de ingresos xerados pola súa primeira venda. Tras unha medra do 10% respecto ao ano 2008, a súa produción acadou as 39.274,6 toneladas e os seus ingresos, que se reducen un 2,1%, os 105,3 millóns de euros. Esta lonxa acolle a quinta parte da produción galega e a cuarta parte do valor en primeira venda no conxunto das lonxas galegas.

Do mesmo xeito que na pesca, a acuicultura mariña en Galicia experimentou un importante crecemento da súa produción respecto ao ano anterior (17%) que non levou parello unha medra dos ingresos xerados por esta actividade, que permanecen practicamente constantes (0,1% máis que en 2008). Esta evolución explícase basicamente polo comportamento do grupo biolóxico dos bivalvos, cun incremento da súa produción do 17,3% e un descenso do seu valor do 8%.

Por riba de todas as actividades acuícolas salienta o mexilón, que representa o 95% do total producido en Galicia. No último ano, máis do 60% comercializouse con destino ao fresco e o restante se dirixiu á industria.

A diferenza do acontecido no sector, os ingresos procedentes desta actividade medraron un 5,5%. No grupo dos peixes cómpre salientar o predominio do cultivo do rodaballo, que presenta unha medra da súa produción do 33,5% e un incremetno do seu volume de negocios do 7,5%.

• Subsector silvicultura-madeira

En anos anteriores víñase observando unha tendencia ao alza nas curtas de madeira, esta tendencia rómpese en 2009, situando a Galicia en niveis de 2003. Este descenso supón un 23% menos de cortas de madeira. Dos case oito millóns de metros cúbicos rexistrados en 2008, pasouse aos 6,15 millóns de metros cúbicos en 2009. Destaca a especie do eucalipto que supuxo algo máis da metade do total (3,09 millóns de metros cúbicos), os aproveitamentos de piñeiro e frondosas caducifolias diminuíron un 27% e un 46%, respectivamente, neste ano 2009.

A industria da madeira en España alcanzou en 2009 un volume de negocio de 13.900 millóns de euros, o que supón un 14,8% menos que no ano anterior. Este dato sitúa a cifra de negocio do sector a niveis do ano 1999.

O emprego, segundo datos do INE, caeu un 23% neste ano 2009 en relación ao ano anetrior, situándose nos 208.500 traballadores no sector da madeira.

En termos de facturación, segundo datos facilitados polo Clúster da madeira de Galicia, podemos dicir que a facturación conxunta da industria da madeira en Galicia ascendeu, neste ano 2009, a 1.619 millóns de euros, o que supón un 28% menos que no ano 2008.

En xeral, o emprego supera os 22.700 postos de traballo, un 14,5% menos que en 2008, o que supón 3.300 empregos menos. Unha análise máis polo miúdo deste sector obtense analizando por separado como se comportaron a industria da primeira transformación e da segunda transformación, e dicir, mobiliario e carpintaría.

Neste ano 2009 a industria da primeira transformación foi a máis prexudicada polo contexto internacional da crise, pola falta de competitividade na produción e aproveitamento forestal e pola crecente competencia internacional. Un dato moi significativo e que descende un 31% a facturación en primeira transformación. Neste ano 2009 facturáronse un total de 1.084 millóns de euros en primeira transformación, (689 millóns de euros en 2008). Desagregando estas cifras temos que destes 1.084 millón de euros, 576 millóns facturáronse en taboleiros e pastas, 234 millóns en serrado e 274 millóns en rematantes. En canto ao emprego nesta industria de primeira transformación estímase a caída do 15%.

Na segunda transformación, e dicir, na industria do mobiliario e carpintaría, a facturación diminuíu un 22% respecto ao ano anterior. Este dato pódese explicar pola estreita relación que existe entre mobiliario e carpintaría co sector da construción e tamén pola

contracción da demanda do consumidor final. En conxunto, a facturación das empresas de segunda transformación da madeira sitúase nos 535 millóns de euros. Desagregando estes datos, obsérvase que no caso da carpintaría este descenso e do 28% da facturación respecto ao ano 2008 e o número de empregados descendeu nun 13%.

En canto ás exportación, segundo datos do Clúster da madeira de Galicia, obsérvase como o principal país de destino das exportación de segunda transformación é Portugal, cun 41% da facturación, séguenlle en importancia Francia (18% da facturación), Alemania (14% da facturación) e Italia (10% da facturación). En canto ás empresas de carpintaría o 70% das mesmas exporta en exclusivo a Portugal.

### Sector industrial

O sector industrial foi, segundo os datos da Contabilidade trimestral de Galicia, o que rexistrou o maior impacto negativo da crise económica no conxunto do ano 2009. Dunha banda, o sector enerxético presenta unha caída media do seu VEB do 3,2% (en termos reais), sendo este descenso do 13,7% no caso da actividade industrial transformadora. Doutra, cómpre salientar que nos dous primeiros trimestres do ano *[***cadro 1.2.1.** *PIB 2008-09: distribución segundo as súas compoñentes]*, o VEB da industria transformadora presenta taxas de crecemento interanual negativas do –17,7% e –15,9%, respectivamente, as máis acusadas dende o 1995, ano en que comeza a serie da Contabilidade trimestral.

En termos monetarios, a *Contabilidad regional de España* (fonte INE) reflicte que a produción do sector industrial galego, medida a través do seu valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), mantén no an 2009 a súa importancia relativa no total estatal.

O VEB industrial galego situouse nos 8.469,4 millóns de euros, o 5,7% do total estatal, o que posiciona novamente a Galicia como a sétima comunidade con maior peso por detrás de Cataluña (22,7%), Madrid (14,0%), País Vasco (10,9%), a Comunidade Valenciana (10,0%), Andalucía (8,7%) e Castela e León (5,8%).

O sector enerxético galego produciu un total de 1.814,6 millóns de euros (o 7,4% da produción española), 163,2 millóns de euros menos que no ano anterior, e a actividade industrial, sen a enerxía, 6.654,8 millóns de euros, o 5,4% do total estatal, con 445,2 millóns de euros menos que no mesmo período do ano anterior.

A importancia relativa da actividade industrial no VEB total a prezos de mercado da economía galega é do 12,2% en 2009, cinco décimas máis que no conxunto do Estado. O VEB xerado polas ramas enerxéticas representa en Galicia o 3,6% do seu VEB total (2,5% en España), mentres que a produción industrial sitúase no 13,1%, cinco décimas máis que no conxunto do Estado.

A caída do índice de produción industrial en Galicia ao longo de 2009 confirma as dificultades que atravesa

### *Índice de produción industrial de Galicia e España 2008-09* (1)

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 09/08 (%) | 2008 | 2009 | 09/08 (%) |
| **Índice xeral** | 109,0 | 90,4 | -17,1 | 101,6 | 82,6 | -18,6 |
| **Bens de consumo** | 119,0 | 95,6 | -19,7 | 100,9 | 90,8 | -10,0 |
| consumo duradeiro | 120,2 | 74,0 | -38,5 | 94,3 | 67,1 | -28,9 |
| consumo non duradeiro | 118,9 | 98,0 | -17,6 | 102,1 | 95,2 | -6,8 |
| **Bens de equipamento** | 100,6 | 88,6 | -12,0 | 102,4 | 79,9 | -21,9 |
| **Bens intermedios** | 111,6 | 82,9 | -25,7 | 95,6 | 73,7 | -23,0 |
| **Enerxía** | 103,9 | 96,4 | -7,2 | 118,9 | 94,6 | -20,5 |

(1) base 2000=100; medias anuais
Fonte: *INE*

**3.2.10.**

### *Confianza empresarial 2008-09* (1)*: distribución segundo sector económico*

*2008*

| trimestres | Total | Industria | Construción | Comercio polo miúdo | Resto servizos |
|---|---|---|---|---|---|
| I | -12,2 | -10,6 | -18,7 | -8,8 | -11,3 |
| II | -23,5 | -22,8 | -26,7 | -25,9 | -22,6 |
| III | -34,3 | -39,2 | -31,5 | -27,2 | -34,1 |
| IV | -43,4 | -48,1 | -44,0 | -38,9 | -42,1 |

*2009*

| trimestres | Total | Industria | Construción | Comercio polo miúdo | Resto servizos |
|---|---|---|---|---|---|
| I | -34,9 | -37,1 | -27,1 | -36,7 | -36,1 |
| II | -27,6 | -26,9 | -30,5 | -27,6 | -27,1 |
| III | -28,9 | -29,4 | -42,1 | -23,7 | -25,8 |
| IV | -25,5 | -26,2 | -32,5 | -21,8 | -23,9 |

(1) o indicador de confianza empresarial varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador indican optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos empresarios
Fonte: *IGE*

**3.2.11.**

este sector. O índice xeral experimenta en Galicia unha caída media anual do 17,1%, un punto e tres décimas menos que no conxunto do Estado, cando no ano anterior o índice diminuíra un 6,2% (6,5% de media en España).

Asemade, é importante destacar que todos os destinos económicos considerados presentan, **cadro 3.2.10.**, unha caída do seu índice de produción, sendo esta do 12% no caso dos bens de equipamento, dun 7,2% dos produtos enerxéticos e dun 25,7% no dos bens intermedios. O mesmo acontece no caso da produción de bens de consumo, que experimenta, en conxunto, un descenso do 19,7%, tendo un peso máis significativo os bens de consumo duradeiro, cunha diminución do 38,5% (17,6% no caso dos bens de consumo non duradeiro).

**Confianza empresarial 2008-09:distribución segundo actividade principal da empresa**

***Incremento***

*(% sobre o total de empresas)*

| | Industria | Construción | Comercio polo miúdo | Resto servizos | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | ***2008*** | | |
| **trimestres** | | | | | |
| **I** | 14,8 | 4,2 | 15,2 | 6,8 | 8,7 |
| **II** | 8,1 | 11,2 | 5,4 | 8,9 | 8,8 |
| **III** | 7,2 | 6,6 | 18,9 | 7,6 | 8,4 |
| **IV** | 3,9 | 4,1 | 12,1 | 3,7 | 4,7 |
| | | | ***2009*** | | |
| **I** | 3,9 | 7,1 | 0,2 | 1,8 | 3,0 |
| **II** | 11,3 | 8,4 | 12,0 | 5,6 | 8,0 |
| **III** | 14,8 | 11,5 | 4,0 | 11,7 | 11,5 |
| **IV** | 10,0 | 7,3 | 10,7 | 9,9 | 9,5 |

***Estabilidade***

*(% sobre o total de empresas)*

| | Industria | Construción | Comercio polo miúdo | Resto servizos | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | ***2008*** | | |
| **trimestres** | | | | | |
| **I** | 60,4 | 53,5 | 24,8 | 40,0 | 45,6 |
| **II** | 53,8 | 41,0 | 45,6 | 40,9 | 44,1 |
| **III** | 38,7 | 29,1 | 39,4 | 34,1 | 34,5 |
| **IV** | 27,9 | 30,6 | 32,9 | 24,4 | 27,3 |
| | | | ***2009*** | | |
| **I** | 29,8 | 31,7 | 35,2 | 38,2 | 34,9 |
| **II** | 45,6 | 35,5 | 33,3 | 44,0 | 41,7 |
| **III** | 36,4 | 38,3 | 55,8 | 44,9 | 43,0 |
| **IV** | 45,3 | 42,1 | 43,9 | 48,7 | 46,3 |

***Diminución***

*(% sobre o total de empresas)*

| | Industria | Construción | Comercio polo miúdo | Resto servizos | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | ***2008*** | | |
| **trimestres** | | | | | |
| **I** | 24,8 | 42,3 | 60,0 | 53,3 | 45,6 |
| **II** | 38,1 | 47,8 | 49,0 | 50,3 | 47,1 |
| **III** | 54,2 | 64,4 | 41,7 | 58,3 | 57,1 |
| **IV** | 68,2 | 65,3 | 55,0 | 71,8 | 68,0 |
| | | | ***2009*** | | |
| **I** | 66,4 | 61,2 | 64,6 | 60,1 | 62,1 |
| **II** | 43,1 | 56,2 | 54,7 | 50,4 | 50,4 |
| **III** | 48,8 | 50,2 | 40,3 | 43,5 | 45,5 |
| **IV** | 44,7 | 50,6 | 45,4 | 41,4 | 44,2 |

Fonte: *IGE*

**3.2.12.**

**Balance de enerxía eléctrica en Galicia e España 2008-2009**

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 09/08 | 2008 | 2009 | 09/08 |
| | (en GWh) | | (%) | (en GWh) | | (%) |
| **Réxime ordinario** | 18.054 | 16.787 | -7,02 | 236.268 | 206.229 | -12,71 |
| **Hidráulica** | 4.546 | 6.171 | 35,75 | 21.428 | 23.862 | 11,36 |
| **Nuclear** | | | | 58.973 | 52.761 | -10,53 |
| **Carbón** | 8.188 | 7.433 | -9,22 | 49.647 | 37.311 | -24,85 |
| **Fuel/gas (1)** | 245 | 12 | -95,10 | 10.691 | 10.056 | -5,94 |
| **Ciclo combinado** | 5.075 | 3.171 | -37,52 | 95.529 | 82.239 | -13,91 |
| **Réxime especial** | 9.975 | 10.505 | 5,31 | 67.153 | 81.938 | 22,02 |
| **Xeración neta** | 27.402 | 26.698 | -2,57 | 294.164 | 280.164 | -4,76 |
| **Demanda** | 20.385 | 19.587 | -3,91 | 281.096 | 268.324 | -4,54 |

(1) Inclúe GICC (Elcogás)
Fonte: *Red Eléctrica de España*

3.2.13.

O número de ocupados no sector industrial descendeu no último ano case vinte dúas mil persoas, acadando os 194.100 traballadores, o 16,9% dos ocupados en Galicia. Facendo unha análise máis detallada, segundo datos do INE, e centrándonos no cuarto trimestre do ano 2009, pódese observar como as ramas de actividade máis importantes segundo o seu volume de ocupación son as relacionadas coas "industrias de alimentación, bebidas e tabaco", con 38.200 ocupados, as relacionadas co "téxtil e confección; coiro e calzado", con 17.800 persoas; o conxunto de actividades encadradas dentro da "industria extractiva; refino de petróleo; industria química; transformación de caucho, metalurxia; enerxía e auga", con 54.300 ocupados, ou as de "construción de maquinaria, material eléctrico, material de transporte e industrias manufactureiras diversas", cunha ocupación de 57.600 persoas.

Un cuarto indicador do empeoramento da situación do sector industrial, xunto á caída da produción, o emprego e do IPI, é o progresivo aumento do pesimismo que se reflicte no índice galego de confianza empresarial. Os empresarios do sector industrial son os que amosan unha maior percepción pesimista.

Este índice pode variar do -100 ao 100, sendo o valor 0 o punto neutral. Podemos ver, tal e como reflicte o **cadro 3.2.11,** valores negativos nos catro trimestres do ano 2009, sendo máis significativos os índices do primeiro e terceiro trimestres do ano, cunhas cifras negativas de 37,1 e 29,4 , respectivamente.

Asemade, cómpre salientar o grande número de empresas do sector industrial que consideraban que a súa actividade ía diminuír. Se no primeiro trimestre de 2009 máis do 66% das empresas opinaban deste xeito, no derradeiro trimestre esta porcentaxe baixa ata situarse no 44,7%. Tal e como reflicte o **cadro 3.2.112**, no conxunto dos sectores non primarios, estas porcentaxes varían dende o 62,1% do primeiro trimestre ata o 44,2% a finais de 2009.

• Subsector enerxético

Xunto á caída do VEB xerado no sector enerxético hai que mencionar a caída que se produce tanto na xera-

**Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2008-09**

**2008**

| | Gasolinas | Gasóleos | Fuel óleos | Total |
|---|---|---|---|---|
| | *(en toneladas métricas)* | | | |
| **A Coruña** | 135.008 | 963.299 | 318.239 | 1.416.546 |
| **Lugo** | 38.570 | 362.441 | 355.914 | 756.925 |
| **Ourense** | 43.312 | 289.101 | 47.794 | 380.207 |
| **Pontevedra** | 125.570 | 782.182 | 48.292 | 956.043 |
| **Total** | 342.460 | 2.397.024 | 770.238 | 3.509.722 |
| **Total España** | 6.287.190 | 33.548.055 | 3.800.297 | 43.635.543 |
| **Galicia/España** *(%)* | 5,4 | 7,1 | 20,3 | 8,0 |

**2009**

| | Gasolinas | Gasóleos | Fuel óleos | Total |
|---|---|---|---|---|
| | *(en toneladas métricas)* | | | |
| **A Coruña** | 128.777 | 879.046 | 291.680 | 1.299.504 |
| **Lugo** | 38.711 | 372.907 | 331.432 | 743.050 |
| **Ourense** | 42.908 | 283.196 | 48.064 | 374.169 |
| **Pontevedra** | 122.130 | 781.600 | 46.313 | 950.043 |
| **Total** | 332.526 | 2.316.750 | 717.490 | 3.366.766 |
| **Total España** | 6.004.507 | 31.658.831 | 3.410.111 | 41.073.449 |
| **Galicia/España** *(%)* | 5,5 | 7,3 | 21,0 | 8,2 |

Fonte: *Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos*

3.2.14.

ción neta de electricidade como na súa demanda. No ano 2009 a xeración neta de enerxía eléctrica descendeu un 2,6% respecto ao acontecido no ano anterior (2,2 puntos menos que no conxunto do estado) para situarse nos 26.698GWh, en tanto que a demanda o fixo nun 3,9% (4,5% en España), acadando os 19.587 GWh.

No que á xeración de enerxía eléctrica se refire, e tal e como se reflicte no **cadro 3.2.13.**, tanto no conxunto do Estado como en Galicia se rexistra unha medra da enerxía eléctrica de réxime especial (22% e 5,3%, respectivamente) e un descenso das de réxime ordinario consideradas no seu conxunto (-12,7% e -7%, respectivamente). Dentro deste último grupo hai que salientar que descende a produción de enerxía eléctrica xerada polas distintas fontes agás a hidráulica, que presenta unha medra do 35,8% en Galicia e do 11,4% en España.

- Produtos petrolíferos

Mentres que a demanda destes produtos en España diminuíu un 5,9% respecto ao rexistrado no ano 2008, en Galicia esta diminución foi do 4,1%, un punto e oito décimas menos, acadando as 3.666,8 miles de toneladas métricas (o 8,2% do total estatal).

Analizando por separado o comportamento de cada un dos produtos petrolíferos, o **cadro 3.2.14.** reflicte un descenso de todos eles, tanto no caso das gasolinas como dos gasóleos e fuel óleos.

Durante o 2009 e igual que aconteceu en anos anteriores os gasóleos son o produto máis consumido, representando un 68,8% do total de produtos petrolíferos consumidos en Galicia, sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo e das gasolinas do 21,3% e do 9,9%, respectivamente. O peso relativo no total estatal dos tres produtos mantense practicamente igual que no 2008, cunha lixeira medra de case un punto no caso dos fuel óleos no total estatal, que se situou no 21,0% do total estatal.

• Industria da automoción

Despois das cifras record, no que aos niveis de produción se refire, rexistradas en 2007, o ano 2008 comezou con volumes de actividade moi altos nos primeiros seis meses do ano. Despois do verán, cando a crise económica internacional se fixo máis acusada, o nivel de produción rexistrou unha caída moi importante incidindo de xeito directo no emprego. Esta caída mantense ao longo do 2009, tanto nos niveis de produción como do emprego.

Segundo os datos facilitados pola Fundación clúster de empresas de automoción de Galicia (CEAGA), o ano 2009 pechou cunha redución na facturación do 19% e un descenso do 9,2% dos postos de traballo no sector.

As empresas que compoñen o clúster de automoción xeraron en 2009 19.700 empregos directos, o que supón o 10,1% do emprego industrial galego.

Asemade, a facturación do sector acadou un total de 6.800 millóns de euros, o que representa en torno ao 12% do PIB de Galicia. No conxunto do Estado, a produción de vehículos en Galicia supón o 17,5% da produción estatal, isto fai que Galicia lidere por primeira vez a industria da automoción en España, seguida de Castela e León e Cataluña (que representan o 17% e 16% respectivamente).

Dado a forte caída da produción de turismos, a produción total de vehículos automóbiles en Galicia experimentou en 2009 un descenso do 13,7% respecto ao ano anterior. O número total de vehículos situouse nos 379.576 (60.068 vehículos menos que no ano precedente) dos que 169.739 corresponden á produción de turismos (un 16,2% menos que no ano anterior) e 209.837, a vehículos industriais (un 11,5% por baixo da produción de 2008).

Neste ano 2009, a crise económica reflíctese tamén na caída do número de matriculacións de automóbiles, cunha caída en Galicia do 7,6%, diminución que ven a incrementar a forte caída experimentada no 2008 do 28,3%.

En 2009 matriculáronse un total de 72.710 automóbiles, dos que 59.821 corresponden a automóbiles de turismos. Nestes últimos incrementouse case un 2% o número de matriculacións, polo que son os vehículos industriais, autobuses e motocicletas os responsables da caída xeral do 7,6%.

***Facturación** (1) **e emprego directo nas empresas do cluster da automoción 2004-09***




**(1) en millóns de euros**

Fonte: *Clúster da Automoción de Galicia*

**3.2.15.**

***Construción naval en Galicia e España 2008-09***

***2008***

| | Novos contratos | | | | Carteira de pedimentos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Exportación** | | **Total** | | **Exportación** | | **Total** | |
| | **número** | **arqueo** | **número** | **arqueo** | **número** | **arqueo** | **número** | **arqueo** |
| **Asteleiros galegos** | 12 | 55.538 | 17 | 120.576 | 29 | 183.002 | 38 | 303.274 |
| **A. Armón Vigo** | 4 | 5.332 | 5 | 8.278 | 3 | 4.882 | 4 | 7.828 |
| **M. Cíes** | 2 | 2.188 | 3 | 3.176 | 2 | 2.570 | 4 | 4.546 |
| **F. Cardama** | 1 | 340 | 2 | 1.930 | 1 | 340 | 2 | 1.930 |
| **C. N. Freire** | 3 | 18.687 | 3 | 18.687 | 8 | 22.753 | 8 | 22.753 |
| **F. Vulcano** | | | | | 3 | 54.346 | 3 | 54.346 |
| **F.N. Marín** | | | | | 3 | 12.428 | 3 | 12.428 |
| **H. J. Barreras** | 1 | 20.391 | 3 | 79.905 | 5 | 46.683 | 10 | 160.443 |
| **Metalships & Docks** | 1 | 8.600 | 1 | 8.600 | 4 | 39.000 | 4 | 39.000 |
| **Total sector** | 45 | 140.185 | 75 | 220.322 | 105 | 558.690 | 153 | 766.827 |

***2009***

| | Novos contratos | | | | Carteira de pedimentos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Exportación** | | **Total** | | **Exportación** | | **Total** | |
| | **número** | **arqueo (1)** | **número** | **arqueo** | **número** | **arqueo** | **Nº** | **arqueo** |
| **Asteleiros galegos** | 4 | 18.514 | 4 | 18.514 | 26 | 219.160 | 31 | 255.267 |
| **A. Armón Vigo** | | | | | 2 | 4.622 | 2 | 4.622 |
| **M. Cíes** | | | | | 2 | 1.976 | 4 | 4.546 |
| **F. Cardama** | 2 | 714 | 2 | 714 | 3 | 1.054 | 3 | 1.054 |
| **C. N. Freire** | 1 | 600 | 1 | 600 | 5 | 21.587 | 5 | 21.587 |
| **F. Vulcano** | | | | | 6 | 64.246 | 6 | 64.246 |
| **F.N. Marín** | | | | | 3 | 12.428 | 3 | 12.428 |
| **H. J. Barreras** | | | | | 3 | 87.647 | 6 | 121.184 |
| **Metalships & Docks** | 1 | 17.200 | 1 | 17.200 | 2 | 25.600 | 2 | 25.600 |
| **Total sector** | 12 | 28.484 | 13 | 28.729 | 85 | 409.742 | 115 | 581.583 |

**(1) en toneladas brutas, equivalente a 1016,041kg**

Fonte: *Gerencia del Sector Naval*

**3.2.16.**

• Industria naval

Ao longo do ano 2009, os estaleiros galegos rexistraron un descenso tanto do número de novos contratos como do arqueo total. O arqueo total dos 4 contratos novos, trece menos que no ano anterior, descendeu ata as 18.514 toneladas brutas, máis de cen mil toneladas por baixo do rexistrado en 2008. A totalidade destes contratos corresponden a contratos para exportación.

Asemade, no último ano rexistrouse unha caída da carteira de pedimentos, que acada os 31 contratos (26 son contratos para a exportación), sete menos que en 2008. Tal coma indica o cadro 3.2.16., o arqueo total foi de 255.267 toneladas brutas, 48.007 menos que no ano anterior.

No que atinxe á actividade produtiva do sector, os datos da *Gerencia del sector naval* indican que ao longo do ano 2009 iniciouse a obra de nove barcos nos asteleiros galegos, o 17,3% do total estatal (estaleiros privados), sendo o seu arqueo de 83.638 toneladas brutas, o que representa o 45,8% dos estaleiros privados españois. No último ano botáronse un total de 16 barcos, cun arqueo de 83.274 toneladas brutas, o que indica que un de cada catro barcos botados en España o fixeron en Galicia, e que o seu arqueo representa o 28,6% do total estatal.

## Construción

Despois de ser un dos sectores de actividade con maior crecemento nos últimos anos, o valor engadido bruto xerado pola construción en Galicia presentou en 2009 unha caída moi significativa do 5,6%, cando no ano anterior rexistrara unha taxa de variación interanual negativa do 0,3%. Con menor intensidade que o acontecido no sector industrial, as taxas de crecemento na actividade da construción tamén se foron deteriorando a medida que avanza o ano [cadro 1.2.1. *PIB 2008-09: distribución segundo as súas compoñentes].* Continuando coa tendencia dos dous últimos trimestres do ano anterior, no primeiro e segundo trimestre do ano 2009, o VEB xerado neste sector contráese significativamente, tendencia que se incrementa no terceiro e cuarto trimestres do ano, cunha diminución de 6,3% e 6,7% respectivamente.

Comparado co total estatal, o valor engadido xerado por esta rama de actividade representa o 6,1% do VEB total xerado por este sector en España. Ao igual que acontece cos sectores primario e industrial, a importancia relativa deste sector no VEB galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado (12,6% en Galicia e 10,7% de media en España).

O descenso desta actividade tivo o seu reflexo no mercado de traballo, onde o número de traballadores ocupados experimentou unha caída do 13,7% (18.400 persoas menos que no ano precedente). O sector acolle o 10,0% dos galegos ocupados segundo a EPA (11,2% o ano anterior), sen embargo crece o número de ocupados galegos no sector da construción en relación co total de España ata situarse no 6,1% (5,5% no ano anterior).

O valor da licitación pública de todas as administracións en Galicia, cae neste ano 2009 un 0,5%, situán-

dose nos 2.697,7 millóns de euros (o 6,8% da licitación no conxunto do Estado), dato significativo se o comparamos coa medra experimentada no ano 2008 superior ao 20%. A licitación pública en obra civil acadou os 2.254,0 millóns de euros, mentres que a licitación pública en edificación sitúase nos 443,7 millóns de euros.

Galicia presenta en 2009 unha diminución do 56,9% no valor total das licitacións da Administración autonómica, mentres que a Administración central presenta un incremento do 10,5%, cando no conxunto do Estado a primeira descende un 8,3% e o da Administración central un 29,4%. A contía do licitado pola Administración autonómica neste ano 2009, estivo moi por debaixo do licitado polo Ministerio de Fomento, 521 e 1.353 millóns de euros respectivamente. Se comparamos este dato co do ano 2008 podemos ver que nese ano a contía do licitado pola Administración autonómica foi similar á do Ministerio de Fomento, con 1.210,2 e 1.277,0 millóns de euros, respectivamente.

De xeito ben diferente se comportou a contía da licitación da Administración local, que se situou no 2009 nos 675 millóns de euros, experimentando unha medra do 123%. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 12,3% da licitación pública da Administración central, fronte ao 4,4% da licitación autonómica e o 4,5% das administracións locais.

A Coruña sitúase como a provincia con maior volume de licitación, con 754,6 millóns de euros (o 28% da licitación en Galicia), seguida de Pontevedra, con 532,4 millóns de euros (19,7%). Comparado coa licitación do ano anterior, o **cadro 3.2.18.** indica que o volume total de licitación descende en todas as provincias galegas agás en Ourense, que experimenta un crecemento case do 75%. En canto á desagregación segundo obra, a licitación en obra civil descende en Galicia un 2,1%. Esta tendencia obsérvase en tódalas provincias galegas agás en Ourense, que experimenta un incremento de máis do 100%. Esta diminución na licitación en obra civil podemos observala tamén no conxunto do Estado, no que se deixou de licitar por un valor de 2.835,4 millóns de euros, un 10% menos que no ano anterior.

Outro dos indicadores que amosan as dificultades polas que atravesa esta actividade económica é o deterioro da confianza empresarial. O incremento do pesimismo se reflicte na evolución do índice de confianza empresarial, que pasa do -27,1 no primeiro trimestre do ano ata o -32,5 no cuarto.

**• Datos de vivenda**

O mal momento do sector da construción reflíctese no desplome do número de vivendas iniciadas en 2009, que cae máis dun 60% respecto ao rexistrado no ano anterior tanto en Galicia como no conxunto do Estado (51,5%). No último ano iniciáronse en Galicia un total de 7.397 vivendas (o 4,6% das vivendas iniciadas no conxunto do Estado), das que 6.251 corresponden a vivendas libres (o 7,8% do total estatal) e 1.146 a vivendas protexidas (o 1,4% das vivendas protexidas iniciadas en España). Como se reflicte no **cadro 3.2.19.**, Galicia presenta un descenso tanto das vivendas iniciadas libres como protexidas seguindo a

## *Licitación pública en Galicia e España 2008-09: distribución segundo tipo de obra*

### *2008*

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total España | G/E (rexion.) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | | | | | | *(%)* |
| **Total Xeral** | 2.712,2 | 1.221,4 | 491,2 | 164,9 | 834,7 | 39.812,0 | 6,9 |
| **Edificación** | 411,0 | 194,7 | 33,9 | 46,3 | 136,0 | 11.705,4 | 3,5 |
| **Vivenda** | 62,3 | 32,1 | 0,2 | 9,6 | 20,5 | 1.822,0 | 3,4 |
| **Equip. Social** | 208,6 | 102,6 | 28,7 | 23,4 | 53,9 | 6.336,3 | 3,3 |
| **Resto edificación** | 140,1 | 60,0 | 5,1 | 13,2 | 61,7 | 3.547,0 | 4,0 |
| **Obra Civil** | 2.301,2 | 1.026,6 | 457,3 | 118,7 | 698,6 | 28.106,6 | 8,3 |
| **Transportes** | 1.792,9 | 776,6 | 393,4 | 64,4 | 558,5 | 19.206,5 | 9,4 |
| **Urbanizacións** | 362,8 | 197,7 | 52,4 | 27,2 | 85,6 | 4.812,8 | 7,5 |
| **Hidráulicas** | 127,5 | 44,7 | 7,9 | 23,6 | 51,3 | 3.624,6 | 3,6 |
| **Medio Ambiente** | 18,0 | 7,7 | 3,6 | 3,5 | 3,2 | 462,8 | 3,9 |

### *2009*

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total España | G/E (rexion.) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | | | | | | *(%)* |
| **Total Xeral** | 2.697,7 | 754,6 | 403,5 | 288,0 | 532,4 | 39.100,4 | 6,9 |
| **Edificación** | 443,7 | 218,2 | 65,7 | 31,7 | 128,1 | 13.829,2 | 3,2 |
| **Vivenda** | 10,7 | 9,1 | 0,1 | | 1,5 | 1.419,3 | 0,8 |
| **Equip. Social** | 291,0 | 137,2 | 55,8 | 27,1 | 71,0 | 8.142,0 | 3,6 |
| **Resto edificación** | 142,1 | 72,0 | 9,9 | 4,6 | 55,6 | 4.267,9 | 3,3 |
| **Obra Civil** | 2.254,0 | 536,4 | 337,8 | 256,3 | 404,3 | 25.271,2 | 8,9 |
| **Transportes** | 863,5 | 239,8 | 254,6 | 180,1 | 189,0 | 12.687,9 | 6,8 |
| **Urbanizacións** | 428,8 | 207,4 | 40,9 | 32,5 | 148,1 | 7.713,9 | 5,6 |
| **Hidráulicas** | 205,1 | 79,8 | 34,6 | 38,8 | 52,0 | 4.103,4 | 5,0 |
| **Medio Ambiente** | 37,3 | 9,3 | 7,7 | 5,0 | 15,2 | 765,9 | 4,9 |

Fonte: *Seopan*

**3.2.17.**

## *Licitación pública en Galicia e España (1) 2008-09: distribución segundo administracións*

| | 2008 Galicia | 2008 España | 2009 Galicia | 2009 España | 09/08 Galicia | 09/08 España |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | | | | *(%)* | |
| **Administración xeral** | 1.359 | 17.302 | 1.502 | 12.220 | 10,5 | - 29,4 |
| **Mº Fomento** | 1.277 | 14.623 | 1.353 | 9.210 | 6,0 | - 37,0 |
| **Mº Medio Ambiente** | 13 | 1.316 | 132 | 1.456 | 915,4 | 10,6 |
| **Resto Admón. Xeral** | 69 | 1.326 | 16 | 1.555 | - 76,8 | 17,2 |
| **Admón. Autonómica** | 1.210 | 13.033 | 521 | 11.957 | - 56,9 | - 8,3 |
| **Admón. Local** | 303 | 9.477 | 675 | 14.923 | 123,0 | 57,5 |
| **Concellos** | 222 | 7.183 | 545 | 12.295 | 145,3 | 71,2 |
| **Outras Administracións** | 81 | 2.293 | 130 | 2.629 | 61,5 | 14,6 |
| **Total** | 2.872 | 39.812 | 2.698 | 39.100 | - 6,1 | - 1,8 |

**(1) total rexionalizable**

Fonte: *Seopan*

**3.2.18.**

mesma tendencia do conxunto do Estado.

No caso das vivendas rematadas, finalizáronse un total de 23.928 vivendas, o 5,6% das vivendas rematadas en España. O número de vivendas libres é de 22.150 (o 6,2% das vivendas españolas libres rematadas), e o de vivendas protexidas, de 1.778 (o 2,6% do total estatal). En relación ao ano anterior, pódese observar como se experimenta una caída na construción de vivendas rematadas libres, así como nas vivendas rematadas protexidas, sendo este descenso superior ao 35% en ámbolos dous casos. No conxunto do Estado, o descenso prodúcese tamén en ambos tipos de vivenda, sendo máis significativo no caso das vivendas libres rematadas, que caen un 36,7%.

O número de edificios de nova planta a construír en Galicia foi de 2.989 (2.517 edificios residenciais) cunha superficie a construír de 1.963 miles de metros cadrados (en edificación residencial 1.474 miles de metros cadrados). O número de vivendas a construír reduciuse nun 66,8%, para situarse nas 7.775 vivendas.

Xunto a esta edificación de nova planta, o número de licencias municipais para rehabilitación de edificios diminuíu ata os 1.509, un 15,5% menos que en 2008, situándose o de licencias para obras de demolición nos 239, un 55,4% menos que no ano precedente. No último ano, o número total de vivendas creadas en rehabilitación foi de 938 e o de vivendas a demoler, a 535.

En relación aos visados de dirección de obra nova, descende o número de edificios visados, tendencia que se ven mantendo ano tras ano, que en 2009 se situou nos 2.375 (un 51,8% inferior á do ano anterior), dos que 2.075 corresponderon a edificios para uso residencial. A superficie total a construír reduciuse un 56,1% respecto ao ano anterior, acadando os 1.896 miles de metros cadrados, dos que 1.295 miles de metros cadrados corresponden a vivendas. O presuposto de execución caeu un 55,3% en relación ao presupostado en 2008, acadando os 656,7 millóns de euros, dos que 487,0 millóns de euros (61,4% menos que no ano anterior) corresponderon a uso residencial.

Ao longo do último ano, en Galicia concedéronse un total de 72 visados de dirección de obra nova no caso do servizos comerciais e almacéns. O presuposto de execución de obra nova dos servizos comerciais incrementouse nun 36,4%, e a superficie a construír o fixo nun 45,9%. A superficie total a construír foi de 308.685 metros cadrados e o presuposto de execución, de 66,1 millóns de euros.

No caso dos visados de dirección de obra nova correspondentes a uso industrial, en 2009 concedéronse un total de 58 visados de dirección de obra (trinta e un menos que no ano anterior), descendendo tanto a superficie a construír como o presuposto de execución. No último ano a superficie a construír foi de 129.322 metros cadrados (un 35,2% menos que no ano precedente) e o presuposto de execución caeu ata os 32,8 millóns de euros (un 33,7% menos que no ano anterior).

O número de visados de dirección de obras de ampliación descendeu ata os 246 (69 menos que en 2008),

## Construción de vivendas en Galicia e España 2008-09

### Vivendas iniciadas

| | Vivendas libres | | | Vivendas protexidas | | | Total viv. iniciadas | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 09/08 (%) | 2008 | 2009 | 09/08 (%) | 2008 | 2009 | 09/08 (%) |
| **Galicia** | 16.735 | 6.251 | -62,6 | 2.169 | 1.146 | -47,2 | 18.904 | 7.397 | -60,9 |
| **A Coruña** | 6.749 | 2.770 | -59,0 | 1.039 | 531 | -48,9 | 7.788 | 3.301 | -57,6 |
| **Lugo** | 2.249 | 996 | -55,7 | 420 | 144 | -65,7 | 2.669 | 1.140 | -57,3 |
| **Ourense** | 1.519 | 542 | -64,3 | 153 | 50 | -67,3 | 1.672 | 592 | -64,6 |
| **Pontevedra** | 6.218 | 1.943 | -68,8 | 557 | 421 | -24,4 | 6.775 | 2.364 | -65,1 |
| **España** | 237.960 | 80.230 | -66,3 | 90.531 | 79.054 | -12,7 | 328.491 | 159.284 | -51,5 |
| **Galicia/España** *(%)* | 7,0 | 7,8 | | 2,4 | 1,4 | | 5,8 | 4,6 | |

### Vivendas rematadas

| | Vivendas libres | | | Vivendas protexidas | | | Total viv. rematadas | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 09/08 (%) | 2008 | 2009 | 09/08 (%) | 2008 | 2009 | 09/08 (%) |
| **Galicia** | 34.229 | 22.150 | -35,3 | 2.743 | 1.778 | -35,2 | 36.972 | 23.928 | -35,3 |
| **A Coruña** | 15.318 | 9.940 | -35,1 | 1.140 | 871 | -23,6 | 16.458 | 10.811 | -34,3 |
| **Lugo** | 6.929 | 4.627 | -33,2 | 624 | 501 | -19,7 | 7.553 | 5.128 | -32,1 |
| **Ourense** | 2.595 | 1.329 | -48,8 | 223 | 76 | -65,9 | 2.818 | 1.405 | -50,1 |
| **Pontevedra** | 9.387 | 6.254 | -33,4 | 756 | 330 | -56,3 | 10.143 | 6.584 | -35,1 |
| **España** | 563.631 | 356.555 | -36,7 | 69.597 | 68.575 | -1,5 | 633.228 | 425.130 | -32,9 |
| **Galicia/España** *(%)* | 6,1 | 6,2 | | 3,9 | 2,6 | | 5,8 | 5,6 | |

Fonte: *Ministerio de Vivienda*

**3.2.19.**

## Edificación e vivendas en Galicia e España 2008-09: datos xerais

| | Galicia | | España | |
|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| **Edificación de nova planta** | | | | |
| **Edificios a construír** | 6.242 | 2.989 | 93.678 | 51.744 |
| **Residencial** | 5.710 | 2.517 | 79.752 | 39.564 |
| **Non residencial** | 532 | 472 | 13.926 | 12.180 |
| *(en miles m²)* | | | | |
| **Superficie a construír** | 4.938 | 1.963 | 66.085 | 37.433 |
| **Residencial** | 4.230 | 1.474 | 48.205 | 24.419 |
| **Non residencial** | 708 | 489 | 17.880 | 13.014 |
| **Vivendas a construír** | 23.163 | 7.372 | 268.435 | 130.546 |
| **Obras de rehabilitación** | | | | |
| **Edificios a rehabilitar** | 1.786 | 1.509 | 34.807 | 33.267 |
| **Vivendas creadas en rehabilitación** | 1.277 | 938 | 16.984 | 13.465 |
| **Obras de demolición** | | | | |
| **Edificios a demoler** | 536 | 239 | 14.573 | 7.984 |
| **Vivendas a demoler** | 1.019 | 535 | 15.842 | 9.894 |
| **Total vivendas** | 23.421 | 7.775 | 269.577 | 134.117 |

Fonte: *Ministerio de Fomento*

**3.2.20.**

### Visados de dirección de obra en Galicia e España 2008-09: distribución segundo tipo de obra

| | Galicia 2008 | Galicia 2009 | Galicia 09/08 | España 2008 | España 2009 | España 09/08 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obra nova** | | | | | | |
| | | | (%) | | | (%) |
| **Total edificios** | 4.923 | 2.375 | -51,8 | 74.152 | 39.643 | -46,5 |
| Uso residencial | 4.581 | 2.075 | -54,7 | 65.892 | 31.576 | -52,1 |
| Servizos comerciais | 84 | 72 | -14,3 | 2.525 | 2.297 | -9,0 |
| Uso industrial | 89 | 58 | -34,8 | 1.631 | 875 | -46,4 |
| Outros | 169 | 170 | 0,6 | 4.104 | 4.895 | 19,3 |
| | | | ($m^2$) | | | |
| **Superficie a construír** | 4.321.254 | 1.896.045 | -56,1 | 59.972.512 | 29.169.506 | -51,4 |
| Uso residencial | 3.610.180 | 1.295.027 | -64,1 | 45.110.756 | 19.509.085 | -56,8 |
| Servizos comerciais | 211.604 | 308.685 | 45,9 | 4.104.323 | 2.053.722 | -50,0 |
| Uso industrial | 199.656 | 129.322 | -35,2 | 2.769.154 | 1.317.852 | -52,4 |
| Outros | 299.814 | 163.011 | -45,6 | 7.988.279 | 6.288.847 | -21,3 |
| | | | (en millóns de €) | | | |
| **Presuposto de execución** | 1.469,6 | 656,7 | -55,3 | 24.040,9 | 12.749,9 | -47,0 |
| Uso residencial | 1.262,7 | 487,0 | -61,4 | 18.513,5 | 8.570,4 | -53,7 |
| Servizos comerciais | 48,5 | 66,1 | 36,4 | 1.152,4 | 685,5 | -40,5 |
| Uso industrial | 49,5 | 32,8 | -33,7 | 702,2 | 337,2 | -52,0 |
| Outros | 109,0 | 70,8 | -35,1 | 3.672,8 | 3.156,8 | -14,0 |
| **Obras de ampliación** | | | | | | |
| **Total edificios** | 315 | 246 | -21,9 | 6.435 | 4.886 | -24,1 |
| Vivendas | 243 | 179 | -26,3 | 5.174 | 3.498 | -32,4 |
| Outros | 72 | 67 | -6,9 | 1.261 | 1.388 | 10,1 |
| | | | ($m^2$) | | | |
| **Superficie a construír** | 114.392 | 72.765 | -36,4 | 1.722.215 | 1.596.065 | -7,3 |
| Vivendas | 51.652 | 40.329 | -21,9 | 731.887 | 516.178 | -29,5 |
| Outros | 62.740 | 33.436 | -46,7 | 990.328 | 1.079.887 | 9,0 |
| | | | (en millóns de €) | | | |
| **Presuposto de execución** | 38,3 | 26,4 | -31,2 | 726,5 | 695,5 | -4,3 |
| Vivendas | 20,3 | 16,0 | -21,2 | 324,7 | 239,9 | -26,1 |
| Outros | 18,1 | 10,4 | -42,4 | 401,8 | 455,6 | 13,4 |
| **Obras de reforma e/ou restauración** | | | | | | |
| **Total edificios** | 1.765 | 1.652 | -6,4 | 36.423 | 40.758 | 11,9 |
| Vivendas | 1.318 | 1.243 | -5,7 | 28.718 | 31.789 | 10,7 |
| Outros | 447 | 409 | -8,5 | 7.704 | 8.969 | 16,4 |
| | | | (en millóns de €) | | | |
| **Presuposto de execución** | 163,3 | 154,4 | -5,5 | 3.064,9 | 3.167,2 | 3,3 |
| Vivendas | 98,4 | 88,4 | -10,2 | 1.471,9 | 1.425,1 | -3,2 |
| Outros | 64,9 | 65,9 | 1,6 | 1.593,0 | 1.742,1 | 9,4 |

Fonte: *Ministerio de Fomento*

3.2.21.

***Certificacións de fin de obra en Galicia e España 2008-09***

| | Galicia 2008 | Galicia 2009 | España 2008 | España 2009 |
|---|---|---|---|---|
| **Certificados de fin de obra** | 5.347 | 4.640 | 115.221 | 85.421 |
| **Edificios** | 6.384 | 5.141 | 169.452 | 114.705 |
| **Promotor privado** | 6.329 | 5.083 | 166.839 | 111.598 |
| **Persoas físicas e Cominidades de propietarios** | 3.430 | 3.138 | 70.197 | 56.920 |
| **Sociedades mercantís** | 2.856 | 1.858 | 94.017 | 50.661 |
| **Cooperativas** | 18 | 22 | 1.886 | 1.118 |
| **Outros** | 25 | 65 | 739 | 2.899 |
| **Administracións públicas** | 55 | 58 | 2.613 | 3.107 |
| **Vivendas** | 31.263 | 25.865 | 615.072 | 387.075 |
| **Promotor privado** | 31.053 | 25.801 | 608.323 | 380.603 |
| **Persoas físicas e Cominidades de propietarios** | 5.509 | 3.923 | 70.469 | 56.609 |
| **Sociedades mercantís** | 25.366 | 21.164 | 524.378 | 308.576 |
| **Cooperativas** | 170 | 586 | 13.337 | 9.728 |
| **Outros** | 8 | 128 | 139 | 5.690 |
| **Administracións públicas** | 210 | 64 | 6.749 | 6.472 |
| **Valor de liquidación da execución material das obras** *(en millóns de €)* | 1.995,9 | 1.664,2 | 45.027,5 | 32.807,1 |

Fonte: *Ministerio de Fomento*

3.2.22.

dos que 179 visados corresponderon a vivendas. A superficie total a construír situouse en 72.765 metros cadrados, un 36,4% inferior á do ano anterior, e o presuposto de execución en 26,4 millóns de euros, un 31,2% por baixo do presupostado no exercicio anterior.

No concernente aos visados de obras de reformas e/ou restauración, o seu número mantívose nun nivel non moi lonxe ao do ano anterior, con 1.652 visados concedidos (113 menos que en 2008), descendendo o seu presuposto de execución  ata os 154,4 millóns de euros (un 5,5% menos que no ano anterior).

O número total de certificacións de fin de obra en Galicia situouse no último ano nas 4.640 (707 certificacións menos que en 2008), o que representa o 5,4% das certificacións no conxunto do Estado. Ao longo do ano 2009 o número de edificios a construír cae un 19,5% e o de vivendas faino nun 17,3%. O **cadro 3.2.21.** indica que o número total de edificios foi de 5.141, dos que 5.083 corresponden a promotores privados e 58 a administracións públicas. O número de vivendas acadou os 25.865, das que 25.801 corresponden a promotores privados e 64, a promotores públicos (210 no ano anterior).

## Servizos

O sector terciario presenta en Galicia un lixeiro descenso do seu valor engadido bruto xerado, cunha caída do 0,1%, cando no ano anterior a súa actividade produtiva medrara nun 3,7%. Esta caída prodúcese por mor do comportamento do conxunto de actividades de servizos de mercado, que, a diferenza do acon-

tecido no ano anterior, experimenta unha contración do 1,4% (medra un 3,4% en 2008), xa que as actividades de servizos non de mercado medran un 4,4% (tres décimas menos que no ano anterior).

O valor total da produción do sector servizos galego en 2009, medida a través do seu valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), ascendeu a 33.741,7 millóns de euros, o que representa o 4,8% do total estatal. Os datos da Contabilidad regional de España (fonte INE) indican que Galicia se sitúa como a sétima comunidade con maior peso relativo no conxunto do Estado, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, a C. Valenciana, País Vasco e Castela e León.

O subsector dos servizos de mercado produciu en Galicia un total de 24.584,3 millóns de euros (o 4,53% da produción española) e o subsector de servizos non comerciais, 9.157,3 millóns de euros, o 5,8% do total estatal.

A importancia relativa da produción das actividades englobadas dentro do sector servizos no VEB xerado pola economía galega é do 61,7%, catro puntos e nove décimas inferior á media estatal. Se se considera a desagregación entre os subsectores de servizos non comerciais e de mercado, cómpre salientar que mentres que o primeiro ten un peso superior no VEB galego que no caso da media española (16,7% e 15%, respectivamente), o subsector dos servizos de mercado ten maior importancia relativa na economía española que na galega (51,5% e 45,0%, respectivamente).
No que atinxe ao emprego, o número total de persoas ocupadas nas distintas ramas de actividade englobadas no sector servizos diminuíu no último ano en 6.300 persoas (un 0,8% menos respecto ao ano precedente), situándose nas 750.100 persoas. O sector acolle o 65,1% dos traballadores ocupados en Galicia, 2,1 puntos menos que no ano anterior, e o 5,6% do total de persoas ocupadas no sector servizos no conxunto do Estado.

Máis de 21 de cada 100 das persoas ocupadas neste sector o están nas ramas de actividades de "comercio por xunto e polo miúdo" (162.700 traballadores). Séguenlle en importancia os subsectores de sanidade e educación, co 10,5% (79.100 ocupados) e 9,3% (69.900 ocupados), respectivamente, e o de hoteis, restaurantes e bares, co 9,2% (69.200 persoas). En conxunto, estas catro ramas acollen o 50,8% dos ocupados no sector.

• Comercio
O índice de confianza empresarial elaborado polo IGE reflicte unha diminución no pesimismo a medida que transcorre o ano 2009, rematando o mesmo cun valor negativo do 21,8, case quince puntos por debaixo do rexistrado no primeiro trimestre do ano (-36,7)

Asemade, xunto á evolución do emprego neste subsector, cómpre salientar que o índice xeral de vendas do comercio interior polo miúdo experimentou un descenso do 4,1% ao longo do ano 2009 (diminuíra un 1,2% no ano anterior), mentres que o índice medio de ocupación o fixo nun 1,9% (diminuíu un 0,3% no 2008). No conxunto do Estado o índice xeral de vendas descende un 7,2%, e o índice de ocupación faino nun 4,0%.

**Comercio interior nas CC.AA. 2008-09: índice de vendas polo miúdo**

| | 2008 | 2009 | 09/08 |
|---|---|---|---|
| | | | *(%)* |
| **Andalucía** | 106,7 | 99,6 | -6,7 |
| **Aragón** | 111,7 | 103,9 | -7,0 |
| **Asturias** | 113,5 | 108,2 | -4,7 |
| **Baleares** | 107,0 | 96,3 | -10,0 |
| **Canarias** | 107,0 | 97,5 | -8,9 |
| **Cantabria** | 112,6 | 106,9 | -5,1 |
| **Castela e León** | 109,2 | 105,5 | -3,4 |
| **Castela - A Mancha** | 113,1 | 103,5 | -8,5 |
| **Cataluña** | 107,3 | 100,7 | -6,1 |
| **C. Valenciana** | 107,2 | 96,6 | -9,9 |
| **Estremadura** | 113,8 | 109,4 | -3,9 |
| **Galicia** | 110,3 | 105,8 | -4,1 |
| **Madrid** | 110,0 | 100,4 | -8,8 |
| **Murcia** | 111,4 | 101,1 | -9,2 |
| **Navarra** | 115,2 | 106,4 | -7,7 |
| **País Vasco** | 109,7 | 104,4 | -4,8 |
| **A Rioxa** | 109,2 | 99,6 | -8,8 |
| **Ceuta** | 113,8 | 109,8 | -3,5 |
| **Melilla** | 111,7 | 110,3 | -1,2 |
| **Total** | 108,9 | 101,1 | -7,2 |

Fonte: *INE*

3.2.23.

• Turismo

O predominio do turismo nacional e o elevado grao de estacionalidade seguen estando entre as principais características do sector en Galicia. Dunha banda, oitenta e un de cada cen viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros galegos en 2009 son residentes en España (57 de cada 100 no conxunto do Estado). Doutra, o grao de ocupación hoteleira por praza no mes de agosto en Galicia é do 56,2%, trinta e cinco puntos por riba do rexistrado en decembro. Para o conxunto de España, estas porcentaxes acadan o 67,6% en agosto e o 36,4% no mes de decembro.

O sector turístico galego non está exento do impacto da crise económica de 2009, rexistrando un descenso do grao de ocupación hoteleira por praza, que se sitúa no 31,4% (un 48% de media en España). Na fin de semana, este índice sitúase máis de cinco puntos por riba da ocupación media total (37,0%), sendo a media español do 54,7%.

Tanto en Galicia como en España os graos de ocupación máximo e mínimo rexistráronse nos meses de agosto (56,2% e 67,6%, respectivamente) e xaneiro (19,5% e 34,8%, respectivamente). O diferencial entre os valores máximos e mínimos experimenta un incremento en Galicia, acadando unha diferenza de 36,7 puntos, mentres que no caso de España redúcese ata acadar unha diferenza de 32,8 puntos de media.

O número de viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros galegos rexistrou no último ano unha caída do 3,6%, descenso que foi moito máis acusado no ano

## *Oferta turística 2008-09: distribución segundo tipo de establecemento*

| | 2008 | | | 2009 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | habitacións | prazas | número | habitacións | prazas |
| **Aloxamentos turísticos** | | | | | | |
| **Hoteis** | 811 | 28.145 | 51.042 | 839 | 28.760 | 52.154 |
| **Hostais, pensións e albergues** | 1.013 | 11.640 | 21.031 | 1.140 | 11.639 | 21.213 |
| **Campings** | 114 | - | 34.499 | 115 | - | 34.989 |
| **Apartamentos** | 100 | 1.059 | 3.851 | 114 | 1.126 | 4.108 |
| **Establecementos de turismo rural** | 575 | 3.495 | 6.870 | 587 | 3.594 | 7.069 |

| | 2008 | | 2009 | |
|---|---|---|---|---|
| **Restauración, intermediación turística, turismo activo e profesións turísticas** | número | prazas | número | prazas |
| **Restaurantes** | 5.145 | 337.474 | 5.195 | 340.983 |
| **Cafeterías** | 1.500 | 94.501 | 1.512 | 95.279 |
| **Axencias de viaxes** | 534 | - | 531 | - |
| **Turismo activo** | 16 | - | 19 | - |
| **Guías de turismo** | 161 | - | 155 | - |

Fonte: *Dirección Xeral de Turismo*

**3.2.24.**

## *Grao de ocupación e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2005-09*

### *Grao de ocupación por praza*

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Valor máximo | Valor mínimo | Total | Valor máximo | Valor mínimo |
| **2005** | 34,7 | 65,4 | 20,2 | 52,5 | 73,9 | 39,4 |
| **2006** | 35,6 | 63,2 | 22,4 | 54,7 | 74,4 | 40,9 |
| **2007** | 35,9 | 62,3 | 22,7 | 54,5 | 74,2 | 40,3 |
| **2008** | 34,0 | 56,6 | 21,9 | 52,0 | 71,9 | 36,4 |
| **2009** (1) | 31,4 | 56,2 | 19,5 | 48,0 | 67,7 | 34,8 |

### *Estadía media*

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Españois | Estranxeiros | Total | Españois | Estranxeiros |
| **2005** | 2,15 | 2,20 | 1,92 | 3,48 | 2,57 | 4,78 |
| **2006** | 2,16 | 2,22 | 1,88 | 3,26 | 2,43 | 4,42 |
| **2007** | 2,15 | 2,19 | 1,95 | 3,22 | 2,40 | 4,33 |
| **2008** | 2,21 | 2,27 | 1,96 | 3,24 | 2,40 | 4,34 |
| **2009** (1) | 2,19 | 2,26 | 1,89 | 3,24 | 2,42 | 4,40 |

(1) datos provisionais
Fonte: *INE*

**3.2.25.**

precedente, cun 6,1% menos de viaxeiros.

O número de viaxeiros en 2009 foi de 3.398.518 (127.351 persoas menos), o que representa o 4,4% dos viaxeiros no conxunto do Estado. O **cadro 3.2.26.** amosa como unha das características do turismo galego o elevado peso relativo dos viaxeiros residentes en España, xa que 81 de cada cen viaxeiros son residentes en España fronte aos 58 de cada cen no conxunto do Estado.

En relación ao ano anterior, a caída de viaxeiros rexistrouse en Lugo, Ourense e Pontevedra, con 14.383, 34.568 e 90.519 persoas menos, respectivamente. Por contra a provincia de A Coruña rexistrou un incremento tanto do número de turistas de nacionalidade española como de nacionalidade estranxeira. O número de viaxeiros medra en 12.116 e 20081 persoas, respectivamente.

Ao longo do ano 2009, as pernoitas experimentaron unha caída do 4,4% respecto os datos do ano precedente, acadando unha cifra de 7,4 millóns. Este descenso e máis acusando no conxunto do Estado onde as pernoitas diminúen un 6,1%.

A estadía media nos establecementos hoteleiros galegos permaneceu practicamente constante nos 2,2 días (no conxunto do Estado situouse nos 2,3 días). En Galicia, a estadía media dos viaxeiros residentes en España aumenta lixeiramente, situándose nos 2,3 días, en tanto que se mantén arredor dos 2 días a correspondente aos turistas estranxeiros. A media española foi de 2,4 días no caso dos viaxeiros residentes en España e de 4,4 días no caso dos estranxeiros. De igual xeito que o acontecido no conxunto do Estado, Galicia presenta unha caída tanto dos prezos hoteleiros como dos ingresos por habitación ao longo do exercicio 2009. Sen embargo esta caída e moito menos acusada en Galicia. Os prezos descenderon en Galicia un 1,8% (no caso do Estado este descenso é do 5,5%), en tanto que os ingresos o fixeron nun 0,1% (mentres que no Estado diminuíron un 4,4%).

No concernente aos indicadores de demanda dos establecementos de turismo rural, o **cadro 3.2.27.** reflicte que ao longo do ano 2009, a diferenza do que ocorre no caso dos establecementos hoteleiros, medra o número de viaxeiros aloxados. Neste ano, tras un incremento do 8,7%, o número de viaxeiros acadou as 177.042 persoas, sendo o número de pernoitas de 368.234, un 1,5% superior ao rexistrado no ano anterior. Tendo en conta que en España o seu incremento foi do 3,1% e 0,7%, respectivamente, a súa importancia relativa descende ata o 3,1% no caso dos viaxeiros e o 4,7% no das pernoitas.

O grao de ocupación por praza situouse en 2009 en Galicia no 15,2%, sendo esta porcentaxe dez puntos superior no fin de semana (25,3% de media no fin de semana). No caso de España a estadía media é algo superior, situándose nos 16,9%, mentres que na fin de semana este dato ascende a 28,5%.A estadía media nos establecementos galegos situouse en 2,1 días, oito décimas por baixo da media estatal.

Atendendo á procedencia dos viaxeiros entrados nos establecementos de turismo rural, cómpre salientar

### *Viaxeiros, pernoitas e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2008-09*

**2008**

| | Viaxeiros | | | Pernoitas | | | Estadía media |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | residentes en España | residentes no estranxeiro | Total | residentes en España | residentes no estranxeiro | |
| **Galicia** | 3.525.869 | 2.833.747 | 692.122 | 7.789.514 | 6.431.783 | 1.357.731 | 2,21 |
| **A Coruña** | 1.504.835 | 1.144.806 | 360.029 | 3.301.457 | 2.596.874 | 704.583 | 2,19 |
| **Lugo** | 528.108 | 428.217 | 99.891 | 876.940 | 735.016 | 141.924 | 1,66 |
| **Ourense** | 322.342 | 293.352 | 28.990 | 616.055 | 549.893 | 66.162 | 1,91 |
| **Pontevedra** | 1.170.584 | 967.372 | 203.212 | 2.995.062 | 2.550.000 | 445.062 | 2,49 |
| **España** | 82.951.290 | 47.181.939 | 35.769.351 | 268.407.113 | 113.011.484 | 155.395.629 | 3,22 |

**2009** (1)

| | Viaxeiros | | | Pernoitas | | | Estadía media |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | residentes en España | residentes no estranxeiro | Total | residentes en España | residentes no estranxeiro | |
| **Galicia** | 3.398.518 | 2.752.014 | 646.504 | 7.443.541 | 6.221.859 | 1.221.682 | 2,19 |
| **A Coruña** | 1.516.951 | 1.164.887 | 352.064 | 3.235.584 | 2.577.923 | 657.661 | 2,13 |
| **Lugo** | 513.725 | 418.423 | 95.302 | 837.418 | 709.234 | 128.184 | 1,63 |
| **Ourense** | 287.774 | 264.899 | 22.875 | 560.941 | 511.744 | 49.197 | 1,95 |
| **Pontevedra** | 1.080.065 | 903.803 | 176.262 | 2.809.600 | 2.422.957 | 386.643 | 2,60 |
| **España** | 77.640.072 | 45.324.897 | 32.315.175 | 251.904.459 | 109.839.818 | 142.064.641 | 3,24 |

**(1) datos provisionais**
Fonte: *INE*

**3.2.26.**

### *Viaxeiros, pernoitas, grao de ocupación e estadía media en establecementos de turismo rural en Galicia e España 2008-09*

| | | 2008 | | 2009 (1) | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Galicia | España | Galicia | España |
| **Viaxeiros** | | 162.881 | 2.626.821 | 177.042 | 2.708.583 |
| residentes en España | | 144.420 | 2.365.426 | 158.254 | 2.441.521 |
| residentes no estranx. | | 18.461 | 261.395 | 18.786 | 267.062 |
| **Pernoitas** | | 362.850 | 7.846.078 | 368.234 | 7.901.745 |
| residentes en España | | 325.165 | 6.480.762 | 335.753 | 6.637.824 |
| residentes no estranx. | | 37.685 | 1.365.316 | 32.484 | 1.263.921 |
| **Grao de ocupación por praza** | | | | | |
| media | *(%)* | 17,6 | 21,8 | 15,2 | 16,9 |
| fin de semana | *(%)* | 26,4 | 30,5 | 25,3 | 28,5 |
| **Estadía media** | *(en días)* | 2,23 | 2,99 | 2,08 | 2,92 |
| residentes en España | *(en días)* | 2,25 | 2,74 | 2,12 | 2,71 |
| residentes no estranx. | *(en días)* | 2,04 | 5,22 | 1,72 | 4,73 |

**(1) datos provisionais**
Fonte: *INE*

**3.2.27.**

que case noventa de cada cen persoas que se aloxaron nestes establecementos en 2009 son residentes en España. O 54,8% dos turistas aloxados son galegos e dezasete de cada cen son madrileños.

• Transporte

A modo de síntese, como reflicte o **cadro 3.2.28,** a estrada é a vía de comunicación máis importante á hora de falar tanto do tráfico de pasaxeiros como no de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo no caso das mercadorías. En canto aos pasaxeiros, a vía de comunicación máis importante, despois da estrada é a vía aérea.

A venda total de combustibles líquidos diminuíu en Galicia o longo do ano 2009 un 4,1% respecto ao ano anterior, acadando un total de 3.366,8 miles de toneladas. Esta diminución ven motivada fundamentalmente pola evolución dos fuel óleos e gasóleos, cuxas vendas caen un 6,8% e un 3,3% respecto ás do ano anterior. As vendas de gasolina volven a descender no último ano nun 2,9%, algo menos que o fixeran en 2008 cando diminuíran as súas ventas nun 3,7%.

No caso do transporte urbano, o número de viaxeiros transportados en autobús rexistrou un descenso do 1,3% en relación ao ano 2008, acadando os 63,1 millóns de viaxeiros en 2009. Comparado co total estatal, estes viaxeiros representan o 3,6% do total de viaxeiros transportados en autobús.

O volume de mercadorías transportadas en Galicia experimentou unha caída inferior á do conxunto do Estado. Ao longo do 2009, tras un descenso do 13,4% (3,6 puntos por baixo da media estatal) o número de toneladas transportadas en Galicia ascendeu a 92.626 miles de toneladas (o 7,6% do total estatal). O **cadro 3.2.29.** amosa un novo incremento do peso relativo do comercio interrexional no tráfico total galego, que ascendeu ata o 25,5% (tres puntos máis que en 2007 e unha décima máis que no ano 2008), sendo en España esa porcentaxe do 24,9%.

A diferenza do acontecido no ano anterior, onde se produciu un descenso case do 30% do volume total de mercadorías transportadas por ferrocarril, neste ano 2009 experimentouse un incremento do 39,1% de mercadorías transportadas por ferrocarril. Este ascenso ven provocado fundamentalmente pola provincia de A Coruña, que con 1.376.933 toneladas métricas en 2009 experimentou unha medra do 83,9%. Tan só esta provincia acolle case o 80% das mercadorías totais de Galicia transportadas por ferrocarril. Tamén a provincia de Ourense experimentou un crecemento do 2,2%. Sen embargo as provincias de Lugo e Pontevedra minguaron o volume de mercadorías transportadas por ferrocarril nun 42,3% e 7,5% respectivamente (**cadro 3.2.31.**). Galicia acolle o 12,1% do Estado de mercadorías transportadas por ferrocarril (6,6% no ano 2008).

A evolución contraria obsérvase no caso de viaxeiros con orixe nas estacións galegas, cunha redución do seu número de case douscentos mi viaxeiros (24,8% menos que no ano anterior). Esta tendencia preséntase en tódalas provincias galegas agás Ourense, onde o número de viaxeiros incremántase nun 2,5%.
Tan só a provincia de A Coruña acolle o 35,9% dos

*Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2008-09: datos xerais*

| | 2008 | 2009 | 09/08 | 2008 | 2009 | 09/08 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de Tm.)* | | *(%)* | *(en miles de persoas)* | | *(%)* |
| **Estrada** (1) | 106.921,0 | 92.626,0 | -13,4 | 63.966,0 | 63.117,0 | -1,3 |
| **Ferrocarril** (2) | 1.442,7 | 2.006,8 | 39,1 | 360,2 | 354,5 | -1,6 |
| **Marítimo** (3) | 33.297,6 | 30.472,3 | -8,5 | 290,0 | 282,5 | -2,6 |
| **Marítimo** (4) | 1.623,8 | 1.104,1 | -32,0 | 1.638,5 | 1.104,3 | -32,6 |
| **Aéreo** (5) | 4.184,3 | 3.025,1 | -27,7 | 4.371,2 | 4.116,0 | -5,8 |

(1) os datos de transporte de pasaxeiros por estrada refírense unicamente ao transporte urbano en autobús
(2) viaxeiros de longa distancia con orixe en Galicia
(3) tráfico nos portos do Estado
(4) tráfico nos portos de Portos Galicia.
(5) non se inclúen Outras Clases de Tráfico (OTC)

Fonte: *INE*, *Puertos del Estado*, *Renfe Operadora*, *AENA* e *Portos de Galicia*

3.2.28.

*Tráfico ferroviario de viaxeiros (1) e mercadorías (2) en Galicia e España 2008-09*

| | 2008 | | 2009 | | 09/08 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Viaxeiros | Mercadorías | Viaxeiros | Mercadorías | Viaxeiros | Mercadorías |
| | | | | | *(%)* | |
| **Galicia** | 360.153 | 1.442.702 | 354.518 | 2.006.779 | -1,6 | 39,1 |
| **A Coruña** | 133.463 | 748.863 | 127.383 | 1.376.933 | -4,6 | 83,9 |
| **Lugo** | 46.899 | 60.869 | 45.876 | 35.107 | -2,2 | -42,3 |
| **Ourense** | 90.218 | 95.232 | 92.497 | 97.336 | 2,5 | 2,2 |
| **Pontevedra** | 89.573 | 537.738 | 88.762 | 497.402 | -0,9 | -7,5 |
| **España** | 23.357.451 | 22.016.088 | 23.168.608 | 16.562.768 | -0,8 | -24,8 |

(1) longa distancia
(2) mercadorías en orixe, en Tm.

Fonte: *Renfe Operadora*

3.2.29.

viaxeiros transportados en ferrocarril, seguida de Ourense (26,1%), Pontevedra (25,0%) e Lugo (12,9%). Se comparamos o total de viaxeiros transportados en ferrocarril de Galicia durante o 2009, que ascendeu a 354.518 viaxeiros, co total estatal, pódese observar como Galicia acolle tan só o 1,5% dos viaxeiros.

No concernente ao **transporte marítimo**, o tráfico de pasaxeiros nos portos galegos de interese xeral descendeu lixeiramente ao longo do 2009. Este descenso prodúcese de maneira significativa no porto de Ferrol-San Cibrao, Vilagarcía e A Coruña, cunhas porcentaxes de 34,8%, 32,9% e 17,2% pasaxeiros menos, respectivamente. Esta diminución viuse compensada polo incremento experimentado no porto de Vigo con 6.619 pasaxeiros máis que no ano anterior.

En termos absolutos, o volume total de pasaxeiros ascendeu no último ano a 282.516 persoas (o 1,1% do total estatal), dos que o porto de Vigo absorbeu case o oitenta por cento dos pasaxeiros (222.948 persoas).

Ademais disto, o ano 2009 presentou unha caída do tráfico portuario de mercadorías. Os portos de inte-

**Transporte urbano e metropolitano nas CC.AA. 2008-09: viaxeiros transportados en autobús e metro**

| | 2008 | 2009 (1) | 09/08 |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de persoas)* | | *(%)* |
| **Autobús** | 1.803.877 | 1.750.978 | -2,9 |
| Andalucía | 253.585 | 247.566 | -2,4 |
| Aragón | 136.332 | 126.268 | -7,4 |
| Asturias | 45.299 | 43.921 | -3,0 |
| Canarias | 42.972 | 40.273 | -6,3 |
| Castela e León | 76.519 | 75.268 | -1,6 |
| Castela - A Mancha | 22.929 | 22.516 | -1,8 |
| Cataluña | 319.371 | 310.626 | -2,7 |
| C. Valenciana | 144.259 | 134.727 | -6,6 |
| Estremadura | 13.366 | 12.616 | -5,6 |
| Galicia | 63.966 | 63.117 | -1,3 |
| Madrid | 480.189 | 474.880 | -1,1 |
| Murcia | 18.682 | 17.665 | -5,4 |
| País Vasco | 73.975 | 70.783 | -4,3 |
| Outras | 112.433 | 110.752 | -1,5 |
| **Metro** | 1.218.008 | 1.156.069 | -5,1 |
| Barcelona | 377.789 | 361.457 | -4,3 |
| Bilbao | 86.476 | 87.038 | 0,6 |
| Madrid | 685.539 | 642.276 | -6,3 |
| Valencia | 68.204 | 65.208 | -4,4 |

(1) datos provisionais
Fonte: *INE*

3.2.30.

**Transporte interior por estrada nas CC.AA. 2008-09: mercadorías cargadas e descargadas**

| | 2008 | | 2009 | | 09/08 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de Tm.)* | *(% interrexional)* | *(en miles de Tm.)* | *(% interrexional)* | *(%)* |
| **Andalucía** | 228.516 | 22,5 | 192.616 | 23,6 | -15,7 |
| **Aragón** | 92.404 | 52,5 | 72.805 | 57,3 | -21,2 |
| **Asturias** | 47.285 | 41,7 | 48.786 | 37 | 3,2 |
| **Baleares** | 19.075 | - | 15.090 | - | -20,9 |
| **Canarias** | 26.490 | - | 30.046 | - | 13,4 |
| **Cantabria** | 37.868 | 44,7 | 29.544 | 52,0 | -22,0 |
| **Castela-A Mancha** | 139.862 | 57,3 | 124.329 | 54,7 | -11,1 |
| **Castela e León** | 165.987 | 40,4 | 143.530 | 42,9 | -13,5 |
| **Cataluña** | 286.925 | 26,3 | 240.616 | 27,0 | -16,1 |
| **C. Valenciana** | 235.812 | 34,8 | 177.177 | 40,1 | -24,9 |
| **Estremadura** | 33.343 | 48,0 | 34.529 | 39,0 | 3,6 |
| **Galicia** | 106.921 | 25,4 | 92.626 | 25,5 | -13,4 |
| **Madrid** | 153.434 | 55,6 | 125.101 | 58,7 | -18,5 |
| **Murcia** | 70.140 | 52,3 | 50.231 | 55,2 | -28,4 |
| **Navarra** | 50.792 | 55,4 | 38.695 | 58,1 | -23,8 |
| **País Vasco** | 109.654 | 46,0 | 96.477 | 49,4 | -12,0 |
| **A Rioxa** | 20.219 | 66,2 | 16.640 | 77 | -17,7 |
| **Total** | 1.474.552 | 28,3 | 1.224.159 | 24,9 | -17,0 |

Fonte: *Ministerio de Fomento*

3.2.31.

### *Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2008-09*

| | Pasaxeiros | | |
|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 09/08 (%) |
| **Portos galegos** | 290.103 | 282.516 | -2,6 |
| **A Coruña** | 64.731 | 53.574 | -17,2 |
| **Ferrol-San Cibrao** | 3.750 | 2.445 | -34,8 |
| **Marín-Pontevedra** | - | - | - |
| **Vigo** | 216.333 | 222.948 | 3,1 |
| **Vilagarcía** | 5.289 | 3.549 | -32,9 |
| **Total Portos do Estado** | 26.202.193 | 25.219.977 | -3,7 |
| **Galicia / España** *(%)* | 1,1 | 1,1 | |

Fonte: *Puertos del Estado*

3.2.32.

### *Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2008-09*

(en Tm.)

| | Graneis líquidos | | Graneis sólidos | | Mercadoría xeral | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| **A Coruña** | 7.454.675 | 6.820.497 | 3.289.608 | 3.215.589 | 1.684.461 | 1.460.316 |
| **Ferrol-San Cibrao** | 2.224.753 | 2.401.948 | 9.781.089 | 9.268.088 | 824.495 | 562.555 |
| **Marín-Pontevedra** | - | 16 | 847.406 | 879.867 | 780.468 | 762.045 |
| **Vigo** | 58.169 | 71.162 | 458.180 | 381.302 | 4.102.402 | 3.073.507 |
| **Vilagarcía** | 322.390 | 224.267 | 506.221 | 488.175 | 304.150 | 245.798 |
| **Total** | 10.059.987 | 9.517.890 | 14.882.504 | 14.233.021 | 7.695.976 | 6.104.221 |
| **Total Portos do Estado** | 153.964.100 | 143.391.174 | 101.352.636 | 79.279.037 | 203.736.431 | 176.186.258 |
| **G/E** *(%)* | 6,5 | 6,6 | 14,7 | 18,0 | 3,8 | 3,5 |

(en Tm.)

| | Pesca fresca | | Avituallamento | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| **A Coruña** | 32.422 | 43.108 | 106.629 | 93.570 | 12.567.795 | 11.633.080 |
| **Ferrol-San Cibrao** | 174 | 208 | 26.305 | 17.578 | 12.856.816 | 12.250.377 |
| **Marín-Pontevedra** | 3.704 | 2.719 | 40.915 | 38.877 | 1.672.493 | 1.683.524 |
| **Vigo** | 88.870 | 89.981 | 355.664 | 323.339 | 5.063.285 | 3.939.291 |
| **Vilagarcía** | - | - | 4.464 | 7.828 | 1.137.225 | 966.068 |
| **Total** | 125.170 | 136.016 | 533.977 | 481.192 | 33.297.614 | 30.472.340 |
| **Total Portos do Estado** | 215.039 | 244.805 | 10.828.543 | 13.752.592 | 316.132.649 | 412.853.866 |
| **G/E** *(%)* | 58,2 | 55,6 | 4,9 | 3,5 | 10,5 | 7,4 |

Fonte: *Puertos del Estado*

3.2.33.

**Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia**
**2008-09**

| | 2008 | | 2009 | | 09/08 |
|---|---|---|---|---|---|
| | (en Tm.) | (%) | (en Tm.) | (%) | (%) |
| **A Pobra** | 118.883 | 10,8 | 118.342 | 10,7 | -0,5 |
| **Burela** | 68.861 | 6,2 | 106.859 | 9,7 | 55,2 |
| **Cariño** | 747.744 | 67,7 | 381.664 | 34,6 | -49,0 |
| **Cee** | 145.639 | 13,2 | 33.653 | 3,0 | -76,9 |
| **Celeiro** | | - | 85.633 | | - |
| **Laxe** | 59.752 | 5,4 | 44.424 | 4,0 | -25,7 |
| **Pontecesures** | 2.250 | 0,2 | 2.280 | 0,2 | 1,3 |
| **Ribadeo** | 334.766 | 30,3 | 283.575 | 25,7 | -15,3 |
| **Ribeira** | 30.271 | 2,7 | 45.020 | 4,1 | 48,7 |
| **Sada-Fontán** | 823 | 0,1 | 2.657 | 0,2 | 222,8 |
| **Viveiro-Celeiro** | 114.799 | 10,4 | | - | -100,0 |
| **Total** | 1.623.788 | 147 | 1.104.107 | 100 | -32,0 |

Fonte: *Portos de Galicia*

3.2.34.

rese xeral moveron un total de 30.472,3 miles de toneladas (o 7,4% do total estatal), sendo o de Ferrol-San Cibrao o de maior movemento, ao acoller o 38,6% do tráfico total de mercadorías (12.250,4 miles de toneladas), seguido do porto de A Coruña, cun 37,7% (11.633,1 miles de toneladas) do total de mercadorías transportadas en Galicia nos portos de interese xeral.

Comparado co ano anterior, cómpre salientar que todos os portos, agás os de Marín e Pontevedra, rexistran descensos no movemento de mercadorías, salientando o de Vigo, cunha caída superior ao millón de toneladas (22,2%) seguido do Porto de Vilagarcía cunha caída do 15,1% do total de mercadorías transportadas.

O movemento de mercadorías máis importante, en termos absolutos, corresponde aos graneis sólidos, con 14.233,0 miles de toneladas, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 65,1% (9.268,1 miles de toneladas) e o porto de A Coruña un 22,6% (3.215,6 miles de toneladas). Séguelle en importancia o volume do movemento de graneis líquidos, con 9.517,9 miles de toneladas, das que o 71,7% (6.820,5 miles de toneladas) corresponden ao porto de A Coruña.

Asemade, hai que salientar a elevada importancia relativa do tráfico de pesca fresca. Trala medra experimentada nos portos galegos, estes moven case o 56% do tráfico portuario de pesca fresca no ano 2009 do total dos portos do Estado, sendo o porto de Vigo o máis importante ao acoller o 66,2% do total de Galicia (89.981 toneladas) e case o 41,4% do total dos portos de interese xeral de España.

Nos portos xestionados por Portos de Galicia, o tráfico total de mercadorías cargadas e descargadas no último ano diminuíu un 32% para situarse nas 1.104.107 toneladas. O porto de Cariño segue sendo o

***Tráfico comercial aéreo 2008-09*** (1)

***operacións***

| | 2008 | 2009 Total | 09/08 (%) |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 17.719 | 16.236 | -8,4 |
| **Santiago** | 21.945 | 20.166 | -8,1 |
| **Vigo** | 17.934 | 15.698 | -12,5 |
| **Total** | 57.598 | 52.100 | -9,5 |
| **Total España** | 2.420.072 | 2.168.580 | -10,4 |
| **G/E** *(%)* | 2,4 | 2,4 | |

***pasaxeiros***

| | 2008 | 2009 Total | 09/08 (%) |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 1.174.970 | 1.066.623 | -9,2 |
| **Santiago** | 1.917.466 | 1.944.068 | 1,4 |
| **Vigo** | 1.278.762 | 1.103.285 | -13,7 |
| **Total** | 4.371.198 | 4.113.976 | -5,9 |
| **Total España** | 203.862.028 | 187.631.102 | -8,0 |
| **G/E** *(%)* | 2,1 | 2,2 | |

***mercadorías***

*(en Kg.)*

| | 2008 | 2009 Total | 09/08 (%) |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 283.571 | 239.692 | -15,5 |
| **Santiago** | 2.418.798 | 1.988.641 | -17,8 |
| **Vigo** | 1.481.939 | 796.720 | -46,2 |
| **Total** | 4.184.308 | 3.025.053 | -27,7 |
| **Total España** | 629.634.700 | 564.783.382 | -10,3 |
| **G/E** *(%)* | 0,7 | 0,5 | |

**(1) non se inclúen Outras Clases de Tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)**
Fonte: *AENA*

3.2.35.

que presenta o maior movemento de mercadorías, con 381.664 toneladas (un 49% menos que en 2008), seguido do porto de Ribadeo, que tras un novo descenso, acada as 283.575 toneladas (un 15,3% menos). Entre ámbolos dous portos acollen máis do 60% do volume total de mercadorías.

Neste ano 2009 os únicos portos que presentan unha medra do tráfico de mercadorías cargadas e descargadas, son Sada-Fontán (máis do 200% que no ano

anterior), o porto de Burela (55,2% máis), Ribeira (48,7% máis) e Pontecesures (1,3% máis que en 2008) (**cadro 3.2.33**.).

No que atinxe ao **transporte aéreo**, 2009 non foi un bo ano para os tres aeroportos galegos, que amosan un descenso tanto do número de operacións como de pasaxeiros e mercadorías. Tan só o aeroporto de Santiago de Compostela incrementa o número de pasaxeiros en relación ao ano 2008. O número de aeronaves nos aeroportos galegos descendeu un 9,5% respecto ao ano precedente como resultado dunha caída de case un 12,5% en Vigo, do 8,4%, en A Coruña e do 8,1% en Santiago.

Ao longo do ano 2009, o número total de operacións foi de 52.100, das que o 38,7% se realizan no aeroporto de Santiago (20.166 aeronaves), fronte ao 31,2% en A Coruña (16.236 aeronaves) e ao 30,1% en Vigo (15.698 aeronaves). Comparando co total do Estado, Galicia acolle 2,4% do total de operacións.

O número de pasaxeiros nos aeroportos galegos descendeu ata as 4.113.976 persoas, un 5,9% inferior ao rexistrado en 2008. Tanto en termos absolutos como relativos, a diminución máis importante rexistrouse no aeroporto de Vigo, con máis de 175.000 pasaxeiros menos que no ano anterior (13,7%). Santiago segue sendo quen acolle ao maior número de viaxeiros, con 1.944.068 pasaxeiros (o 47,3% do total de Galicia), seguido do aeroporto de Vigo, con 1.103.285 persoas (26,8%) e A Coruña, con 1.066.623 pasaxeiros (25,9%).
En relación ao tráfico de mercadorías, e ao igual que no caso dos pasaxeiros, Peinador é o aeroporto con maior impacto da crise, ao descender un 46,2% o volume total de mercadorías transportadas (27,7% no conxunto de Galicia). Santiago, tras un descenso do 17,8%, acolle o 65,7% das mercadorías transportadas en Galicia, en tanto que o de Vigo acolle o 26,3 de tráfico aeroportuario, e o de A Coruña, o 7,9%. ■

# 3.3.

## sector exterior

**Unha vez analizado nos dous** puntos anteriores o desenvolvemento do tecido empresarial galego e a súa actividade produtiva, o obxectivo deste capítulo é coñecer a actividade comercial das empresas galegas.

O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a demanda interna achega –4,3 puntos ao crecemento agregado do PIB en termos reais, en tanto que a demanda exterior neta é de 1,3 puntos, catro décimas superior á súa contribución no ano anterior. En 2009, as importacións diminúen un 13,8% e as exportacións, un 15,1%.

En termos absolutos, as exportacións galegas, tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países, acadaron un valor de 31.334,3 millóns de euros (prezos correntes) e as importacións ascenderon a 40.395,8 millóns de euros. No último ano, a taxa de cobertura mantense por riba do 77%, en tanto que o grado de apertura da economía galega descende ata o 125,5% (142,8% no ano anterior).

O principal mercado dos produtos galegos o constitúe o resto das comunidades autónomas españolas, ao acoller o 68% das importacións e o 56,1% das exportacións de Galicia. A diferenza do acontecido no 2008, salienta neste ano unha diminución do déficit comercial co resto das CC.AA., que se situou nos –9.892,6 millóns de euros, tras unha caída das importacións do 12,4% e dun 17% das exportacións galegas.

No que ao comercio exterior con terceiros países se refire, Galicia incrementa en 2009 o saldo positivo da súa balanza comercial nun 241,3%, explicable pola maior baixa das importacións fronte as exportacións (-16,6% e -12,6% respectivamente).

Ao igual que en anos anteriores, máis das tres cuartas partes das vendas galegas a terceiros países diríxense á Unión Europea e máis da metade das compras proveñen desta zona xeográfica. Asemade, mantense o elevado peso relativo dos dez primeiros capítulos de

### Importacións e exportacións 2008-09: distribución segundo áreas xeográficas

| | Importacións 2008 | Importacións 2009 | Exportacións 2008 | Exportacións 2009 | Saldo comercial 2008 | Saldo comercial 2009 | Taxa de cobertura 2008 | Taxa de cobertura 2009 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | | | | | | *(%)* | |
| **Total** (1) | 46.840,4 | 40.395,8 | 36.903,7 | 31.334,3 | -9.936,7 | -9.061,5 | 78,8 | 77,6 |
| **Resto de CC.AA.** (2) | 31.344,2 | 27.467,7 | 21.164,0 | 17.575,1 | -10.180,2 | -9.892,6 | 67,5 | 64,0 |
| **UE e terceiros países** | 15.496,2 | 12.928,2 | 15.739,7 | 13.759,2 | 243,5 | 831,1 | 101,6 | 106,4 |
| **Europa** | 9.280,0 | 8.603,3 | 12.750,7 | 11.305,0 | 3.470,7 | 2.701,7 | 137,4 | 131,4 |
| **Unión Europea** | 8.413,4 | 7.597,3 | 11.945,3 | 10.545,2 | 3.531,9 | 2.948,0 | 142,0 | 138,8 |
| **Europa Oriental** | 348,6 | 442,9 | 120,2 | 91,6 | -228,4 | -351,3 | 34,5 | 20,7 |
| **Países EFTA** | 301,5 | 316,3 | 431,7 | 433,2 | 130,2 | 116,9 | 143,2 | 137,0 |
| **Resto de Europa** | 216,5 | 246,9 | 253,5 | 235,0 | 37,0 | -11,9 | 117,1 | 95,2 |
| **África** | 2.279,2 | 1.530,7 | 938,4 | 694,5 | -1.340,8 | -836,1 | 41,2 | 45,4 |
| **América** | 2.250,8 | 1.325,4 | 1.286,9 | 1.108,3 | -963,8 | -217,0 | 57,2 | 83,6 |
| **América do Norte** | 389,6 | 244,7 | 662,8 | 578,6 | 273,2 | 333,9 | 170,1 | 236,4 |
| **Islas do Caribe** | 159,8 | 83,3 | 51,4 | 78,0 | -108,4 | -5,3 | 32,1 | 93,6 |
| **América Central** | 891,0 | 433,1 | 220,0 | 187,1 | -671,0 | -246,0 | 24,7 | 43,2 |
| **América do Sur** | 810,3 | 564,2 | 352,8 | 264,6 | -457,5 | -299,6 | 43,5 | 46,9 |
| **Asia** | 1.641,9 | 1.434,8 | 630,0 | 544,7 | -1.011,9 | -890,1 | 38,4 | 38,0 |
| **Oceanía** | 44,4 | 22,2 | 18,2 | 15,2 | -26,2 | -7,0 | 40,9 | 68,6 |
| **Outros** | - | 11,8 | 115,5 | 91,5 | 115,5 | 79,6 | | |

(1) valor total de exportacións e importacións de bens e servizos, recollidas en *IGE, Contas Económicas Anuais; datos de avance*

(2) diferenza entre o valor total de exportacións e importacións e o valor do comercio galego coa UE e terceiros países

Fonte: *IGE* e *ICEX*

**3.3.1.**

importación e exportación, que supoñen máis do 75% do valor total das mesmas.

## Comercio exterior con terceiros países

A actividade comercial en Galicia no 2009 continúa caendo por segundo ano consecutivo, cun descenso do 14,6%, case dez puntos maior ca do 2008. Por contra, no conxunto do Estado, a taxa de actividade permanece practicamente constante no 2008, e no 2009 diminúe o 22,4%. En contraposición ao 2008, tanto a economía galega como a española presentan un descenso das exportacións e das importancións, máis acusado no conxunto do Estado. Como reflicto a **cadro 3.3.2.**, as exportacións galegas redúcense un 12,6% (16,4 de media en España) e as importacións un 16,6%, case dez puntos menos que a media estatal.

No último ano mantívose o superávit da balanza comercial galega, que se sitúa en 831,1 millóns de euros (fonte ICEX), cando en 2008 presentaba un saldo positivo de 243,5 millóns de euros. Ao igual que sucedía en anos anteriores, o saldo comercial é positivo nas provincias de Ourense e, especialmente, Pontevedra, sendo negativo nas outras dúas provincias.

No 2009 destaca o importante descenso da actividade comercial na provincia de A Coruña (20%). Ourense e Pontevedra decreméntanse ao redor do 11%, e Lugo segue a súa tendencia positiva, cun incremento do 11,2%.

• Importacións

O valor total das compras galegas ascendeu no último ano a 12.928,1 millóns de euros (2.568,1 millóns menos que en 2008), o que representa o 6,2% das importacións españolas. Este descenso ven como consecuencia da caída rexistrada en A Coruña, cun 26,6%, en tanto que as compras procedentes doutros países

**Importacións e exportacións de Galicia e España 2008-09**

| | Importacións | | | Exportacións | | | Saldo comercial | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 09/08 | 2008 | 2009 | 09/08 | 2008 | 2009 | 09/08 |
| | *(en millóns de €)* | | *(%)* | *(en millóns de €)* | | *(%)* | *(en millóns de €)* | | |
| **A Coruña** | 7.782,4 | 5.713,0 | -26,6 | 6.215,8 | 5.501,8 | -11,5 | -1.566,6 | -211,2 | 1.355,5 |
| **Lugo** | 839,7 | 1.013,7 | 20,7 | 505,4 | 482,3 | -4,6 | -334,3 | -531,4 | -197,2 |
| **Ourense** | 432,5 | 410,3 | -5,1 | 592,8 | 509,6 | -14,0 | 160,3 | 99,3 | -61,0 |
| **Pontevedra** | 6.441,7 | 5.791,2 | -10,1 | 8.425,7 | 7.265,5 | -13,8 | 1.984,0 | 1.474,3 | -509,7 |
| **Galicia** | 15.496,2 | 12.928,1 | -16,6 | 15.739,7 | 13.759,2 | -12,6 | 243,5 | 831,1 | 587,6 |
| **España** | 283.387,8 | 208.436,8 | -26,4 | 189.227,9 | 158.254,3 | -16,4 | -94.159,9 | -50.182,5 | 43.977,4 |
| **G/E** | 5,5 | 6,2 | | 8,3 | 8,7 | | | | |

Fonte: *ICEX*

**3.3.2.**

**Importacións e exportacións 2009: distribución segundo sectores de actividade**

| | Importacións | | | | Exportacións | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe | 09/08 | peso relativo | Galicia/ España | Importe | 09/08 | peso relativo | Galicia/ España |
| | *(en millóns de €)* | | *(%)* | | *(en millóns de €)* | | *(%)* | |
| **Enerxéticos** | 2.336,4 | -29,4 | 18,1 | 6,9 | 411,5 | -26,5 | 3,0 | 5,8 |
| **Alimentos** | 1.807,0 | -17,0 | 14,0 | 7,8 | 1.663,5 | -8,9 | 12,1 | 6,7 |
| **Materias primas** | 431,7 | -40,6 | 3,3 | 7,3 | 472,3 | -22,0 | 3,4 | 15,3 |
| **Semimanufacturas** | 1.990,1 | -31,7 | 15,4 | 4,3 | 1.371,0 | -32,9 | 10,0 | 3,4 |
| **Bens de equipamento** | 1.601,9 | 8,1 | 12,4 | 3,7 | 1.920,2 | -15,7 | 14,0 | 5,9 |
| **Sector Automóbil** | 2.755,2 | 7,0 | 21,3 | 10,6 | 4.296,1 | -12,9 | 31,2 | 15,7 |
| **Bens de consumo duradeiro** | 206,5 | -17,4 | 1,6 | 3,1 | 86,1 | -13,2 | 0,6 | 2,6 |
| **Manufacturas de consumo** | 1.788,0 | -10,1 | 13,8 | 7,9 | 3.132,8 | 5,0 | 22,8 | 21,4 |
| **Outras mercancías** | 11,3 | -84,7 | 0,1 | 1,5 | 405,9 | -2,0 | 3,0 | 9,1 |
| **Total** | 12.928,2 | -16,6 | 100 | 6,2 | 13.759,2 | -12,6 | 100 | 8,7 |

Fonte: *Secretaría de Estado de Comercio*

**3.3.3.**

diminúen no resto das provincias galegas agás Lugo, cun 20% de incremento. A provincia de Pontevedra, tralo descenso das importacións en A Coruña, sitúase como a máis importante no que ao seu valor se refire, acollendo ao 44,8% das mesmas (A Coruña abrangue o 44,2%).

Mentres que o valor das compras exteriores do sector do automóbil e os bens de equipamento medrou un 7% e un 8,1% respectivamente, o resto dos sectores considerados experimentaron unha caída do importe das compras realizadas no exterior. Destacan polo seu peso relativo os produtos enerxéticos, cunha baixa dun 29,4%. Un dos descensos máis acusados rexístrase nas materias primas (40,6%), cun peso relativo do 3,3% do total das importacións.

En canto ao peso relativo no valor total das importa-

*Importacións 2009: principais capítulos e importacións da Unión Europea, Francia e Portugal*

| Nº | Cap. | Denominación | Importe | cap. / total | Unión Europea | Francia | Portugal |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | (en millóns de €) | (%) | (en millóns de €) | | |
| 1 | 87 | Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios | 2.740,9 | 21,2 | 2.717,7 | 2.209,5 | 188,2 |
| 2 | 27 | Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras miner. | 2.336,4 | 18,1 | 290,7 | 24,5 | 23,7 |
| 3 | 3 | Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos | 1.004,5 | 7,8 | 283,3 | 58,5 | 106,3 |
| 4 | 85 | Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes | 888,3 | 6,9 | 712,5 | 12,4 | 17,1 |
| 5 | 62 | Prendas e complementos de vestir, agás os de punto | 804,4 | 6,2 | 148,3 | 3,4 | 113,8 |
| 6 | 72 | Fundición, ferro e aceiro | 628,3 | 4,9 | 592,2 | 279,9 | 226,0 |
| 7 | 61 | Prendas e complementos de vestir, de punto | 484,0 | 3,7 | 253,9 | 1,7 | 198,9 |
| 8 | 84 | Máquinas e aparatos mecánicos | 387,5 | 3,0 | 276,2 | 20,6 | 20,6 |
| 9 | 30 | Produtos farmacéuticos | 381,0 | 2,9 | 305,6 | 11,9 | 0,2 |
| 10 | 16 | Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos | 270,7 | 2,1 | 16,7 | 1,4 | 4,4 |
| Total dos principais capítulos | | | 9.926,0 | 76,8 | 5.597,0 | 2.624,0 | 899,1 |
| Resto | | | 3.002,2 | 23,2 | 2.000,3 | 277,8 | 612,3 |
| Total | | | 12.928,2 | 100 | 7.597,3 | 2.901,8 | 1.511,4 |

Fonte: *Secretaría de Estado de Comercio*

**3.3.4.**

cións españolas, destaca a importancia do sector do automóbil que representa o 10,6% das importacións españolas deste sector, seguido polas actividades englobadas dentro dos subsectores dos produtos alimentarios e as manufacturas de consumo, que supoñen o 7,8% e 7,9% das compras españolas respectivamente.

Se a análise descende ao nivel de capítulo importador, **cadro 3.3.4.**, os dous primeiros capítulos importadores acollen o 39,3% do valor das importacións galegas. Neste ano os dous primeiros capítulos importadores intercambian os seus postos con respecto ao ano 2008. O capítulo 87 (Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios) que tras unha medra do 5,9%, representa o 21,2% das importacións, sitúase como o primeiro capítulo importador, por diante do relativo ao de "Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras minerais" (27), que, tras descender un 29%, supón o 18,1% do valor total das compras.

Como é habitual, as importacións galegas concéntranse nos países da Unión Europea. Segundo os datos do ICEX, **cadro 3.3.1.**, o 58,8% do valor total das compras procede da UE (7.597,3 millóns de euros), en tanto que a segunda área xeográfica de procedencia das compras galegas é África no Norte, co 7,5% (9.69,7 millóns de euros), por diante de América do Sur, co 4,4% (564,2 millóns de euros). O principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría do Grupo PSA (Peugeot-Citroën) en Vigo, é Francia, con 2.901,8 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.511,4 millóns.

**Exportacións 2009: principais capítulos e exportacións cara á Unión Europea, Francia e Portugal**

| Nº | Cap. | Denominación | Importe | cap. / total | Unión Europea | Francia | Portugal |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | (en millóns de €) | (%) | (en millóns de €) | | |
| 1 | 87 | Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios | 4.838,5 | 35,2 | 4.256,0 | 3.975,1 | 119,5 |
| 2 | 62 | Prendas e complementos de vestir, agás os de punto | 1.498,4 | 10,9 | 1.185,7 | 219,3 | 215,9 |
| 3 | 61 | Prendas e complementos de vestir, de punto | 938,8 | 6,8 | 756,9 | 117,6 | 139,6 |
| 4 | 3 | Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos | 835,9 | 6,1 | 671,4 | 47,4 | 278,6 |
| 5 | 85 | Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes | 553,7 | 4,0 | 243,3 | 50,9 | 23,1 |
| 6 | 27 | Combustibles minerais, aceites minerais e productos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais | 411,5 | 3,0 | 179,9 | 15,3 | 76,3 |
| 7 | 99 | Conxunto doutros produtos | 405,9 | 3,0 | 34,3 | 0,5 | 1,3 |
| 8 | 16 | Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos | 361,3 | 2,6 | 329,7 | 101,5 | 70,6 |
| 9 | 89 | Barcos e embarcacións | 361,2 | 2,6 | 100,1 | 4,0 | 41,1 |
| 10 | 84 | Máquinas e aparatos mecánicos | 288,2 | 2,1 | 174,6 | 11,4 | 51,4 |
| Total dos principais capítulos | | | 10.493,4 | 76,3 | 7.932,0 | 4.542,9 | 1.017,4 |
| Resto | | | 3.265,8 | 23,7 | 2.613,2 | 393,2 | 1.021,7 |
| Total | | | 13.759,2 | 100 | 10.545,2 | 4.936,1 | 2.039,1 |

Fonte: *Secretaría de Estado de Comercio*

3.3.5.

Atendendo á desagregación das importacións galegas dos países da Unión Europea segundo capítulos, as importacións de produtos do capítulo 87 ascenden a 2.717,7 millóns de euros, o que representa o 35,8% das importacións procedentes desa área económica e un 99,2% do valor total das correspondentes ao devandito capítulo. O segundo capítulo importador corresponde ao capítulo 85 ("Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de gravación e reprodución e partes"), cun importe de 712,5 millóns de euros, representando o 9,4% do total das importacións galegas que veñen dos países da UE e o 80,2% do valor das importacións galegas correspondentes ao devandito capítulo.

No caso de Francia, os dous capítulos máis importantes en termos absolutos son o 87 ("Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios") e o 72 ("Fundición, ferro e aceiro·), que representan o 85,8% das compras nese país. No caso de Portugal, os capítulos máis importantes son o 72 ("Fundición, ferro e aceiro"), o 62 ("Prendas e complementos de vestir, de punto") e o 87 ("Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios"), por esa orde, que representan o 40,6% do total.

• Exportacións

No ano 2009 as vendas ao exterior descenderon seguindo unha tendencia similar ao conxunto do Estado. Tras unha caída do 12,6 (6,3% no 2008), o importe total das exportacións a terceiros países acadou no último ano os 13.759,2 millóns de euros, o que

representa o 8,7% das exportacións españolas, catro décimas superior ao ano anterior.

A pesar da caída dun 13,8% (12% no 2008) das exportacións pontevedresas respecto ao ano 2008, Pontevedra segue a ser a provincia co maior volume de exportacións, concentrando o 52,8% das exportacións galegas. Séguelle en importancia A Coruña, que despois dunha baixa do 11,5% (medra do 0,3% no 2008), acada o 40% das exportacións de Galicia.

Atendendo á desagregación sectorial, o **cadro 3.3.3.** reflicte que, a diferenza do acontecido no ano anterior, prodúcese unha diminución das exportacións de todos os sectores agás as manufacturas de consumo. Compre destacar a caída superior ao 32% das semimanufacturas e do 26% dos produtos enerxéticos.

O subsector dos materiais de transporte (clasificación Taric 86-89), a pesar da continuada redución das súas vendas (un 13,4% no ano 2009), representa o 37,8% das exportacións galegas. Asemade, hai que mencionar o comportamento das actividades dos téxtiles (Taric 50-63), que, tras unha medra do 5,51%, representan o 19,5% do valor total das exportacións galegas.

No concernente ao peso relativo no valor total das exportacións españolas, Galicia representa o 34,3% (o 31,7% no 2008) das vendas ao exterior do sector téxtil español, fronte ao 7,8% da produción agrícola (Taric 01-12) e o 15,4% do sector de materiais de transporte.

Ao igual que no caso das importacións, o capítulo máis importante en canto ao importe das mesmas é o do "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (Taric 87), que concentra o 35,2% das exportacións galegas. A continuación estarían os capítulos correspondentes á "Prendas e complementos de vestir, agás os de punto" (Taric 62), que representa o 10,9% das vendas, e á "Prendas e complementos de vestir, de punto" (Taric 61), co 6,8% do valor total das exportacións. Cabe tamén suliñar entre os 10 máis importantes o comportamento do capítulo 89, "Barcos e embarcacións", cunha suba do 119,5% no ano 2009.

A Unión Europea concentra as tres cuartas partes do valor total das exportacións galegas (10.545,2 millóns de euros), sendo Francia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, o principal destino das vendas de Galicia, con 4.936,1 millóns de euros (35,9%). Séguelle Portugal, onde as vendas acadaron os 2.039,1 (14,8%) millóns de euros. A distancia están Italia (7%), Estados Unidos (4,1% ) e Alemaña (3,4%)

Atendendo á desagregación por capítulos das exportacións galegas ao conxunto dos países da Unión Europea, **cadro 3.3.5.**, as vendas de produtos do capítulo 87 ascenden a 4.256 millóns de euros, o que representa o 40,4% das exportacións á UE. O segundo capítulo exportador, cun incremento do 9,2% no ano 2009 fronte ao 2008, o capítulo 62 (prendas e complementos de vestir, agás os de punto), cun importe de 1.185,7 millóns de euros, representa o 11,2% do total das vendas a eses países.

As exportacións a Francia concéntranse no capítulo 87, que acolle o 80,5% das vendas a ese país e que

**Investimento estranxeiro bruto total nas CC.AA. 2008-09**

| | 2008 | | | 2009 | | | 09/08 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | | UE-27 | Total | | UE - 27 | |
| | (en millóns de €) | (%) | (en millóns de €) | (en millóns de €) | (%) | | (%) |
| **Andalucía** | 1.044,2 | 1,4 | 477,1 | 314,5 | 2,1 | 262,7 | -69,9 |
| **Aragón** | 184,2 | 0,2 | 84,7 | 542,8 | 3,7 | 122,1 | 194,7 |
| **Asturias** | 12,4 | 0,0 | 5,4 | 6,3 | 0,0 | 2,1 | -48,8 |
| **Baleares** | 987,6 | 1,3 | 452,3 | 410,3 | 2,8 | 326,4 | -58,5 |
| **Canarias** | 64,5 | 0,1 | 9,3 | 78,8 | 0,5 | 49,7 | 22,1 |
| **Cantabria** | 127,1 | 0,2 | 54,3 | 11,3 | 0,1 | 7,2 | -91,1 |
| **Castela e León** | 105,1 | 0,1 | 29,3 | 71,8 | 0,5 | 16,0 | -31,7 |
| **Castela-A Mancha** | 187,0 | 0,3 | 93,1 | 170,0 | 1,2 | 170,0 | -9,1 |
| **Cataluña** | 7.010,3 | 9,5 | 3.215,5 | 1.755,9 | 12,0 | 1.185,5 | -75,0 |
| **C. Valenciana** | 2.453,2 | 3,3 | 613,8 | 551,0 | 3,7 | 317,2 | -77,5 |
| **Estremadura** | 6,1 | 0,0 | 1,2 | 26,6 | 0,2 | 24,3 | 333,7 |
| **Galicia** | 41,4 | 0,1 | 15,6 | 158,9 | 1,1 | 150,1 | 283,5 |
| **Madrid** | 57.661,9 | 78,2 | 28.205,7 | 9.628,7 | 65,5 | 5.120,8 | -83,3 |
| **Murcia** | 372,0 | 0,5 | 182,2 | 11,7 | 0,1 | 7,0 | -96,9 |
| **Navarra** | 239,8 | 0,3 | 115,9 | 26,4 | 0,2 | 21,3 | -89,0 |
| **País Vasco** | 783,4 | 1,1 | 354,0 | 140,5 | 1,0 | 73,9 | -82,1 |
| **A Rioxa** | 0,7 | 0,0 | 0,3 | 3,6 | 0,0 | 3,3 | 421,3 |
| **Ceuta-Melilla** | 0,6 | 0,0 | 0,0 | 0,7 | 0,0 | 0,6 | 8,4 |
| **Sen asignar** | 2.420,7 | - | 1.133,4 | 784,1 | 5,3 | 740,3 | -67,6 |
| **Total** | 73.702,3 | 100 | 35.043,0 | 14.694,0 | 100 | 8.600,6 | -80,1 |

Fonte: *Ministerio de Industria, Turismo y Comercio*

**3.3.6.**

representan o 82,2% das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo. No caso portugués o principal capítulo é o 03 (peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos) seguido de cerca polo 62 (prendas e complementos de vestir agás os de punto) ao acoller o 13,7% e o 10,6% das vendas galegas a Portugal respectivamente.

## Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

No ano 2008 presentouse un forte descenso tanto do volume de investimento directo estranxeiro en Galicia como do galego no exterior, sendo esta caída superior ao 55% nos dous casos. Nembargantes, no ano 2009, o investimento directo estranxeiro en Galicia creceu mentres que o galego no exterior seguiu diminuíndo.

Os datos do *Registro de inversiones españolas en el exterior* reflicten que o investimento directo estranxeiro (IDE) en Galicia ao longo do último ano multiplicouse case por catro ao realizado en 2008, acadando un total de 158,9 millóns de euros. Este investimento supón o 1,1% do IDE en España, que se concentra basicamente en Madrid (acolle o 65,5% do mesmo) e Cataluña (cun 12%) (**cadro 3.3.6.**).

A UE-27 é a responsable do 94,5% do investimento estranxeiro en Galicia no último ano (150,1 millóns de euros), porcentaxe moi superior á do conxunto do Estado, que non pasa do 60%. As empresas de Italia, Portugal e Países Baixos foron as principais investidoras en Galicia, con 140,5, 4,6 e 2,6 millóns de euros, respectivamente. Fóra da UE, o principal investidor na comunidade galega foi México, cun volume de investimento de 2,5 millóns de euros.

O investimento estranxeiro dirixiuse fundamentalmente aos servizos financeiros, con 140 millóns de euros; ás actividades deportivas, recreativas e de

### *Investimento estranxeiro bruto en empresas españolas en Galicia e España 2009: distribución segundo actividade económica*

| | Galicia | | España | | Galicia / España |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | *(% / total)* | *(en millóns de €)* | *(% / total)* | *(%)* |
| **Total subsectores** | 158,8 | 99,9 | 4.557,7 | 31,0 | 3,5 |
| **Servizos financeiros, excepto seguros e fondos pen.** | 140,02 | 88,1 | 966,74 | 6,6 | 14,5 |
| **Activades deportivas, recreativas de de entret.** | 4,05 | 2,5 | 309,88 | 2,1 | 1,3 |
| **Subministro de enerxía eléctica, gas, vapor e aire** | 3,15 | 2,0 | 409,69 | 2,8 | 0,8 |
| **Construcción de edificios** | 2,85 | 1,8 | 548,76 | 3,7 | 0,5 |
| **Comerciais ao p. maior, inter., excepto vehículos a motor** | 2,78 | 1,8 | 937,73 | 6,4 | 0,3 |
| **Actv. sedes centrais, consultoría de xestión** | 1,74 | 1,1 | 71,31 | 0,5 | 2,4 |
| **Servizos de aloxamento** | 1,32 | 0,8 | 63,15 | 0,4 | 2,1 |
| **Proramación, consultoría e actv. relac.** | 1,03 | 0,6 | 125,43 | 0,9 | 0,8 |
| **Pesca e acuicultura.** | 0,44 | 0,3 | 10,12 | 0,1 | 4,4 |
| **Comerciais ao p. menor, excepto vehículos a motor** | 0,41 | 0,3 | 210,00 | 1,4 | 0,2 |
| **Actv. Axencias de viaxe, operador turist. Reservas** | 0,31 | 0,2 | 22,01 | 0,1 | 1,4 |
| **Actividades inmobiliarias** | 0,31 | 0,2 | 676,25 | 4,6 | 0,0 |
| **Industria química** | 0,30 | 0,2 | 91,19 | 0,6 | 0,3 |
| **Actv. Auxiliares servizos financeiros** | 0,10 | 0,1 | 115,40 | 0,8 | 0,1 |
| **Outros** | 0,1 | 0,1 | 10.136,3 | 69,0 | 0,0 |
| **Total** | 158,9 | 100 | 14.694,0 | 100 | 1,1 |

Fonte: *Ministerio de Industria, Turismo y Comercio*

3.3.7.

### *Investimento bruto das CCAA no exterior 2008-2009*

| | 2008 | | | 2009 | | | 09/08 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | | UE-27 | Total | | UE-27 | |
| | | (%) | | | (%) | | (%) |
| **Andalucía** | 576.944,0 | 1,7 | 137.637,2 | 160.724,1 | 4,7 | 42.793,8 | -72,1 |
| **Aragón** | 169.118,2 | 0,5 | 163.626,9 | 190.818,8 | 5,5 | 45.084,6 | 12,8 |
| **Asturias** | 865.256,4 | 2,5 | 3.542,9 | 405.410,0 | 11,8 | 170,4 | -53,1 |
| **Baleares** | 1.435.895,8 | 4,2 | -6.877,3 | 9.061,5 | 0,3 | 1.284,1 | -99,4 |
| **Canarias** | -234.952,5 | -0,7 | -370.185,0 | 266.955,6 | 7,8 | 247.460,0 | -213,6 |
| **Cantabria** | 4.894.865,2 | 14,2 | 3.868.274,1 | 3.715.296,6 | 107,9 | 1.389.311,1 | -24,1 |
| **Castela e León** | 152.242,8 | 0,4 | 50.678,0 | 91.150,9 | 2,6 | -1.755,3 | -40,1 |
| **Castela-A Mancha** | -20.705,2 | -0,1 | 82.800,6 | 39.109,7 | 1,1 | 38.866,1 | -288,9 |
| **Cataluña** | 4.648.304,4 | 13,5 | 1.526.287,9 | 44.639,0 | 1,3 | -582.759,8 | -99,0 |
| **C. Valenciana** | 3.119.191,0 | 9,0 | 1.000.597,4 | -105.002,2 | -3,1 | 1.272.738,8 | -103,4 |
| **Estremadura** | 3.421,3 | 0,0 | 3.421,3 | 697,1 | 0,0 | 558,0 | -79,6 |
| **Galicia** | 902.156,4 | 2,6 | 512.493,4 | 255.852,8 | 7,4 | 101.924,1 | -71,6 |
| **Madrid** | 12.947.370,2 | 37,6 | 6.893.512,5 | -3.064.461,4 | -89,0 | -5.704.338,7 | -123,7 |
| **Murcia** | 102.489,4 | 0,3 | 36.494,6 | -16.089,6 | -0,5 | -16.853,3 | -115,7 |
| **Navarra** | 70.455,6 | 0,2 | 3.101,3 | 19.533,2 | 0,6 | -4.277,8 | -72,3 |
| **País Vasco** | 4.836.625,6 | 14,0 | 637.689,5 | 1.428.096,4 | 41,5 | 148.975,6 | -70,5 |
| **A Rioxa** | 550,2 | 0,0 | | 154,8 | 0,0 | 118,9 | -71,9 |
| **Total** | 34.469.228,5 | 100,0 | 14.543.095,3 | 3.441.947,1 | 100,0 | -3.020.699,5 | -90,0 |

Fonte: *Ministerio de Industria, Turismo y Comercio*

3.3.8.

**Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2008: distribución segundo rama de actividade económica**

| | Galicia | | España | | Galicia / España |
|---|---|---|---|---|---|
| | (en millóns de €) | (% / total) | (en millóns de €) | (% / total) | (%) |
| **Total** | 255,9 | 100,0 | 3441,9 | 100,0 | 7,4 |
| Confección de prendas de vestir | 60,2 | 23,5 | 60,4 | 1,8 | 99,7 |
| Comercio ao por menor, excepto vehi. motor | 54,5 | 21,3 | 69,2 | 2,0 | 78,8 |
| Pesca e acuicultura | 18,3 | 7,2 | 23,3 | 0,7 | 78,4 |
| Servizos técnicos arquitectura e enxeñería | 16,4 | 6,4 | 22,0 | 0,6 | 74,4 |
| Com. ao por maior e inter. ex. vehi. Motor | 95,7 | 37,4 | 230,5 | 6,7 | 41,5 |
| Fabricación vehículos a motor, remolques | 27,4 | 10,7 | -99,4 | -2,9 | -27,6 |
| Ind. madedeira e corcho, excepto mobles e cestería | -15,4 | -6,0 | -55,9 | -1,6 | 27,5 |
| Industria química | -11,4 | -4,4 | 61,7 | 1,8 | -18,4 |
| Industria da alimentación | 0,4 | 0,1 | 3,6 | 0,1 | 10,0 |
| Servizos financeiros, excepto seguros e fondos pen. | 12,8 | 5,0 | -246,2 | -7,2 | -5,2 |
| Actividades inmobiliarias | -3,7 | -1,4 | 194,3 | 5,6 | -1,9 |
| Almacenamento e outras act. anexas ao transporte | 0,7 | 0,3 | 80,3 | 2,3 | 0,8 |
| Persoas físicas (sen sector actividade) | 0,0 | 0,0 | 20,9 | 0,6 | 0,0 |
| Outros | 0,0 | 0,0 | 3077,1 | 89,4 | 0,0 |

Fonte: *Ministerio de Industria, Turismo y Comercio*

**3.3.9.**

entretemento, con 4,1 millóns de euros; subministro de electricidade, gas, vapor e aire, con 3,2 millóns de euros; ás actividades inmobiliarias, con 2,9 millóns de euros; e ás comerciais, con 2,8 millóns de euros. Atendendo ao peso relativo no total estatal, salienta a importancia do investimento nos servizos financeiros, co 14,5%, e as pesqueiras e acuícolas en Galicia, que acollen o 4,4% do IDE en España.

O investimento galego no exterior descendeu no último ano case un 72% respecto ao rexistrado no ano anterior para situarse nos 255,9 millóns de euros. Galicia sitúase coma a quinta comunidade que máis inviste no estranxeiro tras Cantabria, País Vasco, Asturias e Canarias debido aos fortes desinvestimentos das comunidades tradicionalmente inversoras como Madrid, Cataluña e a Comunidade Valenciana. Tendo en conta a maior caída do investimento español no estranxeiro, cadro 3.3.8., o peso relativo do investimento galego situouse no 7,4% (o 2,6% do investimento estatal en 2008).

O conxunto dos países da Unión Europea é o principal destino do investimento galego, co 39,8% do investimento total. Francia, Países Baixos e Portugal son os principais destinos e xuntos acollen case o 78% do investimento na UE. Fóra da Unión, salientan os investimentos en Rusia co 11,3%, Estados Unidos co 10,8% e México co 10,1% do total investido, respectivamente.

As tres ramas de actividade máis importantes, en canto ao volume se refire, foron as relacionadas co comercio por xunto, coa industria téxtil e da confección e o comercio polo miúdo, que concentran máis do 60% do investimento galego. Comparado co investimento realizado polo conxunto do Estado, cómpre

salientar a importancia do subsector téxtil que co 99,7% abrangue case que a totalidade do investimento realizado polas empresas españolas no estranxeiro no 2009. Séguenlle de cerca o comercio retallista, a pesca e acuicultura e os servizos técnicos de arquitectura e enxeñería; cada un deles coas tres cuartas partes do investimento español no exterior no seu correspondente subsector. Destacan tamén, por contrarias ás tendencias do conxunto do Estado, o desinvestimento no estranxeiro da industria química galega e o subsector da fabricación de vehículos a motor, onde o investimento galego é un terzo do desinvestimento do conxunto do Estado.

### Plan de Fomento das Exportacións Galegas

O número total de actuacións do Plan de Fomento das Exportacións Galegas (Foexga), dirixidas tanto ao eido da promoción como ao da información e formación en comercio exterior, así como o investimento realizado dentro do Plan Foexga 2009, reducíronse de xeito importante en relación ao enmarcado dentro do Plan dos anos anteriores. Nas 89 accións levadas a cabo no último ano (23 menos co ano 2008, e 85 menos que no ano 2007), **cadro 3.3.10.**, investíronse un total de 2.758,1 miles de euros (16,9% menos que no 2008, e 31,5% menos que en 2007), dos que a Xunta aporta case que o 50% fronte as Cámaras de Comercio cun 33,2% e as empresas co 16,9%. Comparando co ano 2008, a Xunta aumenta os fondos un 21%, mentres as Cámaras e empresas diminúen a súa participación no 32,3% e no 44% respectivamente.

As actuacións diríxense fundamentalmente aos países europeos, que acollen o 51,8% das accións (2,1 puntos menos que no ano anterior), fronte ao 16,9% dos países de América do Norte e Central (5,4 puntos máis que o ano anterior) e o 13,3% dos países de América do Sur (5,6 puntos máis co ano anterior). Do resto das accións "Foexga 2009", o 7,2% vai aos países asiáticos (9,2 puntos menos que o ano anterior), aos países de África o 8,4% e a Australia e Nova Zelanda o 2,4% restante.

As accións máis importantes no que atinxe ao número de actuacións, investimento e empresas participantes, seguen sendo as correspondentes ás misións comerciais directas, ás feiras internacionais e as adicadas aos bolseiros no exterior. En conxunto, estas tres accións acollen case o 65% das accións totais realizadas e máis do 65% do investimento total.

Nas 25 misións comerciais directas realizadas en 2009, a meirande parte das mesmas de carácter plurisectorial, participaron un total de 337 empresas. O investimento total ascendeu a 982,7 miles de euros, dos que a Xunta de Galicia aporta o 44% e as Cámaras de Comercio e as empresas o resto case que a partes iguais.

Respecto ás participacións en feiras internacionais, en 2009 realizáronse un total de 15 participacións empresariais, ascendendo o seu investimento ata o 321 miles de euros, onde a Xunta inviste case o 50% mentres as Cámaras de Comercio e as empresas 26,6% e 24,7% respectivamente. O número total de empresas participantes foi de 53, e os sectores económicos aos que se dirixiron foron os da construción,

**Plan FOEXGA 2009: actuacións**

| | Accións | Total | Aportacións Xunta | Aportacións empresas | Aportacións Cámaras |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | (en €) | | |
| **Misións Comerciais Directas** | 25 | 982.731,19 | 435.640,19 | 267.623,81 | 279.467,19 |
| **Misións Comerciais Inversas** | 15 | 296.572,34 | 177.943,35 | | 118.628,99 |
| **Participación Feiras** | 15 | 321.011,82 | 156.088,42 | 79.478,10 | 85.445,30 |
| **Promocións** | 7 | 186.862,75 | 83.768,67 | 43.708,32 | 59.385,76 |
| **Visitas a Feiras** | 10 | 152.979,82 | 39.067,10 | 74.160,45 | 39.752,27 |
| **Bolseiros no exterior** | 17 | 516.965,16 | 279.575,23 | | 237.389,93 |
| **Outros** | | 301.011,71 | 206.376,62 | | 94.635,09 |
| **Total** | 89 | 2.758.134,79 | 1.378.459,58 | 464.970,68 | 914.704,53 |

Fonte: *Consellería de Economía e Industria*

3.3.10.

moldes, subcontratación, produtos do mar, maquinaria peixe, electrónica e editorial.

Outra partida importante, de 517 miles de euros, foi o investimento en 17 bolsas no exterior, participando a Xunta e as Cámaras de Comercio practicamente ao 50%. Con respecto ao ano 2008, cabe suliñar que as bolsas correspóndense por 11 ou 12 meses, mentres que as contabilizadas no ano 2008 (28 bolsas) correspóndense a 6 meses. ■

# 4

# CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

4.1.- **Comunidade Autónoma**

4.2.- **Cobertura social e prestacións económicas**

4.3.- **Prestacións sanitarias e sociais**

4.4.- **Educación**

4.5.- **Medio ambiente e desenvolvemento sostible**

4.6.- **Outros indicadores**

Tendo en conta que en capítulos anteriores se analizan dous aspectos que condicionan a calidade de vida dos fogares, o desemprego e a distribución poboacional, este cuarto capítulo céntrase en cuestións como as prestacións públicas sociais, as aportacións do estado do benestar e outros indicadores de calidade de vida. O orzamento consolidado da C.A. de Galicia medrou en 2009 un 2,1% para situarse nos 11.792,8 millóns de euros, dos que o 56,9% correspondeu á produción de bens públicos de carácter social, especialmente educación e sanidade.

No contexto de crise económica, o gasto público medrou de xeito considerable, non só pola aplicación de medidas de estímulo de actividade económica, senón tamén polo incremento das prestacións sociais, e especialmente, as prestacións por desemprego. Ao mesmo tempo, rexistrase en 2009 un importante deterioro dos ingresos públicos.

O número de beneficiarios dalgún tipo de prestacións económicas medra en máis de 40.000 persoas, sendo especialmente significativo o incremento dos beneficiarios das prestacións por desemprego, que aumenta en 35.300 persoas. Asemade, cómpre salientar que Galicia segue a ser a C.A. co importe medio máis baixo no caso das prestacións contributivas, medrando novamente o diferencial co importe medio do conxunto do Estado.

Outros dos aspectos que se resaltan ao longo deste capítulo é o preocupante incremento tanto do número de pacientes en lista de espera como no da demora media, que se sitúa en 2009 en case 80 días. Asemade, o gasto farmacéutico presenta unha medra superior á media estatal, por mor do incremento do gasto medio por receita e do número de receitas prescritas.

Dende o punto de vista medioambiental, cómpre salientar que 2009 foi un mal ano en termos do incremento do número de lumes e da superficie arrasada polos mesmos. No último ano, os incendios medraron un 55,2% e a superficie queimada un 66,8%.

# 4.1.

# comunidade autónoma

**O orzamento consolidado da** Comunidade Autónoma de Galicia para 2009 ascendeu a 11.792,8 millóns de euros, un 2,1% (236,7 millóns de euros) máis que os aprobados no exercicio anterior, o que representa o 20,6% do PIB galego a prezos de mercado (prezos correntes) e supón 4.217,61 euros/habitante.

## A conta financeira

A forma en que se interrelacionan as grandes magnitudes que interveñen na composición dos presupostos queda reflectida na conta financeira. A estimación dos ingresos por operacións correntes no exercicio 2009 sitúase en 10.043,1 millóns de euros, cunha diminución respecto ao exercicio precedente do 1,8%, mentres que a estimación dos gastos correntes ascendeu a 8.523,5 millóns de euros, o que supón unha variación do 4,9% respecto ao ano anterior. O desaforro estimado por operacións correntes, acadado ao situar o crecemento do gasto corrente por encima do crecemento dos ingresos correntes, situouse nos 1.519,6 millóns de euros.

No concernente ás operacións de capital, os gastos por operacións non financeiras de capital acadaron os 2.804.1 millóns de euros, un 1,3% superior ao ano anterior, equivalente ao 4,9% do PIB galego a prezos de mercado, prezos correntes (fonte: IGE). Tendo en conta que, ao contrario que aconteceu en 2008, no ano 2009 os ingresos por operacións de capital incrementáronse un 4,8% respecto aos presupostos do ano anterior ata acadar os 898 millóns de euros, o déficit por operacións de capital foi de 5,4 millóns de euros, o que representa un 0,3% de decremento sobre o exercicio anterior.

Se os presupostos do ano 2008 estimaban que a situación inicial de capacidade de financiamento se

### *Ámbito dos Orzamentos Xerais da C.A. de Galicia 2009*

| Comunidade Autónoma | Organismos Autónomos | | Axencias públicas | Sociedades Públicas | |
|---|---|---|---|---|---|
| Seccións | Administrativos | Comerciais, industriais e financeiros | | | Sociedades mercantís |
| **Parlamento** | | | | | |
| **Consello de Contas** | | | | | |
| **Consello da Cultura Galega** | | | | | |
| **Presidencia da Xunta** | | | | CRTVG | TVG,S.A.<br>RTVG, S.A.<br>RETEGAL S.A. |
| **Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar** | SGPIHM | | | | |
| **Presidencia Admóns. Públicas e Xustiza** | EGAP | | | Axencia Galega de Emerxencias | |
| | AGASP | | | | |
| **Economía e Facenda** | IGE<br>Tribunal Defensa da Competencia | | | CES<br>IGAPE | CEEI Galicia, S.A<br>SODIGA |
| | | | | CIXTEC | SPI Galicia S.A.<br>XES Galicia S.A<br>Autoestrada A de S. Dom-Ourense S.A. |
| **Política Territorial, O.P. e Transporte** | Axencia de Protección da legalidade urbanística | | | Portos de Galicia | |
| **Educación e Ordenación Universitaria** | | | | | |
| **Innovación e Industria** | IGC | | | Instituto Enerxético de Galicia | S.A. Centro Supercomputación de Galicia<br>Galicia Calidade S.A.<br>S.A. Xestión Xacobeo<br>S.I.P.T.-Galicia S.A |
| **Medio Rural** | | FOGGA | | Axencia Galega de Desenv. Rural | S.A. Desenvolvemento Comarcal |
| | | | | Instituto Galego da Calidade Alimentaria | Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos S.A.<br>Xenética Fontao, S.A.<br>S.A. Xestora do Banco de Terras de Galicia |
| **Cultura e Deporte** | | | Agadic | F. Cidade da Cultura de Galicia | |
| **Sanidade** | SERGAS | | | F.I.G. oftlmoloxía<br>F.P.E.G. Admón Sanit.<br>F.P. Urxencias Sanitarias Galicia<br>F.P.C. Transfusión<br>F.P. de Medicina Xenómica | Galaria S.A. |
| **Pesca e Asuntos Marítimos** | | | | Inst. Tecnolóxico Control Medio Mariño | |
| **Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible** | Augas de Galicia | | | Empesa Púb. Obras e Servizos H. | SOGAMA S.A. |
| **Traballo** | Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | | | Consello Galego de Relacións Laborais | |
| **Vivenda e Solo** | | IGVS | | | Xestur Coruña S.A.<br>Xestur Lugo S.A.<br>Xestur Ourense S.A.<br>Xestur Pontevedra S.A. |
| **Consello Consultivo de Galicia** | | | | | |
| **Transferencias a CC.LL.** | | | | | |
| **Débeda Pública** | | | | | |
| **Gastos diversas Consellerías** | | | | | |

Fonte: *Xunta de Galicia*

4.1.1.

**Conta financeira da C.A. 2008-09**

| | 2008 | 2009 | 09/08 | |
|---|---|---|---|---|
| | | (en miles de €) | | (%) |
| **1 Operacións correntes** | | | | |
| **Ingresos** | 10.224.898 | 10.043.104 | -181.794 | -1,8 |
| Impostos directos | 1.364.291 | 1.515.943 | 151.652 | 11,1 |
| Impostos indirectos | 2.688.936 | 2.399.496 | -289.439 | -10,8 |
| Taxas, Prezos públicos e outros ingresos | 253.402 | 285.986 | 32.584 | 12,9 |
| Transferencias correntes | 5.894.571 | 5.787.299 | -107.272 | -1,8 |
| Ingresos patrimoniais | 23.698 | 54.380 | 30.681 | 129,5 |
| **Gastos** | 8.127.384 | 8.523.474 | 396.090 | 4,9 |
| Gastos de persoal | 3.443.977 | 3.691.900 | 247.923 | 7,2 |
| Gastos en bens correntes e servizos | 1.348.001 | 1.416.256 | 68.256 | 5,1 |
| Gastos financeiros | 146.482 | 147.752 | 1.270 | 0,9 |
| Transferencias correntes | 3.188.924 | 3.267.565 | 78.641 | 2,5 |
| **Aforro por operacións correntes** | 2.097.514 | 1.519.630 | -577.884 | -27,6 |
| **2 Operacións de capital** | | | | |
| **Ingresos** | 856.987 | 898.218 | 41.231 | 4,8 |
| Alleamento de investimentos reais | 98.908 | 111.099 | 12.191 | 12,3 |
| Transferencias de capital | 758.079 | 787.119 | 29.040 | 3,8 |
| **Gastos** | 2.768.321 | 2.804.122 | 35.802 | 1,3 |
| Investimentos reais | 1.382.218 | 1.439.020 | 56.802 | 4,1 |
| Transferencias de capital | 1.386.102 | 1.365.103 | -21.000 | -1,5 |
| **Formación de capital** | 1.911.334 | 1.905.904 | -5.429 | -0,3 |
| **3. Fondo de continxencia** | 65.116 | 98.814 | 33.698 | 51,8 |
| **4. Necesidade (-) ou capacidade (+) de financiamento** | 121.065 | -485.088 | -606.153 | |
| **5. Variación de activos financeiros** | 121.065 | 119.542 | -1.523 | -1,3 |
| Ingresos | 675 | 940 | 265 | 39,3 |
| Gastos | 121.740 | 120.482 | -1.258 | -1 |
| **6. Necesidade (-) ou capacidade (+) de endebedamento** | - | -604.630 | -604.630 | |
| **7. Endebedamento bruto** | 473.564 | 850.561 | 376.997 | 79,6 |
| Emisión de débeda | 473.564 | 844.061 | 370.497 | 78,2 |
| Outros | - | 6.500 | 6.500 | |
| **8. Endebedamento neto** | - | 598.130 | 598.130 | |
| Emisión de débeda | 473.564 | 844.061 | 370.497 | 78,2 |
| Amortizacións | 473.564 | 245.931 | -227.633 | -48,1 |

Fonte: *Xunta de Galicia*

**4.1.2.**

situaría en 121,1 millóns de euros, os de 2009 presentan unha necesidade de financiamento de 485,1 millóns de euros. O endebedamento bruto ascendeu a 850,6 millóns de euros (473,6 millóns de euros no ano anterior) aplicándose o 29,14% á amortización da débeda (o 100% en 2008).

O gasto dos capítulos VI e VII equivale ao 24,5% do gasto non financeiro da Comunidade Autónoma, e fínánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 1.905,9 millóns de euros, financiada co aforro por operacións correntes e o fondo de continxencia de 98,8 millóns de euros, resultando unha necesidade de financiamento de 485,0 millóns de euros.

A cobertura das operacións de capital polo aforro neto, segundo a ratio: "(aforro por operacións correntes-endebedamento neto)/gastos por operacións de

**Orzamento consolidado da C.A. 2008-09: ingresos e gastos**

*Ingresos*

| | 2008 | | 2009 | | 09/08 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | *( % / total)* | *(en miles de €)* | *( % / total)* | *(%)* |
| **Recursos propios** | 4.903.474 | 42,43 | 5.218.405 | 44,25 | 6,42 |
| Ingresos tributarios | 4.306.629 | 37,27 | 4.201.426 | 35,63 | -2,44 |
| Ingresos e venda do patrimonio | 122.606 | 1,06 | 165.479 | 1,40 | 34,97 |
| Ingresos por activos e pasivos financeiros | 474.239 | 4,10 | 851.501 | 7,22 | 79,55 |
| **Recursos transferidos** | 6.652.650 | 57,57 | 6.574.418 | 55,75 | -1,18 |
| Do Estado | 6.178.945 | 53,47 | 6.096.990 | 51,70 | -1,33 |
| Da Unión Europea | 472.080 | 4,09 | 476.305 | 4,04 | 0,89 |
| Outros | 1.625 | 0,01 | 1.123 | 0,01 | -30,89 |
| **Total** | 11.556.124 | 100 | 11.792.823 | 100 | 2,05 |

*Gastos*

| | 2008 | | 2009 | | 09/08 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | *( % / total)* | *(en miles de €)* | *( % / total)* | *(%)* |
| **Xestión directa** | 6.981.097 | 60,41 | 7.160.156 | 60,72 | 2,6 |
| Gastos de persoal | 3.443.977 | 29,80 | 3.691.900 | 31,31 | 7,2 |
| Gastos de funcionamento | 1.348.001 | 11,66 | 1.416.256 | 12,01 | 5,1 |
| Gastos financeiros | 146.482 | 1,27 | 147.752 | 1,25 | 0,9 |
| Gastos en activos e pasivos financeiros | 595.303 | 5,15 | 366.413 | 3,11 | - |
| Investimentos | 1.382.218 | 11,96 | 1.439.020 | 12,20 | 4,1 |
| Fondo de continxencia | 65.116 | 0,56 | 98.814 | 0,84 | - |
| **Transferencias ao sector público** | 2.405.058 | 20,81 | 2.419.487 | 20,52 | 0,6 |
| A Corporacións Locais | 1.246.014 | 10,78 | 1.282.273 | 10,87 | 2,9 |
| Outros | 42.010 | 0,36 | 52.098 | 0,44 | 24,0 |
| A Sociedades Públicas da C.A. | 1.117.034 | 9,67 | 1.085.116 | 9,20 | -2,9 |
| **Transferencias ao sector privado** | 2.169.968 | 18,78 | 2.213.180 | 18,77 | 2,0 |
| Familias e ent. sen ánimo de lucro | 1.547.570 | 13,39 | 1.612.896 | 13,68 | 4,2 |
| Empresas | 622.398 | 5,39 | 600.284 | 5,09 | -3,6 |
| **Total** | 11.556.124 | 100 | 11.792.823 | 100 | 2,05 |

Fonte: *Xunta de Galicia*

**4.1.3.**

capital", foi en 2009 do 32,9%, máis de 40 puntos porcentuais por baixo do estimado no exercicio anterior.

## O orzamento consolidado

O orzamento consolidado previsto para o exercicio 2009, unha vez deducidas as transferencias internas (3.691,7 millóns de euros) ascendeu a 11.792,8 millóns de euros, cun incremento dun 2,0% (236,7 millóns de euros) sobre os orzamentos estimados inicialmente do ano anterior.

Os recursos propios representan o 44,3% dos ingresos, acadando os 5.218,4 millóns de euros, un 6,4% máis que en 2008. Entre estes, os ingresos tributarios ascenderon a 4.201,4 millóns de euros, o que representa o 35,6% dos ingresos totais. No que aos recursos transferidos (o 55,8% dos ingresos), os recursos procedentes do Estado, tras unha diminución do 1,3%, acadaron os 6.097 millóns de euros (o 51,7% dos ingresos), mentres que os recursos procedentes da UE aumentaron un 1%, acadaron unha contía de 476,3 millóns de euros (o 4% dos ingresos).

**_Orzamento consolidado da C.A. 2008-09: distribución económica_**

**_Ingresos_**

| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 09/08 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | importe | | valor relativo | | importe | |
| | *(en miles de €)* | | *(%)* | | *(en miles de €)* | *(%)* |
| **Operacións correntes** | 10.224.898 | 10.043.104 | 88,5 | 85,2 | -181.794 | -1,8 |
| **I Impostos directos** | 1.364.291 | 1.515.943 | 11,8 | 12,9 | 151.652 | 11,1 |
| **II Imposto indiretos** | 2.688.936 | 2.399.496 | 23,3 | 20,3 | -289.439 | -10,8 |
| **III Taxas, prezos e outros ingresos** | 253.402 | 285.986 | 2,2 | 2,4 | 32.584 | 12,9 |
| **IV Transferencias correntes** | 5.894.571 | 5.787.299 | 51,0 | 49,1 | -107.272 | -1,8 |
| **V Ingresos patrimoniais** | 23.698 | 54.380 | 0,2 | 0,5 | 30.681 | 129,5 |
| **Operacións de capital** | 856.987 | 898.218 | 7,4 | 7,6 | 41.231 | 4,8 |
| **VI Alleamento de investimentos reais** | 98.908 | 111.099 | 0,9 | 0,9 | 12.191 | 12,3 |
| **VII Transferencias de capital** | 758.079 | 787.119 | 6,6 | 6,7 | 29.040 | 3,8 |
| **Total operacións non financeiras** | 11.081.885 | 10.941.322 | 95,9 | 92,8 | -140.563 | -1,3 |
| **Operacións financeiras** | 474.239 | 851.501 | 4,1 | 7,2 | 377.262 | 79,6 |
| **VIII Activos financeiros** | 675 | 940 | 0,0 | 0,0 | 265 | 39,3 |
| **IX Pasivos financeiros** | 473.564 | 850.561 | 4,1 | 7,2 | 376.997 | 79,6 |
| **Total** | 11.556.124 | 11.792.823 | 100 | 100 | 236.699 | 2,0 |

**_Gastos_**

| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 09/08 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | importe | | valor relativo | | importe | |
| | *(en miles de €)* | | *(%)* | | *(en miles de €)* | *(%)* |
| **Operacións correntes** | 8.127.384 | 8.523.474 | 70,3 | 72,3 | 396.090 | 4,9 |
| **I Gastos de persoal** | 3.443.977 | 3.691.900 | 29,8 | 31,3 | 247.923 | 7,2 |
| **II Gastos en bens correntes e servizos** | 1.348.001 | 1.416.256 | 11,7 | 12,0 | 68.256 | 5,1 |
| **III Gastos financeiros** | 146.482 | 147.752 | 1,3 | 1,3 | 1.270 | 0,9 |
| **IV Transferencias correntes** | 3.188.924 | 3.267.565 | 27,6 | 27,7 | 78.641 | 2,5 |
| **V Fondo de continxencia** | 65.116 | 98.814 | 0,6 | 0,8 | 33.698 | 51,8 |
| **Operacións de capital** | 2.768.321 | 2.804.122 | 24,0 | 23,8 | 35.802 | 1,3 |
| **VI Investimentos reais** | 1.382.218 | 1.439.020 | 12,0 | 12,2 | 56.801 | 4,1 |
| **VII Transferencias de capital** | 1.386.102 | 1.365.103 | 12,0 | 11,6 | -21.000 | -1,5 |
| **Total operacións non financeiras** | 10.960.820 | 11.426.410 | 94,8 | 96,9 | 465.590 | 4,2 |
| **Operacións financeiras** | 595.303 | 366.413 | 5,2 | 3,1 | -228.891 | -38,4 |
| **VIII Activos financeiros** | 121.740 | 120.482 | 1,1 | 1,0 | -1.258 | -1,0 |
| **IX Pasivos financeiros** | 473.564 | 245.931 | 4,1 | 2,1 | -227.633 | -48,1 |
| **Total** | 11.556.124 | 11.792.823 | 100 | 100 | 236.699 | 2,0 |

Fonte: *Xunta de Galicia*

**4.1.4.**

A distribución económica dos presupostos amosan que os ingresos por operacións correntes experimentaron unha diminución de 181,8 millóns de euros, un 1,8% inferior ao exercicio anterior, para situarse nos 10.043,1 millóns de euros. As transferencias correntes, que en conxunto representan no ano 2009 o 49,1 % dos ingresos totais, ofrecen desagregadamente unha evolución moi dispar.

O Fondo de Suficiencia cae un 3,2% como consecuencia da diminución nas previsións de ingresos do Estado para o 2009. As Subvencións Finalistas procedentes dos orzamentos xerais do Estado presentan unha variación do 15,2% sobre o ano anterior. A previsión liquidación dos recursos do sistema de financiamento correspondentes ao ano 2007, presenta un descenso do 29,5%.

**_Orzamento consolidado de gastos da C.A. 2009: distribución funcional_**

| Funcións | 2009 (en miles de €) | 2009 ( % / total) |
|---|---|---|
| **1 Actuacións de carácter xeral** | 273.169 | 2,3 |
| 11 Alta dirección da Com. Autónoma | 46.013 | 0,4 |
| 12 Administración Xeral | 74.930 | 0,6 |
| 13 Xustiza | 105.132 | 0,9 |
| 14 Administración local | 12.474 | 0,1 |
| 15 Normalización lingüística | 21.770 | 0,2 |
| 16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas | 12.850 | 0,1 |
| **2 Protección civil e seguridade cidadá** | 26.754 | 0,2 |
| 23 Protección civil e seguridade | 26.754 | 0,2 |
| **3 Protección e promoción social** | 1.002.731 | 8,5 |
| 31 Acción social el promoción social | 570.087 | 4,8 |
| 32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo | 420.980 | 3,6 |
| 33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento | 11.664 | 0,1 |
| **4 Produción de bens públicos de carácter social** | 6.707.292 | 56,9 |
| 41 Sanidade | 3.766.769 | 31,9 |
| 42 Educación | 2.404.450 | 20,4 |
| 43 Cultura | 141.565 | 1,2 |
| 44 Deportes | 41.256 | 0,3 |
| 45 Vivenda | 210.970 | 1,8 |
| 46 Outros servizos comunit. e sociais | 142.282 | 1,2 |
| **5 Producción de bens públ. de carácter económico** | 1.326.031 | 11,2 |
| 51 Infraestructuras | 596.218 | 5,1 |
| 52 Ordenación do territorio | 51.171 | 0,4 |
| 53 Promoción do solo para actividades económicas | 20.760 | 0,2 |
| 54 Actuacións ambientais | 295.114 | 2,5 |
| 55 Actuacións e valorización do medio rural | 181.250 | 1,5 |
| 56 Investigación, desenvolvemento e innovación | 142.857 | 1,2 |
| 57 Sociedade da información e do coñecemento | 32.648 | 0,3 |
| 58 Información estatística básica | 6.013 | 0,1 |
| **6 Regulación económica de carácter xeral** | 129.465 | 1,1 |
| 61 Actuacións económicas xerais | 39.711 | 0,3 |
| 62 Actividades financeiras | 89.753 | 0,8 |
| **7 Regulación económica de sectores productivos e desenvolvemento empresarial** | 962.453 | 8,2 |
| 71 Dinamización económica do medio rural | 408.825 | 3,5 |
| 72 Pesca | 173.833 | 1,5 |
| 73 Industria, enerxía e minaría | 61.379 | 0,5 |
| 74 Desenvolvemento empresarial | 204.801 | 1,7 |
| 75 Comercio | 35.225 | 0,3 |
| 76 Turismo | 78.391 | 0,7 |
| **8 Transferencias a entidades locais** | 971.884 | 8,2 |
| 81 Transferencias a entidades locais | 971.884 | 8,2 |
| **9 Débeda pública** | 393.044 | 3,3 |
| 91 Débeda pública | 393.044 | 3,3 |
| **Total** | 11.792.823 | 100 |

Fonte: *Xunta de Galicia*

**4.1.5.**

En senso contrario, as transferencias da Unión Europea crecen en un 9,1%.

Os ingresos de capital non financeiro, constituídos polos recursos procedentes do capítulo VI e VII, experimentan un crecemento do 4,8% sobre os do ano 2008, polo bo comportamento do capítulo VI cun crecemento do 12,3%, no que salientan os ingresos previstos polo IGVS, e por outra o crecemento das transferencias de capital dun 3,8% nas que é de salientar o crecemento das finalistas do Estado dun 27,6%, e a previsión de mantemento dos fondos europeos.

Polo lado dos gastos, un 60,7% do presuposto corresponde á xestión directa do mesmo, onde os gastos de persoal, que ascenderon a 3.691,9 millóns de euros, representan o 31,3% dos gastos totais, e os investimentos, cun importe de 1.439,0 millóns de euros, o 12,2% dos gastos. As transferencias ao sector privado, tras unha medra do 2%, acadan un total de 2.213,2

millóns de euros (o 18,8% do gasto) e as transferencias ao sector público, tras medrar un 0,6%, situáronse nos 2.419,5 millóns de euros (o 20,5% do presuposto consolidado).

Os gastos por operacións correntes acadaron os 8.523,5 millóns de euros, un 4,9% (396,1 millóns de euros) máis que no estimado nos presupostos de 2008. As transferencias correntes experimentan un crecemento do 2,5% (78,6 millóns de euros) e acadan os 3.267,6 millóns de euros.

No que atinxe aos gastos non financeiros de capital, 2.804,1 millóns de euros, estes aumentan respecto aos presupostos anteriores un 1,3% (35,8 millóns de euros). Os investimentos reais o fixeron un 4,1% (56,8 millóns de euros), acadando os 1.439,0 millóns de euros, e as transferencias de capital diminuiron nun 1,5% (21 millóns de euros), ascendendo aos 1.365,1 millóns de euros.

Dende o punto de vista da súa distribución funcional, cadro 4.1.5., a parte máis importante do orzamento consolidado correspondeu á produción de bens públicos de carácter social, ao acoller o 56,9% do presuposto consolidado. Dentro desta función salientan a sanidade e a educación, que supoñen o 31,9% (3.766,8 millóns de euros) e 20,4% (2.404,5 millóns de euros) do presuposto, respectivamente.

### Análise das actuacións previstas

Con destino á realización de investimentos reais os orzamentos do ano 2009 consignan créditos por importe de 1.142,6 millóns de euros, que superan nun 3,5% ao exercicio anterior. O capítulo VI representa o 10,3% do gasto non financeiro da Administración Xeral, e constitúe unicamente unha parte do esforzo investidor da Comunidade Autónoma, que se completa cos investimentos financiados a través das transferencias de capital e co realizado polos Organismos Autónomos, e polo sector público empresarial da Comunidade Autónoma. A maior parte dos créditos, un 61,2%, está destinada a investimento novo e moi especialmente á realización de infraestruturas, ás cales se dedican 433,7 millóns de euros. O investimento de reposición absorbe un 10,9% dos créditos totais, e un 5,6% as infraestruturas básicas de apoio aos sistemas produtivos. O 22,3% restante corresponde a investimentos de caracter inmaterial, entre os que figuran actuacións como a realización de campañas sanitarias de vacinación e loita contra as drogodependencias, programas de formación do profesorado, convenios de fomento e normalización en lingua galega, ou a promoción de produtos galegos.

As transferencias de capital ascenden a 1.399,0 millóns de euros, en liña coas autorizadas no anterior exercicio. O sector público, e moi especialmente o sector público da Comunidade Autónoma (611,3 millóns de euros), resulta o maior destinatario destas transferencias, absorbendo o 62,9% do total. Dentro do mesmo sector público compre salientar as transferencias realizadas en favor das Corporacións Locais, que representan 256,6 millóns de euros, dos que 124,7 millóns corresponden ao Fondo de Cooperación Local cun incremento do 4,2% sobre o ano anterior. As empresas privadas, canalizan un 27,8%, as institu-

*Transferencias correntes, investimentos reais e transferencias de capital da C.A. 2009: distribución orgánica*

| | Transferencias correntes Cap. IV | Investimentos reais Cap. VI | Transferencias de capital Cap. VII |
|---|---|---|---|
| | | *(en miles de €)* | |
| Administración Xeral | 5.732.186,0 | 1.142.561,0 | 1.398.982,0 |
| Parlamento | 2.754,0 | 1.525,0 | 35,0 |
| Consello de Contas | 3,0 | 861,0 | - |
| Consello da Cultura Galega | 140,0 | 383,0 | - |
| Presidencia da Xunta | 23.230,0 | 32.779,0 | 23.045,0 |
| Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar | 227.516,0 | 29.657,0 | 11.774,0 |
| Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza | 27.492,0 | 27.204,0 | 18.544,0 |
| Economía e Facenda | 23.744,0 | 6.324,0 | 116.492,0 |
| Política Territorial, Obras Públicas e Transportes | 46.482,0 | 424.412,0 | 93.024,0 |
| Educación e Ordenación Universitaria | 611.636,0 | 93.977,0 | 56.913,0 |
| Innovación e Industria | 76.213,0 | 33.350,0 | 248.379,0 |
| Medio Rural | 21.605,0 | 199.981,0 | 279.555,0 |
| Cultura e Deporte | 23.571,0 | 48.177,0 | 70.543,0 |
| Sanidade | 3.427.021,0 | 39.672,0 | 27.475,0 |
| Pesca e Asuntos Marítimos | 4.079,0 | 72.536,0 | 96.022,0 |
| Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible | 7.283,0 | 44.624,0 | 136.138,0 |
| Traballo | 332.912,0 | 14.276,0 | 6.259,0 |
| Vivenda e Solo | 17.934,0 | 6.198,0 | 83.994,0 |
| Consello Consultivo de Galicia | - | 266,0 | - |
| Transferencias a CC.LL. | 837.853,0 | - | 127.731,0 |
| Gastos Diversas Consellerías | 20.718,0 | 66.358,0 | 2.791,0 |
| Organismos Autónomos | 993.805 | 186.334 | 131.877 |
| Serv. Galego Prom. da Igualdade do Home e da Muller | 7.573 | - | - |
| Escola Galega de Admón Pública | 168 | 765 | - |
| Academia Galega de Seguridade Pública | - | 359 | - |
| Instituto Galego de Estatística | 88 | 1.638 | - |
| Tribunal Galego de Def. da Competencia | 27 | 83 | - |
| Ax. Protección Legalidade Urbanística | - | 5 | - |
| Instituto Galego de Consumo | 500 | 1.727 | 464 |
| Servicio Galego de Saúde | 985.449 | 150.326 | 429 |
| Augas de Galicia | - | 27.228 | 130.984 |
| Inst. Gal. Seguridade e Saúde Laboral | - | 4.202 | - |
| Total orzamento bruto | 6.725.991,0 | 1.328.895,0 | 1.530.859,0 |
| Total transferencias internas | 3.458.426,0 | -110.125,0 | 1.410.377,0 |
| Total *(en millóns de €)* | 3.267.565,0 | 1.439.020,0 | 120.482,0 |

Fonte: *Xunta de Galicia*

**4.1.6.**

cións sen fins de lucro participan cun 8,9%, e de forma residual, un 0,4% das transferencias destínanse a entidades do exterior. Os programas vinculados á dinamización do medio rural, ao desenvolvemento empresarial, a actuacións de caracter medioambiental, a pesca, a cultura, a vivenda, e a investigación, desenvolvemento e innovación, son os principais canalizadores destas transferencias.

Os gastos derivados de transferencias correntes aumentan un 3,7% (5.732,1 millóns de euros) sobre o 2008. O sector público absorbe o 87,1 % dos créditos

**Transferencias de capital e transferencias correntes da C.A. 2009: distribución segundo clave de financiamento**

| | Transferencias de Capital | | Transferencias Correntes | |
|---|---|---|---|---|
| | (€) | (%) | (€) | (%) |
| **Administración Xeral** | 1.398.981.550 | 100 | 5.732.185.798 | 100 |
| **Fondos Propios** | 914.280.246 | 65,4 | 4.597.574.600 | 80,2 |
| libres | 865.420.741 | 61,9 | 4.587.460.564 | 80,0 |
| que cofinancian | 45.861.701 | 3,3 | 10.114.036 | 0,2 |
| que cofinancian non elexible | 2.997.804 | 0,2 | - | - |
| **F.C.I.** | 77.012.217 | 5,5 | - | - |
| FCI libre | 34.544.532 | 2,5 | - | - |
| FCI que cofinancia | 42.467.685 | 3,0 | - | - |
| **FEDER** | 97.756.643 | 7,0 | - | - |
| 2007-13 | 97.756.643 | 7,0 | - | - |
| **FEADER** | 103.410.365 | 7,4 | - | - |
| FEADER | 103.410.365 | 7,4 | - | - |
| **FEAGA** | 50.601.832 | 3,6 | - | - |
| FEAGA | 50.601.832 | 3,6 | - | - |
| **Transferencias finalistas** | 103.689.857 | 7,4 | 1.094.155.051 | 19,1 |
| do Estado | 41.094.304 | 2,9 | 1.093.320.962 | 19,1 |
| PXE que cofinancia | 58.879.082 | 4,2 | - | - |
| PXE que cofinancia non elexible | 3.716.471 | 0,3 | 834.089 | 0,0 |
| **FEP** | 52.230.390 | 3,7 | - | - |
| FEP | 52.230.390 | 3,7 | - | - |
| **FSE** | | | 40.456.147 | 0,7 |
| 2007-13 | | | 40.456.147 | 0,7 |
| **Organismos Autónomos** | 197.785.487 | 100 | 995.409.793 | 100 |
| **Fondos Propios** | 97.344.746 | 49,2 | 988.683.164 | 99,3 |
| libres | 62.048.276 | 31,4 | 987.402.245 | 99,2 |
| FCA cofinancia elexible | | - | 1.280.919 | 0,1 |
| FCA condicionado | 35.296.470 | 17,8 | - | - |
| **FEAGA** | 50.360.216 | 25,5 | - | - |
| FEAGA | 50.360.216 | 25,5 | - | - |
| **FEDER** | 15.385.366 | 7,8 | 5.123.676 | 0,5 |
| 2007-13 | 15.385.366 | 7,8 | 5.123.676 | 0,5 |
| **Transferencias finalistas** | 13.000.000 | 6,6 | 1.602.953 | 0,2 |
| doutras Administracións | | - | - | - |
| outras transferencias finalistas | | - | - | - |
| da Administración do Estado | 13.000.000 | 6,6 | 1.602.953 | 0,2 |
| **FSE** | - | - | - | - |
| 2007-13 | - | - | - | - |
| **F.C.I.** | 21.695.159 | 11,0 | - | - |
| libres | 15.101.430 | 7,6 | - | - |
| que cofinancian | 6.593.729 | 3,3 | - | - |

Fonte: *Xunta de Galicia*

**4.1.7.**

de transferencias, unha porcentaxe algo inferior á do ano anterior. As familias e institucións sen ánimo de lucro reciben un 10,1%, e as empresas privadas un 2,6%. O Servizo Galego de Saúde é o maior destinatario das transferencias do capítulo IV, xa que recibe a través da Consellería de Sanidade os ingresos que corresponden á participación da Comunidade Autónoma no sistema de financiamento pola prestación de servizos sanitarios. As Corporacións Locais ocupan o segundo lugar en importancia polo volume das transferencias recibidas, neste caso correspondentes a súa participación nos tributos do Estado. Un terceiro bloque en importancia cuantitativa pode considerarse formado polas transferencias da Consellería de Educación, cun importe de 611,6 millóns de euros, destinados a subvencionar a gratuidade do ensino e ao financiamento das universidades de Galicia, polas transferencias de servizos sociais, que se incremen-

*Indicadores da actividade económica-financeira da C.A. 2008-09*

| | | Orzamentos iniciais | | | Executado | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2008 | 2009 | 09/08 | 2008 | 2009 | 09-08 |
| | | *(en miles de euros)* | | (%) | *(en miles de euros)* | | (%) |
| Ingresos correntes | | 9.983.016 | 9.774.962 | -2,08 | 9.819.204 | 9.755.300 | -0,65 |
| Gastos correntes | | 8.133.754 | 8.497.136 | 4,47 | 8.574.979 | 9.091.422 | 6,02 |
| **Aforro orzamentario** | | 1.849.262 | 1.277.826 | -30,90 | 1.244.225 | 663.877 | -46,64 |
| Ingresos de capital | | 767.877 | 798.072 | 3,93 | 690.750 | 717.820 | 3,92 |
| Gastos de capital | | 2.503.059 | 2.541.543 | 1,54 | 3.249.784 | 3.519.808 | 8,31 |
| **Saldo operacións de capital** | | -1.735.182 | -1.743.471 | 0,48 | -2.559.033 | -2.801.988 | 9,49 |
| Ingresos non financeiros | | 10.750.893 | 10.573.034 | -1,65 | 10.509.954 | 10.473.119 | -0,35 |
| Gastos non financeiros | | 10.636.813 | 11.058.123 | 3,96 | 11.824.763 | 12.611.230 | 6,65 |
| **Resultado non financeiro** | | 114.080 | -485.089 | -525,22 | -1.314.809 | -2.138.111 | 62,62 |
| **Ingresos non financeiros / Gastos non financeiros** | *(%)* | 101,07 | 95,61 | -2,08 | 88,88 | 83,05 | -6,56 |

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do *IGE* e *Consellería de Facenda*

**4.1.8.**

tan un 19,9 % sobre o ano anterior polo efecto da progresiva aplicación da Lei de dependencia, e finalmente polas transferencias destinadas fundamentalmente a actuacións de apoio á mellora e fomento da empregabilidade, subvencións en materia de emprego, e programas de formación de traballadores que se incrementan no ano 2009 en 39,5 millóns de euros.

### Principais indicadores da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia

O **cadro 4.1.8.** presenta como indicadores básicos orzamentarios o aforro ou desaforro orzamentario, o saldo das operacións de capital e o resultado non financeiro do ano 2009 en relación ao ano 2008.

O aforro orzamentario da administración xeral, isto é a diferenza entre ingresos e gastos correntes, no ano 2009 acadou os 663,9 millóns de euros, un 46,6% menos que o executado no ano 2008 (1.244,2 millóns de euros). Isto é consecuencia dun incremento dos gastos correntes (6%) e o decremento acadado polos ingresos correntes (0,7%).

No que respecta ás operacións de capital, o saldo entre ingresos e gastos de capital, foi un 9,5% máis negativo no ano 2009, superando en 2.802 millóns de euros os gastos de capital aos ingresos.

Como consecuencia, o resultado non financeiro do orzamento executado da administración xeral no ano 2009 foi negativo en 2.138 millóns de euros, sendo no exercicio precedente tamén negativo cun saldo de 1.315 millóns de euros.

É importante destacar a diferenza existente entre o volume de gastos non financeiros iniciais e os gastos non financeiros do orzamento de gastos. Neste senso, obsérvase que os gastos non financeiros no ano 2009 son superiores en máis de 1.553,1 millóns de euros aos

previstos inicialmente, o que unido á baixa no ámbito dos ingresos, explica o resultado non financeiro negativo de 2.138 millóns de euros.

O desaxuste existente entre gastos iniciais e o executado ven explicado, na súa maior parte, pola evolución dos gastos correntes e os gastos de capital, neste senso o executado no exercicio orzamentario do ano 2009 en base aos catro capítulos de gasto corrente foron superiores en máis de 441 millóns de euros aos créditos do orzamento inicial e os gastos de capital en 746 millóns.

### O orzamento das sociedades públicas: entes públicos e sociedades mercantís

O orzamento de explotación das sociedades mercantís increméntase nun 1%, pasando de 567,1 a 573 millóns de euros no exercicio de 2009. No mesmo senso o orzamento de capital das ditas sociedades diminúe nun 69,3%, acadando os 110 millóns de euros fronte aos 358,6 millóns de euros no ano anterior. No caso dos entes públicos, o seu orzamento de explotación decreméntase un 3,3%, acadando os 477,3 millóns de euros en 2009, mentres que o de capital o fixo nun 160,1%, situándose nos 710,5 millóns de euros nese mesmo ano (cadro 4.1.9.).

A débeda en Galicia (referida ao cuarto trimestre de cada ano), segundo o avance do Banco de España, ascendeu ata 4.783 millóns de euros, o que representa o 5,6% da débeda total española. Comparado co resto das Comunidades autónomas, Galicia, é a sexta das que rexistra un menor incremento da súa débeda en relación ao mesmo período do ano anterior, (22,3% no 2008-09 fronte ao 4,9% de incremento no período 2007-08). En xeral todas as CC.AA. aumentan de forma significativa a súa débeda. No conxunto do Estado, o incremento experimentado foi do 26,5% (14,2% no período 2007-08).

En termos relativos, a relación entre o endebedamento e o PIB aumentou lixeiramente ata o 8,8%, sendo esta porcentaxe do 8,2% no conxunto do Estado. O endebedamento por habitante amosou un comportamento contrario ao período anterior, ascendendo ata os 1.710,6 euros, situándose sen embargo, por debaixo da media estatal, que foi de 1.868,8 euros por persoa.

No ano 2009, o endebedamento das empresas públicas rexistrou en Galicia unha diminución do 30,8% respecto ao ano anterior. Se en 2008 a débeda acumulada ascendía a 305 millóns de euros, no último ano esta foi de 211 millóns de euros, o que representa o 0,4% do PIB galego. Segundo os datos do Banco de España, Galicia segue por baixo da ratio endebedamento/PIB rexistrada no conxunto do Estado: 1,5% (cadro 4.1.11.).

### Orzamento dos entes locais territoriais

A clasificación económica do orzamento consolidado das entidades locais galegas no ano 2008 ( último ano dispoñible), mostra como os ingresos tributarios previstos nas entidades locais galegas para o citado ano representa o 52,3% dos ingresos correntes, mentres que esta porcentaxe acada os 68,5% de media no conxunto do Estado, o que reflicte a escasa capacida-

## *Orzamentos das sociedades públicas 2008-09: sociedades mercantís e entes públicos*

### *Sociedades mercantís*

| | 2008 | | 2009 | | 09/08 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Explotación | Capital | Explotación | Capital | Explotación | Capital |
| | *(en miles de €)* | | | | *(%)* | |
| **Retegal S.A.** | 7.105 | 549 | 11.311 | 619 | 59,2 | 12,8 |
| **S.A. para o Desenvolvemento Industrial de Galicia** | 6.794 | 21.296 | 5.138 | - | -24,4 | -100,0 |
| **Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.** | 2.631 | 30 | 3.226 | 30 | 22,6 | 0,0 |
| **Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.** | 5.738 | 97.146 | 6.398 | 47.148 | 11,5 | -51,5 |
| **Autoestrada Alto de Santo Domingo - Ourense** | 8.213 | 73.265 | 9.899 | 25.288 | 20,5 | -65,5 |
| **Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco S.A.** | 3.191 | 1.118 | 4.496 | 1.702 | 40,9 | 52,2 |
| **S.A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia** | 1.595 | 236 | 749 | - | -53,0 | -100,0 |
| **Galicia Calidade, S.A.** | 586 | 1.412 | 4.130 | 1.462 | 604,8 | 3,5 |
| **Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.** | 40.072 | 16.500 | 43.322 | 17.147 | 8,1 | 3,9 |
| **S.A. de Xestión do Plan Xacobeo** | 23.986 | 4.520 | 24.112 | 4.292 | 0,5 | -5,0 |
| **S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia** | 7.117 | 510 | 7.219 | 197 | 1,4 | -61,4 |
| **Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A.** | 53.015 | 1.503 | 47.439 | 462 | - | - |
| **Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia** | 701 | 892 | 882 | 733 | - | - |
| **Xenética Fontao, S.A.** | 3.168 | 280 | 4.023 | 309 | 27,0 | 10,4 |
| **Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.** | 33.594 | 1.972 | 39.758 | 5.283 | 18,3 | 167,9 |
| **Sociedade Galega do Medio Ambiente S.A.** | | | 107.409 | 5.111 | | |
| **Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.** | 94.669 | 50.730 | 69.049 | 38 | -27,1 | -99,9 |
| **Xestión Urbanística de Lugo, S.A.** | 59.154 | 25.748 | 41.396 | - | -30,0 | -100,0 |
| **Xestión Urbanística de Ourense, S.A.** | 42.746 | 42.734 | 45.682 | 216 | 6,9 | -99,5 |
| **Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.** | 79.688 | 733 | 97.358 | - | 22,2 | -100,0 |
| **Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.** | 93.340 | 17.398 | | | -100,0 | -100,0 |
| **Total** | 567.103 | 358.572 | 572.996 | 110.037 | 1,0 | -69,3 |

### *Entes públicos*

| | 2008 | | 2009 | | 09/08 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Explotación | Capital | Explotación | Capital | Explotación | Capital |
| | *(en miles de €)* | | | | *(%)* | |
| **Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades** | 131.791 | 17.830 | 134.067 | 8.512 | 1,7 | -52,3 |
| **Axencia Galega de Emerxencias** | | | 7.309 | 7.309 | | |
| **Instituto Galego de Promoción Económica** | 109.238 | 26.360 | 124.336 | 306.405 | 13,8 | 1062,4 |
| **Consello Económico e Social** | 1.307 | 42 | 1.312 | 1.314 | 0,4 | 3028,6 |
| **Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económica-Financeira e Contable** | 16.863 | 6.838 | 23.734 | 23.879 | 40,7 | 249,2 |
| **Portos de Galicia** | 23.945 | 34.770 | 26.205 | 47.026 | 9,4 | 35,2 |
| **Instituto Enerxético de Galicia** | 9.634 | 5.360 | 19.290 | 19.592 | 100,2 | 265,5 |
| **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural** | 38.701 | 2.221 | 39.294 | 39.294 | 1,5 | 1669,2 |
| **Instituto Galego da Calidade Alimentaria** | 1.678 | 2.678 | 5.646 | 5.646 | - | - |
| **Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia** | 6.035 | 55.000 | 6.524 | 55.293 | 8,1 | 0,5 |
| **Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía** | 2.286 | 138 | 2.250 | 93 | -1,6 | -32,6 |
| **Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria** | 3.426 | 122 | 2.812 | 166 | -17,9 | 36,1 |
| **Fundación Pública Urxencias Sanitarias Galicia - 061** | 42.300 | 154 | 46.626 | 1.056 | 10,2 | 585,7 |
| **Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia** | 23.993 | 651 | 24.913 | 544 | 3,8 | -16,4 |
| **Fundación Pública de Medicina Xenómica** | 2.051 | 358 | 2.932 | 1.032 | 43,0 | 188,3 |
Das 4.070 solicitudes a resolver no último ano (534 pendentes do ano anterior), foron resoltas 3.289 solicitudes (2.106 estimadas e 1.183 denegadas), incrementándose a porcentaxe de resolución de solicitudes no 80,8%, esta porcentaxe aumentou en 4 puntos porcentuais en relación co ano 2008 (**cadro 4.2.12.**). Dos distintos proxectos dirixidos a persoas beneficiarias da Risga, máis da metade (49,3%) foron de tipo mixto, é dicir, que conlevan accións tanto dos proxectos sociofamiliares como dos prelaborais. Un 27,3% inciden en proxectos prelaborais, ou deseñados coa finalidade de favorecer as condicións de acceso ao emprego, e un 16,24% en proxectos sociofamiliares, sendo esta porcentaxe dun 7,11% no caso dos proxectos laborais.

En canto ás axudas de emerxencia social, concedéronse un total de 2.410 AES, o que implicou un gasto de 2.992,6 miles de euros. A contía media destas axudas ascendeu a 1.241,74 euros, oscilando o mesmo entre os 907,86 euros de A Coruña e os 2.302,13 euros de Ourense.

No último ano houbo un total de 4.721 solicitudes de AES a resolver (507 pendentes do ano anterior), das que foron resoltas 3.742 solicitudes (2.410 estimadas e 1.332 denegadas). A diferencia do que sucede no caso da Risga, a porcentaxe de resolución destas axudas diminuíu no último ano en 3,1 puntos porcentuais, acadando en 2009 o 79,3%.

Das 2.410 axudas concedidas ao longo do ano 2009, o 53,0% dirixíronse a cubrir gastos de necesidades primarias, o 22,6% a cubrir gastos do uso da vivenda habitual, o 18,3% das axudas foron destinadas para o equipamento básico da vivenda, e o 5,9% para o mantemento da habitabilidade ou accesibilidade.

### *Risga e Axudas de Emerxencia Social 2009: beneficiarios e pagos* (1)

| | Beneficiarios | | Importes totais das nóminas | | Importes medios | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Risga | AES | Risga | AES | Risga | AES |
| | | | | *(en €)* | | |
| **A Coruña** | 1.655 | 566 | 640.059,1 | 513.850,1 | 386,74 | 907,86 |
| **Lugo** | 492 | 391 | 179.626,0 | 546.255,6 | 365,09 | 1.397,07 |
| **Ourense** | 731 | 288 | 272.738,8 | 663.013,5 | 373,10 | 2.302,13 |
| **Pontevedra** | 1.920 | 1.165 | 722.064,9 | 1.269.463,1 | 376,08 | 1.089,67 |
| **Total** | 4.798 | 2.410 | 1.814.488,8 | 2.992.582,3 | 378,18 | 1.241,74 |

**(1) os datos dos importes corresponden ó mes de decembro**

Fonte: *Dirección Xeral de Acción Social*

4.2.11.

### *Risga e Axudas de Emerxencia Social 2008-09: solicitudes*

| | 2008 | | | 2009 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Risga | AES | Total | Risga | AES |
| **Solicitudes a resolver** | 6.682 | 2.985 | 3.697 | 8.791 | 4.070 | 4.721 |
| **presentadas no ano** | 5.969 | 2.668 | 3.301 | 7.750 | 3.536 | 4.214 |
| **pendentes do ano anterior** | 713 | 317 | 396 | 1.041 | 534 | 507 |
| **Solicitudes resoltas** | 5.340 | 2.293 | 3.047 | 7.031 | 3.289 | 3.742 |
| **estimadas** | 3.884 | 1.712 | 2.172 | 4.516 | 2.106 | 2.410 |
| **desestimadas e/ou arquivadas** | 1.456 | 581 | 875 | 2.515 | 1.183 | 1.332 |
| **Solicitudes present. / resoltas** *(%)* | 79,9 | 76,8 | 82,4 | 80,0 | 80,8 | 79,3 |

Fonte: *Dirección Xeral de Acción Social*

4.2.13.

### *Risga e Axudas de Emerxencia Social 2008-09: solicitudes rexistradas nas delegacións provinciais*

| | Risga | | AES | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| **A Coruña** | 1.146 | 1.450 | 913 | 971 | 2.059 | 2.421 |
| **Lugo** | 279 | 368 | 426 | 552 | 705 | 920 |
| **Ourense** | 325 | 392 | 482 | 586 | 807 | 978 |
| **Pontevedra** | 918 | 1.326 | 1.480 | 2.105 | 2.398 | 3.431 |
| **Total** | 2.668 | 3.536 | 3.301 | 4.214 | 5.969 | 7.750 |

Fonte: *Dirección Xeral de Acción Social*

4.2.13.

Respecto ao perfil dos beneficiarios destas axudas de emerxencia social, cómpre salientar que un 55,6% reside en núcleos de máis de 50.000 habitantes, o predominio do sexo feminino (o 65,5% son mulleres) e das persoas con idades comprendidas entre 25 e 45 anos (51,0% dos perceptores). No relativo á súa situación laboral, un 61,2% corresponde a parados que nalgún momento da súa vida traballaron e un 28,3% a inactivos, e no que á vivenda se refire, o tipo de vivenda característico é o piso (o 69,0%) seguido da vivenda unifamiliar (19,2%). Un 55,1% dos beneficiarios residen en vivenda alugada e un 18,2% reside en vivenda propia, dos que a maior parte teñen aboada a referida vivenda. O 53,5% dos beneficiarios das axudas ten os estudios primarios incompletos e o 35,7% estudios primarios rematados. ■

# 4.3. prestacións sanitarias e sociais

**A estrutura poboacional é un elemento** condicionante da evolución e situación actual das prestacións sanitarias e sociais. Dunha banda, cómpre salientar que 21,9% da poboación galega a un de xaneiro de 2009 tiña 65 ou máis anos, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 16,6%. Tendo en conta este maior peso relativo, os datos do **cadro 4.3.1.** reflicten uns índices de envellecemento e sobreenvellecemento superiores aos da media española. O maior índice de dependencia xeral en Galicia ven motivado polo maior índice de dependencia senil (33,2% fronte aos 24,6% en España), xa que o índice de dependencia xuvenil sitúase case cinco puntos por baixo (24,0% en Galicia e 28,9% en España).

Os presupostos da Xunta do ano 2009 correspondentes á produción de bens públicos de carácter social reflicten que se destinaron a este fin un total de 6.387,8 millóns de euros, un 3,3% máis que no ano anterior. As partidas máis importante foron as de sanidade, que tras unha medra do 3,1% acadou os 3.546,7 millóns de euros, e a correspondente a educación, con 2.404,5 millóns de euros, un 4,3% máis que en 2008.

### Prestacións sanitarias

A primeira parte do capítulo comeza coa presentación dos dous principais indicadores de saúde, morbilidade e siniestralidade, para pasar a continuación ao estudio das prestacións sanitarias do Sergas e ao das prestacións farmacéuticas.

• Indicadores de saúde

O importe presupostado en 2009 para o programa de protección e promoción da saúde permanece practicamente constante en relación ao presupostado no ano anterior, dedicándose un total de 36.139 miles de

### *Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2008-09* (1)

| | | 2008 | | 2009 | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Galicia | España | Galicia | España |
| **Poboación** | | | | | |
| **total** | [1] | 2.784.169 | 46.157.822 | 2.796.089 | 46.745.807 |
| **menor de 16 anos** | [2] | 338.550 | 7.113.961 | 341.673 | 7.265.948 |
| **menor de 20 anos** | [3] | 440.924 | 9.010.393 | 441.972 | 9.157.061 |
| **entre 16 e 64 anos** | [4] | 1.842.757 | 31.410.936 | 1.842.595 | 31.696.955 |
| **maior de 65 anos** | [5] | 602.862 | 7.632.925 | 611.821 | 7.782.904 |
| **85 e máis anos** | [6] | 83.479 | 938.040 | 87.229 | 988.929 |
| **Índices** | | *(%)* | | | |
| **vellez** | [5] / [1] | 21,7 | 16,5 | 21,9 | 16,6 |
| **envellecemento** | [5] / [3] | 136,7 | 84,7 | 138,4 | 85,0 |
| **sobreenvellecemento** | [6] / [5] | 13,8 | 12,3 | 14,3 | 12,7 |
| **dependencia xeral** | ([2]+[5]) / [4] | 51,1 | 46,9 | 51,7 | 47,5 |
| **dependencia xuvenil** | [3] / [4] | 23,9 | 28,7 | 24,0 | 28,9 |
| **dependencia senil** | [5] / [4] | 32,7 | 24,3 | 33,2 | 24,6 |
| **de recambio** | [2] / [5] | 56,2 | 93,2 | 55,8 | 93,4 |

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: *INE*

**4.3.1.**

### *Produción de bens públicos de carácter social 2008-09*

| | 2008 | 2009 | 09/08 |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | | *(%)* |
| **Sanidade** | 3.439.957 | 3.546.629 | 3,1 |
| **Educación** | 2.304.468 | 2.404.450 | 4,3 |
| **Cultura** | 146.854 | 141.065 | - 3,9 |
| **Deportes** | 41.944 | 41.256 | - 1,6 |
| **Vivenda** | 114.758 | 112.080 | - 2,3 |
| **Outros servizos comunitarios e sociais** | 135.786 | 142.282 | - |
| **Total** | 6.183.767 | 6.387.762 | 3,3 |

Fonte: *Xunta de Galicia*

**4.3.2.**

### *Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2008-09*

| | 2008 | 2009 | 09/08 |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | | *(%)* |
| **Loita contra as drogodependencias** | 4.720,4 | 4.973,5 | 5,4 |
| **Promoción de estilos de vida saudables** | 2.568,5 | 780,0 | -69,6 |
| **Seguridade alimentaria** | 770,8 | 605,4 | -21,5 |
| **Sanidade ambiental** | 868,7 | 500,0 | -42,4 |
| **Epidemioloxía** | 767,3 | 678,1 | -11,6 |
| **Coordinación e calidade da saúde pública** | 472,5 | 800,0 | 69,3 |
| **Actuacións laboratorios saúde pública** | 615,8 | 628,8 | 2,1 |
| **Planificación, estratexia e avaliación saúde pública** | 327,0 | 125,0 | -61,8 |
| **Prevención e control de enfermidades transmisibles** | 2.653,2 | 2.467,0 | -7,0 |
| **Programa galego de vacinacións** | 12.522,1 | 15.453,5 | 23,4 |
| **Inspección, calidade e laboratorio saúde pública** | 2.793,6 | 2.983,9 | 6,8 |
| **Programas sanitarios** | 1.738,6 | 1.010,5 | -41,9 |
| **Equipamento informático saúde pública** | 1.783,4 | 1.783,4 | 0,0 |
| **Programas poboacionais de cribado** | 3.541,4 | 3.350,0 | -5,4 |
| **Total** | 36.143,3 | 36.139,0 | 0,0 |

Fonte: *Xunta de Galicia*

**4.3.3.**

***Enfermidades de declaración obrigatoria 2008-09***

| | 2008 | | 2009 | |
|---|---|---|---|---|
| | número de casos | taxa/ 100.000 habs. | número de casos | taxa/ 100.000 habs. |
| **Enfermidades de transmisión respiratoria** | | | | |
| **Gripe** | 81.789 | 2.938,8 | 85.755 | 3.067,0 |
| **Varicela** | 7.139 | 256,5 | 8.456 | 302,4 |
| **Lexionelose** | 55 | 2,0 | 67 | 2,4 |
| **Enf. meningocócica** | 67 | 2,4 | 65 | 2,3 |
| **Enf. invasiva por Hib.** | 4 | 0,1 | 2 | 0,1 |
| **Outras** | | | | |
| **Meninxites víricas** | 177 | 6,4 | 139 | 5,0 |
| **F. Botanosa** | 5 | 0,2 | - | - |
| **Enfermidades de transmisión alimentos** | | | | |
| **Toxinfeccións alimentarias** | 288 | 10,3 | 190 | 6,8 |
| **Disentería bacilar** | 138 | 5,0 | 4 | 0,1 |
| **F. tifoidea e paratifoidea** | 2 | 0,1 | 2 | 0,1 |
| **Enfermidades prevenibles inmunización** | | | | |
| **Parotidite** | 160 | 5,7 | 96 | 3,4 |
| **Rubéola** | 1 | 0,0 | - | - |
| **Tétano** | 2 | 0,1 | - | - |
| **Tose ferina** | 10 | 0,4 | 5 | 0,2 |
| **Hepatite A** | 40 | 1,4 | 75 | 2,7 |
| **Hepatite B** | 61 | 2,2 | 44 | 1,6 |
| **Outras hepatites víricas** | 59 | 2,1 | 35 | 1,3 |
| **Enfermidades transmisión sexual** | | | | |
| **Infección gonocócica** | 88 | 3,2 | 73 | 2,6 |
| **Sífilis** | 116 | 4,2 | 82 | 2,9 |
| **Antropozoonoses** | | | | |
| **Brucelose** | 2 | 0,1 | 2 | 0,1 |
| **Vixiadas pola OMS** | | | | |
| **Paludismo** | 9 | 0,3 | 6 | 0,2 |

**(1) datos do Padrón de habitantes, a 1 de xaneiro de cada ano**

Fonte: *Dirección Xeral de Saúde Pública*

**4.3.4.**

euros. O 42,8% diríxese ao Programa galego de vacinacións (15.453,5 miles de euros), seguíndolle en importancia, no que ao importe se refire, o de "Loita contra as drogodependencias", que tras unha medra do 5,4%, acolle o 13,8% do presupostado (4.973,5 miles de euros). Un aspecto importante a destacar é o descenso en case un 70% do importe destinado á promoción de estilos de vida saudables, que en 2008 crecera un 90%.

*– Morbilidade*

Os resultados obtidos a través do sistema de enfermidades de declaración obrigatoria (EDO) indican que tras o descenso rexistrado en 2008, no último ano aumentou o número de casos de gripe. Estes incrementáronse en case catro mil casos, acadando os 85.755 (3.067,0 casos por cada 100.000 habitantes).

Asemade, dos datos do **cadro 4.3.4.** se desprende que xunto á gripe, tan só a varicela, e en menor medida a hepatite A e a lexionelose, presentan unha medra do número de casos. Entre estas enfermidades salienta a varicela, que segue a ser a segunda máis importante en canto ao número de casos se refire, con 8.456 (1.317 casos menos que en 2008) e un índice de incidencia de 302,4 casos por cada cen mil habitantes.

***GRD** (1) **máis frecuentes nos hospitais do Sergas 2009***

| | | 2009 | |
|---|---|---|---|
| | | Episodios | Estadía media |
| 373 | Parto sen complicacions | 9.839 | 2,88 |
| 541 | Neumonia simple e out trast.respiratorios exc. Bronquite e asma con cc maior | 8.664 | 11,44 |
| 372 | Parto con complicacions | 4.538 | 3,34 |
| 127 | Insuficiencia cardiaca e choque | 4.233 | 9,31 |
| 87 | Edema pulmonar e insuficiencia respiratoria | 3.911 | 9,40 |
| 886 | Outros diagnosticos anteparto sen procedemento cirurxico | 3.353 | 2,74 |
| 14 | Ictus con infarto | 2.941 | 12,56 |
| 544 | Icc e arritmia cardiaca con cc maior | 2.923 | 11,67 |
| 371 | Cesarea, sen complicacions | 2.896 | 5,97 |
| 359 | Proc. Sobre utero e anexos por ca.in situ e proceso non maligno sen cc | 2.327 | 4,76 |
| 818 | Substitucion de cadeira agas por complicacions | 2.273 | 11,75 |
| 88 | Enfermidade pulmonar obstrutiva cronica | 2.108 | 8,80 |
| 381 | Aborto con dilatacion e legrado, aspiracion ou histerotomia | 2.092 | 2,13 |
| 430 | Psicose | 2.071 | 22,53 |
| 101 | Outros diagnosticos de aparello respiratorio con cc | 2.025 | 9,10 |
| 410 | Quimioterapia | 1.923 | 4,13 |
| 102 | Outros diagnosticos de aparello respiratorio sen cc | 1.887 | 6,71 |
| 167 | Apendicectomia sen diagnostico principal complicado sen cc | 1.829 | 3,84 |
| 162 | Procedementos sobre hernia inguinal e femoral idade>17 sen cc | 1.755 | 2,46 |
| 494 | Colecistectomia laparoscopica sen explorac. Conduto biliar sen cc | 1.705 | 4,70 |
| 89 | Neumonia simple e pleurite idade>17 con cc | 1.690 | 10,17 |
| 208 | Trastornos do trato biliar sen cc | 1.573 | 7,65 |
| 209 | Subst. Articulac. Maior agas cadeira e reimplante memb.inf., exc. Por cc | 1.516 | 11,27 |
| 219 | Proc. Extr.inferior e umero exc. Cadeira,pe,femur idade>17 sen cc | 1.461 | 8,99 |
| 82 | Neoplasias respiratorias | 1.391 | 11,13 |
| **Subtotal** | | 72.924 | 7,64 |
| | **Total episodios** | 240.816 | |

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos

(2) inclúe a actividade de Povisa con financiamento do Sergas

Fonte: *Sergas*

**4.3.5.**

Por contra, entre as enfermidades de declaración obrigatoria que experimentaron un descenso do número de casos hai que salientar as rexistradas polas enfermidades de transmisión de alimentos, onde se rexistraron 134 casos menos de disentería bacilar e 98 toxinfeccións alimentarias menos.

Os datos do Centro Nacional de Epidemología reflicten que no primeiro semestre de 2009 notificáronse un total de sete novos casos de sida, o 2,8% dos rexistrados no conxunto do Estado. En relación ao ano anterior, os datos rexistrados nos seis primerios meses de 2009 representan o 11,3% dos novos casos notificados en todo o ano 2008.

No que atinxe á morbilidade hospitalaria, a agrupación das altas hospitalarias en función da súa complexidade (GRD) constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos. Os partos sen complicacións e a neumonia simple e outros trastornos respiratorios agás , bronquite e asma con cc. maior seguen sendo os que presentan o maior número de episodios, con 9.839 e 8.664 episodios, respectivamente. As súas estadías medias foron de 2,88 e 11,44 días respectivamente (**cadro 4.3.5.**).

*– Sinistralidade*

No concernente á sinistralidade, cómpre diferenciar entre aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No primeiro caso, o **cadro 4.3.6.** amosa unha nova redución do número de vítimas

***Vítimas mortais en estradas nas CC.AA. 2008-09***

| | 2008 | 2009 | 09/08 (%) |
|---|---|---|---|
| **Andalucía** | 378 | 330 | -14,5 |
| **Aragón** | 113 | 89 | -27,0 |
| **Asturias** | 45 | 43 | -4,7 |
| **Baleares** | 57 | 38 | -50,0 |
| **Canarias** | 58 | 51 | -13,7 |
| **Cantabria** | 19 | 23 | 17,4 |
| **Castela-A Mancha** | 188 | 155 | -21,3 |
| **Castela e León** | 234 | 197 | -18,8 |
| **Cataluña** | 287 | 269 | -6,7 |
| **C. Valenciana** | 221 | 166 | -33,1 |
| **Estremadura** | 85 | 67 | -26,9 |
| **Galicia** | 193 | 185 | -4,3 |
| **Madrid** | 107 | 105 | -1,9 |
| **Murcia** | 65 | 66 | 1,5 |
| **Navarra** | 35 | 32 | -9,4 |
| **País Vasco** | 69 | 51 | -35,3 |
| **A Rioxa** | 26 | 30 | 13,3 |
| **Total** | 2.180 | 1.897 | -14,9 |

Fonte: *Dirección General de Tráfico*

**4.3.6.**

mortais tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. No último ano rexistráronse en Galicia un total de 185 persoas falecidas (o 9,8% do total de persoas falecidas en España), o que a sitúa como a cuarta Comunidade Autónoma con maior número de vítimas tras Andalucía, Cataluña, Castela e León.

En relación aos accidentes laborais, o **cadro 2.2.7.** *[Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2008-09: distribución segundo a gravidade e sector económico]* reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia decreceu no último ano ata situarse nos 39.650 accidentes (un 21,3 % menos que en 2008).

O 40,2% destes accidentes producíronse nas actividades do sector servizos (15.954 accidentes) e nas ramas industriais (12.314 accidentes); un 21,6% dos sinistros rexistráronse no sector da construción (8.599), e o 7% restante (2.783 accidentes), no sector primario. A meirande parte dos accidentes laborais con baixa rexistrados en 2009 corresponderon a accidentes leves (39.028 accidentes), mentres que tan só un 1,6% (622 accidentes) foron graves ou mortais.

No último ano, o índice de incidencia situouse en Galicia nos 47 accidentes por cada mil traballadores afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (case seis accidentes máis que a media en España), converténdose na cuarta C.A. co índice máis elevado tras Baleares, Asturias e Castela-A Mancha. No caso dos accidentes mortais, Galicia presenta o índice de incidencia máis elevado de España, con 8,6 accidentes por cada cen mil afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de

*Camas funcionantes nos hospitais do Sergas 2008-09*

| Hospitais | 2008 | 2009 |
|---|---|---|
| C.H. Arq. Marcide-Novoa Santos | 413 | 415 |
| C.H. Ourense | 829 | 808 |
| C.H. Pontevedra | 620 | 620 |
| C.H. Universitario A Coruña | 1.445 | 1.444 |
| C.H. Universitario de Santiago | 1.125 | 1.091 |
| C.H. Universitario de Vigo | 1.208 | 1.139 |
| C.H. Xeral-Calde | 740 | 733 |
| F.H. da Barbanza | 80 | 81 |
| F.H. de Verín | 79 | 79 |
| F.H. Salnés | 87 | 85 |
| F.H. Virxe da Xunqueira | 74 | 75 |
| H.C. da Costa | 140 | 138 |
| H.C. de Monforte | 137 | 132 |
| H.C. de Valdeorras | 102 | 102 |
| Total | 7.079 | 6.942 |

Fonte: *Sergas*

4.3.7.

traballo especificamente cuberta (5,2 no conxunto do Estado).

• Prestacións do Servizo Galego de Saúde (Sergas)

Analizados os aspectos orzamentarios e os programas de gastos do Sergas, neste apartado farase referencia aos datos do número de camas instaladas e funcionantes nos distintos hospitais do Sergas, así como á actividade cirúrxica.

No último ano volveu a descender o número de camas funcionantes nos hospitais do Sergas. O **cadro 4.3.7.** reflicte que en 2009 había un total de 6.942 camas funcionantes, cifra lixeiramente por baixo da rexistrada en 2008, que ascendía a 7.079 camas.

Os hospitais do Sergas rexistraron en 2009, a diferenza do acontecido no ano anterior, unha diminución do número de intervencións realizadas. No último ano fixéronse un total de 168.658 intervencións (6.844 menos que no ano anterior), das que o 79,2% (133.544 intervencións) son programadas e as restantes 35.114 son intervencións urxentes.

Todas as provincias galegas rexistraron unha diminución do número de intervencións realizadas excepto Ourense, que aumentou. A Coruña é a que presenta o maior número de intervencións, con 73.403, o 43,5% do total de Galicia, seguida de Pontevedra, con 52.023 intervencións (un 30,8%).

Segundo os datos publicados polo Sergas, o ano 2009 presenta un incremento tanto do número de pacientes na lista de espera estrutural cirúrxica como da súa demora media. A 31 de decembro de 2009 o número de pacientes en lista de espera situábase nas 35.318 persoas, sendo a súa demora media de 79,6 días (70 días na mesma data do ano anterior). No último ano, un total de 23.281 persoas tiveron unha demora media inferior a tres meses, mentres que entre tres e seis

*Actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas 2008-09*

| | 2008 | | | 2009 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Intervencións programadas | Intervencións non programadas | Total | Intervencións programadas | Intervencións non programadas | Total |
| **A Coruña** | 64.202 | 13.575 | 77.777 | 60.862 | 12.541 | 73.403 |
| **Lugo** | 18.390 | 5.646 | 24.036 | 17.088 | 6.053 | 23.141 |
| **Ourense** | 14.608 | 4.735 | 19.343 | 15.209 | 4.882 | 20.091 |
| **Pontevedra** | 42.060 | 12.286 | 54.346 | 40.385 | 11.638 | 52.023 |
| **Total** | 139.260 | 36.242 | 175.502 | 133.544 | 35.114 | 168.658 |

Fonte: *Sergas*

**4.3.8.**

*Doazóns e transplantes de órganos e tecidos 2008-09*

| | 2008 | 2009 | 09/08 (%) |
|---|---|---|---|
| **Doantes de órganos** | 81 | 85 | 4,9 |
| **Transplantes de órganos** | 267 | 272 | 1,9 |
| renal | 120 | 127 | 5,8 |
| hepático | 78 | 78 | 0,0 |
| cardíaco | 24 | 21 | -12,5 |
| pulmonar | 40 | 40 | 0,0 |
| de páncreas | 5 | 6 | 20,0 |
| **Transplantes de tecidos** | 969 | 921 | -5,0 |
| proxenitores hematopoéticos | 118 | 144 | 22,0 |
| córneas | 143 | 116 | -18,9 |
| óseo e osteotendinoso | 608 | 561 | -7,7 |
| segmentos vasculares | 17 | 9 | -47,1 |
| válvulas cardíacas | 16 | - | -100,0 |
| cultivo condrocitos | 3 | - | 0,0 |
| membrana amniótica | 64 | 91 | 42,2 |

Fonte: *Sergas*

**4.3.9.**

meses esperan un total de 9.448 persoas, sendo a demora media superior a seis meses para 2.511 pacientes.

Xunto a esta lista de espera estrutural hai que considerar que un total de 214.672 pacientes atópanse en cola de programación de consultas médicas iniciais, sendo a súa demora media de 68,9 días (65 días en 2009).

### • Transplantes e doazóns

O número de transplantes de órganos en Galicia incrementouse un 1,9% ao longo do ano 2009, acadando os 272 transplantes (5 máis que no ano precedente). Entre estes, cómpre salientar o predominio dos transplantes de ril (127) e fígado (78), realizándose 40 de pulmón, 21 de corazón e 6 de páncreas.

Tralo aumento experimentado en 2008, o número de transplantes de tecidos diminuíu de novo no último ano, pasando de 969 no 2008 a 921 no 2009 , un 5% menos que no ano anterior. Ao igual que en anos anteriores, predominan os transplantes de oso, con 561 (7,7% menos que en 2008), e os transplantes de córneas, con 116 un 18,9% menos que no ano anterior. (**cadro 4.3.9.**).

*Prestación farmacéutica a través de receita en 2009*

| | Gasto farmacéutico | | Receitas facturadas | | Gasto medio por receita facturada | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2009 | 09/08 | | 09/08 | | |
| | *(en millóns de €)* | *(%)* | | *(%)* | *(€)* | *(%)* |
| **Andalucía** | 2.061,0 | 5,4 | 173.563.750 | 6,3 | 11,87 | -0,9 |
| **Aragón** | 409,7 | 4,7 | 28.448.972 | 4,6 | 14,40 | 0,1 |
| **Asturias** | 352,8 | 4,2 | 24.514.804 | 3,1 | 14,39 | 1,1 |
| **Baleares** | 222,9 | 5,4 | 15.538.912 | 1,6 | 14,34 | 3,8 |
| **Cantabria** | 160,3 | 4,2 | 11.623.622 | 3,8 | 13,79 | 0,4 |
| **Castela-A Mancha** | 614,3 | 5,2 | 44.376.775 | 5,5 | 13,84 | -0,3 |
| **Castela e León** | 741,3 | 5,2 | 51.246.512 | 3,7 | 14,47 | 1,5 |
| **Cataluña** | 1.884,5 | 2,4 | 147.582.927 | 3,0 | 12,77 | -0,8 |
| **Canarias** | 569,9 | 7,2 | 40.819.665 | 6,7 | 13,96 | 0,5 |
| **C. Valenciana** | 1.604,9 | 3,1 | 111.787.286 | 4,5 | 14,36 | -1,4 |
| **Estremadura** | 358,6 | 8,9 | 25.608.038 | 8,1 | 14,00 | 0,7 |
| **Galicia** | 925,2 | 6,4 | 63.380.024 | 5,4 | 14,60 | 0,9 |
| **Madrid** | 1.318,5 | 5,2 | 103.897.638 | 6,0 | 12,69 | -0,8 |
| **Murcia** | 412,3 | -0,9 | 29.742.500 | 5,3 | 13,86 | -5,9 |
| **Navarra** | 166,7 | 4,1 | 11.803.180 | 4,1 | 14,13 | 0,0 |
| **País Vasco** | 586,7 | 4,2 | 41.818.572 | 3,6 | 14,03 | 0,6 |
| **A Rioxa** | 89,7 | 6,5 | 6.129.407 | 5,2 | 14,63 | 1,2 |
| **Ceuta** | 14,9 | 3,9 | 1.145.372 | 3,8 | 13,02 | 0,1 |
| **Melilla** | 12,0 | 3,9 | 985.614 | 5,4 | 12,22 | -1,4 |
| **Total** | 12.506,2 | 4,5 | 934.013.570 | 4,9 | 13,39 | -0,5 |

Fonte: *Ministerio de Sanidad y Política Social*

4.3.10.

En canto ás doazóns, no ano 2009 o número de doazóns foi de 85, o 4,9% máis que no ano anterior.

• Prestacións farmacéuticas

O gasto farmacéutico público rexistrou en 2009 un incremento do 6,4% en Galicia, case dous puntos máis que no conxunto do Estado. A factura de receitas prescritas ascendeu ata os 925,2 millóns de euros, o que significa o 7,4% do total estatal, e a sitúa como a cuarta comunidade autónoma co gasto máis elevado tras Andalucía, Cataluña, a C. Valenciana e Madrid.

O devandito diferencial de crecemento con respecto á media estatal ven motivado non só pola medra do gasto medio por receita senón tamén polo incremento do número de receitas prescritas. Dunha banda, o gasto medio medrou un 0,9% en Galicia en contraposicón co descenso rexistrado no conxunto do Estado, situándose o mesmo nos 14,60 euros por receita, o segundo máis elevado de España tan só superado por A Rioxa, con 14,63 euros. Doutra, o volume de receitas, tras unha medra do 5,4% respecto ao ano anterior, superou os 63 millóns o que suporía unha media de 23 receitas por habitante, tres máis que a media estatal.

## Prestacións sociais

Tal como se amosa no **cadro 4.3.11.**, a 31 de decembro de 2009, tíñase presentado un total de 28.960 solicitudes recoñecidas do grado III. Galicia é a quinta Comunidade Autónoma en canto a volume de solicitu-

| | Solicitudes | | Ditames | | Grado III | | Grado II | | Total beneficiarios con dereito a prestación | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(número)* | *(%)* | *(número)* | *(%) / solicitudes* | *(número)* | *(%) / ditames* | *(número)* | *(%) / ditames* | *(número)* | *(%) / ditames* |
| **Andalucía** | 336.246 | 29,5 | 286.057 | 85,1 | 113.022 | 39,5 | 86.413 | 30,2 | 199.435 | 69,7 |
| **Aragón** | 39.837 | 3,5 | 34.153 | 85,7 | 16.260 | 47,6 | 9.220 | 27,0 | 25.480 | 74,6 |
| **Asturias** | 28.407 | 2,5 | 22.119 | 77,9 | 9.778 | 44,2 | 5.367 | 24,3 | 15.145 | 68,5 |
| **Baleares** | 19.416 | 1,7 | 16.694 | 86,0 | 7.275 | 43,6 | 4.944 | 29,6 | 12.219 | 73,2 |
| **Canarias** | 25.056 | 2,2 | 18.579 | 74,1 | 10.840 | 58,3 | 4.375 | 23,5 | 15.215 | 81,9 |
| **Cantabria** | 17.765 | 1,6 | 16.322 | 91,9 | 7.782 | 47,7 | 4.871 | 29,8 | 12.653 | 77,5 |
| **Castela e León** | 60.934 | 5,3 | 54.772 | 89,9 | 27.721 | 50,6 | 14.305 | 26,1 | 42.026 | 76,7 |
| **Castela-A Mancha** | 64.986 | 5,7 | 56.159 | 86,4 | 24.200 | 43,1 | 14.993 | 26,7 | 39.193 | 69,8 |
| **Cataluña** | 175.530 | 15,4 | 173.164 | 98,7 | 80.511 | 46,5 | 50.276 | 29,0 | 130.787 | 75,5 |
| **C. Valenciana** | 88.339 | 7,7 | 85.275 | 96,5 | 34.257 | 40,2 | 24.156 | 28,3 | 58.413 | 68,5 |
| **Estremadura** | 32.068 | 2,8 | 22.250 | 69,4 | 12.182 | 54,8 | 5.827 | 26,2 | 18.009 | 80,9 |
| **Galicia** | 62.329 | 5,5 | 56.819 | 91,2 | 28.960 | 51,0 | 15.802 | 27,8 | 44.762 | 78,8 |
| **Madrid** | 61.000 | 5,3 | 60.362 | 99,0 | 31.223 | 51,7 | 18.147 | 30,1 | 49.370 | 81,8 |
| **Murcia** | 20.313 | 1,8 | 20.207 | 99,5 | 13.107 | 64,9 | 7.100 | 35,1 | 20.207 | 100,0 |
| **Navarra** | 18.541 | 1,6 | 17.453 | 94,1 | 4.741 | 27,2 | 5.341 | 30,6 | 10.082 | 57,8 |
| **País Vasco** | 76.880 | 6,7 | 68.559 | 89,2 | 22.591 | 33,0 | 18.854 | 27,5 | 41.445 | 60,5 |
| **A Rioxa** | 10.872 | 1,0 | 10.169 | 93,5 | 4.891 | 48,1 | 2.667 | 26,2 | 7.558 | 74,3 |
| **Ceuta e Melilla** | 3.089 | 0,3 | 2.717 | 88,0 | 881 | 32,4 | 716 | 26,4 | 1.597 | 58,8 |
| **Total** | 1.141.608 | 100 | 1.021.830 | 89,5 | 450.222 | 44,1 | 293.374 | 28,7 | 743.596 | 72,8 |

***Valoracións e ditames da situación de dependencia nas CC.AA. a 31-12-2009***

Fonte: *IMSERSO*

**4.3.11.**

des de dependencia presentadas, acadando o 6,4% do total estatal, por detrás de Andalucía (25,1%), Cataluña (17,9%), C. Valenciana (7,6%) e Madrid (6,9%).

O total de beneficiarios con dereito a prestación é en Galicia de 44.762 persoas, o 5,6% dos ditames emitidos, acollendo o 6% dos beneficiarios totais do Estado. O 58,80% das prestacións recoñecidas están destinadas a "P.E. coidados familiares" (17.952 beneficiarios) e o 15,72%, a atención residencial (4.798 beneficiarios).

O **cadro 4.3.12.** amosa que en 2009 había un total de 858 centros prestadores de servizos sociais, dos que 58 corresponden a grandes centros residenciais cun total de 9.945 prazas, 184 Centros de día con 6.223 prazas, 67 residencias con 5.086 prazas, 96 miniresidencias con 3.786 prazas e 98 vivendas comunitarias con 1.027 prazas.

Se atendemos á distribución territorial, contando o número de prazas, están irregularmente distribuídas, con A Coruña, Pontevedra, Ourense e Lugo co 36%, 26,9%, 21% e 15,8% respectivamente. Se temos en conta a poboación, Ourense, Lugo, A Coruña e Pontevedra con 20, 14, 10 e 9 prazas respectivamente por cada 1.000 habitantes.

• **Garderías**

O número total de centros con permiso de inicio en 2009 ascendeu a 441, acadando as prazas potenciais

## Centros prestadores de servizos sociais 2009 (1)

| | Total | | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | | Outra | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | prazas | número | prazas | número | prazas | número | prazas | número | prazas | número | prazas |
| **Gran centro residencial** | 58 | 9.945 | 19 | 3.347 | 11 | 1.879 | 11 | 1.859 | 17 | 2.860 | | |
| **Centro de día** | 184 | 6.223 | 71 | 2.707 | 28 | 945 | 22 | 569 | 63 | 2.002 | | |
| **Residencia** | 67 | 5.086 | 18 | 1.674 | 15 | 1.037 | 14 | 949 | 20 | 1.426 | | |
| **Miniresidencia** | 96 | 3.786 | 28 | 1.087 | 10 | 346 | 40 | 1.642 | 18 | 711 | | |
| **Vivenda comunitaria** | 98 | 1.027 | 24 | 258 | 18 | 183 | 32 | 332 | 24 | 254 | | |
| **Puntos de atención á infancia** | 37 | 713 | 6 | 116 | 14 | 275 | 14 | 262 | 3 | 60 | | |
| **Residencia de discapacitados gravemente afectados** | 15 | 655 | 8 | 378 | 2 | 35 | 3 | 185 | 2 | 57 | | |
| **Comedor social** | 9 | 642 | 6 | 482 | | | 2 | 40 | 1 | 120 | | |
| **Ludoteca** | 21 | 636 | 8 | 263 | | | 2 | 60 | 11 | 313 | | |
| **Residencia de discapacitados adultos** | 16 | 551 | 4 | 95 | 2 | 59 | 8 | 273 | 2 | 124 | | |
| **Centro con fogares** | 14 | 532 | 7 | 231 | 1 | 32 | 3 | 120 | 3 | 149 | | |
| **Centro de acollida básica** | 14 | 446 | 10 | 268 | 1 | 9 | 1 | 8 | 2 | 161 | | |
| **Fogar residencial** | 20 | 422 | 7 | 146 | 1 | 24 | 9 | 197 | 3 | 55 | | |
| **Apartamento tutelado** | 11 | 308 | 1 | 34 | 7 | 188 | 3 | 86 | | | | |
| **Casa de familia** | 31 | 246 | 6 | 48 | 3 | 24 | 4 | 35 | 18 | 139 | | |
| **Vivenda-piso tutelado** | 39 | 228 | 16 | 105 | 4 | 27 | 2 | 9 | 11 | 80 | 6 | 7 |
| **Fogares e clubes** | 24 | 225 | 13 | 200 | 6 | | 3 | 25 | 2 | | | |
| **Albergue** | 5 | 153 | 2 | 67 | | | | | 3 | 86 | | |
| **Espazo infantil** | 7 | 147 | 3 | 62 | | | 2 | 70 | 2 | 15 | | |
| **Casa de acollida** | 7 | 64 | | | | | | | | | 7 | 64 |
| **Centro de acollida-apoio social a procesos terapeúticos** | 3 | 64 | | | | | 2 | 40 | 1 | 24 | | |
| **Centro de acollida-transición á vida autónoma** | 3 | 20 | | | | | 1 | 7 | 2 | 13 | | |
| **Centro social** | 77 | - | 22 | | 14 | | 15 | | 26 | | | |
| **Puntos de encontro familiar** | 2 | - | 2 | | | | | | | | | |
| | - | - | | | | | | | | | | |
| **Total** | 858 | 32.119 | 281 | 11.568 | 137 | 5.063 | 193 | 6.768 | 234 | 8.649 | 13 | 71 |

(1) centros con permiso de inicio de actividades a 31 de decembro

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.12.

### *Centros de atención á infancia 2008-2009* (1)

| 2008 | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| **Centros con permiso de inicio** | 407 | 181 | 41 | 43 | 142 |
| **Públicos** | 158 | 71 | 22 | 14 | 51 |
| **Privados** | 249 | 110 | 19 | 29 | 91 |
| **Prazas teóricas** | 21.550 | 9.472 | 1.971 | 1.997 | 8.110 |
| **Públicos** | 9.835 | 4.660 | 1.174 | 867 | 3.134 |
| **Privados** | 11.715 | 4.812 | 797 | 1.130 | 4.976 |
| **Prazas / Centros** | 53 | 52 | 48 | 46 | 57 |
| **Públicos** | 62 | 66 | 53 | 62 | 61 |
| **Privados** | 47 | 44 | 42 | 39 | 55 |

| 2009 | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| **Centros con permiso de inicio** | 441 | 197 | 43 | 50 | 151 |
| **Públicos** | 182 | 78 | 24 | 22 | 58 |
| **Privados** | 259 | 119 | 19 | 28 | 93 |
| **Prazas teóricas** | 23.559 | 10.481 | 2.117 | 2.258 | 8.703 |
| **Públicos** | 11.122 | 5.077 | 1.314 | 1.186 | 3.545 |
| **Privados** | 12.437 | 5.404 | 803 | 1.072 | 5.158 |
| **Prazas / Centros** | 53 | 53 | 49 | 45 | 58 |
| **Públicos** | 61 | 65 | 55 | 54 | 61 |
| **Privados** | 48 | 45 | 42 | 38 | 55 |

**(1) garderías con permiso de inicio de actividade a 31 de decembro de cada ano**
Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.13.

as 23.559, o que implica un total de 53,4% prazas por centro. Os datos do **cadro 4.3.13.** amosan que as 259 entidades de iniciativa privada ofertan 12.437 prazas, o 52,8% das prazas nas garderías galegas, e os 182 centros públicos ofertan 11.122 prazas.

Comparado co ano anterior, cómpre salientar o importante crecemento rexistrado nas prazas das garderías tanto públicas como privadas. En 2009 hai 34 centros con permiso de inicio máis que no ano anterior, e o número de prazas aumenta nun 9,3,%, ata acadar as 23.559.

Atendendo á ratio prazas ofertadas por centro, as entidades de iniciativa privada acollen un total de 48 prazas, en tanto que os centros de titularidade pública ofertan 61 prazas por centro. ■

# 4.4.

# educación

**Continuando coa liña marcada** nos anos anteriores, os orzamentos da Xunta de Galicia presentan entre as súas prioridades unha especial atención á educación e á formación de capital humano. No exercicio 2009, o orzamento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria medrou un 4,3%, acadando os 2.389,3 millóns de euros, o que supón o 20,3% do presuposto da Comunidade autónoma. Os principais ámbitos de actuación en materia educativa son os da educación infantil, primaria e ESO e formación e cualificación profesional, que acollen case o 70,3% do orzamento da Consellería. Por outro lado, os programas destinados ao ensino universitario acollen o 16,1% do presuposto.

O obxectivo deste capítulo é presentar tanto os principais datos do ensino de réxime xeral como os do ensino universitario. No curso 2009-10 aumentou o número de alumnos matriculados nos centros do réxime xeral e baixou o alumnado nas tres universidades galegas.

## Ensino de réxime xeral

Galicia experimenta no último curso lectivo un descenso do número de centros, mentres que o número de alumnos incrementáse. Nos centros de ensino de réxime xeral o número de alumnos matriculados foi de 349.727, un 1,1% máis que no curso anterior. O número de profesores nos centros galegos medrou no último ano un 0,4%, acadando os 37.295 profesores.

Atendendo á distribución segundo centros públicos e privados, os datos do **cadro 4.4.2.** indican que 8 de cada dez centros escolares son públicos, e con respecto do ano anterior baixou a porcentaxe de centros públicos. A estes centros públicos asisten en Galicia o 71,4% dos alumnos e imparten clase o 79,6% dos pro-

**Orzamento consolidado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 2009: distribución dos créditos segundo programas e capítulos**

| | Capítulos | | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | I | II | III | IV | VI | VII | |
| | | | | *(en miles de €)* | | | |
| **151A Fomento da lingua galega** | - | 45,0 | - | 40,0 | - | - | 85,0 |
| **421A Dirección e servizos xerais de educación** | 25.414,3 | 2.986,9 | 3,0 | 164,0 | 162,5 | - | 28.730,7 |
| **422A Educación infantil, primaria e ESO** | 599.492,3 | 14.378,0 | - | 232.316,3 | 36.165,4 | - | 882.352,0 |
| **422C Ensinanzas universitarias** | - | 285,6 | - | 340.385,1 | 3.000,0 | 42.129,4 | 385.800,1 |
| **422D Educación especial** | 17.488,1 | 780,0 | - | 11.794,3 | - | - | 30.062,4 |
| **422E Ensinanzas artísticas** | 25.342,6 | 1.681,5 | - | 970,0 | 935,0 | - | 28.929,1 |
| **422G Ensinanzas especiais** | 13.916,2 | 882,0 | - | 366,5 | 150,0 | - | 15.314,7 |
| **422H Outras ensinanzas** | - | 310,0 | - | 470,0 | 220,0 | - | 1.000,0 |
| **422I Formación e perfeccionamento do profesorado** | - | 496,3 | - | 100,0 | 2.729,4 | - | 3.325,7 |
| **422M Formación e cualificación profesional** | 697.565,7 | 41.870,2 | - | 17.018,2 | 40.520,8 | 383,3 | 797.358,2 |
| **423A Servizos e axudas complementarias da ensinanza** | 16.639,7 | 149.348,9 | - | 2.930,5 | 2.955,0 | 14.400,0 | 186.274,1 |
| **423B Prevención do abandono escolar** | 17.804,2 | 54,2 | - | 5.081,0 | 1.063,7 | - | 24.003,1 |
| **571A Fomento da sociedade da información e do coñecemento** | - | - | - | - | 6.062,3 | - | 6.062,3 |
| **581A Elaboración e difusión estatística** | - | - | - | - | 13,0 | - | 13,0 |
| **Total** | 1.413.663,1 | 213.118,6 | 3,0 | 611.635,9 | 93.977,1 | 56.912,7 | 2.389.310,4 |

Fonte: *Xunta de Galicia*

4.4.1.

*Centros docentes en funcionamento 2008-09 e 2009-10 (1): distribución segundo as ensinanzas que imparten*

| | Curso 2008-09 | | | Curso 2009-10 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Centros públicos | Centros privados | Total | Centros públicos | Centros privados | Total |
| **Educación infantil** | 186 | 24 | 210 | 173 | 17 | 190 |
| **Educación infantil e primaria** (2) | 646 | 27 | 673 | 646 | 26 | 672 |
| **Educación primaria e ESO** (3) | 82 | 100 | 182 | 70 | 101 | 171 |
| **ESO** | 35 | 4 | 39 | 22 | 4 | 26 |
| **ESO e ensinanzas postobrigatorias** | 216 | 8 | 224 | 226 | 8 | 234 |
| **Educación primaria, ESO e ensinanzas obrigatorias** (3) | 42 | 72 | 114 | 43 | 49 | 92 |
| **Ensinanzas postobrigatorias** | - | 69 | 69 | - | 67 | 67 |
| **Adultos** (4) | 9 | 5 | 14 | 4 | 2 | 6 |
| **Educación especial** | 15 | 22 | 37 | 15 | 22 | 37 |
| **Total** | 1.231 | 331 | 1.562 | 1.199 | 296 | 1.495 |

(1) datos provisionais; soamente se inclúen os centros docentes en funcionamento que imparten ensinazas de réxime xeral
(2) inclúense os centros que imparten soamente educación prmeraia
(3) inclúense os centros que, ademáis das ensinanzas específicas, imparten o 2º ciclo de educación infantil
(4) incluénse os centros que imparten exclusivamente ensinanzas de adultos
Fonte: *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

**4.4.2.**

fesores, porcentaxe que baixou unha décima con respecto ó ano anterior.

Tendo en conta a devandita evolución do alumnado e do profesorado, no último curso descende a ratio alumno/profesor, que acada os 9,4 alumnos en Galicia (9,8 alumnos no curso anterior). Esta relación é de 8,4 alumnos/profesor nos centros públicos e de 13,1 nos centros privados.

No que atinxe aos diferentes niveis educativos, continúa a medra do alumnado tanto nos centros de educación infantil, que acadan os 65.070 alumnos no curso 2009/10, como nos de educación primaria, con 128.174 alumnos. Nun caso e noutro, aproximadamente o 69% dos nenos e nenas acude aos centros públicos de ensino, subindo dous puntos porcentuais o ensino público a pesar de baixar o número destes centros e do seu profesorado. No bacharelato para adultos, ensinanzas básicas iniciais e outros, baixa lixeiramente e sube nos ciclos formativos o número de alumnos matriculados.

Xunto á escolarización, cómpre facer referencia a dous indicadores relativos ao nivel formativo acadado pola poboación: o abandono educativo prematuro e o nivel de formación da poboación nova. O 24,1% da poboación galega de 18 a 24 anos non completou en 2008 (último dato dispoñible) o nivel de educación secundaria 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación (31,9 % no sistema educativo español). Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase como a quinta comunidade con menor abandono educativo, por detrás do País Vasco, Navarra, Asturias e Cantabria; e baixa un posto con respecto ao ano anterior.

Ao igual que no conxunto do Estado, o abandono

4.4.3.

### *Alumnado matriculado 2009-10 (1): distribución segundo ensino e titularidade do centro*

| | Curso 2008-09 | | | | Curso 2009-10 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Centros Públicos | Centros Privados | | Total | Centros Públicos | Centros Privados | | Total |
| | | Ensinanzas concertadas | Ensinanzas non concertadas | | | Ensinanzas concertadas | Ensinanzas non concertadas | |
| **Réxime xeral** | 246.261 | 85.653 | 14.167 | 346.081 | 249.665 | 85.920 | 14.142 | 349.727 |
| **Bacharelato** | 26.516 | | 5.733 | 32.249 | 26.532 | | 5.659 | 32.191 |
| **Ciclos formativos** | 23.536 | 3.555 | 1.905 | 28.996 | 25.518 | 3.971 | 1.919 | 31.408 |
| **Educación infantil** | 43.914 | 18.816 | 1.617 | 64.347 | 44.657 | 18.799 | 1.614 | 65.070 |
| **Educación primaria** | 86.703 | 37.203 | 2.529 | 126.435 | 88.303 | 37.280 | 2.591 | 128.174 |
| **ESO** | 63.706 | 25.790 | 2.328 | 91.824 | 62.495 | 25.595 | 2.307 | 90.397 |
| **Programas de cualifiación profesional inicial** | 1.886 | 289 | 55 | 2.230 | 2.160 | 275 | 52 | 2.487 |
| **Réxime de adultos** | 16.593 | - | 225 | 16.818 | | | | 16.661 |
| **Bacharelato** | 6.010 | | 9 | 6.019 | | | | 5.817 |
| **Ciclos formativos** | 3.573 | | | 3.573 | | | | 3.765 |
| **Ensinanzas básicas iniciais** | 1.018 | | 21 | 1.039 | | | | 1.294 |
| **Outras ensinanzas de adultos** | | | | | | | | |
| **ESO** | 5.992 | | 195 | 6.187 | | | | 5.785 |
| **Total** | 262.854 | 85.653 | 14.392 | 362.899 | | | | 366.388 |

(1) os datos provisionais do curso 2008-09 son provisionais; os do curso 2009-2010 son estimacións

Fonte: *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

*Profesorado nos centros de réxime xeral 2008-09 e 2009-10(1): distribución segundo ensino impartido e titularidade do centro*

| | Curso 2008-09 | | | Curso 2009-10 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Centros Públicos | Centros Privados | Total | Centros Públicos | Centros Privados | Total |
| **E. infantil / E. Primaria** (2) | 12.970 | 3.704 | 16.674 | 13.314 | 3.739 | 17.053 |
| **E. Secundaria / FP** (3) | 16.581 | 3.319 | 19.900 | 16.265 | 3.322 | 19.587 |
| **Ambos grupos de niveis** (4) | 55 | 534 | 589 | 105 | 550 | 655 |
| **Total** | 29.606 | 7.557 | 37.163 | 29.684 | 7.611 | 37.295 |

(1) datos provisionais
(2) profesorado que atende exclusivamente a esta etapa e non atende alumnado de ESO, Bacharelato ou FP
(3) profesorado que imparte ensinanzas de ESO, Bacharelato ou FP exclusivamente
(4) profesorado que atende a alumnado tanto de Ed.Infantil ou Primaria como de ESO, Bacharelato ou FP

Fonte: *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

4.4.4.

*Alumnos por unidade / grupo 2008-09 e 2009-10 (1): distribución segundo ensino*

| | Curso 2008-09 | | | Curso 2009-10 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Alumnos | Unidades | alumnos / ud. | Alumnos | Unidades | alumnos / ud. |
| **Réxime xeral** | 346.020 | 18.179 | 19,0 | 346.344 | 18.231 | 19,0 |
| **Bacharelato** | 32.258 | 1.498 | 21,5 | 32.181 | 1.739 | 18,5 |
| **Ciclos formativos / Módulos profesionais** | 28.985 | 1.515 | 19,1 | 28.830 | 1.457 | 19,8 |
| **Educación infantil / Educación primaria** (2) | 190.775 | 10.459 | 18,2 | 193.527 | 10.472 | 18,5 |
| **ESO** | 91.825 | 4.475 | 20,5 | 89.273 | 4.302 | 20,8 |
| **Programas de cualificación profesional inicial** | 2.177 | 232 | 9,4 | 2.533 | 261 | 9,7 |
| **Réxime adultos** | 16.818 | 703 | 23,9 | 14.851 | 497 | 29,9 |
| **Bacharelato** | 6.019 | 168 | 35,8 | 6.460 | 139 | 46,5 |
| **Ciclos formativos** | 3.573 | 249 | 14,3 | 7.385 | 287 | 25,7 |
| **ESO** | 6.187 | 213 | 29,0 | 1.006 | 71 | 14,2 |
| **Ensinanzas básicas iniciais** | 1.039 | 73 | 14,2 | - | - | - |

(1) datos provisionais
(2) os datos de Ed.infantil e Ed. primaria agrúpanse xa que existen unidades mixtas
Fonte: *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

4.4.5.

escolar prematuro é superior no caso dos homes que no das mulleres, situándose estas porcentaxes en Galicia no 32,2% e 15,8%, respectivamente. Na Comunidade Autónoma segue unha tendencia contraria a española entre os anos 2003 e 2008: onde en España baixan os homes, en Galicia soben, e no caso das mulleres ocorre o contrario.

En canto ao nivel de formación da poboación nova, entre os dous anos considerados, Galicia experimentou unha diminución da porcentaxe de persoas entre 20 e 24 anos que completou ao menos o nivel de Ensinanza Secundaria 2ª etapa. En 2008, esta porcentaxe situouse no 66,2%, que, aínda que está máis de seis puntos por riba da media estatal, é menor que o 69,2% rexistrado no ano 2003. Comparado co resto das CC.AA., os datos recollidos no **cadro 4.4.8.** amosan que Galicia sitúase coma a sexta comunidade coa maior porcentaxe, por detrás de País Vasco, Navarra, Asturias, Cantabria, Aragón e Castela e León.

### *Taxa bruta de escolaridade 2008-09 e 2009-10 (1): distribución segundo nivel de ensino*

*Curso 2008-09*

| | poboación (2) | alumnos matriculados (3) | alumnos matriculados / poboación | alumnos matriculados coa idade correspondente ao nivel educativo (4) | alumnos matriculados coa idade correspondente ao nivel educativo / poboación |
|---|---|---|---|---|---|
| **Ed. Infantil** | 64.571 | 64.339 | 99,6 | 64.230 | 99,5 |
| **Ed. Primaria** | 122.258 | 126.436 | 103,4 | 122.967 | 100,6 |
| **ESO** | 85.894 | 91.825 | 106,9 | 80.797 | 94,1 |
| **Bacharelato** | 48.284 | 32.258 | 66,8 | 25.998 | 53,8 |

*Curso 2009-10*

| | poboación (2) | alumnos matriculados (3) | alumnos matriculados / poboación | alumnos matriculados coa idade correspondente ao nivel educativo (4) | alumnos matriculados coa idade correspondente ao nivel educativo / poboación |
|---|---|---|---|---|---|
| **Ed. Infantil** | 65.931 | 65.159 | 98,8 | 65.033 | 98,6 |
| **Ed. Primaria** | 125.064 | 128.368 | 102,6 | 124.852 | 99,8 |
| **ESO** | 83.565 | 89.273 | 106,8 | 78.588 | 94,0 |
| **Bacharelato** | 47.712 | 32.181 | 67,4 | 26.085 | 54,7 |

(1) datos provisionais

(2) datos oficiais do Padrón a 1 de xaneiro de cada ano; Educación infantil: poboación de 2, 3 e 4 anos a 1 de xaneiro de cada ano; Educación primaria: poboación de 5 a 10 anos; ESO: poboación de 11-14 anos; Bacharelato: poboación de 15 e 16 anos; pode existir tamén alumnado inmigrante non empadroado.

(3) alumnos matriculados en cada un dos niveis educativos

(4) alumnos matriculados en Educación infantil con 3, 4 e 5 anos; en Ed. primaria con 6-11 anos; en ESO con 12-15 anos; e en Bacharelato con 16-17 anos

Fonte: *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

**4.4.6.**

### *Abandono educativo prematuro nas CC.AA. 2003-08 (1)*

| | Total | | Homes | | Mulleres | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | 2008 | 2003 | 2008 | 2003 | 2008 |
| | | | (%) | | | |
| **Andalucía** | 38,2 | 38,5 | 44,2 | 43,5 | 31,9 | 33,2 |
| **Aragón** | 24,0 | 25,6 | 32,6 | 31,7 | 15,1 | 19,1 |
| **Asturias** | 28,6 | 19,7 | 31,3 | 26,4 | 25,7 | 12,8 |
| **Baleares** | 41,4 | 43,2 | 51,6 | 49,2 | 30,7 | 37,0 |
| **Canarias** | 32,7 | 34,1 | 42,5 | 43,5 | 23,0 | 24,5 |
| **Cantabria** | 29,1 | 22,8 | 37,3 | 31,1 | 20,3 | 14,8 |
| **Castela e León** | 24,4 | 26,0 | 32,2 | 31,6 | 16,3 | 20,2 |
| **Castela - A Mancha** | 36,2 | 38,1 | 46,1 | 45,8 | 25,6 | 29,9 |
| **Cataluña** | 33,9 | 33,2 | 41,5 | 39,7 | 26,0 | 26,4 |
| **C. Valenciana** | 36,0 | 33,1 | 42,2 | 38,2 | 29,3 | 27,8 |
| **Estremadura** | 36,9 | 33,6 | 45,5 | 39,1 | 28,3 | 27,9 |
| **Galicia** | 25,0 | 24,1 | 32,0 | 32,2 | 17,8 | 15,8 |
| **Madrid** | 22,6 | 26,9 | 26,6 | 32,4 | 18,5 | 21,4 |
| **Murcia** | 42,0 | 41,0 | 46,5 | 49,7 | 37,2 | 32,1 |
| **Navarra** | 20,8 | 19,2 | 25,1 | 23,9 | 16,2 | 14,4 |
| **País Vasco** | 15,8 | 14,7 | 20,3 | 18,1 | 10,9 | 11,2 |
| **Rioxa** | 34,7 | 37,2 | 38,6 | 41,9 | 30,5 | 32,3 |
| **Ceuta e Melilla** | 40,8 | 42,1 | 44,1 | 44,1 | 37,2 | 40,2 |
| **Total** | 31,6 | 31,9 | 38,1 | 38,0 | 24,8 | 25,7 |

(1) poboación entre 18 e 24 anos que non completou o nivel de ensino secundario 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación

Fonte: *Ministerio de Educación*

**4.4.7.**

*Nivel de formación da poboación nova nas CC.AA. 2003-08* (1)

| | Total | | Homes | | Mulleres | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | 2008 | 2003 | 2008 | 2003 | 2008 |
| | | | (%) | | | |
| **Andalucía** | 54,2 | 53,0 | 48,9 | 47,4 | 59,9 | 58,9 |
| **Aragón** | 71,3 | 67,3 | 62,0 | 58,1 | 81,1 | 77,0 |
| **Asturias** | 64,6 | 72,8 | 59,8 | 66,7 | 69,5 | 79,1 |
| **Baleares** | 52,2 | 48,2 | 43,9 | 40,2 | 60,9 | 56,5 |
| **Canarias** | 59,1 | 55,5 | 50,5 | 43,6 | 67,9 | 67,6 |
| **Cantabria** | 65,3 | 70,4 | 57,1 | 60,6 | 74,0 | 80,6 |
| **Castela e León** | 67,6 | 67,1 | 59,1 | 60,1 | 76,7 | 74,5 |
| **Castela - A Mancha** | 55,5 | 51,7 | 45,4 | 43,4 | 66,5 | 60,6 |
| **Cataluña** | 60,9 | 59,4 | 52,6 | 51,3 | 69,5 | 67,8 |
| **C. Valenciana** | 58,4 | 59,1 | 50,9 | 52,9 | 66,2 | 65,6 |
| **Estremadura** | 55,7 | 53,6 | 48,8 | 46,7 | 63,0 | 60,9 |
| **Galicia** | 69,2 | 66,2 | 61,8 | 57,4 | 76,9 | 75,3 |
| **Madrid** | 72,2 | 65,4 | 68,2 | 58,5 | 76,2 | 72,5 |
| **Murcia** | 52,9 | 51,0 | 47,3 | 42,3 | 58,9 | 60,6 |
| **Navarra** | 75,0 | 77,3 | 69,6 | 71,2 | 80,6 | 83,7 |
| **País Vasco** | 78,3 | 80,1 | 73,2 | 75,0 | 83,7 | 85,4 |
| **Rioxa** | 63,2 | 59,3 | 59,3 | 50,8 | 67,3 | 68,5 |
| **Ceuta e Melilla** | 53,6 | 43,2 | 52,0 | 44,3 | 55,3 | 41,9 |
| **Total** | 62,2 | 60,0 | 55,5 | 52,7 | 69,2 | 67,6 |

**(1) poboación entre 20 e 24 anos que completou polo menos o nivel de ensino secundario 2ª etapa**

Fonte: *Ministerio de Educación*

**4.4.8.**

As mulleres presentan un nivel educativo superior ao dos homes. A porcentaxe de mulleres entre 20 e 24 anos con estudios de educación secundaria 2ª etapa rematados é do 75,3%, fronte ao 57,4% no caso dos homes. En ámbolos dous casos, esta porcentaxe é superior á rexistrada no conxunto do Estado, cun diferencial de máis de 7,7 puntos no caso das mulleres.

O aumento xeral do alumnado galego neste curso tivo o seu reflexo no incremento de nenos e nenas estranxeiros. Ao longo do último curso o número de alumnos de nacionalidade estranxeira medrou un 6,6% (884 alumnos máis). Sen embargo, esta porcentaxe é a metade do incremento do curso anterior. Atendendo á distribución segundo nivel educativo, destaca o feito de que o 4,5% dos alumnos de educación primaria e o 4,6% dos de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) non teñen nacionalidade española, ao contrario que no curso 2008/09, onde o incremento do 50% dos alumnos de primaria podía explicarse polo aumento dos alumnos estranxeiros. Sen embargo neste curso 2009/10, apreciase unha diminución dos totais de alumnos estranxeiros.

No que atinxe á desagregación segundo nivel de estudios, os datos recollidos no **cadro 4.4.9.** inverten a tendencia observada o ano anterior, aumentando agora nos ciclos formativos de adultos e na educación secundaria de adultos e baixando na educación infantil e primaria. No curso 2008/09 houbo 1.474 alumnos novos, sen embargo neste curso 2009/10 hai 884, o

***Alumnos sen nacionalidade española 2008-09 e 2009-10(1): distribución segundo ensino***

| | Curso 2008-09 | Curso 2009-10 |
|---|---|---|
| **Réxime xeral** | 12.363 | 12.974 |
| **Bacharelato** | 508 | 572 |
| **Ciclos formativos** | 380 | 736 |
| **Educación infantil** | 1.661 | 1.553 |
| **Educación primaria** | 5.877 | 5.812 |
| **ESO** | 3.833 | 4.171 |
| **Programas de cualificación profesional inicial** | 104 | 130 |
| **Réxime adultos** | 1.035 | 1.308 |
| **Bacharelato** | 167 | 197 |
| **Ciclos formativos** | 113 | 153 |
| **ESO** | 404 | 397 |
| **Ensinanzas básicas iniciais** | 351 | 292 |
| **Outras ensinanzas de adultos** | | 269 |

**(1) datos provisionais**
Fonte: *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

**4.4.9.**

que representa unha baixa do 40%.

## Educación universitaria

As universidades galegas volven a presentar, ao igual que o conxunto de universidades españolas, unha redución do seu alumnado. O número de alumnos matriculados no primeiro e segundo ciclo, **cadro 4.4.10.**, descendeu en Galicia un 1,9% (1.257 alumnos), acadando os 64.305 estudantes no curso 2009/10. A Universidade de Santiago de Compostela segue sendo a de maior número de alumnos, con 25.689 persoas, o 39,9% dos universitarios galegos, seguida pola de A Coruña, 19.618 alumnos (30.5%) e a de Vigo, con 18.998 alumnos (29,5%). En termos relativos, a caída máis importante volve a producirse na universidade de Vigo, cun descenso do 5% respecto ao curso anterior, seguida de Santiago de Compostela, cun 2%, ao contrario de A Coruña, que sube un 1% respecto do ano anterior.

En relación ao curso lectivo anterior, no curso 2009/10 a porcentaxe de mulleres que estudan nas universidades galegas baixa ata o 56,9%. Cómpre salientar a elevada presenza de mulleres na Universidade de Santiago de Compostela, onde as universitarias representan máis do 63,2% dos alumnos matriculados, fronte ao 51,5% e o 50,5% de Vigo e A Coruña respectivamente, aínda que a distribución da baixa observada no total de mulleres repártese por igual (**cadro 4.4.11.**).

Case a metade dos estudantes galegos matriculados seguen estudos pertencentes ás ciencias sociais e xurídicas (46%), seguíndolle en importancia as carreiras técnicas, cun 28% dos alumnos, e as ciencias da saúde, con aproximadamente un 12% dos mesmos. ■

**Alumnos matriculados no sistema universitario galego 2008-09 e 2009-10: distribución segundo rama de ensino**

| | *Curso 2008-09* | | | |
|---|---|---|---|---|
| | SUG | A Coruña | Santiago | Vigo |
| **Artes e Humanidades** | 4.879 | 523 | 2.606 | 1.750 |
| **Ciencias** | 4.549 | 741 | 2.655 | 1.153 |
| **Ciencias Sociais e Xurídicas** | 31.198 | 8.706 | 12.821 | 9.671 |
| **Enseñaría e Arquitectura** | 17.662 | 8.335 | 2.835 | 6.492 |
| **Ciencias da Saúde** | 7.274 | 1.032 | 5.308 | 934 |
| **Total** | 65.562 | 19.337 | 26.225 | 20.000 |

| | *Curso 2009-10* | | | |
|---|---|---|---|---|
| | SUG | A Coruña | Santiago | Vigo |
| **Artes e Humanidades** | 4.710 | 514 | 2.557 | 1.639 |
| **Ciencias** | 4.347 | 698 | 2.564 | 1.085 |
| **Ciencias Sociais e Xurídicas** | 29.605 | 8.121 | 12.389 | 9.095 |
| **Enseñaría e Arquitectura** | 18.012 | 9.211 | 2.562 | 6.239 |
| **Ciencias da Saúde** | 7.631 | 1.074 | 5.617 | 940 |
| **Total** | 64.305 | 19.618 | 25.689 | 18.998 |

(1) datos de avance

Fonte: *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

**4.4.10.**

**Alumnos matriculados no sistema universitario galego 2008-09 e 2009-10(1): distribución segundo sexo**

| | *curso 2008-09* | | | |
|---|---|---|---|---|
| | SUG | A Coruña | Santiago | Vigo |
| **Total alumnado** | 65.562 | 19.337 | 26.225 | 20.000 |
| **Homes** | 27.745 | 9.354 | 9.137 | 9.254 |
| **Mulleres** | 37.817 | 9.983 | 17.088 | 10.746 |

| | *curso 2009-10* | | | |
|---|---|---|---|---|
| | SUG | A Coruña | Santiago | Vigo |
| **Total alumnado** | 64.305 | 19.618 | 25.689 | 18.998 |
| **Homes** | 27.693 | 9.661 | 9.128 | 8.904 |
| **Mulleres** | 36.612 | 9.957 | 16.561 | 10.094 |

(1) para o curso 2009-10 os datos son de avance

Fonte: *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

**4.4.11.**

# 4.5. medio ambiente

**Outro dos aspectos que hai** que ter en conta á hora de avaliar a calidade de vida dos cidadáns e o seu benestar social é o relativo á preservación do medio ambiente. Ao longo dos últimos anos estas cuestións foron adquirindo unha maior importancia, como o demostra o feito de que no ano 2009, no contexto da actual crise económica, organismos internacionais como Nacións Unidas, a OCDE e a Unión Europea consideran as políticas orientadas á loita contra o cambio climático, a seguridade enerxética ou a innovación ecolóxica como parte imprescindible do plan de recuperación económica.

Á hora de caracterizar a situación medioambiental dun territorio son moitos os indicadores a ter en conta, aínda que non se dispoñen de datos desagregados a nivel autonómico de todos deles. A modo de síntese, o **cadro 4.5.1.** recolle unha análise comparada dos aspectos máis significativos do "perfil ambiental" da comunidade autónoma galega e España.

Tendo en conta que nesta *Memoria* hai un capítulo centrado no estudio das distintas ramas de actividade *[3.2.- Sectores produtivos]*, neste punto analiza os aspectos relacionados co cambio climático, natureza e biodiversidade, a recollida dos residuos sólidos urbanos, a agricultura ecolóxica e o impacto da contaminación ambiental sobre a saúde.

## Cambio climático

O fenómeno do cambio climático é o gran reto ambiental a escala global ao que se enfrontan actualmente os distintos gobernos. Para facer fronte a este problema, asinouse o denominado protocolo de Kioto, que establece compromisos de redución das emisións dos gases de efecto invernadoiro, principal causa do cambio climático.

O **cadro 4.5.2.** reflicte os principais resultados obtidos ao longo do cuarto ano da aplicación da Lei 1/2005,

*Principais indicadores ambientais de Galicia e España*

| | | | Galicia | España |
|---|---|---|---|---|
| **Agricultura** | | | | |
| **Consumo de fertilizantes** | *(kg./ha)* | 2008 | 81,8 | 69,9 |
| **Consumo produtos fitosanitarios** | *(kg./ha)* | 2007 | 103,0 | |
| **Superficie agricultura ecolóxica** | *(% sobre SAU)* | 2007 | 1,5 | 5,2 |
| **Superficie regadío** | *(% sobre SAU)* | 2008 | 0,1 | 13,4 |
| **Hogares** | | | | |
| **Volumen de auga distribuída** | *(m3/fogar)* | 2007 | 147,7 | 156,2 |
| **Turismos** | *(turismos/fogar)* | 2008 | 1,5 | 1,3 |
| **Produción residuos urbanos por fogar** | *(toneladas)* | 2007 | 1,5 | 1,9 |
| **Vidro reciclado por habitante** | *(kg)* | 2009 | 14,4 | 15,2 |
| **Renta dispoñible bruta por fogar** | *(euros)* | 2007 | 38.711 | 40.857 |
| **Renta dispoñible bruta por habitante** | *(euros)* | 2007 | 13.687 | 14.823 |
| **Medio urbano** | | | | |
| **Bens Interese Cultural (BIC)** | *(España = 100)* | 2008 | 4,8 | 100 |
| **Presión urbana no territorio** | *(hab./km2)* | 2009 | 64,9 | 72,9 |
| **Natureza e biodiversidade** | | | | |
| **Superficie perteneciente á Red Natura 2000** | *(% superficie total)* | 2009 | 11,7 | 27,1 |
| **Superficie terreo forestal** | *(% superficie total)* | 2008 | 59,5 | 35,2 |
| **Superficie terreo forestal protexido** | *(% superf. forestal)* | 2007 | 15,5 | 39,4 |
| **Incendios forestais** | *(ha)* | 2009 | 10.594,4 | 105.069,6 |
| | *(ha por sinistro)* | 2009 | 2,7 | 6,8 |
| **Pesca** | | | | |
| **Capacidade da flota (arqueo)** | *(toneladas brutas)* | 2008 | 195.845 | 459.801 |
| **Potencia da flota** | *(KW)* | 2008 | 349.306 | 1.075.806 |
| **Desastres naturais e tecnolóxicos** | | | | |
| **Accidentes con posibles danos ambientais producidos por transporte mercadorías perigosas (estradas)** | | (1997-2008) | 28 | 576 |
| **Accidentes con posibles danos ambientais producidos por transporte mercadorías perigosas (ferrocarril)** | | (1997-2008) | - | 40 |
| **Accidentes industriais nos que interven substancias químicas perigosas** | | (1997-2009) | 3 | 35 |
| **Accidentes buques petroleiros cuxo verquido de hidrocarburos supere as 7 toneladas** | | (1997-2008) | 10 | 72 |
| **Turismo** | | | | |
| **Visitantes parques nacionais** | *(persoas)* | 2009 | 274.716 | 9.952.606 |
| **Superficie parques nacionais** | *(hectáreas)* | 2009 | 8.480 | 374.030 |
| **Poboación turista equivalente** | *(% pob. residente)* | 2007 | 7,6 | 7,2 |
| **Turismo rural** | *(nº turistas)* | 2009 | 177.042 | 2.708.581 |
| | *(pernoctacións)* | 2009 | 368.234 | 7.901.742 |
| **Turismo estranxeiro en CC.AA. con costa** | *(por km de costa)* | 2009 | 419 | 5.759 |
| | *(taxa crecemento)* | (2004-2009) | 0,4 | -5,9 |

Fonte: *Elaboración propia a partir de Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino*

4.5.1.

de nove de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, que supón a trasposición da Directiva 2003/87/CE. No ano 2009, o volume total de asignacións que cobren as 62 instalacións cuxas emisións foron inscritas foi de 11,18 millóns de toneladas de $CO_2$. Dado que as emisións ascenderon a 10,82 millóns de toneladas, o balance este último ano foi positivo, e se situou nas 36.000 toneladas de $CO_2$. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 5,6% das instalacións,

*Emisión de $CO_2$ en Galicia e España 2009*

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Instalacións | Emisións | | | Instalacións | Emisións | | |
| | | asignadas *(en millóns de dereitos)* | declaradas *(en millóns tn)* | 09/08 | | asignadas *(en millóns de dereitos)* | declaradas *(en millóns tn)* | 09/08 |
| **Xeración enerxía** | 5 | 7,26 | 7,84 | -11,81 | 100 | 60,61 | 72,84 | -17,91 |
| **Combustións** | 34 | 1,41 | 1,15 | -0,86 | 403 | 18,37 | 15,28 | -1,99 |
| **Industria** | | | | | | | | |
| **Refino de petróleo** | 1 | 1,65 | 1,18 | -11,94 | 13 | 16,31 | 13,75 | -5,82 |
| **Producción de cal e cemento** | 2 | 0,39 | 0,35 | -5,41 | 51 | 31,69 | 20,13 | -21,34 |
| **Producción cerámica** | 16 | 0,19 | 0,10 | -29,17 | 324 | 4,49 | 2,26 | -43,22 |
| **Producción pasta e papel** | 2 | 0,15 | 0,11 | 1,89 | 114 | 5,59 | 4,26 | -8,97 |
| **Producción aceiro** | 1 | 0,08 | 0,05 | -25,40 | 31 | 9,82 | 6,40 | -19,70 |
| **Fabricación vidrio** | 1 | 0,04 | 0,02 | -7,69 | 38 | 2,19 | 1,65 | -10,81 |
| **Total** | 62 | 11,18 | 10,82 | -10,77 | 1.106 | 151,23 | 136,93 | -16,23 |

Fonte: *Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*

4.5.2.

*Emisións contaminantes nas CC.AA. 2008: actividades e complexos contaminantes* (1)

| | actividades/categorías industriais | complexos industriais |
|---|---|---|
| **Andalucía** | 42 | 363 |
| **Aragón** | 28 | 197 |
| **Asturias** | 48 | 38 |
| **Baleares** | 23 | 12 |
| **Canarias** | 15 | 18 |
| **Cantabria** | 23 | 31 |
| **Castela e León** | 34 | 306 |
| **Castela-A Mancha** | 29 | 239 |
| **Cataluña** | 57 | 544 |
| **C. Valenciana** | 28 | 211 |
| **Estremadura** | 25 | 29 |
| **Galicia** | 35 | 104 |
| **Madrid** | 32 | 65 |
| **Murcia** | 25 | 101 |
| **Navarra** | 20 | 109 |
| **País Vasco** | 52 | 115 |
| **A Rioxa** | 18 | 20 |
| **Ceuta e Melilla** | 12 | 2 |
| **Total** | | 2.504 |

**(1) complexos que teñen datos de información pública**
Fonte: *Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes, PRTR-*

4.5.3.

mentres que a porcentaxe de asignacións e emisións declaradas foi do 7,4% e 7,9%, respectivamente.

A taxa de cobertura da asignación, definida coma a relación entre asignacións e emisións verificadas, volve a situarse en Galicia no ano 2009 por baixo da media española, acadando unha cobertura do 103,3%, máis de sete puntos inferior á rexistrada para o conxunto de España. A cobertura de asignación do sector eléctrico galego foi do 92,6%, (83,2% no conxunto do Estado), fronte aos 137,8% dos sectores industriais (a media estatal foi do 144,7%) e o 122,4% de "combustións" (120,2% en España).

Segundo os datos do Rexistro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes, en 2008 (último ano dispoñible) continúa incrementándose o número total de actividades contaminantes en Galicia, que pasa dos 27 contaminantes de 2007 aos 35 contaminantes do último ano. Xunto a este incremento hai que salientar,

*Incendios forestais en Galicia e España 2008-09 (1): sinistros e superficie afectada*

**2008**

| | | sinistros | superficie afectada | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | arborada | non arborada | superficie total |
| | | | (en has.) | | |
| **Galicia** | | 2.564 | 1.001,3 | 5.351,5 | 6.352,8 |
| A Coruña | | 383 | 194,6 | 360,5 | 555,1 |
| Lugo | | 292 | 126,2 | 742,3 | 868,4 |
| Ourense | | 1.349 | 477,8 | 3.870,5 | 4.348,3 |
| Pontevedra | | 540 | 202,7 | 378,3 | 581,0 |
| **España** | | 11.656 | 8.443,1 | 32.846,8 | 41.289,8 |
| **Galicia / España** | (%) | 22,0 | 11,9 | 16,3 | 15,4 |

**2009**

| | | sinistros | superficie afectada | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | arborada | non arborada | superficie total |
| | | | (en has.) | | |
| **Galicia** | | 3.979 | 2.195,7 | 8.398,6 | 10.594,4 |
| A Coruña | | 738 | 354,5 | 646,0 | 1.000,5 |
| Lugo | | 515 | 270,9 | 1.591,1 | 1.862,0 |
| Ourense | | 1.794 | 1.228,5 | 5.323,7 | 6.552,1 |
| Pontevedra | | 932 | 341,9 | 837,8 | 1.179,7 |
| **España** | | 15.391 | 39.528,4 | 65.541,3 | 105.069,6 |
| **Galicia / España** | (%) | 25,9 | 5,6 | 12,8 | 10,1 |

(1) datos 2009 son provisionais
Fonte: *Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino*

**4.5.4.**

**cadro 4.5.3.**, a medra do número de centros ou complexos industriais contaminantes, que se sitúa nos 104 centros (102 centros no ano anterior), o que representa o 4,2% do total estatal.

Atendendo ao tipo de actividade, cómpre salientar que as instalacións de combustión de máis de 50 MW acollen o 82,2% das emisións ao aire, e o 80,6% das emisións ao auga.

## Natureza e biodiversidade

Á hora de analizar os indicadores ambientais da biodiversidade hai que ter en conta tanto a situación dos espazos naturais protexidos como o impacto dos incendios forestais declarados.

Dunha banda, tal e como reflicte o devandito **cadro 4.5.1.**, a superficie protexida pertencente á Red Natura 2000 representa tan só o 11,7% da superficie total galega, porcentaxe moi por baixo da correspondente ao territorio español onde a superficie protexida representa o 27,1%. Un diferencial aínda maior é o rexistrado no caso da superficie forestal protexida, xa que en Galicia as figuras de protección afectan ao 15,5% do terreo forestal fronte ao 39,4% en España.

• Incendios forestais

Dada a importancia do medio rural galego para o desenvolvemento sostible de Galicia e a función social, ambiental e económica que o monte desempeña, é fácil comprender o impacto negativo que para a política de desenvolvemento rural supoñen os incendios forestais.

O ano 2009 pode calificarse como un mal ano dende

*Incendios forestais 2009: distribución mensual*

| | Lumes | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| **Xaneiro** | 18 | 3 | 2 | 8 | 5 |
| **Febreiro** | 390 | 50 | 25 | 233 | 82 |
| **Marzo** | 911 | 159 | 107 | 439 | 206 |
| **Abril** | 234 | 39 | 27 | 110 | 58 |
| **Maio** | 181 | 34 | 16 | 79 | 52 |
| **Xuño** | 120 | 45 | 10 | 34 | 31 |
| **Xullo** | 215 | 36 | 38 | 78 | 63 |
| **Agosto** | 608 | 109 | 83 | 245 | 171 |
| **Setembro** | 1.029 | 219 | 170 | 425 | 215 |
| **Outubro** | 252 | 43 | 29 | 139 | 41 |
| **Novembro** | 3 | 1 | 2 | - | - |
| **Decembro** | 10 | 1 | 1 | 4 | 4 |
| **Total** | 3.971 | 739 | 510 | 1.794 | 928 |

| | Superficie queimada *(en has.)* | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| **Xaneiro** | 24,4 | 0,3 | 0,7 | 19,8 | 3,7 |
| **Febreiro** | 729,2 | 97,3 | 65,0 | 358,7 | 208,2 |
| **Marzo** | 5.232,2 | 473,1 | 1.130,5 | 3.153,4 | 475,2 |
| **Abril** | 451,5 | 46,8 | 37,1 | 310,3 | 57,3 |
| **Maio** | 437,2 | 24,7 | 8,2 | 305,5 | 98,8 |
| **Xuño** | 88,0 | 32,9 | 2,8 | 43,2 | 9,2 |
| **Xullo** | 91,9 | 13,8 | 13,9 | 55,1 | 9,2 |
| **Agosto** | 735,9 | 63,3 | 60,1 | 558,9 | 53,7 |
| **Setembro** | 2.464,7 | 219,6 | 409,3 | 1.612,9 | 222,8 |
| **Outubro** | 455,5 | 26,5 | 127,9 | 265,9 | 35,1 |
| **Novembro** | 3,3 | 0,1 | 3,3 | - | - |
| **Decembro** | 25,9 | 2,3 | 8,7 | 8,8 | 6,1 |
| **Total** | 10.739,7 | 1.000,5 | 1.867,5 | 6.692,5 | 1.179,2 |

Fonte: *Consellería do Medio Rural*

**4.5.5.**

o punto de vista da política antiincendios ao rexistrarse fortes incrementos tanto do número de lumes como da superficie afectada polos mesmos. Dunha banda, a superficie total afectada rexistrou unha medra do 66,8% respecto da queimada no ano anterior, acadando a superficie afectada polos 3.979 lumes declarados segundo os datos da Consellería de Medio Rural, a 15.391 hectáreas. Comparado cos datos correspondentes ao conxunto do Estado, o **cadro 4.5.4.** amosa que en Galicia se declararon a cuarta parte dos lumes do conxunto do Estado e que acolleu o 10% da superficie total queimada no último ano, logo do incremento en máis do 150% da superficie total queimada en España en relación ao ano anterior.

Ourense se sitúa novamente como a provincia con maior número de incendios e superficie forestal afectada. Nesta provincia declaráronse o 45,1% dos incendios (1.794 lumes), representando a superficie queimada o 55,9% da superficie arrasada en Galicia (6.552,1 hectáreas). En Pontevedra rexistráronse un total de 932 incendios, o que supón o 23,4% dos incendios declarados en Galicia, mentres que a superficie afectada polos mesmos representa o 15,6% da superficie queimada en Galicia.

A superficie forestal arborada queimada volta a ser moi inferior á superficie queimada rasa. Tras a redución superficie arborada queimada en 2008, o último ano presenta unha medra do 119,3% estando afectadas un total de 2.195,7 hectáreas, o 20,7% da superficie forestal arrasada polo lume.

A estatística de distribución mensual dos incendios

***Concellos máis afectados polos incendios forestais 2009***

| | lumes | | | | superficie queimada | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | (%) | | | (en has.) | (%) |
| 1 | Manzaneda | 126 | 3,2 | 1 | Palas de Rei | 783,0 | 7,3 |
| 2 | Viana do Bolo | 100 | 2,5 | 2 | Vilardevós | 631,5 | 5,9 |
| 3 | A Gudiña | 96 | 2,4 | 3 | Lobeira | 483,7 | 4,5 |
| 4 | Vilariño de Conso | 82 | 2,1 | 4 | Piñor | 408,6 | 3,8 |
| 5 | A Mezquita | 62 | 1,5 | 5 | A Gudiña | 390,2 | 3,6 |
| 6 | A Cañiza | 58 | 1,4 | 6 | Viana do Bolo | 376,8 | 3,5 |
| 7 | Pobra de Trives | 56 | 1,6 | 7 | Muíños | 323,7 | 3,0 |
| 8 | Cualedro | 54 | 1,4 | 8 | Xinzo de Limia | 323,2 | 3,0 |
| 9 | A Golada | 51 | 1,3 | 9 | Vilariño de Conso | 308,8 | 2,9 |
| 10 | Salvaterra de Miño | 47 | 1,2 | 10 | Padrenda | 299,6 | 2,8 |
| 11 | Monterrei | 46 | 1,1 | 11 | Manzaneda | 286,1 | 2,7 |
| 12 | O Porriño | 44 | 1,1 | 12 | Cervantes | 285,4 | 2,7 |
| 13 | Vilardevós | 43 | 1,0 | 13 | Lobios | 260,8 | 2,4 |
| 14 | Lugo | 43 | 1,0 | 14 | Laza | 244,4 | 2,3 |
| 15 | As Neves | 40 | 1,0 | 15 | A Mezquita | 237,7 | 2,2 |
| 16 | Salceda de Caselas | 40 | 1,0 | 16 | Silleda | 187,2 | 1,7 |
| 17 | Chandrexa de Queixa | 39 | 1,1 | 17 | Melón | 183,4 | 1,7 |
| 18 | Carballeda de Valdeorras | 39 | 1,0 | 18 | Cualedro | 170,0 | 1,6 |
| 19 | Muíños | 39 | 1,0 | 19 | San Cristovo de Cea | 155,4 | 1,4 |
| 20 | O Bolo | 38 | 1,0 | 20 | Avión | 141,5 | 1,3 |
| 21 | Castro Caldelas | 35 | 0,9 | 21 | Chandreda de Queixa | 113,6 | 1,1 |
| 22 | Carballo | 35 | 1,3 | 22 | San Xoán de Río | 111,5 | 1,0 |
| 23 | Ríos | 35 | 0,8 | 23 | Rodeiro | 109,8 | 1,0 |
| 24 | Lalín | 33 | 0,8 | 24 | Mondariz | 102,4 | 1,0 |
| 25 | Dozón | 32 | 0,8 | 25 | Chantada | 102,0 | 0,9 |
| | 10 primeiros concellos | 732 | 18,4 | | 10 primeiros concellos | 4.329,1 | 40,3 |
| | 25 primeiros concellos | 1.313 | 33,1 | | 25 primeiros concellos | 7.020,2 | 65,4 |
| | Total Galicia | 3.971 | 100 | | Total Galicia | 10.739,7 | 100 |

Fonte: *Consellería do Medio Rural*

4.5.6.

rexistrados na comunidade autónoma amosa a forte concentración dos mesmos nos meses de marzo e setembro. Coma se reflicte no **cadro 4.5.5.**, nestes dous meses se concentraron case a metade dos lumes (911 e 1.029 incendios, respectivamente) e máis do setenta por cento da superficie arrasada polos lumes. Hai que salientar que no mes de marzo se concentrou o 48,7% da superficie queimada.

Xunto á devandita concentración dos lumes no que á temporalidade se refire, outra das principais características dos incendios en Galicia é a súa elevada concentración espacial. En termos do número de lumes declarados, esta mantense en niveis similares aos do ano anterior xa que os 25 concellos con maior número de incendios sufriron o 33,1% dos incendios do 2009 (37,2% no ano anterior). Se en lugar destes 25 concellos consideramos os dez con maior número de lumes, esta porcentaxe sería do 18,4% (22,1% en 2008).

Pola contra, se se considera a superficie forestal queimada nos distintos concellos, o 40,3% da superficie afectada corresponde tan só a 10 concellos galegos,

| Incendios forestais 2009: distribución segundo causalidade | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Lumes | | Superficie afectada | | | | | |
| | | | Arborada | | Rasa | | Total | |
| | | (%) | (en has.) | (%) | (en has.) | (%) | (en has.) | (%) |
| **Total** | 3.971 | 100 | 2.275,4 | 100 | 8.464,3 | 100 | 10.739,7 | 100 |
| **Basureiros** | 8 | 0,2 | 0,2 | 0,0 | 0,7 | 0,0 | 0,9 | 0,0 |
| **Descoñecida** | 425 | 10,7 | 455,4 | 20,0 | 960,1 | 11,3 | 1.415,4 | 13,2 |
| **Reproducción** | 88 | 2,2 | 17,1 | 0,8 | 67,6 | 0,8 | 84,7 | 0,8 |
| **Intencionado** | 3.127 | 78,7 | 1.524,6 | 67,0 | 7.020,8 | 82,9 | 8.545,3 | 79,6 |
| **Neglixencia** | 117 | 2,9 | 211,8 | 9,3 | 272,4 | 3,2 | 484,3 | 4,5 |
| **Outros** | 82 | 2,1 | 34,0 | 1,5 | 19,1 | 0,2 | 53,1 | 0,5 |
| **Queima** | 113 | 2,8 | 31,5 | 1,4 | 118,0 | 1,4 | 149,5 | 1,4 |
| **Causa natural** | 11 | 0,3 | 0,8 | 0,0 | 5,8 | 0,1 | 6,6 | 0,1 |

Fonte: *Consellería do Medio Rural*

**4.5.7.**

sendo este peso relativo do 65,4% no caso dos 25 concellos con galegos con maior número de superficie arrasada polo lume. Comparado co ano anterior cómpre salientar a redución  da concentración xa que estas porcentaxes eran do 51% no caso dos 10 concellos con maior número de hectáreas queimadas e do 71,7% se consideran os devanditos 25 concellos.

No que atinxe á análise da causalidade dos incendios forestais en Galicia, estímase que case oito de cada dez lumes rexistrados no ano 2009 foron intencionados. A superficie queimada por estes incendios en Galicia foi de 8.545,3 hectáreas, o que significa que o 79,6% das hectáreas queimadas o son por lumes intencionados. Comparado cos datos estatísticos do ano anterior cómpre salientar o descenso da importancia relativa da superficie queimada en nove puntos porcentuais (88,7% en 2008), e o peso relativo do número de lumes intencionados incrementouse en máis de seis (72,3% en 2008).

Séguenlle en importancia os lumes orixinados por causas descoñecidas (10,7% dos lumes e o 13,2% da superficie total queimada) e os lumes por motivados por unha neglixencia (2,9% dos lumes galegos e o 4,5% da superficie queimada).

## Residuos sólidos

Ao longo do ano 2007 (último dato dispoñible) recolléronse en Galicia 1.404,9 miles de toneladas de residuos urbanos (selectivos e mesturados), o que representa un 5% do total estatal. Comparado co ano anterior, o **cadro 4.5.8.** indica un descenso do 6,7% no caso dos residuos urbanos recollidos en Galicia fronte á caída do 0,6% de media en España.

A diferenza do acontecido en 2006 e do acontecido no conxunto do Estado, o volume de residuos mesturados descendeu en Galicia ata as 1.148,7 miles de toneladas, un 4,1% menos que as recollidas no ano anterior (medra un 0,3% no conxunto do Estado). No que atinxe ao volume de residuos urbanos recollidos selectivamente, este reduciuse en Galicia un 16,9%> fronte ao 3,7% en España. Tras esta evolución, a comunidade autónoma galega recolleu en 2007 5,2%

### Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2006-07: distribución segundo tipo

| | 2006 | | 2007 | | 07/06 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | mezclados | recollidos selectivamente | mezclados | recollidos selectivamente | mezclados | recollidos selectivamente |
| | *(toneladas)* | | | | *(%)* | |
| **Andalucía** | 4.017.657 | 1.038.643 | 3.937.415 | 914.333 | -2,0 | -12,0 |
| **Aragón** | 616.889 | 146.178 | 646.478 | 156.209 | 4,8 | 6,9 |
| **Asturias** | 509.738 | 129.166 | 510.386 | 92.888 | 0,1 | -28,1 |
| **Baleares** | 620.754 | 465.120 | 634.893 | 350.965 | 2,3 | -24,5 |
| **Canarias** | 1.105.084 | 292.122 | 992.184 | 218.226 | -10,2 | -25,3 |
| **Cantabria** | 313.621 | 70.549 | 306.085 | 81.166 | -2,4 | 15,0 |
| **Castela e León** | 1.168.651 | 946.768 | 1.067.019 | 810.936 | -8,7 | -14,3 |
| **Castela - A Mancha** | 965.759 | 298.903 | 962.999 | 413.034 | -0,3 | 38,2 |
| **Cataluña** | 3.058.026 | 757.518 | 3.316.570 | 947.931 | 8,5 | 25,1 |
| **Comunidade Valenciana** | 2.204.461 | 649.404 | 2.294.944 | 789.357 | 4,1 | 21,6 |
| **Estremadura** | 493.466 | 120.699 | 486.713 | 93.113 | -1,4 | -22,9 |
| **Galicia** | 1.197.980 | 308.261 | 1.148.659 | 256.256 | -4,1 | -16,9 |
| **Madrid** | 3.352.172 | 695.611 | 3.334.128 | 651.085 | -0,5 | -6,4 |
| **Murcia** | 670.676 | 138.845 | 717.923 | 102.893 | 7,0 | -25,9 |
| **Navarra** | 306.913 | 85.679 | 305.382 | 84.109 | -0,5 | -1,8 |
| **País Vasco** | 1.030.168 | 343.448 | 1.036.397 | 297.391 | 0,6 | -13,4 |
| **A Rioxa** | 145.923 | 46.179 | 149.559 | 39.828 | 2,5 | -13,8 |
| **Ceuta e Melilla** | 83.883 | 23.631 | 78.186 | 14.830 | -6,8 | -37,2 |
| **Total** | 21.861.821 | 6.556.724 | 21.925.920 | 6.314.550 | 0,3 | -3,7 |

Fonte: *INE*

**4.5.8.**

### Residuos urbanos producidos nas CC.AA. 2006-07: distribución segundo tipo de residuo producido

| | 2006 | | | | 2007 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Domésticos | Papel e cartón | Vidrio | Envases mixtos | Domésticos | Papel e cartón | Vidrio | Envases mixtos |
| | | | | *(Tm)* | | | | |
| **Andalucía** | 4.017.657 | 91.974 | 64.496 | 127.346 | 3.937.415 | 127.985 | 70.214 | 112.262 |
| **Aragón** | 616.889 | 24.670 | 17.882 | 16.641 | 646.478 | 28.380 | 18.708 | 14.209 |
| **Asturias** | 509.738 | 34.130 | 11.759 | 8.772 | 510.386 | 34.057 | 13.892 | 9.058 |
| **Baleares** | 620.754 | 65.370 | 22.877 | 16.278 | 634.893 | 66.031 | 19.289 | 18.394 |
| **Canarias** | 1.105.084 | 76.863 | 20.414 | 25.627 | 992.184 | 80.668 | 20.298 | 14.262 |
| **Cantabria** | 313.621 | 11.609 | 9.887 | 11.386 | 306.085 | 10.955 | 10.164 | 7.021 |
| **Castela e León** | 1.168.651 | 47.033 | 34.592 | 36.519 | 1.067.019 | 51.721 | 35.271 | 78.999 |
| **Castela - A Mancha** | 965.759 | 23.074 | 15.427 | 16.761 | 962.999 | 29.744 | 18.253 | 17.056 |
| **Cataluña** | 3.058.026 | 182.197 | 130.458 | 87.406 | 3.316.570 | 234.797 | 151.758 | 82.161 |
| **C. Valenciana** | 2.204.461 | 93.027 | 58.981 | 84.392 | 2.294.944 | 110.309 | 66.777 | 79.085 |
| **Estremadura** | 493.466 | 14.976 | 5.849 | 26.676 | 486.713 | 15.667 | 8.286 | 25.614 |
| **Galicia** | 1.197.980 | 40.860 | 32.330 | 56.958 | 1.148.659 | 49.196 | 37.593 | 34.741 |
| **Madrid** | 3.352.172 | 133.230 | 53.432 | 144.345 | 3.334.128 | 149.886 | 67.013 | 195.622 |
| **Murcia** | 670.676 | 14.924 | 13.084 | 39.477 | 717.923 | 14.228 | 16.269 | 24.084 |
| **Navarra** | 306.913 | 20.718 | 12.901 | 26.820 | 305.382 | 26.003 | 13.719 | 15.442 |
| **País Vasco** | 1.030.168 | 83.128 | 41.600 | 76.053 | 1.036.397 | 87.215 | 48.390 | 70.488 |
| **A Rioxa** | 145.923 | 8.916 | 5.745 | 7.986 | 149.559 | 9.466 | 6.084 | 7.188 |
| **Ceuta e Melilla** | 83.883 | 821 | 400 | 4.284 | 78.186 | 317 | 158 | 3.959 |
| **Total** | 21.861.821 | 967.520 | 552.114 | 813.727 | 21.925.920 | 1.126.625 | 622.136 | 809.645 |

Fonte: *INE*

**4.5.9.**

**Residuos xerados nas industrias extractivas, manufactureiras e enerxéticas nas CC.AA. 2006-07: distribución segundo tipo de perigosidade**

| | 2006 | | 2007 | | 07/06 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | non perigosos | perigosos | non perigosos | perigosos | non perigosos | perigosos |
| | (miles de toneladas) | | | | (%) | |
| **Andalucía** | 4.166,8 | 170,8 | 4.415,2 | 225,2 | 6,0 | 31,8 |
| **Aragón** | 3.676,4 | 32,9 | 3.251,2 | 67,9 | -11,6 | 106,4 |
| **Asturias** | 3.028,0 | 134,4 | 2.904,3 | 126,3 | -4,1 | -6,0 |
| **Baleares** | 196,2 | 4,2 | 103,2 | 5,4 | -47,4 | 28,1 |
| **Canarias** | 149,8 | 9,2 | 79,8 | 10,0 | -46,7 | 8,3 |
| **Cantabria** | 599,5 | 78,1 | 519,3 | 66,9 | -13,4 | -14,4 |
| **Castela e León** | 26.589,0 | 150,3 | 28.337,0 | 91,7 | 6,6 | -39,0 |
| **Castela - A Mancha** | 678,6 | 161,1 | 972,6 | 210,2 | 43,3 | 30,5 |
| **Cataluña** | 3.580,6 | 496,2 | 4.186,6 | 537,2 | 16,9 | 8,3 |
| **C. Valenciana** | 3.259,6 | 157,2 | 3.294,1 | 173,5 | 1,1 | 10,4 |
| **Estremadura** | 460,7 | 23,4 | 216,5 | 40,1 | -53,0 | 71,2 |
| **Galicia** | 5.071,4 | 89,6 | 5.092,2 | 82,4 | 0,4 | -8,1 |
| **Madrid** | 1.697,9 | 139,3 | 1.397,8 | 101,0 | -17,7 | -27,5 |
| **Murcia** | 557,1 | 35,2 | 433,4 | 71,2 | -22,2 | 102,2 |
| **Navarra** | 721,4 | 51,1 | 632,2 | 42,3 | -12,4 | -17,3 |
| **País Vasco** | 2.536,3 | 381,5 | 2.536,9 | 302,4 | 0,0 | -20,7 |
| **A Rioxa** | 153,0 | 17,0 | 157,5 | 9,0 | 2,9 | -47,2 |
| **Total** | 57.122,3 | 2.131,5 | 58.530,0 | 2.162,5 | 2,5 | 1,5 |

Fonte: *INE*

4.5.10.

**Residuos xerados en Galicia e España 2007: distribución segundo tipo de residuo**

| | Galicia | | España | |
|---|---|---|---|---|
| | non perigosos | perigosos | non perigosos | perigosos |
| | (en toneladas) | | | |
| **Resíduos quimicos (1)** | 241 | 7.124 | 112.512 | 614.169 |
| **Aceites usados** | - | 4.234 | - | 91.353 |
| **Resíduos preparados químicos** | 1.596 | 6.929 | 67.889 | 171.548 |
| **Outros resíduos químicos** | 49.074 | 19.438 | 1.347.313 | 677.760 |
| **Resíduos sanitarios e biolóxicos** | 17 | 722 | 2.442 | 32.856 |
| **Resíduos metálicos** | 95.596 | 1.109 | 2.462.960 | 52.175 |
| **Resíduos de vidrio** | 8.655 | - | 306.353 | 495 |
| **Resíduos de papel e cartón** | 53.755 | - | 1.403.621 | - |
| **Resíduos de caucho** | 260 | - | 56.866 | - |
| **Resíduos de plástico** | 7.939 | - | 265.502 | - |
| **Resíduos de madeira** | 206.195 | 541 | 956.223 | 3.738 |
| **Resíduos téxtis** | 4.366 | - | 88.095 | - |
| **Residuos que conteñen PCB** | - | 104 | - | 5.640 |
| **Resíduos desechados** | 147 | 318 | 8.770 | 19.262 |
| **Resíduos animais e vexetais** | 148.438 | - | 2.284.052 | - |
| **Residuos correntes misturados** | 31.624 | 997 | 1.508.239 | 55.671 |
| **Lodos comúns** | 53.630 | - | 1.830.585 | - |
| **Resíduos minerais (2)** | 2.404.015 | 13.960 | 35.283.542 | 165.218 |
| **Resíduos da combustión** | 2.024.937 | 26.871 | 1.044.330 | 271.915 |
| **Resíduos solidificados e vitrificados** | 1.718 | 24 | 100.757 | 814 |
| **Total** | 5.092.200 | 82.370 | 58.530.051 | 2.162.614 |

(1) non inclúe os aceites usados
(2) non inclúe os resíduos da combustión
Fonte: *INE*

4.5.11.

**4.5.12.**

***Residuos xerados nas industrias extractivas, manufactureiras e enerxéticas en Galicia e España 2006-07: distribución segundo actividade económica e tipo de perigosidade***

**2006**

| | Galicia | | España | | Galicia/España | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos |
| | | | *(toneladas)* | | *(%)* | |
| **Industrias extractivas e manufactureiras** | 3.369.533 | 65.867 | 49.885.424 | 2.064.284 | 6,8 | 3,2 |
| **Industrias extractivas** | 117.892 | 375 | 26.096.078 | 5.326 | 0,5 | 7,0 |
| **Industria manufactureira** | 3.251.641 | 65.492 | 23.789.346 | 2.058.958 | 13,7 | 3,2 |
| Productos alimenticios, bebidas e tabaco | | | 5.094.685 | 18.209 | | |
| Industrias do téxtil, da confección | | | 120.123 | 3.450 | | |
| Industria do coiro e do calzado | | | 38.170 | 1.382 | | |
| Industrias da madeira e cortiza | | | 734.793 | 9.701 | | |
| Industrias do papel, edición e artes gráficas | | | 3.450.087 | 26.683 | | |
| Refino do petróleo e trat. residuos nucleares | | | 45.867 | 52.417 | | |
| Industria química | | | 2.328.058 | 530.500 | | |
| Industria de transformación do caucho e mat. plásticas | | | 246.849 | 25.781 | | |
| Industrias doutros productos minerais non metálicos | | | 4.115.534 | 84.866 | | |
| Metalurxia e outros productos metálicos | | | 6.022.168 | 1.086.353 | | |
| Industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico | | | 235.612 | 34.128 | | |
| Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico | | | 159.075 | 31.019 | | |
| Fabricación de material de transporte | | | 954.565 | 140.910 | | |
| Resto das actividades manufactureiras | | | 243.760 | 13.559 | | |
| **Producción e distribución de enerxía eléctrica** | 1.701.897 | 23.771 | 7.236.709 | 67.345 | 23,5 | 35,3 |
| **Total** | 5.071.430 | 89.638 | 57.122.133 | 2.131.629 | 8,9 | 4,2 |

**2007**

| | Galicia | | España | | Galicia/España | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos |
| | | | *(toneladas)* | | *(%)* | |
| **Industrias extractivas e manufactureiras** | 3.175.321 | 79.957 | 50.056.542 | 2.117.099 | 6,3 | 3,8 |
| **Industrias extractivas** | | | 25.912.365 | 7.374 | | |
| **Industria manufactureira** | | | 24.144.177 | 2.109.725 | | |
| Productos alimenticios, bebidas e tabaco | | | 4.802.376 | 53.320 | | |
| Industrias do téxtil, da confección | | | 122.074 | 4.686 | | |
| Industria do coiro e do calzado | | | 31.878 | 2.025 | | |
| Industrias da madeira e cortiza | | | 607.638 | 10.721 | | |
| Industrias do papel, edición e artes gráficas | | | 3.450.087 | 36.048 | | |
| Refino do petróleo e trat. residuos nucleares | | | 68.201 | 78.599 | | |
| Industria química | | | 2.637.527 | 637.077 | | |
| Industria de transformación do caucho e mat. plásticas | | | 289.755 | 27.909 | | |
| Industrias doutros productos minerais non metálicos | | | 4.371.881 | 47.697 | | |
| Metalurxia e outros productos metálicos | | | 6.770.470 | 992.375 | | |
| Industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico | | | 274.080 | 38.700 | | |
| Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico | | | 169.335 | 43.887 | | |
| Fabricación de material de transporte | | | 1.012.243 | 124.782 | | |
| Resto das actividades manufactureiras | | | 253.234 | 11.899 | | |
| **Producción e distribución de enerxía eléctrica** | 1.916.879 | 2.413 | 8.473.509 | 45.515 | 22,6 | 5,3 |
| **Total** | 5.092.200 | 82.370 | 58.530.051 | 2.162.614 | 8,7 | 3,8 |

Fonte: *INE*

dos residuos mesturados e o 4,1% dos recollidos selectivamente.

Atendendo ao tipo de residuo producido, no ano 2007 recolléronse en Galicia un total de 441 quilogramos por habitante que no caso dos residuos urbanos domésticos, sendo de 12,8 quilogramos no caso dos envases mixtos e de 18,1 kg/hab. e 13,8 quilogramos por habitante, no do papel e cartón e do vidro. Segundo as estatísticas do INE, Galicia sitúase por baixo da media estatal no caso dos catro tipos de residuos considerados.

No concernente á xeración de residuos na industria galega, os **cadros 4.5.10.** a **4.5.12.** reflicten que ao longo do ano 2007 (o derradeiro ano dispoñible) a industria xerou un total de 5.174,6 miles de toneladas, dos que o 62,9% (3.255,3 miles de toneladas), xeráronse na industria extractiva e manufactureira. Para o conxunto da industria española, esta porcentaxe se sitúa no 86%.

Dos 5.174,6 miles de toneladas de residuos xerados en Galicia ao longo de 2007 (o 8,5% das toneladas recollidas de media en España), un total de 5.092,2 miles de toneladas teñen a consideración de non perigosos (o 8,7% dos residuos "non perigosos" do conxunto do Estado) e as restantes 82,4 miles de toneladas se clasifican como "perigosos" (o 3,8% dos residuos "perigosos" estatais).
Comparado co ano anterior, Galicia experimentou un lixeiro incremento dos residuos non perigosos, un 0,4% máis que no ano anterior, fronte a un novo descenso dos residuos perigosos (8,1% menos respecto ao ano 2006. No conxunto do Estado estes dous tipos de residuos medraron un 2,5% e 1,5%, respectivamente.

Ao igual que no ano anterior, o maior volume de residuos non perigosos xerados corresponde aos residuos minerais, con 2.404,0 miles de toneladas (o 47,2% do total de residuos non perigosos en Galicia). Séguenlle en importancia, no que ao volume se refire, os residuos da combustión con 2.024,9 miles de toneladas (39,8%) e os residuos da madeira, con 206,2 miles de toneladas (4%). No caso dos residuos perigosos, salientan os residuos da combustión, que acadaron as 26,9 miles de toneladas, o 32,6% dos residuos perigosos xerados en Galicia e o 9,9% do total de residuos perigosos xerados polos procesos de combustión no conxunto do Estado.

### Agricultura ecolóxica

As producción ecolóxicas certificadas seguen a medrar ano tras ano, tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Baixo este paraugas, recóllense aqueles sistemas de produción, transformación e comercialización de alimentos certificados, con métodos naturais e respetuosos co medio ambiente. O **cadro 4.5.13.** amosa un resumo da realidade desta actividade no ano 2009. Nese momento, había en Galicia un total de 528 operadores en agricultura ecolóxica, 18 máis que os rexistrados no ano anterior. Malia este lixeiro incremento, os galegos son únicamente un escaso 2% do total estatal, unha porcentaxe menor que a do ano anterior (2,2% en 2008) debido ao forte aumento desta actividad ne España.

*Agricultura ecolóxica nas CC.AA. 2009*

| | Operadores | Superficie | Explotac. gandeiras | Cabezas gando/ colmenas | Actividades industriais (1) | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Prod. vexetal | Prod. animal |
| | | *(ha.)* | | | | |
| **Andalucía** | 8.444 | 866.799,5 | 2.401 | 790.384 | 502 | 144 |
| **Aragón** | 824 | 66.730,4 | 20 | 18.241 | 151 | 11 |
| **Asturias** | 358 | 14.019,0 | 258 | 20.769 | 21 | 31 |
| **Baleares** | 625 | 29.569,2 | 489 | 33.039 | 95 | 36 |
| **Canarias** | 825 | 4.235,9 | 16 | 3.544 | 74 | 12 |
| **Cantabria** | 161 | 5.795,9 | 89 | 6.992 | 11 | 26 |
| **Castela-A Mancha** | 4.896 | 246.076,5 | 201 | 82.365 | 117 | 14 |
| **Castela e León** | 440 | 22.154,3 | 39 | 14.274 | 79 | 27 |
| **Cataluña** | 1.431 | 71.734,4 | 397 | 76.940 | 518 | 139 |
| **Estremadura** | 3.743 | 115.017,5 | 229 | 98.706 | 87 | 8 |
| **Galicia** | 528 | 14.237,5 | 177 | 82.610 | 45 | 33 |
| **A Coruña** | 87 | 1.113,1 | 28 | 27.018 | 6 | 8 |
| **Lugo** | 257 | 5.726,2 | 98 | 38.837 | 15 | 9 |
| **Ourense** | 83 | 6.879,4 | 38 | 4.136 | 7 | 6 |
| **Pontevedra** | 101 | 518,9 | 13 | 12.619 | 17 | 10 |
| **Madrid** | 257 | 6.043,3 | 14 | 2.815 | 54 | 14 |
| **Murcia** | 2.393 | 60.742,0 | 5 | 3.601 | 173 | 18 |
| **Navarra** | 639 | 30.842,6 | 89 | 12.913 | 69 | 7 |
| **Rioxa, A** | 286 | 8.634,2 | 18 | 5.197 | 71 | 11 |
| **País Vasco** | 244 | 1.484,4 | 77 | 9.109 | 59 | 22 |
| **C. Valenciana** | 1.533 | 38.754,0 | 29 | 6.360 | 349 | 14 |
| **España** | 27.627 | 1.602.870 | 4.548 | 1.267.859 | 2.475 | 567 |

**(1) industrias sometidas a control**
Fonte: *Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino*

**4.5.13.**

O número de operadores medrou en todas as provincias galegas agás na Coruña, onde se mantivo constante.

A superficie destinada á agricultura ecolóxica foi en 2009 de 14.237 hectáreas, logo dunha medra de preto de 1.400 hectáreas sobre o ano anterior. En Galicia ubícase menos do 1% da superficie destina á produccións ecolóxicas.

O número de explotacións gandeiras en agricultura ecolóxica mantivo a súa tendencia ascendente dos últimos anos. No 2009 estaban rexistradas 177 explotacións, oito máis que o ano anterior e 32 máis que en 2007. Máis da metade destas granxas corresponden á provincia de Lugo que, con 98 explotacións gandeiras ecolóxicas, sitúase moi por diante de Ourense (38) e A Coruña (28).

As produccións ecolóxicas poden ser fonte tamén de actividades industriais que pechen os ciclos produtivos, incorporen valor engadido e poñan nos mercados novos produtos obtidos de xeito respetuoso co medio. O número de actividades industriais sometidas a control volveu a aumentar este ano e acadou as 78 industrias controladas (65 no ano anterior), das que 45 corresponden á produción vexetal y 33, á produción animal. Entre as primeiras salientan as actividades de

panificación e pastas alimenticias e de manipulación e envasado de produtos hortifrutícolas frescos, mentres que no caso da produción animal, salientan os de matadoiros e salas de despece e o da leite, queixo e derivados lácteos.

### Efectos da contaminación ambiental sobre a saúde

A importancia dun apartado dedicado aos efectos da contaminación ambiental radica en que esta é responsable de enfermidades coma as afeccións respiratorias ou a toxicidade relacionada coa calidade da auga.

Relacionado coas enfermidades provocadas pola contaminación atmosférica, cómpre facer referencia ao nivel de pole no aire, segundo causante de alerxias que afectan ao aparato respiratorio. Segundo os datos da Rede galega de aerobioloxía, en 2009 houbo un total de 103.770 grans de pole por metro cúbico de aire, sendo os captadores máis importantes, en canto ao volume de grans por metro cúbico, Ourense e Vigo, con 46.273 e 34.453 grans/$m^3$, respectivamente. No que ás especies se refire, destacan pola súa presenza, as gramíneas, as estrugas, o piñeiro e o carballo.

Canto ás enfermidades de transmisión hídrica, os datos recollidos no cadro 4.3.4. *[Enfermidades de declaración obrigatoria 2008-09]* amosan a incidencia mínima que febre tifoidea e paratifoidea e a disentería bacilar tiveron no último ano, cun caso por cada millóns de habitantes. ■

# 4.6.

# outros indicadores

**Tras analizar nos capítulos anteriores** a cobertura e o financiamento das prestacións sociais e sanitarias, a educación e o medio ambiente, o obxectivo deste capítulo é analizar diferentes indicadores de benestar social que determinan outros aspectos da calidade de vida. Os tres ámbitos considerados para a súa avaliación son o consumo, a vivenda e a cultura e o ocio.

Antes de centrarse nos devanditos ámbitos, hai que partir da consideración de que a crise económica incidiu negativamente na calidade de vida das familias galegas, debido ao seu forte impacto no emprego. Dunha banda, o **cadro 4.6.1.** reflicte o aumento da porcentaxe de fogares onde todos os activos estaban parados, situándose no 6,7% no cuarto trimestre de 2009, dous puntos máis que no mesmo período do ano anterior. Ademais, no 16% dos fogares a metade dos activos, cando menos, estaban desempregados (12% no cuarto trimestre do ano anterior). Doutra banda, os datos do IGE amosan que no primeiro trimestre de 2010 case o 60% dos fogares galegos afirman ter dificultades ou moitas dificultades para chegar a fin de mes.

## Consumo

Esta análise do consumo está dividida en dous grandes apartados nos que se estudan, por unha banda, a renda familiar bruta dispoñible, a partires dos datos facilitados por Funcas, e pola outra, os datos da protección ao consumidor, tomando como indicadores o número de consultas e reclamacións atendidas no Instituto Galego de Consumo (IGC) e a actividade dos colexios arbitrais da Xunta de Galicia.

• **Renda familiar bruta dispoñible**
O comportamento do consumo privado está ligado á evolución da renda familiar bruta dispoñible (RFBD),

**Incidencia do paro nas vivendas familiares con polo menos un activo 2008-09** (1)

| | Tódolos activos son parados | | Polo menos a metade dos activos son parados (%) | | Tódolos activos son ocupados | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| **España** | 6,5 | 9,5 | 16,9 | 22,7 | 79,0 | 73,1 |
| **Galicia** | 4,7 | 6,7 | 12,0 | 16,0 | 84,4 | 80,2 |

(1) datos correspondentes ó 4º trimestre de cada ano
Fonte: *INE*

4.6.1.

que indica o poder de compra das familias. No ano 2009, esta variable presenta unha importante desaceleración en Galicia, ao rexistrar unha taxa de crecemento do 1,5%, case cinco puntos porcentuais menos que no ano anterior. No último ano, a RFBD ascendeu en Galicia a 44.927,1 millóns de euros, o que representa o 5,5% da renda familiar bruta dispoñible no conxunto do Estado.

En termos relativos, a renda familiar bruta (en poder de compra) por habitante situouse en Galicia no último ano nos 17.063 euros, o representa o 96,6% do seu valor medio (España = 100), acadando 6.430 euros por habitante máis que no 2000, ano no que a RFBD, en poder de compra, en Galicia representaba o 88,6% do seu valor medio estatal.

• Protección ao consumidor

O volume total de consultas ou solicitudes de información atendidas polo Instituto Galego de Consumo (IGC) ao longo do ano 2009 incrementouse un 28,2% respecto ao ano anterior, acadando as 33.277 consultas. O número de reclamacións medrou un 21,2%, situándose nas 21.420 reclamacións.

A telefonía (móbil, fixa e internet) segue sendo a actividade con maior número de solicitudes de información e reclamacións atendidas, ao acoller máis do 22% das consultas e das reclamacións. Séguelle en importancia ás correspondentes ao sector de electricidade e gas, que abranguen o 13,3% das consultas e o 16,6% das reclamacións.

Cómpre salientar que no ano 2009 continuou o forte incremento da actividade xeral de inspección de consumo, acadando as 116.842 inspeccións, un 20,4% máis que no ano anterior.

O IGC incluíu na rede de alerta un total de 141 produtos que supuñan risco grave para o consumidor (o 16,3% dos produtos incorporados en 2008 á rede estatal). Na maioría de casos notificados á devandita rede se trata de calzado e vestiairo de adultos e xoguetes.

Derivado das actuacións de seguimento dos produtos incluídos na devandita rede retiráronse do mercado un total de 117.577 unidades e se decretou a destrución doutras 124.260 unidades. En conxunto, o número de unidades retiradas ou destruídas aumento en

*Indicadores da vivenda en Galicia e España 2008-09*

| | | 2008 | | 2009 | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Galicia | España | Galicia | España |
| **Estimación parque de vivendas** | | 1.544.625 | 25.129.207 | | |
| **vivenda principal** | | 965.365 | 16.747.294 | | |
| **propiedade** | | 816.627 | 14.153.496 | | |
| **aluguer** | | 105.640 | 2.208.539 | | |
| **cesión** | | 43.098 | 385.259 | | |
| **vivenda non principal** | | 579.260 | 8.381.913 | | |
| **Construción de vivendas libres** | | | | | |
| **iniciadas** | | 16.735 | 237.960 | 6.251 | 80.230 |
| **variac. interanual** | *(%)* | -55,9 | -55,3 | -62,6 | -66,3 |
| **rematadas** | | 34.229 | 563.631 | 22.150 | 356.555 |
| **variac. interanual** | *(%)* | 3,6 | -2,8 | -35,3 | -36,7 |
| **Construcción de vivendas protexidas** | | | | | |
| **iniciadas** | | 2.169 | 90.531 | 1.146 | 79.056 |
| **variac. interanual** | *(%)* | -48,9 | -5,0 | -47,2 | -12,7 |
| **rematadas** | | 2.758 | 68.587 | 1.778 | 67.904 |
| **variac. interanual** | *(%)* | -26,9 | 2,2 | -35,5 | -1,0 |
| **Prezo medio da vivenda libre** | *(€ /m2)* | 1.552,33 | 2.071,10 | 1.451,70 | 1.918,53 |
| **variac. interanual** | | 17,7 | 6,1 | -6,5 | -7,4 |
| **Prezo medio da vivenda protexida** | *(€ /m2)* | 1.044,85 | 1.116,87 | 1.027,13 | 1.112,00 |
| **variac. interanual** | | 6,7 | 6,9 | -1,7 | -0,4 |

Fonte: *Ministerio de Vivienda*

4.6.2.

2009 un 890,6% respecto ao ano anterior.

No que á vía arbitral como sistema de resolución de conflitos se refire, ao longo do ano 2009 rexistrouse un forte incremento do número de solicitudes arbitrais presentadas ante a Xunta Arbitral de Consumo de Galicia. Das 10.843 solicitudes presentadas, un 80,4% máis que no ano anterior, 1.337 (o 12,3%), tiveron que ser arquivadas debido á non aceptación da vía por parte do empresario ou profesional reclamado. Os colexios arbitrais resolveron por mediación un total de 1.633 reclamacións (un 22,1% máis que no ano 2008).

As actividades máis importantes, en canto ao número de solicitudes presentadas se refire, seguen a ser as da telefonía fixa e móbil, con 8.108, seguido polas de transporte aéreo, con 343 solicitudes. En termos relativos, a telefonía acolle o 77% das solicitudes presentadas, fronte ao 3,1% das actividades relacionadas co transporte aéreo.

Do conxunto de solicitudes presentadas, os diferentes colexios arbitrais dictaron no último ano un total de 1.771 laudos, un 10,2% menos que no ano anterior. Case as dúas terceiras partes dos laudos foron estimatorios (1.131 laudos) fronte ao 28% dos que foron desestimados (503) e o 8% que foron conciliatorios (137 laudos).

## Vivenda

Tendo en conta que o capítulo 3 ten un apartado dedicado á construción, onde se analizan os aspectos da oferta de vivenda en Galicia, este apartado centra a atención nos principais indicadores da súa demanda.

Os indicadores da demanda de vivenda en Galicia reflicten que o impacto da crise económica neste sector foi menor que no conxunto do Estado. Mentres que en España o número de hipotecas constituídas descendeu un 21,8% en relación ao ano 2008, a redución na comunidade autónoma galega é do 10,1%, constituíndose un total de 33.333 hipotecas sobre

**Hipotecas de vivendas urbanas en Galicia e España 2008-09** (1)

| | hipotecas constituidas | | | importe medio (en €) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 09/08 | 2008 | 2009 | 09/08 |
| **Galicia** | 37.063 | 33.333 | -10,1 | 111.632 | 107.397 | -3,8 |
| **A Coruña** | 16.319 | 14.280 | -12,5 | 108.988 | 106.723 | -2,1 |
| **Lugo** | 3.673 | 4.193 | 14,2 | 95.396 | 92.541 | -3,0 |
| **Ourense** | 3.093 | 2.229 | -27,9 | 99.267 | 98.870 | -0,4 |
| **Pontevedra** | 13.978 | 12.631 | -9,6 | 121.721 | 114.594 | -5,9 |
| **España** | 835.056 | 653.173 | -21,8 | 139.780 | 117.688 | -15,8 |
| **Galicia / España** *(%)* | 4,4 | 5,1 | | 79,86 | 91,26 | |

(1) datos 2009 son provisionais
Fonte: *INE*

4.6.3.

vivendas en leiras edificables urbanas, o 5,1% do total estatal. Os datos reflectidos no cadro 4.6.3. amosan que tan só Lugo presenta unha medra do número de hipotecas (14,2% respecto ao ano anterior), reducíndose case un 28% en Ourense. A diferenza do ano acontecido en 2008, a provincia de Pontevedra presenta o descenso menos acusado, cun 9,6%.

O importe medio da hipoteca en Galicia descendeu no último ano ata os 107.397 euros, o que supuxo unha redución do 3,8% en relación ao ano anterior. Esta caída é doce puntos inferior á rexistrada no conxunto do Estado, onde o importe medio se sitúa nos 117.688 euros. Os datos do INE reflicten que a maior redución no importe medio das hipotecas produciuse na provincia de Pontevedra, cunha taxa de variación interanual negativa do 5,9%, moi por encima das provincias de Lugo (3% menos), A Coruña (2,1% menos) e Ourense (0,4%).
A *Estadística Registral Inmobiliaria* indica unha diminución da compravenda de vivendas rexistradas tanto en Galicia como no resto das comunidades autónomas. En 2009 realizáronse en Galicia un total de 21.302 transaccións de compravendas, o que supón unha caída de case o 20% (24,9% de descenso medio en España). Este indicador de debilitamento da demanda requiriría un axuste da oferta, xa que no último ano as vivendas terminadas en Galicia superaron ao número de compravendas nun 12,3% (2,5% no conxunto do Estado).

En 2009 rexístrase unha caída dos prezos da vivenda tanto en Galicia como no conxunto do Estado, sendo menos acusada na comunidade galega. Neste último ano, mentres que o prezo medio da vivenda libre descendeu un 6,5% en relación a 2008 (7,4% en España), no caso da vivenda protexida a redución do prezo foi superior en Galicia, cunha taxa de variación negativa do 1,7% fronte ao 0,4% en España.

A caída do tipo hipotecario xunto ao descenso dos prezos propiciaron unha substancial mellora das posibilidades de acceso a unha vivenda en propiedade. En termos medios, o custo dunha vivenda de 100 metros

*Compravenda de vivendas nas CC.AA. 2008-09*

| | 2008 | 2009 | 09/08 |
|---|---|---|---|
| | *(valores absolutos)* | | *(%)* |
| **Andalucía** | 120.198 | 86.916 | -27,7 |
| **Aragón** | 14.892 | 12.501 | -16,1 |
| **Asturias** | 13.417 | 8.839 | -34,1 |
| **Baleares** | 12.366 | 8.147 | -34,1 |
| **Canarias** | 25.326 | 18.388 | -27,4 |
| **Cantabria** | 9.066 | 7.929 | -12,5 |
| **Castela e León** | 30.469 | 23.134 | -24,1 |
| **Castela - A Mancha** | 34.113 | 21.399 | -37,3 |
| **Cataluña** | 62.136 | 45.545 | -26,7 |
| **C. Valenciana** | 73.153 | 54.062 | -26,1 |
| **Estremadura** | 13.952 | 11.588 | -16,9 |
| **Galicia** | 26.590 | 21.302 | -19,9 |
| **Madrid** | 59.294 | 51.302 | -13,5 |
| **Murcia** | 24.913 | 17.583 | -29,4 |
| **Navarra** | 6.399 | 5.063 | -20,9 |
| **País Vasco** | 19.167 | 15.464 | -19,3 |
| **A Rioxa** | 5.627 | 4.727 | -16,0 |
| **Ceuta e Melilla** | 1.002 | 922 | -8,0 |
| **Total** | 552.080 | 414.811 | -24,9 |

Fonte: *INE*

4.6.4.

*Accesibilidade á vivenda en Galicia e España 2008-09*

| | 2008 | | 2009 | |
|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España |
| **Anos de salario necesarios para a compra dunha vivenda de 100m$^2$** | 8,6 | 9,8 | 7,5 | 8,6 |
| **Proporción de renda familiar que hai que pagar por un crédito de 25 anos** | *(%)* | | | |
| **Un salario** | 53,3 | 60,3 | 36,0 | 41,5 |
| **Salario ponderado** | 33,3 | 40,2 | 22,5 | 27,7 |

Fonte: *Fundación Caixagalicia*

4.6.5.

cadrados para unha familia media galega representa 7,5 anos de traballo (8,6 anos en 2008) mentres que a nivel estatal pásase de 9,8 anos de salario a 8,6 anos no 2009. A pesar de que esta ratio segue sendo inferior á rexistrada no conxunto do Estado, a menor caída do prezo da vivenda galega fai que se reduza lixeiramente a vantaxe de accesibilidade existente en Galicia en relación á media estatal.

Asemade, a devandita evolución dos prezos da vivenda provocou que para unha familia media preceptora dun só salario, o pago das cotas da hipoteca significa unha carga do 36% dos seus salarios brutos, cinco puntos e medio menos que no conxunto do Estado. Se se corrixen os ingresos pola media de salarios percibidos pola unidade familiar, estas porcentaxes serían do 22,5% en Galicia e do 27,7%, en España.

## Cultura e ocio

O ano 2009 pode considerarse como un mal ano para o sector editorial galego atendendo ao descenso do número de títulos e exemplares editados. No último ano producíronse en Galicia un total de 3.180 títulos, un 15,1% menos que no ano anterior, sendo a súa tirada media de 1.405 exemplares por título fronte aos 1.398 exemplares do ano 2008. Comparado co total estatal, Galicia mantén o seu peso relativo no conxun-

### Produción editorial en España 2008-09: títulos e exemplares

| Idioma da publicación | títulos publicados 2008 | títulos publicados 2009 | títulos publicados 09/08 (%) | exemplares 2008 (miles) | exemplares 2009 (miles) | exemplares 09/08 (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Castelán | 66.458 | 57.664 | -13,2 | 204.760 | 148.031 | -27,7 |
| Catalán, valenciano e balear | 9.926 | 8.379 | -15,6 | 23.438 | 17.542 | -25,2 |
| Galego | 2.070 | 1.823 | -11,9 | 3.630 | 3.189 | -12,1 |
| Euskera | 1.186 | 1.027 | -13,4 | 2.296 | 1.951 | -15,0 |
| Outros idiomas ou dialectos nacionais | 95 | 77 | -18,9 | 72 | 62 | -13,9 |
| Alemán | 144 | 115 | -20,1 | 484 | 320 | -33,9 |
| Francés | 408 | 321 | -21,3 | 1.527 | 975 | -36,1 |
| Inglés | 1.439 | 1.257 | -12,6 | 2.764 | 2.088 | -24,5 |
| Outros idiomas estranxeiros | 1.134 | 876 | -22,8 | 7.585 | 4.635 | -38,9 |
| En 2 ou máis idiomas, nacionais ou estranxeiros | 3.470 | 2.982 | -14,1 | 8.957 | 5.072 | -43,4 |
| **Total** | 86.330 | 74.521 | -13,7 | 255.513 | 183.865 | -28,0 |

Fonte: *INE*

**4.6.6.**

### Produción editorial nas CC.AA. 2008-09: títulos e exemplares

| | Total | | | | Libros | | | | Folletos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | títulos | | exemplares (miles) | | títulos | | exemplares (miles) | | títulos | | exemplares (miles) | |
| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| Andalucía | 8.032 | 8.590 | 9.196 | 9.062 | 7.356 | 7.984 | 8.134 | 8.465 | 676 | 606 | 1.062 | 597 |
| Aragón | 2.013 | 1.604 | 4.854 | 3.236 | 1.732 | 1.352 | 4.181 | 2.614 | 281 | 252 | 673 | 622 |
| Asturias | 1.295 | 1.200 | 2.028 | 1.578 | 1.120 | 1.007 | 1.698 | 1.332 | 175 | 193 | 330 | 246 |
| Baleares | 1.039 | 1.222 | 1.633 | 1.753 | 878 | 1.032 | 1.271 | 1.471 | 161 | 190 | 362 | 282 |
| Canarias | 1.060 | 861 | 1.414 | 942 | 952 | 753 | 1.290 | 812 | 108 | 108 | 124 | 130 |
| Cantabria | 438 | 468 | 640 | 582 | 375 | 402 | 583 | 473 | 63 | 66 | 57 | 109 |
| Castela e León | 3.298 | 2.495 | 6.802 | 4.790 | 2.788 | 2.158 | 5.331 | 3.797 | 510 | 337 | 1.471 | 993 |
| Castela - A Mancha | 1.078 | 937 | 1.388 | 1.179 | 953 | 800 | 1.192 | 876 | 125 | 137 | 196 | 303 |
| Cataluña | 27.451 | 20.871 | 116.242 | 76.621 | 24.428 | 18.049 | 106.332 | 67.979 | 3.023 | 2.822 | 9.910 | 8.642 |
| C. Valenciana | 4.731 | 3.960 | 6.659 | 5.721 | 4.137 | 3.380 | 5.987 | 4.740 | 594 | 580 | 672 | 981 |
| Estremadura | 632 | 512 | 621 | 488 | 560 | 447 | 531 | 416 | 72 | 65 | 90 | 72 |
| Galicia | 3.747 | 3.180 | 5.240 | 4.468 | 3.150 | 2.540 | 4.192 | 3.327 | 597 | 640 | 1.048 | 1.141 |
| Madrid | 25.932 | 23.972 | 87.107 | 65.748 | 22.693 | 21.249 | 78.200 | 59.712 | 3.239 | 2.723 | 8.907 | 6.036 |
| Murcia | 1.036 | 523 | 1.073 | 567 | 901 | 441 | 937 | 470 | 135 | 82 | 136 | 97 |
| Navarra | 1.443 | 1.284 | 4.682 | 2.617 | 1.304 | 1.178 | 4.267 | 2.305 | 139 | 106 | 415 | 312 |
| País Vasco | 2.813 | 2.545 | 5.632 | 4.220 | 2.357 | 2.187 | 4.717 | 3.436 | 456 | 358 | 915 | 784 |
| Rioxa | 256 | 237 | 278 | 240 | 222 | 202 | 251 | 215 | 34 | 35 | 27 | 25 |
| Ceuta e Melilla | 36 | 60 | 24 | 54 | 27 | 52 | 19 | 43 | 9 | 8 | 5 | 11 |
| **Total** | 86.330 | 74.521 | 255.513 | 183.866 | 75.933 | 65.213 | 229.113 | 162.483 | 10.397 | 9.308 | 26.400 | 21.383 |

Fonte: *INE*

**4.6.7.**

### Produción editorial en España 2008-2009: títulos e exemplares traducidos

| Idioma da tradución | títulos traducidos 2008 | títulos traducidos 2009 | títulos traducidos 09/08 (%) | exemplares 2008 (miles) | exemplares 2009 (miles) | exemplares 09/08 (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Castelán | 1.032 | 705 | -31,7 | 2.848 | 1.977 | -30,6 |
| Catalán, valenciano e balear | 135 | 133 | -1,5 | 549 | 366 | -33,3 |
| Galego | 22 | 21 | -4,5 | 78 | 87 | 11,5 |
| Euskera | 15 | 17 | 13,3 | 71 | 71 | 0,0 |
| Outros idiomas ou dialectos nacionais | 3 | 1 | -66,7 | 3 | 1 | -66,7 |
| Alemán | 804 | 728 | -9,5 | 3.942 | 2.932 | -25,6 |
| Francés | 1.384 | 1.149 | -17,0 | 4.814 | 4.014 | -16,6 |
| Inglés | 7.540 | 6.591 | -12,6 | 40.436 | 32.490 | -19,7 |
| Outros idiomas estranxeiros | 1.685 | 1.452 | -13,8 | 7.355 | 8.063 | 9,6 |
| En dous ou máis idiomas, nacionais ou estranxeiros | 23 | 162 | 604,3 | 52 | 1.612 | 3000,0 |
| **Total** | 12.643 | 10.959 | -13,3 | 60.148 | 51.613 | -14,2 |

Fonte: *INE*

**4.6.8.**

**Tirada e difusión da prensa diaria 2009: cabeceiras controladas pola OJD**

| Medio | Promedio tirada | Promedio difusión |
|---|---|---|
| Atlántico Diario | 5.074 | 4.088 |
| Diario de Pontevedra | 7.990 | 6.917 |
| Faro de Vigo | 46.100 | 39.154 |
| La Opinión A Coruña | 8.343 | 5.928 |
| El Progreso Lugo | 18.353 | 15.402 |
| La Voz de Galicia | 116.761 | 100.664 |

Fonte: *Oficina de Justificación de la Difusión*

**4.6.9.**

to do Estado no que ao número de títulos publicados se reflicte (4,3%), aumentando o de exemplares ata o 2,4% do total (2,1% en 2008).

Ao longo do ano 2009 reduciuse a produción editorial en galego un 11,9% en relación aos publicados no ano anterior, acadando os 1.823 títulos (o 2,4% dos títulos publicados no conxunto do Estado). Este incremento está asociado a unha caída do 12,1% no número de exemplares no idioma galego, que se sitúan nos 3.189 miles de exemplares (o 1,4% do conxunto do Estado). Da produción editorial total en España (74.521 títulos publicados), o **cadro 4.6.7.** reflicte que se editan en castelán o 77,4% dos títulos, un 11,2% en catalán, valenciano e balear e un 1,4% en euskera.

No último ano segue a descender o número títulos traducidos do galego, se ben medra o de exemplares. En 2009 traducíronse un total 21 libros (un menos que no ano anterior), sendo o número de exemplares de 87 mil (87 miles de exemplares en 2008).

Respecto á prensa escrita, os datos da OJD amosan que os dous principais xornais galegos presentan no conxunto do ano 2009 un descenso tanto da súa tirada como da súa difusión. Dunha banda, *La Voz de Galicia* reduce a súa tirada ata os 116.761 exemplares diarios (2,8% menos) e súa difusión ata os 100.664 exemplares (2,1% menos que no ano anterior). Séguelle en importancia *Faro de Vigo*, cunha tirada de 46.100 exemplares (3,7% menos que en 2008) e unha difusión de 39.154 exemplares (2,9% menos) (**cadro 4.6.9.**).

Se 2009 foi un mal ano para a produción editorial galega, os datos da SGAE reflicten que non o é así en termos de recadación nos espectáculos de artes escénicas, música clásica ou popular e no cine. Con todo, descende o número de espectadores no conxunto das artes escénicas e de música popular.

No caso do cine, o ano 2009 presenta unha medra do 6,1% no número de espectadores, aumentando a súa recadación un 14%. Asemade, cómpre salientar, **cadro 4.6.10.**, que o número de persoas que asisten ás representacións teatrais descende un 2,4% mentres

**Espectadores e recadación nos centros con actividades culturais 2008-09**

| | Galicia | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Espectadores | | Recadación | |
| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| | | | (en miles de €) | |
| **Artes escénicas** | 650.702 | 639.046 | 3.318.946 | 3.853.191 |
| **Teatro** | 562.621 | 548.935 | 2.539.378 | 3.199.660 |
| **Danza** | 62.156 | 64.292 | 490.058 | 375.950 |
| **Xénero lírico** | 25.925 | 25.819 | 289.510 | 277.581 |
| **Música clásica** | 296.659 | 340.023 | 876.712 | 940.826 |
| **Música popular** | 1.612.771 | 1.593.706 | 6.078.754 | 6.446.114 |
| **Cine** | 3.935.275 | 4.175.718 | 22.092.680 | 25.191.493 |

| | España | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Espectadores | | Recadación | |
| | 2008 | 2009 | 2008 | 2009 |
| | | | (en miles de €) | |
| **Artes escénicas** | 19.314.383 | 18.229.943 | 251.025.103 | 261.035.014 |
| **Teatro** | 16.411.832 | 15.550.256 | 190.753.795 | 200.863.536 |
| **Danza** | 1.627.780 | 1.476.018 | 18.481.729 | 18.023.564 |
| **Xénero lírico** | 1.274.771 | 1.203.669 | 41.789.579 | 42.147.914 |
| **Música clásica** | 5.523.577 | 5.529.004 | 45.289.116 | 44.158.365 |
| **Música popular** | 33.423.839 | 30.637.786 | 150.185.629 | 156.781.847 |
| **Cine** | 107.940.646 | 110.667.573 | 624.256.264 | 678.344.919 |

Fonte: *SGAE*

4.6.10.

que a recadación medra máis dun 25%. ■

# 5

# DESENVOLVEMENTO REXIONAL

5.1.- **Infraestruturas**

5.2.- **I+D+i**

Este capítulo se centra na análise de dous elementos fundamentais para a mellora da competitividade dun territorio nun mundo globalizado: as infraestruturas de transporte e comunicación e o desenvolvemento tecnolóxico.

No eido das infraestruturas cómpre salientar que, a pesar do esforzo realizado polo Ministerio de Fomento, existe unha importante demora na realización das obras do AVE, que nalgún tramo supera os sete anos.

No concernente ao equipamento en tecnoloxías de información e comunicación (TIC) no último ano continuou o proceso de mellora tanto nos fogares como nas empresas. Con todo, os datos sinalan que Galicia aínda está lonxe da media estatal.

A taxa de crecemento do gasto interno en actividades de I+D en Galicia redúcese ata o 5,1%, xusto a metade da rexistrada no conxunto do Estado. Esta caída implica que se amplía o diferencial coa media española no que ao esforzo investidor se refire, adicando Galicia o 1,03% do seu PIB a estas actividades fronte ao 1,35% de media no conxunto do Estado ou o 1,90% na UE-27. Asemade, a diferencia do acontecido en 2007, no ano 2008 (último dato dispoñible) volve a presentar a orientación científico-académica da actividade investigadora en Galicia, ao acoller o entorno público o 51,9% do gasto interno en I+D.

# 5.1.

# Infraestruturas

**A importancia do estudio da situación** das infraestruturas de transporte e comunicacións radica en que estas son un elemento dinamizador fundamental da economía galega. O investimento real do Ministerio de Fomento en Galicia no ano 2009 neste ámbito acadou os 710,4 millóns de euros, e os investimentos reais presupostados no orzamento autonómico para o ano 2009 foi de 577,4 millóns de euros.

Cómpre salientar que a 31 de decembro de 2009, a meirande parte das obras do AVE en Galicia atopábanse en fase de estudo informativo ou en proxecto (1.090,2 Km.), tan só 3,8 km do corredor Olmedo-Zamora-Ourense estaban en servizo, e 88,7 km do Eixo Atlántico estaban en servizo pero a velocidade de 160 quilómetros por hora.

A pesar do devandito investimento, cómpre salientar a importante demora que as obras do AVE teñen en Galicia, que no tramo dende a fronteira portuguesa ata O Porriño supera os sete anos (a 31 de decembro de 2009 estaba pendente de licitación o estudo informativo).

No que se refire ao equipamento en tecnoloxías de información e comunicación continuou, con carácter xeral, a súa tendencia á alza tanto nos fogares como nas empresas galegas. No caso concreto dos fogares, cómpre salientar que Galicia atópase moi lonxe da media estatal no que á dispoñibilidade de ordenador e acceso a internet se refire, situándose coma a segunda comunidade autónoma con menor dispoñibilidade de ordenador e menor porcentaxe de vivendas con acceso a internet tras Estremadura.

### Infraestruturas de transporte terrestre

Respecto ás infraestruturas terrestres por estradas, os datos do *Anuario Estadístico* do Ministerio de

### *Lonxitude da rede de estradas en Galicia e España 2007-08*

| | 2007 | | 2008 (1) | | Galicia / España | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España | 2007 | 2008 |
| | *(en quilómetros)* | | | | *(%)* | |
| **A cargo do Estado** | 2.293 | 25.846 | 2.250 | 25.391 | 8,9 | 8,9 |
| **Estradas dunha calzada** | 1.513 | 15.320 | 1.454 | 14.631 | 9,9 | 9,9 |
| **Estradas de dobre calzada** | 73 | 736 | 81 | 634 | 9,9 | 12,8 |
| **Autovías e autoestradas libres** | 443 | 7.311 | 442 | 7.633 | 6,1 | 5,8 |
| **Autoestradas de peaxe** | 264 | 2.479 | 273 | 2.493 | 10,6 | 11,0 |
| **A cargo dos Entes territoriais** | 15.242 | 140.165 | 15.287 | 139.621 | 10,9 | 10,9 |
| **Comunidade Autónoma** | 5.372 | 71.084 | 5.418 | 70.935 | 7,6 | 7,6 |
| **Deputación** | 9.870 | 69.081 | 9.869 | 68.686 | 14,3 | 14,4 |
| **Rede viaria municipal** | | | 61.756 | 489.698 | | |
| **Total rede de estradas** | 79.291 | 655.079 | 79.293 | 654.710 | 12,1 | 12,1 |

**(1) datos provisionais**

Fonte: *Ministerio de Fomento*

5.1.1.

### *Índices da rede de estradas do Estado, CC.AA., Deputacións e Cabildos 2007-08* (1)

| | 2007 | | | | 2008 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Rede total/km2 de superficie | Rede total/1.000 habitantes (2) | Vehículos parque/rede total | Vehículos parque/1.000 habitantes (2) | Rede total/km2 de superficie | Rede total/1.000 habitantes (2) | Vehículos parque/rede total | Vehículos parque/1.000 habitantes (2) |
| **Andalucía** | 0,27 | 2,89 | 217,42 | 638,99 | 0,27 | 2,87 | 223,59 | 641,52 |
| **Aragón** | 0,24 | 8,79 | 72,66 | 638,74 | 0,24 | 8,60 | 74,82 | 643,69 |
| **Asturias** | 0,47 | 4,67 | 126,47 | 590,76 | 0,47 | 4,65 | 130,00 | 604,05 |
| **Baleares** | 0,44 | 2,11 | 404,14 | 852,48 | 0,43 | 2,02 | 412,00 | 832,95 |
| **Canarias** | 0,60 | 2,20 | 324,34 | 715,15 | 0,60 | 2,15 | 329,66 | 709,19 |
| **Cantabria** | 0,49 | 4,52 | 143,38 | 651,06 | 0,49 | 4,40 | 149,64 | 659,09 |
| **Castela-A Mancha** | 0,24 | 9,74 | 69,23 | 674,49 | 0,24 | 9,35 | 72,83 | 681,24 |
| **Castela e León** | 0,35 | 12,93 | 49,91 | 645,51 | 0,34 | 12,69 | 51,61 | 654,97 |
| **Cataluña** | 0,38 | 1,70 | 401,43 | 682,71 | 0,37 | 1,62 | 420,70 | 679,63 |
| **C. Valenciana** | 0,37 | 1,76 | 386,26 | 681,12 | 0,37 | 1,70 | 393,59 | 669,55 |
| **Estremadura** | 0,22 | 8,36 | 77,32 | 646,42 | 0,22 | 8,25 | 80,44 | 663,36 |
| **Galicia** | 0,59 | 6,32 | 105,24 | 665,62 | 0,59 | 6,30 | 108,15 | 681,21 |
| **Madrid** | 0,42 | 0,56 | 1.278,31 | 712,54 | 0,42 | 0,54 | 1.304,36 | 702,17 |
| **Murcia** | 0,33 | 2,69 | 255,29 | 687,87 | 0,33 | 2,63 | 259,76 | 682,88 |
| **Navarra** | 0,38 | 6,48 | 105,43 | 683,01 | 0,38 | 6,38 | 106,99 | 682,10 |
| **País Vasco** | 0,58 | 1,97 | 296,17 | 584,78 | 0,58 | 1,95 | 303,54 | 591,43 |
| **A Rioxa** | 0,38 | 6,13 | 99,49 | 609,87 | 0,37 | 5,94 | 102,37 | 608,12 |
| **Total** | 0,33 | 3,67 | 182,58 | 670,75 | 0,33 | 3,57 | 187,68 | 670,94 |

**(1) na rede de estradas non se inclúen a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos**
**(2) poboación oficial a 1 de xaneiro de cada ano**

Fonte: *Ministerio de Fomento*

5.1.2.

**Investimentos medios na rede de estradas do Estado, CC.AA., Deputacións e Cabildos 2004-08 (1)**

| | AA.PP. | Estado | Entes Territoriais | | | AA.PP. | Estado | Entes Territoriais | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Total | CC.AA. | Deputacións e Cabildos | | | Total | CC.AA. | Deputacións e Cabildos |
| | | | (2) | | | | | | | |
| | (en miles de € / 1000 habs.) | | | | | (en miles de € / quilómetro de rede) | | | | |
| **Andalucía** | 152,12 | 68,95 | 83,17 | 74,19 | 8,97 | 53,84 | 172,57 | 34,28 | 59,43 | 7,62 |
| **Aragón** | 309,96 | 250,63 | 59,33 | 42,02 | 17,31 | 36,03 | 137,54 | 8,75 | 9,84 | 6,89 |
| **Asturias** | 359,35 | 239,35 | 120,00 | 120,00 | -- | 77,34 | 318,00 | 30,82 | 30,82 | -- |
| **Baleares** | 40,09 | -- | 40,09 | -- | 40,09 | 21,10 | -- | 21,10 | -- | 21,10 |
| **Canarias** | 37,62 | -- | 37,62 | -- | 37,62 | 35,24 | -- | 35,24 | -- | 35,24 |
| **Cantabria** | 405,73 | 281,88 | 123,85 | 123,85 | -- | 92,12 | 282,92 | 36,34 | 36,34 | -- |
| **Castela-A Mancha** | 194,87 | 113,18 | 81,69 | 67,94 | 13,75 | 20,83 | 64,83 | 10,74 | 16,78 | 3,86 |
| **Castela e León** | 326,26 | 186,84 | 139,42 | 98,63 | 40,80 | 25,71 | 89,97 | 13,14 | 22,36 | 6,58 |
| **Cataluña** | 95,80 | 35,94 | 59,86 | 52,52 | 7,34 | 59,30 | 147,51 | 43,64 | 66,89 | 12,52 |
| **C. Valenciana** | 88,45 | 46,43 | 42,02 | 32,60 | 9,42 | 52,00 | 123,18 | 31,73 | 56,94 | 12,53 |
| **Estremadura** | 305,29 | 195,82 | 109,47 | 86,69 | 22,78 | 37,02 | 135,11 | 16,10 | 25,08 | 6,82 |
| **Galicia** | 225,23 | 90,15 | 135,09 | 109,22 | 25,87 | 35,76 | 111,55 | 24,60 | 56,12 | 7,30 |
| **Madrid** | 34,67 | 13,69 | 20,98 | 20,98 | -- | 64,32 | 111,39 | 50,42 | 50,42 | -- |
| **Murcia** | 98,55 | 26,84 | 71,72 | 71,72 | -- | 37,49 | 73,46 | 31,68 | 31,68 | -- |
| **Navarra** | 236,93 | -- | 236,93 | 236,93 | -- | 37,16 | -- | 37,54 | 37,54 | -- |
| **País Vasco** | 171,01 | -- | 171,01 | -- | 171,01 | 87,77 | -- | 89,54 | -- | 89,54 |
| **A Rioxa** | 221,95 | 139,65 | 82,30 | 82,30 | -- | 37,36 | 106,58 | 17,78 | 17,78 | -- |
| **Total** | 148,07 | 71,29 | 76,78 | 56,87 | 19,91 | 41,20 | 129,61 | 25,38 | 37,01 | 13,38 |

(1) na rede de estradas non se inclúe a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos
(2) poboación oficial a 1 de xaneiro
Fonte: *Ministerio de Fomento*

**5.1.3.**

Fomento reflicten que, sen ter en conta a rede viaria municipal, a rede de estradas de Galicia no ano 2008 (último dato dispoñible) está composta por 17.537 quilómetros, dos que 15.287 km. están a cargo de Entes Territoriais e 2.250 km. a cargo do Estado.

Do total de quilómetros a cargo do Estado, o **cadro 5.1.1.** reflicte que o 35,4% (796 quilómetros) corresponden a autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada, en tanto que dos quilómetros a cargo dos Entes Territoriais, o 64,6% dos mesmos, 9.869 quilómetros, están a cargo das Deputacións provinciais, e 5.418 km, a cargo da Comunidade Autónoma.

En relación ao investimento medio na rede de estradas do Estado, comunidades autónomas, deputacións e cabildos no período 2004-08, o **cadro 5.1.3.** amosa que en Galicia investíronse un total de 225,2 miles de euros por cada 1.000 habitantes, sendo a media estatal de 148,1 miles de euros. Galicia segue manténdose por encima da media estatal tanto si se considera o investimento correspondente á Administración central, que neses cinco anos ascendeu na comunidade galega ata os 90,2 mil euros por cada mil habitantes fronte aos 71,3 miles de euros de media en España, como si se considera o investimento dos entes territoriais, que se sitúa nos 135,1 miles de euros por cada 1.000 habitantes fronte aos 76,8 mil euros no Estado.

Por contra, en termos de investimento por quilómetro

**Investimentos reais do Ministerio de Fomento en Galicia 2009**

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Varias provincias | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de euros)* | | | | | |
| **Ministerio, Subsecretaría e Servizos Xerais** | 225.533 | 171.824 | 45.758 | 240.680 | 26.657 | 710.452 |
| **D. G. de Carreteras** | 92.259 | 152.894 | 40.290 | 66.032 | 1.970 | 353.445 |
| **D. G. de Ferrocarriles** | 132.619 | 18.930 | 5.468 | 174.571 | 24.204 | 355.792 |
| **D. G. del Instituto Geográfico Nacional** | - | - | - | 9 | 471 | 480 |
| **D. G. de la Marina Mercante** | 655 | - | - | 68 | 12 | 735 |
| **Entidades Públicas Empresariais** | 168.854 | 6.322 | 30.746 | 63.710 | 446.019 | 715.651 |
| **ADIF** | 628 | 3.119 | 896 | 1.230 | - | 5.873 |
| **AENA** | 22.229 | - | - | 14.203 | - | 36.432 |
| **Puertos del Estado** | 139.009 | - | - | 46.467 | - | 185.476 |
| **RENFE operadora** | 145 | - | 16 | 162 | - | 323 |
| **FEVE** | 2.216 | 139 | - | - | 87 | 2.442 |
| **Correos y Telégrafos** | 4.371 | 384 | 368 | 1.648 | 6 | 6.777 |
| **SASEMAR** | 256 | - | - | - | - | 256 |
| **S.E. de Infraestructuras del Transporte Terres** | - | 2.680 | 29.466 | - | 445.926 | 478.072 |
| **Total** | 394.387 | 178.146 | 76.504 | 304.390 | 472.676 | 1.426.103 |

Fonte: *Delegación do Goberno en Galicia*

**5.1.4.**

de rede, Galicia sitúase por baixo da media española se consideramos o conxunto das administración públicas, o investimento do Estado ou investimento total dos entes territoriais. No primeiro caso, na comunidade autónoma galega investíronse nos cinco anos considerados un total de 37,7 miles de euros, manténdose como a quinta comunidade na que menos se inviste, por diante de Castela-A Mancha (20,8 miles de euros), Baleares (21,1 miles de euros), Castela e León (25,7) e Canarias (35,2 miles de euros).

O investimento real do Ministerio de Fomento na comunidade autónoma de Galicia ascendeu no último ano a 710,4 millóns de euros, dos que a DG de Ferrocarriles acolle o 50,1% (356,0 millóns de euros) e 353,4 millóns de euros á DG de Carreteras (49,7%). O **cadro 5.1.4.** reflicte que Pontevedra, por mor do investimento da DG de Ferrocarriles se sitúa como a provincia que acolle un maior investimento, con 240,7 millóns de euros, por diante dos 225,5 millóns de euros en A Coruña ou os 171,8 millóns de euros en Lugo. Nesta última provincia cómpre salientar, o investimento realizado pola DG de Carreteras, con 152,9 millóns, o 43,2% do total investido por esta Dirección General en Galicia.

Ademais do investimento da DG de Ferrocarriles, Renfe investiu en Galicia un total de 352,2 miles de euros en 2009, o que representa o 1% do investimento total asignable ás diferentes comunidades autónomas. En relación ao acontecido no ano anterior, o seu investimento medrou case un 70%. As provincias de A Coruña e Pontevedra, tras unha medra do 93%, acollen o 95,6% do citado investimento.

A 31 de decembro de 2009, a meirande parte das obras do AVE en Galicia atopábanse en fase de estudo informativo ou en proxecto (1.090,2 km), tan só 3,8

### *Investimentos de RENFE nas CC.AA. 2008-09*

| | 2008 | | 2009 | |
|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | *(%)* | *(en miles de €)* | *(%)* |
| **Andalucía** | 6.350,90 | 9,7 | 6.241,54 | 18,2 |
| **Aragón** | 2.173,20 | 3,3 | 504,38 | 1,5 |
| **Asturias** | 1.586,30 | 2,4 | 338,99 | 1,0 |
| **Cantabria** | 50,50 | 0,1 | 57,79 | 0,2 |
| **Castela-A Mancha** | 844,30 | 1,3 | 100,30 | 0,3 |
| **Castela e León** | 1.197,30 | 1,8 | 890,23 | 2,6 |
| **Cataluña** | 28.382,60 | 43,1 | 14.573,58 | 42,4 |
| **C. Valenciana** | 2.083,90 | 3,2 | 1.468,41 | 4,3 |
| **Estremadura** | - | - | - | - |
| **Galicia** | 207,50 | 0,3 | 352,15 | 1,03 |
| **A Coruña** | 87,10 | 0,1 | 168,13 | 0,49 |
| **Lugo** | - | - | - | - |
| **Ourense** | 11,30 | 0,1 | 15,63 | 0,05 |
| **Pontevedra** | 87,20 | 0,0 | 168,39 | 0,49 |
| **Varias provincias** | 21,90 | | - | - |
| **Madrid** | 20.056,50 | 30,5 | 7.144,84 | 20,8 |
| **Murcia** | 529,00 | 0,8 | 116,01 | 0,3 |
| **Navarra** | - | - | 1,45 | 0,0 |
| **País Vasco** | 2.319,50 | 3,5 | 2.540,71 | 7,4 |
| **Total asignable CC.AA.** | 65.781,50 | 100,0 | 34.331,36 | 100,0 |
| **Asignable varias CC.AA.** | 14.241,20 | | 9.111,86 | |
| **Non rexionalizado** | 1.153.021,00 | | 1.097.336,77 | |
| **Investimento total** | 1.233.043,70 | | 1.140.779,99 | |

Fonte: *Renfe Operadora*

**5.1.5.**

### *Situación das liñas ferroviarias a 31 de decembro de 2009*

| | En estudio | En proxecto | Obras vía | Obras seguridade | Apta 160 km | Obras electrificac. | Apta |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | *(en Km.)* | | | |
| **Eixe Atlántico** | 80,0 | 4,1 | 21,4 | 22,1 | 88,7 | 155,6 | |
| **Fronteira Portugal - Vigo** | 24,5 | | | | | | |
| **Vigo - Pontevedra** | | 2,3 | 10,0 | 10,7 | | | |
| **Pontevedra - Santiago** | | | 11,4 | 11,4 | 27,0 | 66,3 | |
| **Santiago - A Coruña** | | | | | 61,7 | 61,7 | |
| **(A Coruña) Uxes-Betanzos** | 21,3 | | | | | | |
| **Betanzos - Ferrol** | 34,2 | 1,8 | | | | | |
| **Olmedo - Zamora - Ourense** | 24,0 | 62,2 | | | | | 3,8 |
| **Olmedo - Zamora** | | | | | | | 3,8 |
| **Zamora - Lubián** | 7,0 | | | | | | |
| **Lubián - Ourense** | 17,0 | 62,2 | | | | | |
| **Ourense - Santiago** | | | | | | | |
| **(Ourense) Maside - Portas (Pontevedra)** | 59,6 | | | | | | |
| **Ourense - Lugo** | 61,7 | 34,1 | 7,5 | | | | |
| **Ourense - Monforte** | 35,6 | 2,5 | | | | | |
| **Monforte - Lugo** | 26,1 | 31,6 | 7,5 | | | | |
| **Lugo - Betanzos (A Coruña)** | 92,0 | | | | | | |
| **Palencia-León-Ponferrada-Monforte** | 222,5 | | | | | | |
| **Palencia-León** | | | | | | | |
| **León-Ponferrada** | 112,5 | | | | | | |
| **Ponferrada-Monforte** | 110,0 | | | | | | |
| **Bilbao-Cantabria-Asturias-Comarca Ferrol** | 450,0 | | | | | | |
| **Ribadeo - Com. Ferrol** | 123,0 | | | | | | |
| **Bilbao-Cantabria-Asturias-Ribadeo** | 327,0 | | | | | | |
| **Total** | 989,8 | 100,4 | 28,9 | 22,1 | 88,7 | 155,6 | 3,8 |

Fonte: Fernández Díaz, Xosé C., *O camiño de ferro en Galicia*

**5.1.6.**

**_Situación das liñas ferroviarias a 31 de decembro de 2009: actuacións e obras retrasadas_**

| Trámites e actuacións demoradas | Demora |
|---|---|
| **Eixe Atlántico** | |
| D.I.A. do Estudio Informativo de Electrificación do Eixe Atlántico entre Vigo - Santiago - A Coruña | Pendente |
| Licitacion dun novo E.I.C., tramitación do tramo Porriño-Vigo | 93 meses |
| D.I.A. do tramo (A Coruña) Uxes-Betanzos | 36 meses |
| Estudio informativo do tramo Betanzos-Ferrol | 76 meses |
| **Olmedo - Zamora - Ourense** | |
| Está pendente a licitación do Proxecto de Ourense (Límite do concello) - Ourense - Empalme | 41 meses |
| Finalizados os Proxectos entre Lubián e Vilariño de Conso, a licitación de obras se demora | 18 meses |
| Finalizados os Proxectos entre Vilariño de Conso e Riobóo (Porto) , a licitación de obras se demora | 6 meses |
| **Lugo - Betanzos (A Coruña)** | |
| Publicación do Estudo informativo Lugo-Betanzos (A Coruña) leva acumulada unha demora de: | 57 meses |
| **Palencia-León-Ponferrada-Monforte** | |
| Licitacion dun novo E.I.C., retraso na elaboración da D.I.A. do tramo León-Ponferrada | 72 meses |
| Demora na información pública do tramo Ponferrada-Monforte | 65 meses |
| **Bilbao-Cantabria-Asturias-Comarca Ferrol** | |
| Demora na publicación dos estudos informativos dos tramos Ferrol-límite Asturias, Lim. Galicia-Lim. Cantabria, e Lim.Asturias-Bilbao | 54 meses |

Fonte: Fernández Díaz, Xosé C., *O camiño de ferro en Galicia*

5.1.7.

km do corredor Olmedo-Zamora-Ourense estaban en servizo, e 88,7 km do Eixo Atlántico (17,4 km máis que na mesma data do ano anterior) estaban en servizo pero a velocidade de 160 quilómetros por hora.

No que atinxe á demora das actuacións ou trámites previstos, cómpre salientar que nesa data esta varía entre os case oito anos correspondentes á licitación do estudo informativo do tramo dende a fronteira portuguesa e Porriño, e os 6 meses do tramo Vilariño de Conso e Riobóo, aínda pendente de licitación. Asemade, hai que destacar que está pendente de declaración de impacto ambiental o estudio informativo de electrificación do Eixe Atlántico entre Vigo-Santiago-A Coruña.

O **cadro 5.1.8.** recolle a evolución de investimento realizado en materia de estradas, portos e obras hidráulicas pola Dirección Xeral de Obras Públicas, a Dirección Xeral de Transportes, Portos de Galicia, Augas de Galicia e Obras e Servizos Hidráulicos. En 2008 este investimento medrou un 5% en relación ao ano anterior, para situarse nos 577,4 millóns de euros, dos que 384,5 millóns de euros (un 5,8% superior á do ano precedente) corresponden á D.X. de Obras Públicas. O investimento en obras hidráulicas (Augas de Galicia e Obras e Servizos Hidráulicos) mantense en torno aos 139,0 millóns de euros e Portos de Galicia, a diferenza do acontecido no ano anterior, rexistra un incremento do 1,8%, cun investimento de 35,4 millóns de euros.

No concernente aos principais programas das Direccións Xerais de Obras Públicas e de Transportes,

| Investimentos reais presupostados en estradas, portos e obras hidráulicas 2008-09 | | | |
|---|---|---|---|
| **Organismo** | **2008** | **2009** | **09/08** |
| | | | *(%)* |
| **D.X. Obras Públicas** | 363.513,6 | 384.451,1 | 5,8 |
| **D.X. Transportes** | 12.487,2 | 18.526,8 | 48,4 |
| **Portos de Galicia** | 34.769,6 | 35.384,8 | 1,8 |
| **Augas de Galicia** | 23.932,9 | 27.227,7 | 13,8 |
| **Obras e Servizos Hidraúlicos** | 115.201,1 | 111.855,7 | -2,9 |
| **Total** | **549.904,4** | **577.446,1** | **5,0** |

Fonte: *Xunta de Galicia*

5.1.8.

*Proxecto de investimentos das Direccións Xerais de Obras Públicas e Transportes 2008-09*

| | | 2008 | 2009 | 09/08 |
|---|---|---|---|---|
| | | *(en miles de €)* | | *(%)* |
| **512 A** | **Ordenación e inspección do transporte terrestre** | | | |
| **600** | Mellora da accesibilidade | 7.100,0 | 8.308,8 | 17,0 |
| **608** | Outros investimentos | 3.000,0 | 4.400,0 | 46,7 |
| **610** | Infraestruturas de mellora de da accesibilidade | 500,0 | 1.500,0 | 200,0 |
| **624** | Material de transporte | - | 70,0 | - |
| **632** | Edificios e outras construcións | - | 30,0 | - |
| **633** | Maquinaria, instalacións e utensilios - reposición | 18,0 | 18,0 | 0,0 |
| **640** | Gastos en investimentos de carácter inmaterial | 1.299,5 | 4.200,0 | 223,2 |
| **512 B** | **Construción, conservación e explotación de estradas** | | | |
| **600** | Mellora da accesibilidade | 294.185,7 | 413.625,1 | 40,6 |
| **610** | Infraestrutura de mellora da accesibilidade | 63.620,7 | 65.360,0 | 2,7 |
| **623** | Maquinaria, instalacións e utensilios - adquisicións | 330,0 | 250,0 | -24,2 |
| **624** | Material de transporte | 350,0 | 360,0 | 2,9 |
| **625** | Mobiliario e útiles | 24,0 | 25,0 | 4,2 |
| **640** | Gastos en investimentos de carácter inmaterial | 5.003,0 | 4.731,0 | -5,4 |

Fonte: *Xunta de Galicia*

5.1.9.

**cadro 5.1.9.**, cómpre salientar o forte incremento do investimento do programa de construción, conservación e explotación de estradas, cunha medra do 33,2%, acadando os 484,4 millóns de euros. O programa de ordenación e inspección do transporte terrestre ascendeu ata os 18,5 millóns de euros, un 55,5% máis que en 2008.

## Infraestruturas portuarias e aeroportuarias

O investimento total en infraestruturas portuarias ascendeu en Galicia a 220,9 millóns de euros, dos que o 84% do investimento real corresponde ao Ministerio de Fomento e o restante 16%, a Portos de Galicia.

No ano 2009, Puertos del Estado destinou a Galicia un total de 185,5 millóns de euros, **cadro 5.1.4.**, dos que a provincia de A Coruña, por mor das obras nos portos exteriores, acolle a meirande parte do investimento. O ente autonómico Portos de Galicia destinou un total de 35,4 millóns de euros no ano 2009, un 1,8% máis que o realizado por este organismo o ano anterior.

No caso das infraestruturas aeroportuarias, o investimento de AENA en Galicia no ano 2009 descendeu en

**_Parques empresariais: situación a 31 de decembro de 2009_**

| | Denominación | Promotor | Estado actual |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | | | |
| **Pobra-Ribeira** | Barbanza | IGVS | Tramitación |
| **Arteixo** | Ampliación Arteixo. Fase A, B e C | Xestur A Coruña | Estudio |
| **Arteixo** | Morás | Xestur A Coruña | Execución |
| **Arzúa** | Arzúa 2ª Fase | Xestur A Coruña | Venda |
| **Arzúa** | Arzúa 1ª Fase | Xestur A Coruña | Esgotado |
| **Boiro** | Espiñeiro 1ª Fase | Xestur A Coruña | Esgotado |
| **Boiro** | Espiñeiro 2ª Fase | Xestur A Coruña | Venda |
| **Boiro** | Espiñeiro 3ª Fase | Xestur A Coruña | Zona verde |
| **Brión** | Monte de Perros | Xestur A Coruña | Paralizado |
| **Camariñas** | Camariñas | SEA | Aprobado |
| **Carballo** | Bértoa 1ª Fase | Xestur A Coruña | Execución e venda |
| **Carballo** | Bértoa 2ª Fase A | IGVS | Tramitación |
| **Carballo** | Bértoa 2ª Fase B | IGVS | Tramitación |
| **Cariño** | Cariño | Xestur A Coruña | Paralizado |
| **Carnota** | Carnota | SEA | Desistido |
| **Cedeira** | A Trabe | Xestur A Coruña | Execución |
| **Cee** | Cee | SEA | Execución |
| **Cerceda** | Acevedo | IGVS | Esgotado |
| **Cerceda** | Acevedo (ampliación) | IGVS | Tramitación |
| **Coirós** | Coirós (Fase 1) | Xestur A Coruña | Esgotado |
| **Coirós** | Coirós (Fase 2 e 3) | Xestur A Coruña | Esgotado |
| **Coristanco** | Coristanco | Xestur A Coruña | Paralizado |
| **Culleredo** | Alvedro | IGVS | Esgotado |
| **Ferrol** | Plataforma Loxística, Empresarial e Portuaria de Ferrol (Mandiá) | IGVS/AP.Ferrol | Tramitación |
| **Ferrol** | San Pedro de Leixa | SEA | Adquisición de terreos |
| **Laracha** | A Laracha | SEA | Adquisición de terreos |
| **Laxe** | Laxe (actuación PSOAEG) | SEA | Estudio |
| **Malpica** | Malpica | SEA | Venda |
| **Melide** | Melide (Fase2) | Xestur A Coruña | Venda |
| **Melide** | Melide (Fase1) | IGVS | Esgotado |
| **Muros** | Muros | SEA | Venda |
| **Muxía** | Muxía | SEA | Desistido |
| **Negreira** | Negreira, Covas | Xestur A Coruña | Venda |
| **Noia** | Augalevada | IGVS | Venda |
| **Ordes** | Ordes (Fase1) | Xestur A Coruña | Esgotado |
| **Ordes** | Ordes (Fase 2 -3) | Xestur A Coruña | Venda |
| **Oroso** | Sigüeiro | Xestur A Coruña | Esgotado |
| **Ortigueira** | Ortigueira | Xestur A Coruña | Venda |
| **Padrón** | Padrón | Xestur A Coruña | Venda |
| **Ponteceso** | Ponteceso | Xestur A Coruña | Venda |
| **Pontedeume** | Vidrieiro-Campolongo | IGVS | Venda |
| **Pontes, As** | Penapurreira (Polígono 1-Fase A) | Xestur A Coruña | Esgotado |
| **Pontes, As** | Penapurreira (Polígono 1-Fase B) | Xestur A Coruña | Esgotado |
| **Pontes, As** | Penapurreira (Polígono 2-Fases C-D) | Xestur A Coruña | Venda |
| **Pontes, As** | Penapurreira (ampliación plan MINER) | IGVS | Tramitación |
| **Porto do Son** | Porto do Son | IGVS | Desistido |
| **Rianxo** | Rianxo | SEA | Execución |
| **Riberia** | Ribeira | IGVS | Contratación |
| **San Sadurniño** | San Sadurniño | Xestur A Coruña | Tramitación |
| **Santa Comba** | Santa Comba | Xestur A Coruña | Venda |
| **Santiago** | Sionlla | Xestur | Execución |
| **Santiago** | Lavacolla | IGVS | Estudio |
| **Santiago** | Parque científico tecnolóxico (PCTSC) | IGVS | Tramitación |
| **Somozas, As** | Somozas, As (Etapa A -Fase 1 a 4) | IGVS | Venda |
| **Touro** | Touro | Xestur A Coruña | Tramitación |
| **Vimianzo** | Vimianzo | SEA | Venda |
| **Vilasantar** | Vilasantar | Xestur A Coruña | Desistido |
| **Zas** | Zas | IGVS | Tramitación |

5.1.10.a.

| Lugo | | | |
|---|---|---|---|
| **Alfoz-Valadouro** | Alfoz-Valadouro | IGVS | Tramitación |
| **Barreiros** | Barreiros (Fase 2) | XESTUR LUGO | Venda |
| **Barreiros** | Barreiros (Fase 1) | XESTUR LUGO | Esgotado |
| **Becerreá** | Becerreá (Fase 2) | IGVS | Adquisición de terreos |
| **Becerreá** | Becerreá (Fase 1) | IGVS | Esgotado |
| **Begonte** | Plataforma loxística Pacios-Baamonde | XESTUR LUGO | Adquisición de terreos |
| **Begonte** | Begonte | IGVS | Esgotado |
| **Bóveda** | Bóveda 3ª Fase | XESTUR LUGO | Adquisición de terreos |
| **Bóveda** | Bóveda 1ª e 2ª Fase | XESTUR LUGO | Venda |
| **Burela** | Burela | IGVS | Estudio |
| **Castro de Rei** | Castro de Ribeiras de Lea | XESTUR LUGO | Esgotado |
| **Castro de Rei** | Castro de Ribeiras de Lea (Ampliación Fase 1) | XESTUR LUGO | Esgotado |
| **Castro de Rei** | Castro de Ribeiras de Lea (Ampliación Fase 2) | XESTUR LUGO | Esgotado |
| **Cervo** | Cuiña. Fase 3 - Etapa C | XESTUR LUGO | Venda |
| **Cervo** | Cuiña. Fase 1 Etapa A | XESTUR LUGO | Esgotado |
| **Cervo** | Cuiña. Fase 2. Etapa BD | XESTUR LUGO | Esgotado |
| **Corgo, O** | Corgo, O | XESTUR LUGO | Venda |
| **Cospeito** | Ampliación P.E. Muimenta | XESTUR LUGO | Tramitación |
| **Cospeito** | Muimenta | XESTUR LUGO | Esgotado |
| **Foz** | Foz (Fase 2. Polígono 1) | XESTUR LUGO | Venda |
| **Foz** | Foz (Fase 1. Polígono 1) | XESTUR LUGO | Esgotado |
| **Guitiriz** | Guitiriz. Fase 1 (Etapa A-B) | IGVS | Esgotado |
| **Guitiriz** | Guitiriz. Fase 2 (Etapa C) | XESTUR LUGO | Venda |
| **Lourenzá** | Lourenzá. Fase 2 | XESTUR LUGO | Venda |
| **Lourenzá** | Lourenzá. Fase 1 | IGVS | Esgotado |
| **Lugo** | As Gándaras | XESTUR LUGO | Execución |
| **Lugo** | INF-Lugo | IGVS | Esgotado |
| **Meira** | Meira (Fase1) | XESTUR LUGO | Esgotado |
| **Meira** | Meira (Fase2) | XESTUR LUGO | Estudio |
| **Mondoñedo** | Mondoñedo | SEA | Venda |
| **Monforte de Lemos** | Porto Seco | D.X. TRANSPORTES / IGVS | Adquisición de terreos |
| **Monterroso** | Monterroso | IGVS | Venda |
| **Palas de Rei** | Palas de Rei (1ª Fase) | IGVS | Venda |
| **Pastoriza, A** | Pastoriza, A (Fase 1) | IGVS | Esgotado |
| **Pastoriza, A** | Pastoriza, A (Fase 2) | IGVS | Adquisición de terreos |
| **Pontenova, A** | Pontenova, A (Fase 1) | XESTUR LUGO | Venda |
| **Pontenova, A** | Pontenova, A (Fase 2) | XESTUR LUGO | Tramitación |
| **Quiroga** | Quiroga (Fase B-C) | IGVS | Venda |
| **Quiroga** | Quiroga (Fase A-D) | IGVS | Adquisición de terreos |
| **Taboada** | Taboada | IGVS | Adquisición de terreos |
| **Vilalba** | Vilalba (Fase 1) | XESTUR LUGO | Esgotado |
| **Vilalba** | Vilalba (Fase 1. Ampliación) | XESTUR LUGO | Venda |
| **Vilalba** | Vilalba (Fase 2. Ampliación) | XESTUR LUGO | Execución |
| **Viveiro** | Landrove | XESTUR LUGO | Execución |
| **Xermade** | Xermade (Fase 1) | IGVS | Esgotado |
| **Xermade** | Xermade (Fase 2) | IGVS | Venda |
| **Xove** | Xove (Fase 1-2) | IGVS | Esgotado |
| **Xove-Cervo** | San Cibrao | SEA | Desistido |

5.1.10.b.

| Ourense | | | |
|---|---|---|---|
| **Allariz** | Allariz | IGVS | Contratación |
| **Avión** | Avión | IGVS | Estudio |
| **Bande-Lobeira-Entrimo-Lobios-Muíños** | Baixa Limia | IGVS | Estudio |
| **Barbadás** | Barbadás | IGVS | Estudio |
| **Barco de Valdeorras** | Barco de Valdeorras. 1ª Fase | IGVS | Venda |
| **Barco de Valdeorras** | Barco de Valdeorras. 2ª - 3ª Fase | IGVS | Venda |
| **Barco de Valdeorras** | Barco de Valdeorras. 4ª - 5ª Fase | IGVS | Adquisición de terreos |
| **Carballeda de Avia** | Parque Medioambiental | IGVS | Tramitación |
| **Carballiño, O** | Carballiño, O. (Fase 1) | IGVS | Venda |
| **Carballiño, O** | Carballiño, O. (Fase 2) | IGVS | Venda |
| **Castro Caldelas-Pobra de Trives** | Caldelas- Trives | IGVS | Estudio |
| **Celanova** | Celanova. 1ª Fase | IGVS | Venda |
| **Celanova** | Celanova. 2ª e 3ª | IGVS | Adquisición de terreos |
| **Gudiña, A** | Gudiña, A | Xestur Ourense | Tramitación |
| **Nogueira de Ramuín** | Nogueira de Ramuín | IGVS/Concello | Aprobado |
| **Pereiro de Aguiar** | (Polígono 2B) | Xestur Ourense | Venda |
| **Pereiro de Aguiar** | (Polígono 2A) | Xestur Ourense | Venda |
| **Pereiro de Aguiar** | Polígono 1 Fase 1 | Xestur Ourense | Esgotado |
| **Pereiro de Aguiar** | Polígono 1 Fase 2 | Xestur Ourense | Esgotado |
| **Pobra de Trives** | Pobra de Trives | Concello | Aprobado |
| **Ribadavia** | Ribadavia. Polígono 1 | IGVS | Venda |
| **Ribadavia** | Ribadavia. Polígono 2 | IGVS | Venda |
| **Ribadavia** | Ribadavia. 3ª Fase | IGVS | Adquisición de terreos |
| **Ríós** | Ríós | IGVS/Concello | Aprobado |
| **Ruá de Valdeorras, A** | Ruá de Valdeorras. (Fase 2) | Xestur Ourense | Estudio |
| **Rubiá** | Rubiá | Concello | Aprobado |
| **San Cibrao das Viñas** | C.T.M. (Fase 1) | IGVS | Venda |
| **San Cibrao das Viñas** | C.T.M. (Fase 2) | Xestur Ourense | Execución e venda |
| **San Cibrao das Viñas** | C.T.M. (Fase 3. Terminal intermodal) | Xestur Ourense | Adquisición de terreos |
| **San Cibrao das Viñas** | Parque Tecnolóxico (Ampliación) | Xestur Ourense | Adquisición de terreos |
| **Sarreaus** | Parque empresarial de Sarreaus | Xestur Ourense | Esgotado |
| **Taboadela- Paderne de Allariz** | Campus Industrial de Paderne de Allariz | IGVS | Tramitación |
| **Taboadela- Paderne de Allariz-Allariz-San Cibrao das Viñas** | Plan Territorial integrado Val da Rabeda | IGVS | Tramitación |
| **Taboadela- Paderne de Allariz-Allariz-San Cibrao das Viñas** | Val da Rabeda (Sector suroeste Taboadela I) | IGVS | Tramitación |
| **Verín** | Centro de automoción (Verín) | IGVS | Tramitación |
| **Verín** | Pazos | IGVS | Paralizado |
| **Verín** | Pazos (Ampliación P. empresarial) | IGVS | Aprobado |
| **Verín** | Tamagos | IGVS | Tramitación |
| **Viana do Bolo** | Viana do Bolo | Xestur Ourense | Tramitación |
| **Vilamarín** | Vilamarín (fase 1) | Xestur Ourense | Venda |
| **Vilamarín** | Vilamarín (fase 2) | Xestur Ourense | Adquisición de terreos |
| **Xinzo de Limia** | Fase 1, 2, 3 | Xestur Ourense | Esgotado |
| **Xinzo de Limia** | Xinzo de Limia (Fase 1,2,3) | Xestur Ourense | Esgotado |
| **Xinzo de Limia** | Xinzo de Limia (Fase 5 ampliación) | Xestur Ourense | Adquisición de terreos |
| **Xunqueirade Ambía** | Xunqueirade Ambía | IGVS | Estudio |

5.1.10.c.

| Pontevedra | | | |
|---|---|---|---|
| **Arbo** | Arbo (Fase 2) | Xestur Pontevedra | Esgotado |
| **Arbo** | Arbo (Fase 1) | Xestur Pontevedra | Venda |
| **Bueu** | Castiñeiras (Fase 1-2) | Xestur Pontevedra | Esgotado |
| **Bueu-Cangas** | Parque Empresarial e Industrial do Morrazo | Xestur Pontevedra | Tramitación |
| **Catoira** | Abalo | SEA | Venda |
| **Crecente** | Crecente | Xestur Pontevedra | Tramitación |
| **Cuntis** | A Ran (Cuntis) | Xestur Pontevedra | Tramitación |
| **Estrada, A** | Cidade do Moble | Xestur Pontevedra | Tramitación |
| **Guarda, A- Rosal, O** | A Guarda - O Rosal | SEA | Adquisición de terreos |
| **Lalín** | Lalín 2000 (Fase 1) | Xestur Pontevedra | Venda |
| **Lalín** | Lalín 2000 (Fase 2) | Xestur Pontevedra | Esgotado |
| **Lalín** | Lalín 2000. Ampliación (Fase 3) | Xestur Pontevedra | Venda |
| **Lalín** | Lalín 2000 (Fase 4) | Xestur Pontevedra | Tramitación |
| **Marín** | Marín | Xestur Pontevedra | Paralizado |
| **Mos** | A Arroufana (Mos II) | Xestur Pontevedra | Tramitación |
| **Mos** | Veigadaña | Xestur Pontevedra | Venda |
| **Mos** | Veigadaña | Xestur Pontevedra | Tramitación |
| **Poio** | Fragamoreira | Xestur Pontevedra | Tramitación |
| **Ponteareas** | Val do Tea | Xestur Pontevedra | Tramitación |
| **Pontecaldelas** | A Reigosa | Xestur Pontevedra | Execución e venda |
| **Pontecaldelas** | Centro de Transportes e Terminal Intermodal | IGVS | Venda |
| **Pontecesures** | Pontecesures | IGVS | Paralizado |
| **Pontevedra** | Campiño | IGVS | Esgotado |
| **Porriño** | Centro de Excelencia en Electrónica Vehículos Intelixentes | IGVS | Adquisición de terreos |
| **Rodeiro** | Rodeiro | Xestur Pontevedra | Paralizado |
| **Salceda de Caselas** | Salceda de Caselas | IGVS | Paralizado |
| **Salvaterra-As Neves** | Área de Actividade CI, Área Loxística Inermodal LI, Área Loxística e de Transformación LT e a Área de Actvidades MI | Autoridade Portuaria de Vigo | Execución |
| **Salvaterra-As Neves** | Área de Actvidades MI (Plisan Este) | Consorcio da Zona Franca de Vigo | Execución |
| **Salvaterra-As Neves** | Área de Loxístico-Empresarial (Plisan Norte) | Xestur Pontevedra | Execución |
| **Salvaterra-As Neves** | Centro Integrado de Servizos (Plisan Centro) | Xestur Pontevedra- Consorcio da Zona Franca de Vigo | Execución |
| **Silleda** | Silleda (Fase 1 Ampliación) | Xestur Pontevedra | Esgotado |
| **Silleda** | Silleda (Fase 1) | Xestur Pontevedra | Esgotado |
| **Silleda** | Silleda (Fase 2 - Area 33) | Xestur Pontevedra | Venda |
| **Tomiño** | Tomiño | Xestur Pontevedra | Adquisición de terreos |
| **Tui** | Tui | IGVS | Esgotado |
| **Tui** | Tui 2ª fase | Xestur | Esgotado |
| **Valga** | Valga | Xestur Pontevedra | Paralizado |
| **Vigo** | Plan Sectorial da Area Funcional de Vigo | Xestur Pontevedra | Tramitación |
| **Vigo-Gondomar** | A Pasaxe | Xestur Pontevedra | Tramitación |
| **Vigo-Redondela** | Ameal- Aeroporto de Vigo | Xestur Pontevedra | Tramitación |
| **Vilagarcía de Arousa** | O Pousadoiro (Ampliación) | Xestur Pontevedra | |
| **Vilagarcía de Arousa** | O Pousadoiro | Xestur Pontevedra | Esgotado |
| **Vilagarcía de Arousa** | Trabanca | IGVS | Esgotado |
| **Vilanova de Arousa** | Vilanova II | SEA | Adquisición de terreos |
| **Vilanova de Arousa** | Vilanova (Baión) | SEA | Venda |
| **Vilanova de Arousa/ Vilagarcía** | Tremoedo (Vilanova III) | Xestur Pontevedra | Tramitación |

Fonte: *Instituto Galego de Vivenda e Solo*

**5.1.10.d.**

máis dun 60% en relación ao ano anterior, acadando os 36,4 millóns de euros. Desta contía, o aeroporto de Vigo recibiu un total de 14,2 millóns de euros, repartíndose os restantes 22,2 millóns de euros entre os aeroportos de Santiago e A Coruña.

## Parques tecnolóxicos e empresariais

Galicia presenta un elevado déficit de solo industrial e empresarial, especialmente en áreas dinámicas de Galicia, o que constitúe un elemento limitador do seu desenvolvemento económico. Segundo os datos facilitados pola Consellería de Vivenda e Solo, a 31 de decembro de 2009 había un total de 44 parques empresariais que estaban esgotados na súa totalidade o nalgunha das súas fases, estando paralizadas as obras en nove parques galegos.

## Sociedade do coñecemento

Dende o punto de vista funcional, o 11,2% do orzamento consolidado para 2009 da Administración Xeral e

***Actuacións para o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia 2009***

| | 2009 | | Acumulado dende 2007 | | Previsto 2007-2010 |
|---|---|---|---|---|---|
| | Executado | Previsto | Executado | Previsto | |
| | | | *(en euros)* | | |
| **Telecomunicacións** | 12.453.229,1 | 21.135.450 | 69.543.779,1 | 73.485.558 | 98.056.000 |
| **eGoberno** | 88.707.210,0 | 77.283.912 | 232.764.730,5 | 204.741.362 | 302.977.600 |
| **Dinamización do uso das TIC** | 40.218.543,9 | 35.001.107 | 128.805.772,3 | 99.122.457 | 138.453.400 |
| **Sector Empresarial da Sociedad da Información** | 34.077.564,4 | 39.786.560 | 90.754.810,4 | 96.499.560 | 139.980.000 |
| **Total** | 175.456.544,4 | 173.207.029 | 521.869.092,4 | 473.848.937 | 679.467.000 |

Fonte: *Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica*

**5.1.11.**

dos Organismos Autónomos, corresponde á produción de bens públicos de carácter económico, e dentro deste, 32,6 millóns de euros destínanse á sociedade da información e do coñecemento. A meirande parte do presuposto vai destinado á innovación e industria, con 26,6 millóns de euros) *[**cadro 5.2.1.** Irzamento das funcións de I+D+i e da sociedade da información e do coñecemento para o exerciio 2009: distribuciñon segundo porgrama e consellería].*

No  que ás atuacións para o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia se refire, enmarcadas dentro do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información 2007-2010, en 2009 investiuse un total de 175,5 millóns de euros, un 1,3% máis que o inicialmente previsto. Entre o ano 2007 e o 2009 o investimento total ascendeu a 521,9 millóns de euros, o que supón o 76,8% do total do previsto ata o 2010.

Á hora de analizar os distintos indicadores do grao de penetracións das TIC nos fogares e empresas galegas, e dada a existencia dunha notable conexión entre a tecnoloxía, a formación e a competitividade, cómpre facer referencia ao nivel educativo e formativo.

Os datos da *Enquisa de poboación activa* reflicten que en Galicia, en 2009, a porcentaxe de persoas maiores de 16 anos con estudios superiores era do 22,1% (lixeiramente superior no caso das mulleres). No caso das persoas con estudios de secundaria (primeira e segunda etapa), representan en conxunto o 44%, acadando o 48,7% no caso dos homes e o 39,7%, no das mulleres. En relación ao conxunto do Estado, o peso relativo das persoas con estudios superiores é do 5,9% (6,2% no caso das mulleres e 5,6% nos homes), e do 6,1% no caso da educación secundaria (6,2% e 5,9% no que aos homes e mulleres se refire, respectivamente).

Ao igual que o conxunto do alumnado universitario en Galicia, o número de persoas matriculadas en ciencias experimentais e ensinanzas técnicas, piar da sociedade do coñecemento, segue a tendencia descendente dos últimos cursos. O **cadro 5.1.12.** amosa que o número de alumnos matriculados foi de 22.123 persoas, 1.268 alumnos menos que no curso anterior, sendo esta caída novamente moito máis acusada que no conxunto do Estado (5,4% e 3,9%, respectivamente). Nas ciencias experimentais matriculáronse un total

***Alumnado matriculado e graduado en ciencias experimentais e técnicas nas universidades galegas e españolas 2007-2009***

| | matriculados 1º e 2º ciclo | | | graduados | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | cursos | | | cursos | | |
| | 07-08 | 08-09 | 09-08/08-07 | 06-07 | 07-08 | 07-08/06-07 |
| **A Coruña** | | | | | | |
| **CC. Experimentais** | 819 | 741 | -78 | 108 | 101 | -7 |
| **Ensinanzas técnicas** | 8.665 | 8.335 | -330 | 951 | 977 | 26 |
| **Santiago de Compostela** | | | | | | |
| **CC. Experimentais** | 2.840 | 2.567 | -273 | 449 | 429 | -20 |
| **Ensinanzas técnicas** | 2.954 | 2.835 | -119 | 566 | 462 | -104 |
| **Vigo** | | | | | | |
| **CC. Experimentais** | 1.299 | 1.153 | -146 | 123 | 170 | 47 |
| **Ensinanzas técnicas** | 6.814 | 6.492 | -322 | 939 | 945 | 6 |
| **Galicia** | | | | | | |
| **CC. Experimentais** | 4.958 | 4.461 | -497 | 680 | 700 | 20 |
| **Ensinanzas técnicas** | 18.433 | 17.662 | -771 | 2.456 | 2.384 | -72 |
| **España** | | | | | | |
| **CC. Experimentais** | 91.021 | 86.444 | -4.577 | 12.737 | 12.209 | -528 |
| **Ensinanzas técnicas** | 347.692 | 335.279 | -12.413 | 40.844 | 42.386 | 1.542 |
| **Galicia / España** *(%)* | | | | | | |
| **CC. Experimentais** | 5,4 | 5,2 | | 5,3 | 5,7 | |
| **Ensinanzas técnicas** | 5,3 | 5,3 | | 6,0 | 5,6 | |

Fonte: *Ministerio de Ciencia e Innovación*

**5.1.12.**

de 4.461 alumnos (o 20,2% das devanditas ramas) e nas ensinanzas técnicas, 17.662 alumnos (o 79,8%).

O equipamento en tecnoloxías de información e a comunicación continúa, con carácter xeral, a súa tendencia á alza tanto nos fogares galegos coma españois. Os datos recollidos no **cadro 5.1.13.** reflicten que o 58,5% dos fogares galegos dispoñían en 2009 dalgún tipo de ordenador e un 42,3% dos fogares tiñan acceso a internet (39,7% en 2008). A pesar desta medra, Galicia atópase moi lonxe da media estatal (54% dos fogares con acceso a internet), e se sitúa coma a segunda comunidade autónoma con menor dispoñibilidade de ordenador e menor porcentaxe de vivendas con acceso a internet tras Estremadura.

Do conxunto de fogares con acceso a internet en Galicia, o 38,3% pode conectarse por banda ampla, situándose esta porcentaxe no conxunto do Estado no 51,3%.

O 54,3% da poboación galega de 16 a 74 anos empregou o ordenador nos tres meses anteriores ás enquisas, situándose esta porcentaxe no 49,8% no caso das persoas que se conectaron a internet. Un 27,5% da poboación de 16 a 74 anos mercou produtos e servizos a través de internet no último trimestre antes da enquisa, cifra que representa unha medra de 3,2 puntos porcentuais respecto á media do ano anterior. No conxunto do Estado, esta porcentaxe foi do 26,2%, cando no ano anterior ascendera a 23,3%.

**Indicadores das tecnoloxías da información e das comunicacións en Galicia e España 2008-09**

| | Galicia 2008 | Galicia 2009 | España 2008 | España 2009 |
|---|---|---|---|---|
| | (%) | | | |
| **Fogares** | | | | |
| fogares equipados con ordenador | 53,6 | 58,5 | 63,6 | 66,3 |
| fogares con acceso a internet | 39,7 | 42,3 | 51,0 | 54,0 |
| fogares con conexión de banda ampla | 31,8 | 38,3 | 44,6 | 51,3 |
| fogares equipados con teléfono fixo | 81,8 | 80,7 | 81,3 | 80,3 |
| fogares equipados con teléfono móbil | 87,0 | 89,8 | 92,1 | 93,5 |
| **Empresas** | | | | |
| empresas que dispoñen de ordenadores | 97,8 | 97,7 | 97,8 | 98,6 |
| empresas que dispoñen de rede de área local (LAN) | 76,6 | 80,8 | 78,5 | 83,0 |
| empresas que dispoñen de rede de área local sen fíos | 29,7 | 33,4 | 29,2 | 34,7 |
| empresas que dispoñen de conexión a Internet | 93,4 | 92,9 | 94,9 | 96,2 |
| empresas que dispoñen de correo electrónico | 91,9 | 90,6 | 93,3 | 94,7 |
| empresas que acceden a Internet mediante conexión de banda ampla (1) | 93,7 | 96,1 | 97,1 | 97,5 |
| empresas que interactúan coas Administracións Públicas mediante internet | 64,1 | 67,4 | 67,1 | 67,8 |
| empresas con conexión a Internet e sitio web | 55,0 | 55,1 | 57,5 | 58,9 |
| empresas con páxina web que usan sistemas seguridade actualizados nos 3 meses anteriores | 85,6 | | 88,2 | |
| **Novas tecnoloxías** | | | | |
| persoas que usan teléfono móbil | 81,9 | 85,1 | 88,8 | 90,5 |
| persoas de 16 a 74 anos que empregaron ordenador (últimos 3 meses) | 52,1 | 54,3 | 61,0 | 63,2 |
| persoas de 16 a 74 anos que se conectaron a internet (últimos 3 meses) | 47,6 | 49,8 | 56,7 | 59,8 |
| persoas de 16 a 74 anos que mercaron por internet (últimos 3 meses) | 11,6 | 13,7 | 13,3 | 15,7 |
| | (nenos 10 a 15 anos = 100) | | | |
| nenos de 10 a 15 anos que empregaron ordenador (últimos 3 meses) | 90,9 | 89,5 | 92,8 | 94,5 |
| nenos de 10 a 15 que se conectaron a internet (últimos 3 meses) | 74,5 | 77,3 | 76,8 | 85,1 |
| nenos de 10 a 15 que dispoñen de teléfono móbil | 64,4 | 60,8 | 64,7 | 68,4 |

(1) porcentaxe sobre o total de empresas que dispoñen de conexión a Internet

Fonte: *INE*

5.1.13.

En relación aos usos de tecnoloxías da información e as comunicacións nas empresas, o uso de ordenadores está estendido na práctica totalidade das mesmas. O 92,9% das empresas galegas de dez ou máis asalariados dispón de conexión a internet en xaneiro de 2009, das que o 96,1% accede a través dalgún tipo de banda ampla. A porcentaxe de empresas galegas que dispón de sitio/páxina web en Galicia mantense en torno ao 55%, situándose esta porcentaxe case catro puntos por baixo da media estatal (58,9%). ■

# 5.2.

# investigación e tecnoloxía

**Ao longo do ano 2008 rexístrase** unha medra da orientación científico-académica da actividade investigadora en Galicia. O entorno público (universidades e administración pública) concentra nese ano o 51,9% do gasto interno en I+D e o 63,3% do persoal empregado nestas actividades, cando no ano anterior esas porcentaxes eran do (44,6% e 62,3%, respectivamente). Asemade, cómpre salientar o mantemento dunha asignación de recursos netamente inferior á media española.

O incremento do gasto interno en I+D do 5,1% en relación ao ano anterior ampliou a brecha con respecto ao Estado no que ao esforzo investidor se refire. Galicia dedicou o 1,04% do seu PIB a estas actividades, sendo o 1,35% a media española e o 1,90% a media en Europa (UE 27). O gasto interno por habitante e en termos de persoal ocupado nestas actividades en equivalencia a xornada completa representa o 66,4% e o 97,5% da media española, respectivamente. Asemade, o gasto en I+D por investigador descendeu un 1,2% en 2008, representando o 90,3% da media estatal (94,6% en 2007).

Ao longo do último ano aumentou o número de solicitudes de invencións (patentes e modelos de utilidade), aumentando o seu peso relativo sobre o total estatal ata o 4,4%. Este nivel hai que consideralo como baixo, sobre todo, si se compara coa importancia relativa galega en termos de poboación ou de actividade económica.

### Indicadores de I+D+i

A diferenza do acontecido no ano 2007, o incremento do 5,1% dos recursos empregados nas actividades de I+D en Galicia ao longo do exercicio 2008, a metade do experimentado no conxunto do Estado, amplía a

**Orzamento das funcións de I+D+i e da Sociedade da Información e do Coñecemento para o exercicio 2009: distribución segundo programa e Consellería**

| Consellerías | Plan Galego de I+D+i | Investigación universitaria | Fomento da Sociedade da información e do coñecemento | Total | |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | | | | *(%)* |
| **Innovación e Industria** | 72.749,7 | 48.898,0 | 26.585,4 | 148.233,1 | 84,5 |
| **Medio Rural** | 12.342,9 | | | 12.342,9 | 7,0 |
| **Pesca e Asuntos Marítimos** | 6.708,9 | | | 6.708,9 | 3,8 |
| **Medio Ambiente e Desenv. Sostible** | 2.157,1 | | | 2.157,1 | 1,2 |
| **Educación e Ordenación Universitaria** | | | 6.062,3 | 6.062,3 | 3,5 |
| **Total** | 93.958,5 | 48.898,0 | 32.647,7 | 175.504,3 | |

Fonte: *Xunta de Galicia*

**5.2.1.**

brecha co resto do Estado no que ao esforzo investidor en investigación e desenvolvemento tecnolóxico se refire. O gasto interno galego ascendeu ata aos 584,6 millóns de euros, sendo a participación do gasto en I+D no PIB do 1,04%, por baixo da media estatal, que é do 1,35%. O gasto galego per cápita ascendeu a 208,9 euros, o 66,4% da media española, e o investimento por persoa ocupada nestas actividades en xornada completa, a 60,3 miles de euros (97,5% da media estatal).

O peso relativo do investimento galego no total estatal descende lixeiramente ata o 4%, dúas décimas menos que no ano precedente. Ao igual que en anos anteriores, mantense a elevada concentración deste gasto en poucas comunidades autónomas, ao acoller Cataluña e Madrid o 48,8% do gasto total interno en I+D e soamente cinco CC.AA. (as devanditas Cataluña e Madrid, xunto a Andalucía, País Vasco e a C. Valenciana) o 76% do gasto interno.

Se o ano 2007 supuxo unha certa aproximación aos niveis medios do conxunto do Estado, así como un cambio no predominio existente do investimento público sobre o privado, 2008 volve a presentar un incremento do diferencial coa media do Estado ai como o predominio do gasto no sector público. O gasto interno en I+D das universidades e a administración pública (303,2 millóns de euros) supuxo o 51,9% do gasto interno en I+D da Comunidade Autónoma (44,9% en España), fronte ao gasto no sector privado que acadou os 281 millóns de euros, o 48,1% do gasto total.

No último ano, Galicia sitúase como a novena comunidade autónoma coa maior importancia relativa do gasto público.

No concernente ao persoal empregado en Galicia nas actividades de I+D, este aumenta en 2008 ata as 9.681 persoas (**cadro 5.2.7.**), o que representa o 4,5% do total estatal, mentres que a importancia relativa do número de investigadores empregados en I+D foi do 4,4% dos investigadores en España (5.765 investiga-

### *Gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA. 2007-08*

| | Gastos | | | Persoal (1) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2007 | 2008 | 08/07 | 2007 | 2008 | 08/07 |
| | *(miles de €)* | | *(%)* | | | *(%)* |
| **Andalucía** | 1.478.545 | 1.538.946 | 4,1 | 21.009 | 23.227 | 10,6 |
| **Aragón** | 296.894 | 352.376 | 18,7 | 5.886 | 6.912 | 17,4 |
| **Asturias** | 211.704 | 229.678 | 8,5 | 2.990 | 3.577 | 19,6 |
| **Baleares** | 86.793 | 97.385 | 12,2 | 1.354 | 1.728 | 27,6 |
| **Canarias** | 266.803 | 268.833 | 0,8 | 4.836 | 4.521 | -6,5 |
| **Cantabria** | 117.464 | 140.791 | 19,9 | 1.601 | 1.923 | 20,1 |
| **Castela e León** | 620.717 | 739.943 | 19,2 | 9.219 | 10.201 | 10,6 |
| **Castela-A Mancha** | 213.959 | 265.741 | 24,2 | 2.269 | 3.242 | 42,9 |
| **Cataluña** | 2.908.727 | 3.286.376 | 13,0 | 40.867 | 46.520 | 13,8 |
| **C. Valenciana** | 977.590 | 1.113.507 | 13,9 | 15.722 | 19.489 | 24,0 |
| **Estremadura** | 128.964 | 156.401 | 21,3 | 1.808 | 2.223 | 22,9 |
| **Galicia** | 555.626 | 584.213 | 5,1 | 8.281 | 9.681 | 16,9 |
| **Madrid** | 3.584.130 | 3.892.148 | 8,6 | 48.036 | 53.172 | 10,7 |
| **Murcia** | 247.556 | 243.522 | -1,6 | 5.032 | 5.770 | 14,7 |
| **Navarra** | 333.872 | 358.666 | 7,4 | 5.277 | 5.409 | 2,5 |
| **País Vasco** | 1.216.726 | 1.345.572 | 10,6 | 13.714 | 16.683 | 21,7 |
| **A Rioxa** | 90.205 | 81.001 | -10,2 | 993 | 1.322 | 33,2 |
| **Ceuta e Melilla** | 6.098 | 6.291 | 3,2 | 84 | 75 | |
| **Total** | 13.342.373 | 14.701.392 | 10,2 | 188.978 | 215.677 | 14,1 |

**(1) persoal en equivalencia a xornada completa**
Fonte: *INE*

5.2.2.

### *Esforzo investidor de Galicia e España en I+D 2003-08* (1)




**(1) porcentaxe dos gastos internos en I+D+i fronte ó PIB a prezos de mercado (prezos correntes, base 2000)**
Fonte: *INE*

5.2.3.

### *Gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA. 2007-08: importancia relativa*

| | gastos / PIB (1) | | persoal /1.000 activos (2) | |
|---|---|---|---|---|
| | 2007 | 2008 | 2007 | 2008 |
| | *(%)* | | *(%)* | |
| **Andalucía** | 1,02 | 1,03 | 5,61 | 5,94 |
| **Aragón** | 0,90 | 1,03 | 9,05 | 10,38 |
| **Asturias** | 0,92 | 0,97 | 6,09 | 7,26 |
| **Baleares** | 0,33 | 0,36 | 2,39 | 3,05 |
| **Canarias** | 0,64 | 0,62 | 4,69 | 4,28 |
| **Cantabria** | 0,88 | 1,00 | 5,79 | 6,82 |
| **Castela e León** | 1,10 | 1,27 | 7,91 | 8,60 |
| **Castela-A Mancha** | 0,60 | 0,73 | 2,44 | 3,31 |
| **Cataluña** | 1,48 | 1,62 | 10,76 | 11,99 |
| **C. Valenciana** | 0,95 | 1,05 | 6,36 | 7,58 |
| **Estremadura** | 0,74 | 0,87 | 3,74 | 4,59 |
| **Galicia** | 1,03 | 1,04 | 6,41 | 7,31 |
| **Madrid** | 1,92 | 2,01 | 14,63 | 15,63 |
| **Murcia** | 0,92 | 0,87 | 7,26 | 7,86 |
| **Navarra** | 1,88 | 1,93 | 17,36 | 17,48 |
| **País Vasco** | 1,87 | 1,97 | 12,94 | 15,68 |
| **A Rioxa** | 1,17 | 1,01 | 5,71 | 8,24 |
| **Ceuta e Melilla** | 0,20 | 0,20 | 1,34 | 1,29 |
| **Total** | 1,27 | 1,35 | 8,43 | 9,35 |

**(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes**
**(2) persoal en equivalencia a xornada completa e activos para o 4º trimestre de cada ano**
Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir de datos do *INE*

**5.2.4.**

### *Gasto interno en I+D nas CC.AA. 2008: distribución segundo sector*

| | Total | Sector privado (1) | | Sector Público (2) | |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(en miles de €)* | *(% / total)* |
| **Andalucía** | 1.538.946 | 516.567 | 33,6 | 1.022.379 | 66,4 |
| **Aragón** | 352.376 | 206.544 | 58,6 | 145.832 | 41,4 |
| **Asturias** | 229.678 | 99.939 | 43,5 | 129.739 | 56,5 |
| **Baleares** | 97.385 | 20.833 | 21,4 | 76.552 | 78,6 |
| **Canarias** | 268.833 | 60.624 | 22,6 | 208.209 | 77,4 |
| **Cantabria** | 140.791 | 57.075 | 40,5 | 83.716 | 59,5 |
| **Castela e León** | 739.943 | 458.545 | 62,0 | 281.398 | 38,0 |
| **Castela-A Mancha** | 265.741 | 149.362 | 56,2 | 116.379 | 43,8 |
| **Cataluña** | 3.286.376 | 2.007.338 | 61,1 | 1.279.038 | 38,9 |
| **C. Valenciana** | 1.113.507 | 484.648 | 43,5 | 628.859 | 56,5 |
| **Estremadura** | 156.401 | 30.260 | 19,3 | 126.141 | 80,7 |
| **Galicia** | 584.213 | 281.033 | 48,1 | 303.180 | 51,9 |
| **Madrid** | 3.892.148 | 2.245.498 | 57,7 | 1.646.650 | 42,3 |
| **Murcia** | 243.522 | 95.375 | 39,2 | 148.147 | 60,8 |
| **Navarra** | 358.666 | 247.421 | 69,0 | 111.245 | 31,0 |
| **País Vasco** | 1.345.572 | 1.088.817 | 80,9 | 256.755 | 19,1 |
| **A Rioxa** | 81.001 | 46.577 | 57,5 | 34.424 | 42,5 |
| **Ceuta e Melilla** | 6.291 | 235 | 3,7 | 6.056 | 96,3 |
| **Total** | 14.701.392 | 8.096.691 | 55,1 | 6.604.701 | 44,9 |

**(1) empresas e institucións privadas sen fins de lucro**
**(2) administración e ensino superior**
Fonte: *INE*

**5.2.5.**

***Gasto interno e persoal empregado nas actividades de I+D en Galicia e España 2003-08: distribución segundo sector***







Fonte: *INE*

**5.2.6.**

**_Persoal empregado nas actividades de I+D nas CC.AA. 2008: distribución segundo sector_**

| | Total | | Sector privado (1) | | Sector Público (2) | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Investigadores | Total | Investigadores | Total | Investigadores |
| **Andalucía** | 23.227 | 13.777 | 6.337 | 2.858 | 16.890 | 10.919 |
| **Aragón** | 6.912 | 4.743 | 2.724 | 1.271 | 4.188 | 3.472 |
| **Asturias** | 3.577 | 2.440 | 1.463 | 804 | 2.114 | 1.636 |
| **Baleares** | 1.728 | 1.178 | 402 | 182 | 1.327 | 997 |
| **Canarias** | 4.521 | 3.247 | 651 | 308 | 3.871 | 2.938 |
| **Cantabria** | 1.923 | 1.260 | 717 | 368 | 1.206 | 892 |
| **Castela e León** | 10.201 | 6.538 | 4.348 | 2.096 | 5.853 | 4.443 |
| **Castela-A Mancha** | 3.242 | 1.790 | 1.486 | 687 | 1.756 | 1.103 |
| **Cataluña** | 46.520 | 26.398 | 24.757 | 10.862 | 21.763 | 15.536 |
| **C. Valenciana** | 19.489 | 12.076 | 7.371 | 3.673 | 12.117 | 8.403 |
| **Estremadura** | 2.223 | 1.389 | 454 | 169 | 1.769 | 1.220 |
| **Galicia** | 9.681 | 5.765 | 3.557 | 1.582 | 6.124 | 4.183 |
| **Madrid** | 53.172 | 31.663 | 23.586 | 12.384 | 29.586 | 19.279 |
| **Murcia** | 5.770 | 4.035 | 1.399 | 619 | 4.371 | 3.416 |
| **Navarra** | 5.409 | 3.492 | 3.070 | 1.536 | 2.340 | 1.956 |
| **País Vasco** | 16.683 | 10.374 | 12.673 | 6.995 | 4.010 | 3.379 |
| **A Rioxa** | 1.322 | 749 | 696 | 281 | 626 | 468 |
| **Ceuta e Melilla** | 75 | 74 | 0 | 0 | 75 | 74 |
| **Total** | 215.677 | 130.986 | 95.691 | 46.673 | 119.985 | 84.314 |

(1) empresas e institucións privadas sen fins de lucro
(2) administración e ensino superior

Fonte: *INE*

5.2.7.

dores en Galicia). Nese ano había en Galicia un total de 7,3 persoas ocupadas nestas actividades por cada mil activos fronte ás 9,4 persoas por cada mil activos de media no conxunto do Estado.

Tendo en conta a medra do 5,1% do gasto interno en I+D e o incremento nun 6,5% do número de investigadores, o gasto medio en I+D por investigador descendeu en Galicia un 1,2% respecto ao ano anterior, medrando un 3,2% no conxunto do Estado. En 2008, o gasto por investigador descendeu a 101.346,69 euros, o 90,3% da media estatal, cando no ano anterior esta porcentaxe era do 94,6%.

No último ano o sector público acolleu o 63,3% do persoal empregado nestas actividades, cando no conxunto do Estado a súa importancia relativa ascendía ao 55,6%. Tal como reflicte o **cadro 5.2.6.**, o ultimo ano presenta un incremento do seu peso relativo na comunidade autónoma de Galicia, descendendo por cotra no conxunto do Estado.

O investimento da Xunta de Galicia presupostado para Investigación desenvolvemento e innovación dentro do grupo de función 5 de produción de bens públicos de caracter económico, ascendeu en 2009 a 175.504,3 miles de euros, o que supón un incremento do 8% respecto ao ano anterior. Dese importe, 93.958,5 miles de euros corresponden ao programa "Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica", 48.898 miles de euros, ao programa "Investigación universitaria" e os restantes

*Orzamentos de gastos da Xunta de Galicia en I+D+i 2008-09: distribución segundo Consellerías*

| | 2008 | 2009 | 09/08 (%) |
|---|---|---|---|
| **Plan Galego de I+D+i** | 88.919,5 | 93.958,6 | 5,7 |
| **Innovación e Industria** | 69.321,6 | 72.749,7 | 4,9 |
| **Medio Rural** | 10.366,4 | 12.342,9 | 19,1 |
| **Pesca e Asuntos Marítimos** | 7.144,2 | 6.708,9 | -6,1 |
| **Medio Ambiente e Desemvolvemento Sostible** | 2.087,3 | 2.157,1 | 3,3 |
| **Investigación Universitaria** | 42.407,1 | 48.898,0 | 15,3 |
| **Innovación e Industria** | 42.407,1 | 48.898,0 | 15,3 |
| **Fomento da S.I. e do coñecemento** | 31.251,7 | 32.647,7 | 4,5 |
| **Educación e Ordenación Universitaria** | 3.627,3 | 6.062,3 | 67,1 |
| **Innovación e Industria** | 27.624,5 | 26.585,4 | -3,8 |
| **Total** | 162.578,3 | 175.504,3 | 8,0 |

Fonte: *Xunta de Galicia*

5.2.8.

32.647,7 miles de euros, ao de "Fundación. En relación ao ano anterior cómpre salientar o incremento do 15,3% no caso do importe correspondente a "investigación universitaria" (6.490,0 miles de euros máis) e o 5,7% do Plan galego de I+D, con 5.039,1 miles de euros máis que en 2008.

O deseño, planificación e financiamento da innovación e a investigación nos sectores produtivos, favorecido pola Administración autonómica galega, atópase distribuído entre cinco consellerías: Innovación e Industria; Medio Rural; Pesca e Asuntos Marítimos; Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; e finalmente, Educación e Ordenación Universitaria (en virtude do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estructura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, as citadas consellerías pasan a denominarse respectivamente Consellería de Economía e Industria; Medio Rural; do Mar; Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras; e Educación e Ordenación Universitaria). Asemade, esta actuación en materia de I+DT complétase coas actuacións do Igape neste ámbito.

Xunto ao financiamento do Plan galego existen fondos provenientes doutras fontes, como o Plan estatal, a UE, outras institucións públicas ou privadas e empresas.

O Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), axencia xestora de recursos crediticios destinados ao financiamento de proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación entre empresas españolas, concedeu créditos para 38 proxectos en Galicia (o 2,7% dos proxectos no conxunto do Estado). Segundo os datos recollidos no cadro 5.2.9., o investimento total destes proxectos en Galicia medrou de xeito considerable, acadando os 34,3 millóns de euros, cunha achega do CDTI, en forma de créditos sen xuro, por 24,3 millóns de euros. Tras este incremento do número de proxectos, o presuposto total e a achega pública aumentaron nun 43,5% e nun

### Proxectos aprobados polo CDTI nas CC.AA. 2008-09

| | 2008 | | | 2009 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Proxectos | Achega CDTI | Orzamento total | Proxectos | Achega CDTI | Orzamento total |
| | | *(en miles de €)* | | | *(en miles de €)* | |
| **Andalucía** | 48 | 30.016,2 | 56.248,4 | 143 | 159.265,4 | 220.957,9 |
| **Aragón** | 78 | 43.221,3 | 71.790,0 | 63 | 40.391,4 | 57.341,9 |
| **Asturias** | 28 | 14.264,2 | 24.148,3 | 28 | 12.940,4 | 18.516,9 |
| **Baleares** | 4 | 1.842,6 | 3.277,8 | 5 | 3.573,4 | 5.297,4 |
| **Canarias** | 5 | 1.679,7 | 2.972,6 | 9 | 9.208,5 | 12.400,5 |
| **Cantabria** | 22 | 8.849,0 | 15.377,2 | 32 | 15.068,5 | 21.507,1 |
| **Castela-A Mancha** | 34 | 17.867,3 | 30.864,4 | 77 | 53.468,6 | 82.636,6 |
| **Castela e León** | 46 | 25.546,1 | 41.794,9 | 71 | 55.443,9 | 77.237,2 |
| **Cataluña** | 257 | 131.127,9 | 224.435,9 | 294 | 170.074,9 | 243.390,3 |
| **C. Valenciana** | 93 | 45.009,6 | 74.874,3 | 132 | 67.514,7 | 96.623,7 |
| **Estremadura** | 15 | 8.013,5 | 12.624,1 | 19 | 10.558,8 | 14.392,3 |
| **Galicia** | 27 | 13.265,5 | 23.930,9 | 38 | 24.274,8 | 34.330,8 |
| **A Rioxa** | 12 | 3.888,1 | 7.479,8 | 19 | 5.476,8 | 9.154,2 |
| **Madrid** | 128 | 90.582,9 | 155.043,5 | 196 | 172.469,7 | 248.493,6 |
| **Murcia** | 38 | 20.731,6 | 32.474,9 | 55 | 32.185,8 | 44.080,0 |
| **Navarra** | 105 | 50.805,2 | 120.713,2 | 70 | 34.258,0 | 56.465,0 |
| **País Vasco** | 170 | 86.882,2 | 153.725,6 | 157 | 91.710,0 | 138.144,3 |
| **Total** | 1.110 | 593.593,0 | 1.051.775,6 | 1.408 | 958.063,4 | 1.380.969,5 |

Fonte: *Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial*

5.2.9.

### Estatísticas da propiedade industrial nas CC.AA. 2009

| | Solicitudes de patentes | | | Modelos de utilidade | Deseño industrial | Marcas | Nomes comerciais e rótulos de establecementos |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | vía nacional | vía europea | patentes PTC | | | | |
| **Andalucía** | 453 | 9 | 131 | 222 | 177 | 4.715 | 2.412 |
| **Aragón** | 214 | 13 | 38 | 129 | 26 | 864 | 699 |
| **Asturias** | 55 | 11 | 17 | 36 | 23 | 626 | 413 |
| **Baleares** | 42 | 1 | 14 | 28 | 47 | 862 | 3.920 |
| **Canarias** | 61 | 1 | 13 | 62 | 56 | 1.567 | 1.193 |
| **Cantabria** | 25 | 1 | 8 | 13 | 10 | 352 | 209 |
| **Castela-A Mancha** | 77 | 4 | 20 | 72 | 54 | 1.094 | 357 |
| **Castela e León** | 107 | 19 | 32 | 65 | 35 | 1.564 | 707 |
| **Cataluña** | 659 | 183 | 207 | 697 | 220 | 8.117 | 3.950 |
| **C. Valenciana** | 394 | 36 | 160 | 382 | 287 | 3.949 | 1.562 |
| **Estremadura** | 23 | 2 | 4 | 23 | 12 | 457 | 157 |
| **Galicia** | 173 | 7 | 37 | 94 | 71 | 2.101 | 869 |
| **Madrid** | 838 | 88 | 386 | 398 | 304 | 10.571 | 4.937 |
| **Murcia** | 86 | 2 | 19 | 55 | 78 | 1.013 | 286 |
| **Navarra** | 109 | 43 | 54 | 45 | 15 | 522 | 219 |
| **País Vasco** | 209 | 70 | 94 | 102 | 52 | 1.905 | 1.245 |
| **A Rioxa** | 32 | 1 | 8 | 18 | 27 | 453 | 159 |
| **Ceuta e Melilla** | 1 | - | - | - | 3 | 94 | 48 |
| **Non consta** | 8 | - | 3 | 1 | 2 | - | 1 |
| **Non residentes** | - | - | - | - | - | 1.611 | 3 |
| **Estranxeiros** | - | - | - | - | - | - | 365 |
| **Total** | 3.566 | 491 | 1.245 | 2.442 | 1.499 | 42.437 | 23.711 |

Fonte: *Oficina Española de Patentes y Marcas*

5.2.10.

83% respectivamente, sendo estas taxas de crecemento no conxunto do Estado sensiblemente inferiores (31,3% e 61,4%, respectivamente).

A provincia de Pontevedra acolleu en 2009 23 dos 38 proxectos CDTI aprobados, por diante de A Coruña con 11 e Lugo e Ourense con dous cada unha delas. En termos orzamentarios, Pontevedra recibiu o 74,2% do presuposto total e o 78,1% da achega do CDTI a Galicia.

• Propiedade industrial

O número de solicitudes de invención (patentes vía estatal e modelos de utilidade) rexistradas en Galicia incrementouse en 2009. Neste último ano, rexistráronse 267 solicitudes, doce máis que no ano precedente, polo que a actividade inventiva, medida a través da ratio de solicitudes de invencións/millón de habitantes, creceu ata as 95,5 solicitudes. Comparado co conxunto do Estado, Galicia acolle o 4,4% das solicitudes (4,2% no ano anterior), situándose a actividade inventiva por baixo da media estatal, que descendeu ata as 128,5 solicitudes por millón de habitantes.

O número de patentes estatais solicitadas -que conceden a explotación exclusiva unicamente no territorio español- en Galicia descendeu lixeiramente no último ano ata as 173, o que representa o 4,9% do total estatal. A comunidade autónoma presenta unha actividade creativa de 62 solicitudes por millón de habitantes, cando a media española situouse nas 76 solicitudes.

A pasar desta evolución do número de solicitudes realizadas polos residentes en España, en 2009 aumentaron as concesións de patentes publicadas ata as 123 patentes (o 4,9% do total estatal), das que corenta corresponden ao sector de enxeñaría mecánica, e trinta e catro ao da industria química. Comparado co total estatal, cómpre salientar que a importancia relativa destes dous sectores, ao representar o 5,3% e 5,5%, respectivamente.

Asemade, no último ano presentáronse 7 solicitudes de patentes europeas, o 1,4% do total estatal, e 37 solicitudes de ámbito mundial (PCT), o 3% das solicitudes no conxunto do Estado.

A diferenza do acontecido no ano anterior, en 2009 o número de solicitudes de modelos de utilidades aumentou en Galicia ata as 94, quince máis que no ano anterior. Tras esta medra, a súa importancia relativa no conxunto do Estado acadou o 3,7% e a ratio solicitudes por cada millón de habitantes, as 34 solicitudes (52 no conxunto do Estado). As concesións de modelos de utilidade publicadas en Galicia no último ano foi de 76 (o 3,4% das concesións publicadas en España), das que o sector da enxeñería mecánica acolle un tercio da mesmas (35,3% no conxunto do Estado).

### Indicadores de alta tecnoloxía

O número de persoas empregadas en sectores manufactureiros galegos de alta e media alta tecnoloxía experimentou no ano 2008 (último dato dispoñible) un forte descenso, cunha caída do 27% respecto ao ano anterior (14.500 persoas). Tras esta evolución, o seu peso relativo no total de persoas ocupadas en

### Indicadores de alta tecnoloxía en Galicia e España 2007-08

**2007**

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Establecementos | Cifra de negocios | Valor engadido | Ocupados | Establecementos | Cifra de negocios | Valor engadido | Ocupados |
| | | *(en miles de €)* | | *(en miles)* | | *(en miles de €)* | | *(en miles)* |
| **Sectores manufactureiros de tecnoloxía alta e media alta** | 1.166 | 13.346.094 | 2.362.153 | 53,8 | 22.259 | 193.025.786 | 42.879.232 | 937,9 |
| Tecnoloxía alta | 198 | 1.181.365 | 307.634 | 6,8 | 4.437 | 28.984.940 | 7.804.886 | 186,9 |
| Tecnoloxía media-alta | 968 | 12.164.729 | 2.054.519 | 47,0 | 17.822 | 164.040.846 | 35.074.346 | 751,0 |
| **Servizos de alta tecnoloxía** | - | - | - | 19,9 | 44.473 | 69.319.789 | 33.240.512 | 558,2 |
| **Total sectores de alta e media alta tecnoloxía** | - | - | - | 73,7 | 66.732 | 262.345.575 | 76.119.744 | 1.496,1 |

**2008**

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Establecementos | Cifra de negocios | Valor engadido | Ocupados | Establecementos | Cifra de negocios | Valor engadido | Ocupados |
| | | *(en miles de €)* | | *(en miles)* | | *(en miles de €)* | | *(en miles)* |
| **Sectores manufactureiros de tecnoloxía alta e media alta** | 729 | 10.491.078 | 2.478.673 | 39,3 | 17.085 | 180.674.994 | 39.755.685 | 808,0 |
| Tecnoloxía alta | 77 | 1.062.274 | 328.969 | 5,4 | 2.156 | 29.808.744 | 7.803.260 | 139,4 |
| Tecnoloxía media-alta | 652 | 9.428.804 | 2.149.704 | 33,9 | 14.929 | 150.866.250 | 31.952.425 | 668,6 |
| **Servizos de alta tecnoloxía** | - | - | - | 22,0 | - | - | - | 534,6 |
| **Total sectores de alta e media alta tecnoloxía** | - | - | - | 61,3 | 66.732 | 262.345.575 | 76.119.744 | 1.342,6 |

Fonte: *INE*

**5.2.11.**

### Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía 2009 (1)

| | Exportacións | | Importacións | |
|---|---|---|---|---|
| | 2009 | 09/08 | 2009 | 09/08 |
| | *(en miles de euros)* | *(%)* | *(en miles de euros)* | *(%)* |
| **Armas e municións** | 1.211 | -3,8 | 2.009 | 236,0 |
| **Construcción aeronáutica e espacial** | 82 | -76,2 | 35.155 | |
| **Maquinaria de oficina e equipo informático** | 3.177 | 19,4 | 9.161 | -18,6 |
| **Mat.electrónico: equipos de radio, tv e telecom.** | 24.409 | -4,2 | 48.677 | -53,1 |
| **Produtos farmaceúticos** | 11.812 | -47,6 | 112.718 | -6,5 |
| **Equipos e instrumentos médico-cirúrxicos** | 7.232 | 41,5 | 73.704 | 105,1 |
| **Maquinaria e material eléctrico** | 9.679 | -14,5 | 9.143 | -50,4 |
| **Produtos químicos** | 47.957 | -38,4 | 63.141 | 33,0 |
| **Maquinaria e equipo mecánico** | 1.131 | 5,7 | 13.231 | -38,7 |
| **Total** | 106.690 | -27,8 | 366.939 | 2,0 |

**(1) datos provisionais**

Fonte: *IGE*

**5.2.12.**

Galicia descendeu ata o 3,3% (6,2% no ano anterior), sete décimas por baixo da importancia relativa media no conxunto do Estado.

A pesar da importante caída do número de establecementos, o valor engadido bruto xerado polos 729 establecementos englobados dentro dos sectores manufactureiros de tecnoloxía alta e media alta, 347 menos que en 2007, experimentou unha medra do 4,9% respecto ao ano anterior, situándose nos 2.478,7 millóns de euros.

Tendo en conta que no conxunto do Estado o VEB xerado nas industrias manufactureiras de alta e media tecnoloxía descendeu un 7,3%, o peso relativo do VEB xerado en Galicia por estas empresas ascende ao 6,2%, sete décimas máis que no ano anterior.

• Comercio exterior

Un dos xeitos máis importantes á hora de medir a competitividade internacional dun territorio é a análise do seu comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía. Ao longo do ano 2009 a actividade comercial do conxunto destes productos medrou en Galicia un 8,5% respecto ao ano anterior, reducíndose o seu saldo negativo da balanza comercial dende os 282,6 millóns de euros correspondentes a 2008 ata os 260,2 millóns de euros que se acadan no ano 2009.

O valor total das importacións destes produtos, tras unha medra do 2%, ascendeu a 366,9 millóns de euros, o que representa tan só o 2,8% do valor total das importación galegas. Por contra, as exportacións rexistraron un descenso do 22,7% acadando os 106,7 millóns de euros, o 0,8% do importe total das vendas a terceiros países.

Atendendo á desagregación segundo sectores, cómpre salientar a importancia dos subsectores de produtos químicos, que representa o 45% das exportacións galegas de produtos de alta tecnoloxía e o 17,2% das importacións, e o de produtos farmacéuticos, que acolle o 30,7% das importacións destes produtos. ■

CES GALICIA
Consello Económico e Social de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA